



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 98

Sesión plenaria
19 de decembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-UbXA6aFG4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DODÍA

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 5566 (10/PNP-000470)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

3.2 31022 (10/PNP-002298)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

3.3 32796 (10/PNP-002475)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

3.4 34510 (10/PNP-002591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

3.5 38833 (10/PNP-002892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018



3.6 40364 (10/PNP-003033)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectadas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

3.7 41089 (10/PNP-003101)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

3.8 41145 (10/PNP-003108)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

Punto 4. Interpelacións**4.1 35663 (10/INT-001186)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.2 39120 (10/INT-001292)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

4.3 40773 (10/INT-001353)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 41648 (10/POPX-000121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

5.2 41649 (10/POPX-000122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

5.3 41650 (10/POPX-000123)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar o continuo deterioro da sanidade pública de Galicia, que ten provocado a dimisión do 80% dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 38937 (10/POP-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

6.2 41460 (10/PUP-000207)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018



6.3 41647 (10/PUP-000210)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

6.4 40523 (10/POP-004730)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

6.5 40853 (10/PUP-000206)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

6.6 41598 (10/PUP-000209)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

6.7 38011 (10/POP-004463)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.8 40988 (10/POP-004787) (C.E. 12641)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do complexo hospitalario universitario de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018



6.9 41046 (10/POP-004792)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Miranda Pena, Flora María**

Sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

6.10 41592 (10/PUP-000208)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto de necesaria inflexión na súa política sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar a continua deterioración da sanidade pública de Galicia, que provocou a dimisión do oitenta por cento dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 29.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 31.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 32.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 34.)



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 40.) e *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 43.)

O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 46.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 51.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 53.) e *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 55.)

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para pechar o debate. (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 63.) e *Sr. Nuñez Centeno (P).* (Páx. 66.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 68.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 73.), *Sra. Torregrosa Sañudo (EM)* (Páx. 75.) e *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 77.)

A señora Pierres López (S) intervén para pechar o debate. (Páx. 79.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 81.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. García Míguez (P).* (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 87.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 88.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 90.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 92.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 96.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 98.)

A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 100.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 106.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 108.) e *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 109.)

O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 111.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia: *aprobado por 59 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.*(Páx. 113.)

Votación dos puntos 1 e 2 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9: *rexeitados por 14 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.*(Páx. 114.)

Votación do texto transaccionado do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación dos puntos 4 e 5 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no



traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9: *aprobados por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación do texto transaccionado do punto 6 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9: *rexeitado por 19 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.*(Páx. 115.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.*(Páx. 116.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.*(Páx. 116.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.*(Páx. 117.)

Votación do texto transaccionado, agás o punto 1, xa votado, da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases



reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ninguna abstención.* (Páx. 117.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9: *aprobada por 54 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 118.)

Suspéndese a sesión ás tres e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e corenta minutos.

O señor presidente convida os deputados e deputadas a gardar un minuto de silencio polo afundimento dun pesqueiro fronte á costa de Fisterra. (Páx. 119.)

Así mesmo, comunica que se vai debater a continuación a interpelación que figura en segundo lugar.

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 119.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 127.)

Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 129.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 132.)



Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 139.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 144.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 145.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 149.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 151.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires. (Punto sexto da orde do día.)



Intervención dos autores: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 152.) e *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 153.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 155.)
Réplica dos autores: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 157.) e *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 158.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 159.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 161.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 162.)
Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 163.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 164.)

Pregunta de D.^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 165.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 166.)
Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 167.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 168.)

Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 170.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 171.)
Réplica do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 172.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 173.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D.^a Flora María Miranda Pena, do G. P. de En Marea, sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Miranda Pena (EM)*. (Páx. 174.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 175.)



Réplica da autora: *Sra. Miranda Pena (EM)*. (Páx. 176.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 177.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto da necesaria inflexión na súa política sanitaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 178.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 179.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 180.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 181.)

Remata a sesión ás sete e cincuenta minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Hoxe, que é o derradeiro pleno deste ano, quero convidar as súas señorías e os invitados que hoxe nos acompañan a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero rexistradas ao longo de 2018, ao tempo que facemos votos para erradicar definitivamente esta lacra. Agardo que en 2019 non teñamos que gardar un minuto de silencio máis.

(As señoras e os señores deputados, así como todos os asistentes á sesión, levántanse e gardan un minuto de silencio.)

Grazas.

Entramos na orde do día no punto quinto, que se corresponde co de preguntas orais para resposta do presidente da Xunta.

Antes quero saudar os alumnos do ciclo medio e superior de Administración de empresas do Instituto Campo de San Alberto, en Noia.

Benvidos ao Parlamento, e tamén os seus profesores.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Feijóo, hoxe vou tomar prestadas as palabras, as denuncias e a diagnose de moitas persoas que están traballando en defensa da sanidade pública. E prégoles que preste atención, porque estamos falando dun asunto moi importante.

Xefes e xefas do Servizo de Atención Primaria: «Non queremos ser cómplices desta deterioración e por iso presentamos a nosa dimisión. Un dos principais problemas é a carga asistencial que soportamos porque non se cobren as baixas e a presión é terrorífica. Cando chegamos pola mañá non sabemos se teremos que atender a 20 ou a 40 persoas. Dedicarlles 10 minutos a cada unha é un soño que case nunca se cumpre. Conclusión: estamos poñendo en risco a vida dos nosos doentes. Unha poboación que non ten unha boa atención será unha poboación



enferma. Desde 2012 levamos alertando a Xunta das consecuencias da política de recortes, sen ningún avance, sen ningunha resposta. Até agora organizamos as carencias da sanidade, pero non se pode organizar a miseria. Anos de recortes facían previsible esta situación, pero constatamos nula intención política por dar unha solución. É mentira que non haxa médicos, cada vez que hai ofertas públicas preséntanse máis candidatos e candidatas que prazas».

Escoite a Eduardo Díaz, médico e integrante dos PAC en pé de guerra: «É extremadamente frecuente que os PAC queden sen persoal sanitario. Hai veces que temos que deixar o noso PAC sen persoal sanitario para ir atender unha urxencia noutro PAC porque caeu un doente inconsciente na sala de espera, como sucedeu co caso tráxico da Estrada. ¿Isto é frecuente? Si. ¿Detectamos algunha proposta, á parte dos parches, para buscar solucións? A resposta é que non. Hai cousas que son irrefutables. Eu tiven que atender 127 doentes nunha garda e foi un día normal do verán. Hai outra cousa irrefutable: non pode morrer unha persoa nun centro de saúde por falta de persoal sanitario».

Persoal de Urxencias e usuarios do CHUS: «O grao de deterioración de Urxencias alcanza límites alarmantes, a falta de camas soluciónase colocándonos aos doentes nos corredores ou agardando durante horas a que nos atendan». «Sufrimos unha situación insostible tanto por material en mal estado como polo déficit de persoal, que nos impide facer o noso traballo de maneira eficiente, segura e con calidade. Día a día damos máis do que podemos para cooidar os nosos pacientes».

Nenos e nenas do Hío e Aldán: «Temos que pasar horas en desprazamentos e nas salas de espera dos centros de saúde para que nos atenda a pediatra. Fannos perder horas de colexio e complicánnos a vida».

Señor Feixóo, ¿vostede pensa que estas voces se poden tapar con manipulación informativa? E, sobre todo, ¿vai vostede rectificar a súa política de recortes e de privatizacións que o teñen convertido nun perigo para a saúde dos galegos e das galegas? E isto non llo digo eu, é un clamor social e é un clamor dos profesionais. Responda por unha vez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

O primeiro que quero é recoñecer o traballo dos profesionais da sanidade pública en Galicia; e por suposto, e dunha forma moi especial, dos profesionais da atención primaria. En consecuencia, sempre, na miña vida política, profesional e administrativa, me dediquei a poñer en valor a sanidade pública e por iso non comparto nin a forma do BNG de tensionar a sanidade nin a forma do BNG de descualificar a sanidade nin a forma do BNG de politizar a sanidade pública.



Dende o máis absoluto respecto cara aos profesionais, sen ningunha dúbida, o Goberno séntese orgulloso deles, e por iso o Goberno proclama —sen falsa modestia— que estamos ante un servizo de saúde, o Servizo Galego de Saúde, dos mellores servizos de saúde de Europa.

Señoría, nós dedicámonos a traballar, a mellorar e a ampliar as prestacións sanitarias, o persoal sanitario, os centros de saúde e as capacidades dos facultativos e os servizos aos pacientes. Voulle dar tres exemplos, en materia de infraestruturas, en materia de novas ferramentas para diminuír o traballo burocrático dos profesionais, e tamén en materia de profesionais.

Sabe vostede, señora Pontón, que hoxe traballan máis médicos de atención primaria en Galicia dos que traballaban cando vostedes estaban no Goberno. Sabe vostede que hoxe hai menos pacientes por médico en Galicia dos que había cando vostedes estaban no Goberno. E sabe vostede tamén que hoxe en Galicia hai menos pacientes por médico que na media de España. Lamento que todas estas cousas vostede non as diga. A miña obriga é dicir a verdade.

Efectivamente, levamos construídos 54 centros de saúde e investidos 110 millóns de euros. Imos construír ou ampliar 20 centros de saúde máis. E ao final da lexislatura teremos 82 centros de saúde novos ou ampliados, o que supón novos centros de saúde para 700.000 galegos. *(Aplausos.)*

Señoría, temos máis ferramentas, sen dúbida, para os médicos. E a receita electrónica aforrou máis de tres millóns de consultas administrativas. As consultas telefónicas, que antes non existían, deron solución a máis de cinco millóns de consultas que os médicos, dende os centros de saúde e a través dos teléfonos, trasladaron. E a historia clínica electrónica, e a enfermería especialista en atención primaria, e o informe dixital do cen por cento das probas en atención primaria... Señoría, hoxe os facultativos, o persoal sanitario, ten máis medios que cando vostedes gobernaban. Iso si, con menos diñeiro, con moito menos diñeiro que cando vostedes gobernaban porque hoxe Galicia aínda ten 1.000 millóns de euros menos de presuposto que cando vostedes dilapidaban o diñeiro público.

Señoría, dende que chegamos ao Goberno incrementamos en máis de 149 os profesionais de atención primaria, médicos de familia e pediatras; e en máis de 83 as enfermeiras. Hoxe hai un 5 % menos de pacientes por médico que no ano 2008, un 5 % menos de pacientes por médico que no ano 2008.

Señoría, estamos entre as seis comunidades autónomas con máis médicos por usuario do Sistema nacional de saúde. Agora ben, ¿faltan profesionais? É certo. ¿Non temos suficientes médicos de familia e pediatras para cubrir baixas e substitucións? É certo. ¿Necesitamos formar máis médicos de familia e máis pediatras? É certo. Agora ben, señora, non creo que sexa razoable dicir estas falsas verdades que vostede acaba de reflectir, como, por exemplo, que non se cobren as baixas. Mire, señora, é moi difícil cubrir as baixas cando nalgún PAC na zona de Vigo o 17 % dos médicos están de baixa. *(Unha señora deputada desde o escano: [¡Que morro!]) (Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)* E é moi difícil, señora, vir aquí dicir que hai persoas que se atenden fóra da axenda. A resposta é que si. ¿Sabe por que? Porque en atención primaria en Galicia aténdense todas as



persoas que chegan ao centro de saúde. Podemos pactar con vostedes —como Esquerra Republicana en Cataluña— e dicir que non se van atender aquelas persoas que non teñan cita previa. ¿Esa é a súa proposta, señoría? Se é a súa proposta, por suposto que estamos dispostos a discutila.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E dicir que hai médicos que se presentan ás ofertas públicas de emprego e que, polo tanto, sobran médicos, iso é unha absoluta falsidade. Os médicos que se presentan ás ofertas públicas de emprego teñen contratos temporais, e o que queren é ter contratos fixos de estatutarios; polo tanto, eses médicos están traballando. E por se vostede ten dúbidas ao respecto, a proposta que fixemos onte —e eu reitero hoxe— é que ofertamos a todos os médicos de familia e a todos os pediatras que se formen en Galicia un contrato estable, inmediatamente despois de finalizar o MIR, de entre un e tres anos ata que aproben a oferta pública de emprego. Esa é unha proposta que lles trasladamos ás organizacións sindicais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que espero que o BNG apoie e o seu sindicato tamén.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, teño a sensación de que vostede non entende nada, ou non quere entender nada, do que está pasando desde a sanidade pública, porque non se pode entender o que hoxe pasa desde a soberbia, nin desde o desprezo e insulto que vostede lles acaba de facer aos profesionais e aos usuarios da sanidade pública. (*Aplausos.*) Cando hai un problema, ¿a que se dedica o presidente da Xunta? A difamar. Cando alguén pon en evidencia que non existe esa realidade paralela da que vostede fala, ¿que fai? Difamar os traballadores e traballadoras dos PAC. É unha auténtica vergoña o que acaba de facer hoxe aquí, señor presidente. (*Aplausos.*) ¡Vaia maneira de defender os traballadores e as traballadoras! (*Aplausos.*)

E, mire, a súa biografía está marcada coas privatizacións. Primeiro, coas fundacións comarcais; e agora, como presidente, como gran privatizador e recortador da sanidade pública, sobre todo en atención primaria, señor Feijóo: 2.000 millóns de euros de recorte. E hoxe a atención primaria ten 188 millóns de euros menos que cando vostede chegou á Xunta de Galicia. Aí está a súa folla de servizos: onde máis recortou, onde máis privatizou, foi en atención primaria. (*Aplausos.*)

E, mire, ¿como pode dicir que menten os profesionais, señor Feijóo? Porque eu díxenlle que estaba traendo aquí as palabras dos profesionais, e son os profesionais quen están dicindo



que é mentira que non haxa médicos e médicas, que cada vez que hai unhas oposicións se presentan máis persoas que prazas. O que pasa, señor Feijóo, é que hai moitas persoas que ao que non están dispostas é, despois de dez anos de formación, a traballar na precariedade que vostede instalou no sistema sanitario público. *(Aplausos.)* Ese é o problema.

E, mire, vostede tamén mente cando nos di que fai todo o que pode por mellorar a atención sanitaria deste país. Mire, cando chegou á Xunta de Galiza había un Plan de mellora de atención primaria. O que vostede fixo foi paralizalo, metelo nun caixón e actuar sempre por vía decreto sen ningún tipo de diálogo. Hoxe hai unha situación absolutamente límite na atención primaria, nas urxencias e nos PAC, e vostedes non están dialogando con esas persoas. E a pregunta importante é se vostede vai rectificar, ¿si ou non?, os recortes.

Mire —e con isto remato, señor presidente—, é evidente que o señor Almuíña non pode seguir nin un minuto máis ocupando a cadeira de conselleiro porque non o está facendo ben. E eu estou convencida de que vostede está calculando cal é o mellor momento para poñer a cabeza do señor Almuíña nunha bandexa de prata para salvarse vostede. *(Murmurios.)* Estou absolutamente convencida. Pero isto non servirá de nada se non se acaba cos recortes e coas privatizacións.

Desde o BNG propuxémoslle un plan de mellora da atención primaria, 200 millóns de euros máis, porque non se pode solucionar a situación con imaxinación, necesítanse recursos económicos. E, en segundo lugar, un plan para darlles estabilidade ás e aos profesionais. Non siga facendo que marchen. E para iso pode vostede, por exemplo, empezar convocando esas 5.000 prazas vacantes nunha oferta pública de emprego, ou pode poñer en marcha un plan de recuperación de todo o emprego que se perdeu. Porque, de verdade, señor Feijóo, despois de anos cunha taxa de reposición...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...do 10 %, ¿como pode ter a cara de dicirnos aquí que hai máis persoal se o que fixeron as políticas do Partido Popular foi impedir que se puidera contratar máis persoal?

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Está vostede disposto a recuperar todo ese persoal?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Está vostede disposto a acabar cos recortes?

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Iso é, señorías, o que se necesita..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Terminou o seu tempo.



A señora PONTÓN MONDELO: ...—perdoe, señor presidente, remato, que este é un tema importante—...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: E non dicirnos que a ver se o ano que vén empezan a tomar...
(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Pontón. Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, leccións de difamación vostede pode darme todas as que queira. Dicir que eu dediquei a miña vida a privatizar a sanidade é unha difamación, unha difamación impropia dunha deputada. Dicir que incluso estamos privatizando a atención primaria... Pero ¿vostede sabe o que é a atención primaria? (*Murmurios.*)

Ademais de lerre determinados argumentos, vostede non escoita o que acabo de dicir. Digo que temos 149 médicos de familia e pediatras máis que no ano 2008. Acabamos de aprobar o presuposto onte: 4.000 millóns de euros na sanidade pública. ¿Como pode dicir vostede que estamos diminuindo o presuposto cando temos o presuposto máis grande dende que existe o Servizo Galego de Saúde? (*Aplausos.*)

Señora Pontón, ¿como nos pode dar leccións de facer centros de saúde se levamos construído ou ampliado 54 e estamos ampliando ou construíndo outros 20 —total, 82— e vostedes finalizaron 4? ¡Catro centros de saúde finalizados no Bipartito en catro anos! E xa estaban iniciados polo goberno do presidente Fraga. É, cando menos, lamentable escoitar estas difamacións na Cámara, señoría. (*Aplausos.*) ¡Pero como pode vostede dicir que os médicos van ás ofertas públicas de emprego e que temos que sacar 5.000 prazas cando temos pactado coas organizacións sindicais 5.000 prazas públicas nas ofertas públicas de emprego ata o ano 2020! ¡Como pode seguir insultando a todo o mundo, enganando a todo o mundo, simplemente traendo cuestións ao chou!

Mire, señoría, cando vostedes gobernaban, os pacientes por médico de atención primaria eran 1.347 de media. Hoxe hai 1.275 pacientes por médico, é dicir, un 5 % menos. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

¿A teoría? Non, non, señoría, isto non é a teoría. Isto é a tarxeta sanitaria individual. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Xa sei que agora hai máis frecuentación, xa sei que agora hai un envellecemento da poboación, xa sei que agora os médicos de atención primaria teñen máis presión asistencial. Todo iso seino, e por iso estamos



traballando con eles. E por iso onte nos reunimos con todas aquelas asociacións e imos tamén chamar as asociacións de pacientes para escoitalas.

Pero, mire, señoría, dende que chegamos, o primeiro que fixemos foi ampliar as plantillas. O segundo, pactar a carreira profesional —cosa que vostedes non fixeron—. A terceira foi prorrogar aqueles que teñen máis de 65 anos. Neste momento, hai 140 médicos que levan prorrogadas as súas xubilacións. O cuarto foi un concurso aberto e permanente no que calquera médico pode pedir unha praza vacía en calquera instante, e hai máis de 500 médicos que xa o solicitaron.

E imos seguir traballando. Dende o 1 de xaneiro, é dicir, dentro dunhas semanas, os médicos do Servizo Galego de Saúde cobrarán de media un 6 % máis en cada nómina —primeiro compromiso—. Segundo compromiso: imos ampliar a idade de xubilación ata os 70 anos. Terceiro compromiso: imos crear un responsable de atención primaria, un director de atención primaria, en todas as xerencias de saúde de Galicia. E, en cuarto lugar, imos facilitar os contratos de 1 a 3 anos, como mínimo, a todos os médicos residentes de familia e a todos os pediatras que se formen en Galicia. *(Aplausos.)* Eses son os nosos compromisos, señoría, eses son os nosos compromisos. *(Aplausos.)*

Nós tomamos boa nota das protestas. Lamentablemente, vostede non quere aceptar que todas estas protestas se están producindo noutros servizos de saúde. Niso vostede está enganando a todo o mundo. *(Murmurios.)* Pero esa é a súa responsabilidade, señoría. Do mesmo xeito que demos aos profesionais unha resposta e temos pactada a carreira profesional, do mesmo xeito que pactaremos as medidas que sexan necesarias para mellorar as axendas dos médicos en atención primaria, para mellorar as súas substitucións, para mellorar a súa estabilidade, para mellorar as súas retribucións e para mellorar os contratos, por primeira vez —ofrecémoslle aos sindicatos—, contratos de ata tres anos a todos os médicos que se formen en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...médicos de familia e pediatras.

Esas son propostas, señoría. A súa, lamentablemente, non é unha proposta, é unha calumnia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Antes de dar por pechado o debate desta pregunta, gustaríame facer un comentario á señora Miranda.

Durante o transcurso do debate interrompeu o presidente da Xunta, como algún outro deputado. Pero vostede interrompeuno cunha palabra que pode atentar á dignidade. Eu voulle pedir que, se a quere retirar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Non, non, perdón... Si, si, estiven..., perfectamente. A palabra sei cal é. ¿Vostede retira esa palabra? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) «¡Que morro!» (*Fortes murmurios.*) Si, si, non é unha palabra que deba formar parte do decoro normal da Cámara. ¿Non a retira? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Retíroa eu, e ten unha chamada á orde. Grazas. (*A señora Miranda Pena pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, nada máis, xa está. Non lle vou dar a palabra a ninguén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, xa está. Non lle vou dar a palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, interrupción non... Non compliquemos, non, non... (*Fortes murmurios.*) ¡Xa está, xa está! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, por favor, non vou entrar nunha discusión. Saben cal é a mecánica e xa nos coñecemos todos, xa nos coñecemos. ¡Xa está! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, xa está! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, xa nos coñecemos, e non vou tolerar iso.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.

Despois da convulsa situación do sistema sanitario, a cuestión do emprego —singularmente na mocidade— eu creo que é o tema que máis preocupa á cidadanía en Galicia.

Onte falamos cumpridamente da situación do sistema sanitario, da necesidade de reformas. Espero que tomen nota e que cumpran algunha das cousas que están dicindo. Pero hoxe temos que procurar solucións entre todos para a situación da mocidade, deseñar un futuro no que teñan cabida as súas capacidades e que as súas demandas poidan ter unha saída.

Pero para podermos facelo, señor presidente, necesitamos unha base común de diagnóstico, un recoñecemento compartido da situación, da crítica situación. Se quere, podemos apelar ao famoso espírito navideño para, en vez de tirarnos os trastos e facer fintas tácticas ou buscar unha forma de desacreditar o adversario, poñernos de acordo nun diagnóstico e intentar construír desde aquí un marco no que a nosa mocidade poida ter un futuro mellor.

Se o fixeramos así, seguramente coincidiríamos na dificultade que ten hoxe ser mozo. Pedímoslles grandes esforzos, que sexan as mellores xeracións da nosa historia, que traballen no sistema educativo, que aprendan informática, idiomas, que estean dispostos a moverse, que coñezan Europa, que saian ao exterior. Pedímoslles todo isto, fano na súa inmensa maioría, e logo ¿que? E logo ofrecémoslles moi pouco na súa saída ao mercado laboral. Ofrecémoslles demasiado pouco. A saída ao mercado laboral é desoladora para moitos e moitas dos nosos mozos e mozas.



Dificultades para atopar un emprego. Hai un 40 % de xoves ocupados menos que en 2008. Vostede dirame que hai menos mocidade hoxe que en 2008. É verdade, pero a taxa de ocupación medida en número de ocupados sobre o total de xoves tamén caeu, e caeu dez puntos desde o ano 2008 a pesar da caída do número de mozos.

E a precariedade como promesa: salarios baixos, contratos temporais un detrás doutro, condicións laborais moi duras, mobilidade imprevista... E todo isto xera incertezas, estrés, falta de confianza no futuro, e tamén no sector público. Esperemos que estean dispostos a cambiar estas cousas.

E hai demasiadas dificultades para emanciparse, demasiadas dificultades. A política de vivenda foi eliminada polo goberno do señor Rajoy e, como consecuencia, hoxe, nun mercado que se está recuperando, a situación do alugamento é moi preocupante para moitos que non son capaces de poder abandonar o fogar dos seus pais e buscar un lugar onde vivir de maneira autónoma. Non hai mecanismos públicos compensatorios tampouco para isto.

Necesitamos falar disto, e eu o que lle propoño é que, así como o Pacto de Toledo famoso foi unha referencia que permitiu sustentar as pensións durante o período de crise —aínda con moitas dificultades, aínda con moitos recortes—, fagamos algo parecido entre nós para a mocidade. Fagamos un «Pacto de Compostela» que permita deseñar un futuro no que estemos de acordo a maior parte dos deputados desta Cámara e que dea solucións, que dea esperanzas, que dea expectativas, que configure un futuro mellor para todos; un pacto no que deberíamos traballar en temas educativos, en temas de formación ou emprego, en temas de vivenda e, sobre todo, en temas laborais. Se somos capaces de poñernos de acordo nisto, eu sei que Galicia no seu conxunto, e a mocidade especificamente, nolo agradecerá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Non teña vostede dúbidas, imos cumprir os compromisos que asumimos na Cámara. Efectivamente, imos ofrecer contratos estables a todos os médicos de familia de atención primaria, de ata tres anos. E, namentres, esperamos que nas ofertas públicas de emprego que temos pactadas poidan conseguir unha praza fixa estatutaria. En segundo lugar, acabo de reiterar, e reitérolo a vostede, que en xaneiro, de media, as retribucións do persoal médico e enfermería soben un 6 %. E tomamos a decisión de nomear un directivo de atención primaria en todas as xerencias de atención primaria.

Onte escoitamos as distintas sociedades e colexios médicos, agora imos chamar as asociacións de pacientes. Hai que tomar decisións. En Cataluña tomouse unha decisión: que, estean os que estean esperando, soamente se atenden os que teñen cita previa. Iso é unha decisión



en atención primaria. Non sei se vostedes están de acordo con este modelo ou non; os nacionalistas, si. A nós cústanos moito asumir este modelo, por iso temos que falar, por iso imos falar e por iso estamos falando. E eu agradezo que por fin a ministra de sanidade onte no Senado admitise, primeiro, que se compromete en incrementar o número de prazas MIR. Levámolo pedindo dende hai anos. E, segundo, que activa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —isto ten que ver co emprego, señoría— ...que activa a Comisión de Recursos Humanos que quedou desactivada dende que chegou a moción de censura, a Comisión de Recursos Humanos no Sistema Nacional de Saúde. Eu escribín á ministra para solicitarlle isto. Onte contestou no Senado. Espero que cumpra, señor Leiceaga.

Pero, evidentemente, os mozos necesitan en primeiro lugar, para ter un emprego, ter formación, sen dúbida. En segundo lugar, por suposto, ter posibilidades de empregabilidade. E, en terceiro lugar, ter unha estratexia en materia de xuventude.

Señoría, temos 51.000 matriculados máis en FP dos que había no Bipartito. Estes mozos que están aquí, de Noia, están estudando a formación profesional. É curioso que un goberno durante unha recesión económica fora capaz de crear 51.000 prazas máis en FP; é dicir, o dobre de prazas en FP. Se levamos dez anos con esta política, ¿como estaríamos hoxe, señoría, desde o punto de vista da empregabilidade?

Señoría, este goberno ten as taxas universitarias máis baixas de España. Iso chámase tamén empregabilidade. Formación profesional, taxas universitarias, institutos plurilingües, libros dixitais... Señoría, isto todo fixémoslo durante a crise económica. Pero vostede sabe perfectamente que Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis baixou o paro xuvenil de España, a segunda; a segunda comunidade autónoma onde os menores de 30 anos baixaron en paro nos últimos anos, a segunda con máis baixada de paro.

Hoxe temos máis afiliacións á Seguridade Social en menores de 30 anos das que tiñamos cando vostedes estaban gobernando. Se vostede me di: ¿e vostede séntese satisfeito?, xa lle contestei moitas veces. A resposta é que non. Pero se temos máis afiliados á Seguridade Social menores de 30 anos que cando vostedes estaban gobernando, algunha cousa as empresas e a sociedade galega fixemos ben.

Mire, señoría, cando chegamos ao Goberno había 63.000 mozos parados, agora hai 25.000. É certo que baixou a poboación moza, evidentemente. Temos un problema de natalidade evidente, pero esas son as informacións e esas son as propostas.

Señoría, levamos investidos, desde o ano 2017, 47 millóns de euros en beneficio de máis de 33.000 mozos e mozas. Hai un importante incremento dos programas de formación, hai un importante incremento dos programas de autoemprego. Por primeira vez abrimos os obradoiros duais específicos para menores de 30 anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E hoxe pode ver vostede, e onte e mañá probablemente, que nos falta man de obra para o sector naval, para o sector da



automoción e para o sector forestal. E temos programas específicos, programas de formación, para todos estes sectores.

Señoría, se vostede me pregunta se estou preocupado polo emprego xuvenil, polo paro xuvenil, a resposta é que si. Pero coincide vostede con nós en que a situación do desemprego xuvenil en Galicia é mellor que na media de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E así poderemos seguir falando do que vostede queira, disto e de calquera outra cousa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, da sanidade —que vostede lle dedicou un tempo— teño que dicir que onte nós mesmos dixemos que era necesario cambiar as políticas. Se realmente van rectificar en serio esas políticas reducindo a precariedade, facilitando que existan máis médicos na atención primaria e no conxunto da sanidade pública, benvido sexa. Estaremos vixilantes pero, dende logo, saiban que iso significa unha rectificación en serio das súas políticas, das que defendía ata agora mesmo. Rectifique e acerte, rectifique e acerte, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, mire, teño os datos de ocupados. Acaba de dicir que hai máis ocupados que cando empezou vostede a gobernar. Pero hai un 87 % menos, de 211.000 a 124.000, menores de 30 anos. Non pode dicir esas cousas porque se desacredita, señor presidente. E a taxa de ocupación baixou tamén. Claro, se hai unha caída nos xoves dun 40 % pois baixa o número de parados en termos absolutos, ¡por suposto, señor Feijóo! Pero hai menos ocupados e menos taxa de ocupación dos xoves.

E, mire, ¿sabe cal é o problema? Que hai algunhas cousas que están indo ben, sen dúbida; pero hai moitas outras que non. E é aí onde hai que rectificar, igual que di que está disposto a facelo en sanidade. Por exemplo, propuxémoslle incrementar substancialmente as bolsas para os estudos de mestrado, para os máster, que é onde está a diferenza hoxe na relación co mercado laboral dos xoves, e dixéronnos que non. Propuxémoslle facer un esforzo para reducir as taxas de primeira matrícula e incentivar un comportamento eficiente dos alumnos no ensino universitario. Tamén nos dixeron que non. E, en termos orzamentarios, onte aprobamos o orzamento, pero sabe vostede perfectamente que os fondos autónomos da Xunta para o emprego baixan este ano en relación co ano anterior, ¡baixan! Soben só os fondos que trae a Administración xeral do Estado para a Xunta de Galicia, pero os seus propios esforzos baixan. E, en termos de vivenda, todo o esforzo adicional en materia de vivenda, que son vinte e tantos millóns de euros o ano que vén, procede, nunha proporción elevadísima, do que fai a Administración xeral do Estado. E vostedes non foron capaces de executar durante estes anos nin o 50 % dos magros fondos que tiñan para política de vivenda.



Polo tanto, se quere falar en serio —por certo, dese pacto que eu lle ofrezco non dixo nada— fagamos ese pacto, revisemos todas estas políticas e algunha máis, como a de mobilidade, e deámoslles un futuro esperanzador aos xoves. Eu propoñalle que nos puxeramos de acordo no diagnóstico porque sei que só se nos poñemos de acordo no diagnóstico adecuado —hai algunhas cousas que están indo a mellor pero hai outras que necesitan unha reforma substancial— poderemos avanzar. Se non é así, se non acepta a man que lle tendo neste caso para podermos falar disto, pois mal iremos, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta polo señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, non debería vostede traer á Cámara as cuestións de rectificación das políticas públicas na sanidade dicindo que agora necesitamos dar máis cobertura e máis ofertas públicas de emprego, cando vostede sabe moi ben que, dende que vostedes quitaron a paga extra e baixaron un 5 % as retribucións a todo o mundo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, Si, señoría, o señor Rodríguez Zapatero, o 5 %. Aos médicos, un 7 % na súa masa salarial. Prohibiron ás comunidades autónomas facer ofertas públicas de emprego e agora resulta que hai inestabilidade no sector dos servizos públicos. *(Murmurios.)* ¡Señor Leiceaga, un pouco de memoria, un pouco de memoria! *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, fala vostede do paro. Ser do Partido Socialista Obreiro Español e falar de paro é unha contradición en si mesma. Que vostedes estean dispostos a rectificar paréceme ben. Agora ben, cada vez que os españois nos convocaron a gobernar en España había unha profunda crise económica, un 20 % de paro na época de González e case 5 millóns de parados na época de Rodríguez Zapatero. ¡Un pouco de respecto sobre as políticas laborais e as políticas de crecemento económico!

Señor Leiceaga, fala tamén vostede de que non executamos os fondos de emprego, ¡outra vez máis! Executado no ano 2017: o 80 %. Fala de que somos unha comunidade autónoma pouco eficiente na execución de fondos de emprego. E ¿por que será que no ano 2018 somos unha das comunidades autónomas ás que o Goberno —socialista— acaba de incorporar máis diñeiro para as políticas de emprego por ser unha das comunidades que mellor executa os fondos de emprego? Un 8,7 % máis de políticas activas de emprego porque somos unha comunidade que está executando as políticas de emprego, cousa que non facía a Comunidade Autónoma de Andalucía, que devolvía millóns e millóns de euros ao Goberno central. ¿Sabe por que, señoría? Porque as políticas de emprego se executan conforme a dereito e non en contra do dereito. *(Aplausos.)*

Señorías, eu acabo de dar os datos de rexistro de paro dos mozos menores de 30 anos en Galicia. ¿Diminuíu o paro en Galicia entre os mozos de menos de 30 anos, si ou non? A resposta é que si. Durante moito tempo tivemos que escoitar que os mozos se ían de Galicia todos os anos. E resulta que o ano no que máis mozos saíron de Galicia foi o ano 2007. E dende o ano 2009 ata agora hai máis de 2.800 mozos de diferenza entre os que entraron e os que saíron.



Señoría, vostede sabe perfectamente que hai unha clara compoñente demográfica na poboación activa. Dende o ano 2009 a poboación entre 16 e 30 anos, a poboación, baixou 110.000 persoas. Pois ¡que casualidade!, son exactamente os activos que baixan de 16 a 30 anos, 110.000. Polo tanto, se temos menos poboación activa, o lóxico é que teñamos menos poboación activa ocupada na mesma franxa de idade que baixa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Claro que temos menos parados!, por iso hai que coller as dúas e dicir a verdade nas dúas, non soamente nunha, señoría... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, silencio. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, con todos os respectos, sabe vostede que neste momento hai máis mozos estudando en Galicia que nunca, porque o abandono escolar baixou o 13,5 %. Será que funciona o sistema educativo, será que hoxe temos mellores capacidades e mellores niveis e menos abandono escolar. Unha parte deses estudantes na época do ano 2007 estaba traballando na construción. Agora estanse formando, e nós somos optimistas sobre o emprego xuvenil...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...somos absolutamente optimistas.

Pero, se vostede quere falar —¿vostede algunha vez tivo algunha dificultade para falar con nós?—, o primeiro que deberíamos facer é parar a contrarreforma educativa no Congreso dos Deputados. ¿Vostede quere falar de educación e simultaneamente derroga todas as normas en materia de educación? *(Fortes murmurios.)* ¡Home, señor Leiceaga!, un pouco de respecto.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agora ben, se vostede quere falar de educación, de emprego, de sanidade, estou á súa disposición, señor Leiceaga. É un pracer poder discutir con vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Señora Vilán, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e chegar a acordos con vostede. Polo menos cando lle deixen.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar a continua deterioración da sanidade pública de Galicia, que provocou a dimisión do oitenta por cento dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo



O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Antes de nada, ao señor presidente da Cámara quería dicirlle que parece que lle molestan algunhas expresións polisémicas, como é o caso da expresión da nosa deputada ante unha expresión que non consideraba que fose axustada á verdade por parte do presidente da Xunta. Expresou un sentimento: «non, ¡que morro!» Pois é un sentimento, si. A vostede iso moléstalle, igual que lle molesta que veña o parente dun falecido polos recortes na sanidade pública... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡silencio! Está falando comigo.

O señor VILLARES NAVEIRA:... e que veña expresar aquí tamén un sentimento nesta Cámara, que era o do seu propio falecido cando expresaba ese sentimento dicindo: «¡Que me acuda un médico, que morro!».

A vostedes moléstalles que se digan determinadas verdades porque resultan incómodas. E, por moito que se disfracen con formas máis ou menos grandilocuentes, responden a unha verdade, responden a un sentimento social que é necesario que entre nesta Cámara. E esa é a razón pola que nós non podemos aceptar as súas censuras continuas.

O señor PRESIDENTE: ¿A pregunta é a min?

O señor VILLARES NAVEIRA: Non, a pregunta é ao presidente do Goberno da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Non, perdoen un momento, porque isto quero aclaralo.

Quero aclaralo, porque vostede acaba de dicirme aquí dúas ou tres cousas, e eu tamén teño que dicirlle algo. (*Fortes murmurios.*) ¡Silencio! Estou falando eu, por favor; a todos, aos de aquí e aos de alá.

Moitas cousas non as escoito e, polo tanto, ás veces non podo facer o que fixen. Pero a de hoxe escoiteina e, polo tanto, como comprenderá, a miña obrigaón é preservar o decoro nesta Cámara. E iso non o vou consentir. O que fixen foi convidar a señora deputada a que o retirara. A señora deputada non o quixo retirar e, polo tanto, corresponde unha chamada á orde. Aplicación estrita do Regulamento.

Segundo, respecto diso que vostede me di de prohibir a entrada, fareino sempre. Aquí non estamos para permitir a entrada sobre comisións ilegais, constituídas non de acordo co Regulamento do Parlamento. Cando se constitúan de acordo co Regulamento do Parlamento, todas as portas están abertas. E cando non están de acordo co que regula o Parlamento teñen vostedes as súas salas, como así fixeron. Ninguén impediu aquí que se falara, ¡ninguén! ¿De que se trataba, da sala ou de que? Que quede claro isto, porque non quero que con isto tamén se xogue. Estas expresións hai que facelas así. (*Aplausos.*)



E agora empezamos de novo. Ten tres minutos para a súa pregunta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, dirixo eu o debate.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, cando a principios de outono lle preguntamos precisamente por esta cuestión, polo estado da sanidade do noso país e polo falecemento dunha persoa no PAC da Estrada por falta de atención médica, vostede contestou aquí que «facemos o que podemos». Face-mos o que podemos fronte ao abandono do rural; facemos o que podemos, e arden os montes; en política industrial facemos o que podemos, e as empresas marchan ao norte de Portugal; en pobreza enerxética facemos o que podemos, e 180.000 persoas quedan sen a tarifa de último recurso; en materia de igualdade facemos o que podemos, e condenan a Xunta por vulneración do dereito á folga no 8M; e en materia de liberdades públicas facemos o que podemos, e temos os traballadores e traballadoras da CRTVG en folga por impedir informar con liberdade e con independencia. Facemos o que podemos.

Fan o que poden e están contentos de facer o que poden, e todo é suficiente e parécelles que iso abonda. Dixo antes, respondendo a outra pregunta, catro cousas que me parecen moi significativas: que estaban construíndo ou que construíran xa oitenta centros de saúde, que lles deben parecer suficientes —os novos ou os que están reformados—; que están moi satisfeitos pola historia clínica electrónica, pola asistencia telemática; que estaban moi contentos da atención que dispensaban aos pacientes e estaban contentos do encamiñamento da atención primaria.

Deben de estar moi contentos, si, e débelles parecer que son suficientes os recursos empregados para mellorar esas catro cuestións, señor presidente. ¿Parécelles que é suficiente o esforzo da Xunta de Galicia e o esforzo en investimento da Xunta de Galicia?, ¿parécelles suficiente?

Pregunto isto —e non é unha pregunta retórica— porque coñecemos no mes de novembro unha transferencia de crédito interna dentro da Consellería de Sanidade que quita as seguintes partidas para poñer nestas outras partidas. Quita, por exemplo, de equipamento informático case 900.000 euros. Quita de investimentos en terreos e de construción de centros de saúde máis de medio millón de euros. Quita dos programas de loita contra as drogadiccións máis de 100.000 euros. E, ademais, mire, quita tamén da xestión e a coordinación da atención primaria —mes de novembro de 2018—. Parécelles a vostedes que todo isto estaba suficientemente ben atendido e entón collen e retiran os cartos da atención pública nestas catro áreas. ¿Para que?, ¿para onde vai o diñeiro? Pois, mire, vai para concertos con entidades privadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vese que a sanidade pública está ben atendida, vese que non hai necesidades e que se poden retirar cartos para a construción de infraestruturas, para equipamentos informáticos, para atención ás drogodependencias e sobre todo para a xestión e coordinación da atención primaria para dállelos aos concertos coas privadas; sacar do público para meter no privado. Claro, despois dimítelle o 80 % das xefaturas de área de atención primaria de Vigo e aquí non hai ningún problema. Non hai



ningún problema ata o punto de que a primeira reacción do conselleiro foi dicir que estaban exaxerando e que faltaban á verdade.

Señor presidente, se non son tres minutos suficientes, que o señor presidente do Parlamento lle dea seis minutos para explicar o porqué desta transferencia de crédito, tal e como está a sanidade pública neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente. Espero que lle faga caso ao portavoz, de momento, das Mareas de Podemos e me dea seis minutos. Sería fantástico.

Señor Villares, «facemos o que podemos»... A min dáme a sensación de que non, de que vostede o que pide Podemos nunca o fai (*Risos.*) E por iso empeza a ter vostede dificultades moi sólidas. E ademais di que estamos contentos. Mire, se vostedes están contentos, evidentemente a nós déixenos cos problemas de Galicia e vostedes xestionen os seus. (*Aplausos.*)

Señor Villares, con todo respecto, con todo respecto, vir aquí con esas transferencias de crédito é descoñecer o funcionamento da sanidade pública, é descoñecer o funcionamento dun presuposto de 4.000 millóns de euros e é descoñecer un dato fundamental —e con isto finalizo—. Os concertos, con estes gobernos, baixaron, e os concertos cos bipartitos subiron. Polo tanto, en sanidade, que leva vostede toda a lexislatura tocando de oído, volve tocar outra vez.

Mire, señoría, o luns pasado tiven a oportunidade de estar en Ourense despois de finalizar un edificio de hospitalización completo, en plena crise económica, de 50 millóns de euros, ¡en plena crise económica! ¡Fíxese que ben estaba a sanidade co Bipartito que en Ourense herdamos hospitais como o Cristal Piñor con tres camas por habitación e cun baño cada dúas habitacións! Daquela estaba perfecta a sanidade pública do país. Deixáronnos un hospital, insisto —e volvo dar a referencia—, con tres camas por habitación e cun baño cada dúas habitacións. Isto era o Bipartito na cidade de Ourense. (*Murmurios.*) Fixemos un edificio de 50 millóns de euros e volvemos presentar o segundo proxecto, que empezaremos no ano 2019, de 64 millóns de euros máis.

Alí dixen —e reitero hoxe— que a sanidade non é unha obra completa. Non, a sanidade sempre está inacabada, sempre é mellorable e non cabe o conformismo. Pero tan importante é non caer no conformismo de que todo está ben como reivindicar o feito de que estamos ante a mellor sanidade pública que temos dende sempre, a mellor (*Aplausos.*) Estamos na mellor sanidade pública, si, señoría. Hai miles de exemplos que acreditan o que acabo de dicir. O principal e fundamental é que os galegos están valorando a sanidade pública mellor que nos últimos dezaseis anos. Iso non o digo eu, dío o Ministerio de Sanidade.

Señor Villares, acepte que a sanidade pública de Galicia está dentro das mellores do Sistema Nacional de Saúde, e así poderemos empezar a falar das cousas que non funcionan ben, das



cousas que hai que corrixir, dos erros que se poden cometer, das dificultades e o estrangulamento da pirámide dos médicos desde o punto de vista da idade. E así poderemos construír algo, señor Villares. Se vostede nega o pan e o sal a 38.000 familias que traballan na sanidade pública, se vostede lle nega ao Goberno o feito de construír ou ampliar 54 centros de saúde no que levamos de lexislatura, se vostede está negando que neste momento estamos en obras na maioría dos hospitais, señor Villares, lamento que así sexa.

Por certo, dado que vostedes gobernan en moitos sitios de Galicia, eu pídolle só dúas cousas. Mire, no mes de agosto solicitamos unha licenza ao Concello de Ferrol para poder licitar a ampliación do hospital de Ferrol. Estamos en decembro, e mañá imos aprobar no Consello da Xunta a licitación desas obras. Son fundamentais para a sanidade hospitalaria en Ferrol, son claves para a sanidade hospitalaria en Ferrol. Pídolle que interveña e que teñamos a licenza de construción para poder construír un hospital público mellorado e ampliado en Ferrol. Primeira petición.

Segunda petición, señor Villares. Vostedes gobernan en Cangas. Temos dificultades no Morrazo desde o punto de vista das infraestruturas —de aí a carta que lía a señora Pontón—. Non temos espazo nin en Cangas nin en Moaña. Os puntos de atención continuada en Cangas e en Moaña son absolutamente impropios do século XXI.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Levamos pedindo chan suficiente para construír un centro de saúde e un punto de atención continuada en Cangas. ¿Van nos pasar a parcela para poder construír un punto de atención continuada e un centro de saúde en Cangas? ¿Si ou non?

Señor Villares, ademais de que os concellos das Mareas nos cobren impostos por facer sanidade pública no seu termo municipal, pídolle que interveña no seu grupo —supoño que niso estarán de acordo— e que outorguen unha licenza de obra para ampliar o hospital de Ferrol e que teñamos chan dabondo para mellorar as instalacións do centro de saúde e do punto de atención continuada en Cangas.

Señor presidente, crin que tiña seis minutos. Pero en todo caso, señor portavoz, esas son as miñas peticións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¡A ver, a ver! ¡A ver que eu me entere ben! ¿Quere vostede que eu colla o teléfono e chame a un alcalde para dicir que lle axilice un procedemento? *(Murmurios.) (Risos.)* ¿Está vostede dicindo con total impunidad que debo chamar por teléfono para que unha administración salte o procedemento debido para que a vostede lle dean unha licenza? *(Protestas.) (Aplausos.)* Esta é a forma... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor, silencio! ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ¡Home, home...! ¡Tanto descaro na súa forma de proceder...! Eu non sei se é a súa forma de proceder habitual; a nosa non, desde logo. (*Protestas.*) A nosa... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Calquera que inicie un proceso administrativo deberá seguir os trámites. (*Fortes murmurios.*) ¿Ou é que pensan vostedes que porque uns chamen por teléfono van conseguir unha axilización que non está prevista na lei? Iso ten un nome moi feo no Código penal. E, desde logo, a nós... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: A nós non nos van atopar nin no tráfico de influencias nin na prevaricación... (*Protestas.*) Non, non nos van atopar aí. Esperemos que o señor presidente lle faga retirar do *Diario de Sesións* esa expresión, esa incitación ao delito, porque debe de ser unha verdadeira incitación ao delito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Señor Trenor, silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: En segundo lugar, réstanlle a vostede aínda... —tivo tres, cinco, seis, os que quixo ou os que lle deixaron— para explicar a transferencia de crédito e por que quitou da xestión e coordinación da atención primaria para concertos coa privada. Ten aínda tempo para explicar por que quitou das construcións e adquisicións de terreos para centros de saúde para dárllelo á privada. E ten posibilidade aínda de explicar por que quita dos programas contra a drogadicción para darllo á privada.

Pero, mire, dixo tamén outra cousa que tampouco é certa. Dixo que os concertos coa sanidade baixaron. Pois, mire, teño aquí os datos que saca a patronal da sanidade privada en Galicia referidos aos últimos dous ou tres anos —realmente a un ciclo histórico máis amplo, pero imos ao que vai de lexislatura, como di que baixaron...—. Di a patronal privada da sanidade en Galicia que subiron aproximadamente un 3 % desde 2016, 199 millóns no 2016, 203 no 2017 e 205 no 2018. Polo tanto, as súas afirmacións contradín o que di a patronal galega da sanidade privada.

¿Quere explicarnos quen está mentindo, se é vostede ou a patronal galega da sanidade privada?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Si, señor Villares, volvo reiteralo. Mire, nós presentamos a licenza para a construción do hospital de Ferrol, da ampliación, exactamente o 14 de agosto. Non temos resposta. Propúxenlle ao alcalde que solicitara un informe á Secretaría Xeral de Urbanismo. Se hai unha disquisición entre os técnicos de Ferrol e a Secretaría Xeral de Urbanismo, nós asumimos a nosa responsabilidade. Non temos resposta. ¿Que temos que facer? ¿Licitamos a obra ou non licitamos a obra? Vostede ¿que cre, que non hai prioridade para os servizos públicos nos concellos das Mareas? ¿Non hai prioridade para intentar solucionar un problema — evidente—, que é que, querendo construír a ampliación dun hospital, nin sequera se nos contesta?

Nós estamos convencidos de que se pode construír ese hospital porque eses terreos son sanitarios. Hai unha discusión sobre o vial. Propuxemos unha reunión coa Secretaría Xeral de Urbanismo. ¿Por que non aceptan a proposta?

Señoría, ¿sabe por que, entre outras cousas, diminuímos os créditos de atención primaria en materia de obras? Porque non podemos licitar o proxecto construtivo do centro de saúde e do punto de atención continuada de Cangas. ¿Sabe por que? Porque non temos chan suficiente e adecuado, e non sabemos onde podemos construír o centro de saúde e o punto de atención continuada de Cangas que piden os médicos de atención primaria da zona de Vigo.

¿De que está vostede falando e a que está vostede xogando? Iso non é tráfico de influencias. Iso é defensa da sanidade pública por riba de calquera outra prioridade, señoría, por riba de calquera outra prioridade. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, ¡como que non se pode estudar unha licenza para un centro de saúde! ¿Como que non? ¡Claro que si! Mire, hai un alcalde, o do BNG en Pontevedra, que adoptou a decisión de non cobrar os impostos do IBI aos centros de saúde e ao novo hospital. Hai outros alcaldes, como o de Vigo, que nos cobra por todo. Hai un alcalde, o de Pontevedra, que está facendo de acordo con nós os accesos ao novo hospital de Montecelo. Hai outro, o de Vigo, que nin electricidade, nin saneamento, nin abastecemento, nin accesos... ¡Cero!, ¡nin un euro para o solo! ¡Claro que hai distintas sensibilidades na sanidade pública!

Os alcaldes das Mareas, ¿como queren ser, como alcaldes de Vigo ou como alcaldes de Pontevedra? Iso hai que decidilo, señoría, hai que decidilo. (*Murmurios.*) Non hai ningún problema. Esa é a nosa forma de entendernos con calquera que lle interese a sanidade pública no país. A vostede non lle interesa para nada, simplemente vén aquí a falar dunha transferencia de crédito. É, cando menos, lamentable.

Entender o presuposto do Servizo Galego de Saúde, de 4.000 millóns de euros, cunha transferencia de crédito cando estamos a final de ano e en novembro o que hai que facer é gastar exactamente e executar o presuposto... Vénme vostede falar dunha transferencia de crédito. Mire, señoría, as transferencias de crédito do Servizo Galego de Saúde supuxeron que temos un 72 % máis de quirófanos hoxe que cando chegamos ao Goberno. Esas transferencias de



crédito supoñen que hoxe temos 1.500 persoas máis traballando no Servizo Galego de Saúde que cando chegamos ao Goberno. E esas transferencias de crédito supoñen que esteamos operando a 30.000 persoas máis ao ano que cando chegamos ao Goberno.

Mire, señoría, nós aumentamos as ofertas públicas de emprego, pedimos o incremento da docencia MIR en familia e en pediatría, ampliamos as idades de xubilación ata os 70 anos, incrementamos as retribucións un 6 % a partir de xaneiro aos profesionais sanitarios, mentres vostedes promoven a pseudociencia, mentres vostedes publicitan as antivacinas, mentres vostedes seguen animando á irresponsabilidade, seguen indo contra a saúde pública, seguen denegándonos licenzas para construír centros sanitarios e centros hospitalarios..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e son vostedes irresponsables opinando. E non lle digo a irresponsabilidade que teñen vostedes xestionando. Se nin sequera son capaces de facilitar licenzas para ampliar hospitais, se nin sequera son capaces de facilitar chan para construír centros de saúde, imaxinen por un instante que xestionasen algunha vez a sanidade pública. Pódolle asegurar, señor Villares, que saltarían todas as alarmas sanitarias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, solicita a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor conselleiro? *(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor conselleiro. *(Fortes murmurios.)*

Perdoen un momento, a ver de que se trata. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, primeiro imos saber de que se trata. Eu non o sei.

¿Cal é a cuestión?

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, o señor Villares dixo exactamente que o conselleiro de Sanidade dixera que os xefes de servizo que dimitiron en Vigo mentiran. Iso non é certo, non hai esas declaracións, e pediríalle que o retirara se non está, desde logo, seguro do que dixo nese momento.

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Villares? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, perdón, perdón...! Creo que está dicindo o señor conselleiro que é unha inexactitude. El fala dunha inexactitude, e o señor Villares dirá.



O señor VILLARES NAVEIRA: Foi un erro meu. Foi o xefe da EOXI de Vigo o que dixo iso. Se o conselleiro ratifica ou non as declaracións da EOXI xa non o sei.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Queda rectificado todo.

Non hai nada como entenderse (*Risos.*), non hai nada como entenderse. (*Murmurios.*) Xa está. Rematou, xa está, xa está. Non, non, xa quedou todo aclarado, xa está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O seu non ten nada que ver con isto. Perdoe, perdoe, señora deputada, é que vostede é nova neste Parlamento e non ten nada que ver... (*Protestas.*) Non, non ten nada que ver con isto. Non, xa está.

Continuamos coas proposicións non de lei. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. (*Murmurios.*) Silencio.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Analizar aqueles tramos do proxecto da autovía A-57 que son precisos para a mellora das conexións da alta capacidade da comunidade autónoma de Galicia, coa finalidade de impulsar a súa construción.

2º. Estudar, dentro da Comisión Mixta de Transferencia da AP-9 a Galicia, os mecanismos para que a dita transferencia se produza nos mellores termos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

3º. Executar o acordo acadado no Parlamento de Galicia para incrementar as frecuencias e axustar os horarios no servizo ferroviario do Eixo Atlántico.



4º. Mudar a política tarifaria de Renfe no Eixo Atlántico, para aplicar unha redución do prezo dos billetes.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír os puntos 1 e 2 da parte resolutiva polos seguintes:

«1. Impulsar a construción da A-57 entre Curro e a A-52 axilizando os proxectos pendentes, nomeadamente os treitos entre A Ermida-Pilarteiros e Pilarteiros-Barro, tendo en conta as alegacións presentadas polo concello de Barro.

2. Asumir o rescate da AP-9 con cargo aos orzamentos do Estado.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ben, este título tan longo que acaba de relatar o presidente... Fundamentalmente, esta iniciativa o que busca é avanzar no camiño da recuperación da AP-9 — deste acordo parlamentario que temos nesta cámara —, optimizar a rede de estradas de Galicia e investir con racionalidade nesta rede de estradas. A proposta de trazado — e mesmo a existencia — do proxecto de autovía do Atlántico, a A-57 A Coruña-Santiago de Compostela-Pontevedra-O Porriño, na Lei de estradas do Estado é un exemplo máis da aposta cega polas vías de alta capacidade e polo transporte individual a motor que marcou as políticas do Partido Popular durante tantos anos, sen importar a racionalidade das actuacións, das que temos xa moitos exemplos.

Un exemplo destas infamias, e que está agora de actualidade, son as radiais madrileñas, que tantos cartos custaron á cidadanía. Un gran negocio para as grandes construtoras e unha ruína para o conxunto da sociedade. Constrúense infraestruturas sobredimensionadas polas construtoras que pagamos entre todas para que estas construtoras financien o Partido Popular. Esa é a trama que tantos cartos lle está custando á cidadanía, esa é a trama que corpos de seguridade do Estado e instancias xudiciais teñen sacado á luz os últimos anos. Unha forma de corrupción que motivou recentemente a moción de censura no Goberno central e que fai que internacionalmente o Estado español sexa coñecido pola súa corrupción; esa é a Marca España do Partido Popular: a corrupción.

A construción da A-57 A Coruña-O Porriño sería, ademais dun gasto de diñeiro inaceptable nun contexto de recortes de todo tipo de servizos básicos para a cidadanía e dun impacto ambiental realmente destrutivo, unha infraestrutura redundante, porque de norte a sur, do



Porriño á Coruña, xa contamos cunha vía de alta capacidade, que é a AP-9. A construción da A-57 ten unha historia marcada polas imprecisións, a improvisación e o escurantismo, e pouco sabemos deste proxecto: cambios de nome, presentación por tramos, variantes, circunvalacións... Dependendo do momento preséntase dunha maneira diferente, sen que ningún da Administración do Estado nin da Administración galega, no día de hoxe, falara con claridade deste proxecto que, segundo a Lei de carreteras do Estado, é unha autovía que percorre paralelamente á AP-9 o territorio galego de norte a sur, da Coruña ata O Porriño.

A construción da A-57 reduciría moito o tráfico na AP-9. Son actualidade os exemplos e os casos de autopistas explotadas en réxime de concesión que non teñen o tráfico que se proxectaba e que obrigan a Administración a inxectar diñeiro nas empresas concesionarias, como é en Galicia o caso da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense. No caso de ser construída a autovía do Atlántico —a A-57— sería previsible que reste tráfico á AP-9. Todas entendemos que, se as usuarias teñen dúas posibilidades para facer o mesmo traxecto, un de pago e outro gratuíto, loxicamente as usuarias utilizarán o gratuíto. Polo tanto, podemos ver na situación de ter que investir centos de millóns de euros na construción dunha vía de alta capacidade dende O Porriño á Coruña e, despois, ter que investir tamén outro tanto na propia concesionaria da AP-9 pola caída de tráfico na mesma. Porque sabemos que este é o modelo do neoliberalismo de amiguetes, onde a banca sempre gaña e a cidadanía sempre perde.

E todo isto faise nun contexto de crise medioambiental e enerxética que non se está tendo en conta con este tipo de proxectos, proxectos que non miran ao futuro e que non son responsables. Neste momento enfrontámonos ao cambio climático e á superación do pico do petróleo, e ambas afectan directamente ao transporte e á mobilidade. Polo tanto, un dos primeiros pasos para afrontar estes retos é optimizar o uso das estradas que xa temos e dinamizar as formas de mobilidade sustentable, e non manter esta fuxida cara a adiante.

Loxicamente, entendemos que, unha vez liberada a AP-9, pode haber tramos ao longo do traxecto que poidan necesitar ser reforzados. E entendemos que pode haber algún tramo concreto da A-57 —ou algún novo tramo que se teña que crear— que poida ser necesario para reforzar a propia AP-9. Polo tanto, metemos unha batería de propostas na parte resolutiva que se basea na racionalidade da rede de estradas, en rematar coa estafa da concesión e da xestión da AP-9 e en dinamizar a mobilidade sustentable.

Por unha banda, no primeiro punto solicitamos desbotar o Plan de execución da autovía do Atlántico tal como está proxectada na Lei de carreteras do Estado, unha autovía que vai dende O Porriño ata A Coruña. Polo tanto, propoñemos que se inste o Goberno central para a retirada do Catálogo de estradas.

O segundo punto: propoñemos adicar eses orzamentos ao rescate da AP-9; calculando á baixa o prezo de quilómetro de vía de alta capacidade en Galicia neste traxecto, cos quilómetros que serían, tal e como está na Lei de carreteras do Estado, iríámonos, tirando pola baixa, a máis de mil millóns de euros. Vimos os prezos que está manexando a propia concesionaria para a venda de Audasa e, polo tanto, entendemos que con estes cartos podería ser suficiente para este rescate.



Propoñemos tamén elaborar un estudo —como dicía— daqueles lugares que, unha vez liberada a AP-9, poidan precisar ser reforzados; poderíase utilizar algún destes traxectos proxectados da propia A-57 ou algún proxecto de nova creación.

En cuarto lugar, que se execute —camiñando na dirección de dinamizar a mobilidade sustentable— o acordo acadado no Parlamento de Galicia para incrementar as frecuencias e axustar os horarios no servizo ferroviario do eixo atlántico, que tamén fai o mesmo traxecto de norte a sur. Polo tanto, fomentar a utilización deste servizo tamén sería positivo para a mobilidade e para a vertebración do eixo atlántico. Hai un acordo aprobado neste parlamento e, polo tanto, hai que presionar para que se execute. Existen propostas concretas do mesmo sindicato ferroviario que están enriba da mesa para solventar estes problemas, os problemas de que se colgue o cartel de «non hai billetes» os luns polas mañás para vir a Compostela ou xoves e venres pola noite, fundamentalmente, para saír de Compostela. Polo tanto, hai que executar ese acordo parlamentario canto antes.

E, despois, un quinto punto, que sería mudar a política tarifaria de Renfe —a rebaixa de billetes— e apostar polo transporte de cercanías. Galicia é a única comunidade costeira do Estado que non conta cun servizo de cercanías, e isto hai que solucionalo se queremos dinamizar a mobilidade sustentable.

E, por último, iniciar os trámites necesarios para acadar o rescate público da AP-9 coa realización prevista dun estudo rigoroso dos custos da operación e dos mecanismos de financiamento, cuestión que vimos demandando dende hai moito tempo dende o noso grupo e que o Partido Popular e a Xunta de Galicia se negan constantemente a facer. Evidentemente, precisaremos un estudo e será importante partir dun estudo de como acometer esa recuperación se queremos a recuperación. Existe o acordo neste parlamento para esta cuestión; polo tanto, hai que buscar as vías para que isto se execute.

A xestión de Audasa da AP-9 é a historia dunha estafa na que a empresa gaña un de cada tres euros que cobra nas peaxes. A transferencia é un paso importante e necesario para xestionar dende Galicia a que é a principal vía de comunicación e de vertebración territorial de Galicia. Mais, para rematar coa estafa, hai que seguir avanzando e hai que camiñar cara á recuperación para o público, para poñer a AP-9 ao servizo das galegas e dos galegos. Do que estamos falando é de rematar coa estafa que supuxo e segue a supoñer o sistema de peaxes nas autoestradas, que non só é un problema para toda a cidadanía galega, por verse obrigada a pagar cifras exaxeradamente altas para facer uso dun servizo público básico, senón que, ademais, a propia xestión desta autoestrada remata por facerse de maneira nefasta, agravando así a estafa.

Cando falamos da AP-9 falamos dunha das autoestradas máis caras do territorio do Estado, que están pagando os galegos e as galegas cada día e que enriba dá o peor dos servizos de todas as concesionarias de estradas. Falamos dunha autoestrada que reparte dividendos indecentes, e hai que rematar con isto coa recuperación da AP-9, que gaña un de cada tres euros, e que o cincuenta por cento dos seus ingresos son beneficios antes de impostos, só ao alcance de monopolios.

Cando falamos de Audasa falamos dunha empresa que reparte todos os seus beneficios entre os seus accionistas mentres dá un pésimo servizo. E é por iso que a Fiscalía actuou diante



da pasividade do Partido Popular, diante do atraco que leva acometendo Audasa a todos os galegos e as galegas coas retencións que se veñen dando na ponte de Rande, onde non levanta as barreiras e onde cobra á cidadanía por un servizo que non dá. E, alá onde o Partido Popular mira para outro lado, a Fiscalía agora decidiu actuar.

Falamos dunha empresa que estafa as galegas cobrándolles por un servizo que non está a dar. En Galicia existe un consenso político e social para transferir e recuperar para o público a xestión da AP-9, a autoestrada do Atlántico, dada a importancia que ten a dita xestión para o desenvolvemento económico e social de Galicia e por estar ao servizo de intereses privados en detrimento do interese xeral.

Polo tanto, pola miña banda máis nada. Agardo que poida ser aprobada esta iniciativa e que defendamos a recuperación para a AP-9. Non terei problema en buscar transaccións ou en buscar votacións por puntos, sempre e cando —a cuestión fundamental, que é a que queremos defender hoxe— camiñemos cara á recuperación para o público da AP-9.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Sentimos discrepar, aínda que sexa parcialmente, con esta proposta do meu conveciño Marcos Cal porque, efectivamente, estamos de acordo coa proposta de rescate da AP-9 —que xa foi aprobada aquí no Pleno—, unha iniciativa para facer ese estudo e para a nacionalización, efectivamente —e podémolles chamar así—, da AP-9. E tamén compartimos, loxicamente, as medidas que se propoñen para o fomento do ferrocarril. Aínda que non son obxecto central da proposta, recóllense medidas de fomento do ferrocarril que, desde logo, o BNG comparte plenamente e que tamén foron xa obxecto de aprobación neste pleno, non só nese treito do eixo atlántico, senón tamén no que fai referencia á necesaria mellora e modernización da liña entre A Coruña e Ferrol —e tamén na saída sur—, a acabar co illamento ferroviario de Lugo, á mellora e modernización da liña entre Ferrol e Ribadeo ou tamén á mellora no que ten que ver coas conexións de Ourense. En fin, que queda moito por facer e é responsabilidade tanto do Goberno da Xunta como do Goberno central.

Pero digo que non compartimos, non estamos de acordo coa proposta que se fai en relación coa A-57, que é a verdadeira razón de ser desta iniciativa. Non é unha iniciativa sobre esa entelequia inexistente da autovía do Atlántico que figura, efectivamente, no Catálogo de estradas do Estado, pero da que non hai ningún proxecto, nin memoria, nin xustificación por ningún lado. E o que si hai, si, son os proxectos e as obras da A-57, concretamente, no que ten que ver coa circunvalación de Pontevedra, que —xa digo— é a verdadeira razón desta iniciativa.

Non nos parece lóxica nin razoable a proposta sobre o rescate da AP-9 cos fondos previstos para a A-57 que xa están en execución, ou en proxecto, entre Curro e Vilaboa —de mo-



mento—, e que supoñen un investimento de algo máis de trescentos millóns de euros. Pensamos que hai outras opcións mellores, sen deixar de investir estes cartos, para nacionalizar a AP-9, e que ten que ser con fondos dos orzamentos do Estado, como se fixo con esas ruinosas autoestradas radiais madrileñas, que custaron —de momento— máis de dous mil millóns, e a ver a onde chega a cifra.

O BNG defende —defendeu sempre e defende tamén aquí— a necesidade desa A-57 como vía de comunicación libre de peaxe entre O Salnés e Pontevedra e a A-52, no Confurco, no Porriño. É unha demanda histórica de Pontevedra que no ano 1998 sacou á rúa máis de trinta mil persoas; tamén para un hospital único, pero unha das principais demandas daquel momento era unha conexión directa, sen ter que pasar por Rande, sen ter que pasar por Vigo, para a conexión coa autovía A-52.

E non se pode dicir, con rigor, que é unha vía paralela á AP-9, senón que esta é unha conexión sen pasar por Rande, sen pasar por Vigo, sen pasar pola A-55. É irreal pensar que a AP-9 libre de peaxe pode asumir todo o tráfico sur, cando estamos xa, nestes momentos, cunha vía absolutamente colapsada en determinadas datas, cunha ponte de Rande que ten máis de cincuenta mil —chega a sesenta mil— vehículos por día, ou coa situación da A-55 entre Vigo e O Porriño. Ademais, estamos a falar da circunvalación de Pontevedra polo leste, unha alternativa á saturada e perigosa N-550, que ten treitos de concentración de accidentes e que é unha vía moi perigosa, moi saturada de tráfico.

E, desde logo, a nós parécenos lóxica e razoable a preocupación polo impacto ambiental das infraestruturas, pero preocúpanos máis o impacto vital. O impacto que ten, por exemplo, a N-550 en Lárez, en Salcedo, en Figueirido, en Vilaboa ou en Arcade e, polo tanto, a necesidade de facer un vial alternativo que conecte O Salnés e Pontevedra coa A-52. Hai que ter en conta que hai xente, moitísima xente que vive arredor dunha estrada que, xa digo, é moi perigosa —está nesa listaxe de estradas máis perigosas do Estado—, e que sofren as incomodidades e os perigos de vivir ao lado desa estrada.

Por iso, coas emendas do BNG —que son emendas de substitución dos dous primeiros puntos— queremos non paralizar, non anular, non eliminar eses investimentos, senón axilizar e impulsar a construción da A-57 entre Vilaboa e Curro atendendo tamén ás alegacións presentadas polos concellos e polos colectivos sociais, por exemplo, para mellorar a conexión no enlace de Curro. E propoñemos tamén, coa nosa emenda, que se rescate a concesión da AP-9 con fondos do Estado; que se faga con eses fondos do Estado, non detraendo os cartos da A-57. Para o resto desa suposta, inexistente, fantasiosa autovía do Atlántico haberá que buscar alternativas e solucións en cada unha das localidades onde hai problemas e se necesitan vías de circunvalación. E, dígoo unha vez máis, o BNG está rotundamente, firmemente a favor da A-57, e ademais é a posición maioritaria da sociedade pontevedresa, como se dixo claramente nesa gran manifestación e como din vinte e tres de vinte e cinco integrantes da Corporación de Pontevedra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez. (*Murmurios.*)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

A iniciativa que trae hoxe o Grupo Parlamentario de En Marea é unha iniciativa dupla —digos—, no sentido de que mestura dúas cousas ben distintas, aínda que ambas relacionadas, evidentemente, con algo fundamental como é a mobilidade das persoas.

Nese sentido, nós estamos totalmente de acordo co que plantexa nos puntos 4 e 5 da súa proposición non de lei, relativos á execución do acordo parlamentario, de incrementar as frecuencias e axustar os horarios do servizo ferroviario no eixo atlántico. Como tamén acaba de dicir perfectamente o señor Bará, e concordo con el, tamén requiriría certas melloras non estruturais, senón fundamentalmente relativas a ter en conta as singularidades da comunidade autónoma, sobre todo na conexión férrea con Lugo e A Coruña dende Ourense, e tamén no relativo ao ferrocarril de vía estreita no norte da comunidade autónoma.

En todo caso, insisto: estamos de acordo con esa parte da proposición non de lei, pero tamén, ao igual que fai o Bloque Nacionalista Galego, discrepamos do resto do plantexamento.

En primeiro lugar, porque, efectivamente, a A-57, con ese trazado que vostedes describiron entre A Coruña, Santiago, Pontevedra e O Porriño, é unha autovía que figura na Lei de carreteras do Estado, a Lei 37/2015, igual que figura a A-59, entre Pontevedra e Vigo, outra infraestrutura que tamén podería ter a súa importancia. Pero no caso da A-57, que é o que motiva a iniciativa de En Marea, estamos a falar dunha entelequia virtual, máis alá de que —como sabemos todos, e dixo o señor Bará xa— hai un proxecto que resulta de vital importancia para Pontevedra como constitución dunha vía alternativa á AP-9.

Pero vaíamos por partes: o problema deste proxecto virtual temos que atopalo, entre outras cousas, nos orzamentos que, durante os anos 2015, 2016 e 2017, fixo o Goberno do Partido Popular, o Goberno do señor Rajoy para esta comunidade autónoma, que tiñan orzados en infraestruturas no ano 2015, 1.355 millóns de euros; no 2016, 1.329 millóns, e no 2017, 892 millóns. É dicir, en total, un investimento previsto —teoricamente— de 3.578 millóns de euros, e deixaron sen executar nada menos que o corenta e dous por cento, é dicir, 1.502 millóns de euros.

En realidade, o único concreto que hai —e cando falo de concreto inclúo a redacción dos proxectos— é, con respecto á A-57, a conexión entre a A-57 e O Confurco, na A-52, que ten o proxecto en redacción. De Padrón a Pazos de Borbén, proxecto en redacción; de Pazos de Borbén a Soutomaior, proxecto en redacción; de Soutomaior a Vilaboa, proxecto en redacción; efectivamente, de Vilaboa á Ermida, obra en execución; da Ermida a Pilarteiros, proxecto en execución; Pilarteiros-Barro —conexión coa AP-9 en Curro—, estudo informativo en redacción, e Valga-Curro, fases previas ao estudo informativo. É dicir, papeis, papeis e papeis. Máquinas facendo obra, nada máis nun tramo, e, polo tanto, pese a ese magnífico Plan de investimento extraordinario de carreteras, o famoso PIC do Partido Popular do señor



Rajoy do ano 2017, publicitado no mes de xullo con cinco mil millóns de euros, non hai nada concreto para esta comunidade autónoma.

En realidade tamén sabe vostede perfectamente que, desa A-57, do que é o norte de Pontevedra cara a —teoricamente— Santiago e A Coruña, non hai nin tan sequera un trazado elemental, non hai nin un debuxo nun mapa de por onde podía ir. Por tanto, a partir de aí xa nin hai esa virtualidade, é que está sen concretar absolutamente nada.

Pero non podemos renunciar a un proxecto que é vital para Pontevedra —a circunvalación desta cidade— e que, ademais, conectaría nesa especie de macronó que se formaría no Confurco entre a A-9, a A-55, a A-52 e AG-57, e que ademais permitiría evitar, fundamentalmente, o tráfico en tránsito —todo o que se dirixe a Portugal e todo o que se dirixe á Meseta dende Pontevedra e dende esta comunidade autónoma— porque sería absolutamente innecesario circunvalar Vigo. Sabemos, todos os que transitan por alí con frecuencia e os que transitamos de forma ocasional, que a AP-9 na cidade de Vigo é practicamente unha vía de circunvalación urbana; a densidade de tráfico é absolutamente inadecuada para unha autoestrada. Xa non falamos, porque xa o dixo o señor Bará, do que ocorre na ponte de Rande.

Polo tanto, creo que non se trata de cambiar recursos que non existen en ningún momento —quero dicir, relativo á súa proposición de transferir os cartos destinados á A-57 ao rescate da AP-9—, porque á A-57 non hai nada destinado; polo tanto, falamos de cartos que non existen para algo que debe ser —entendemos— debatido na Comisión Mixta de Transferencias.

E, por iso, plantexámoslles as emendas que vostedes coñecen: a primeira delas, analizar aqueles tramos do proxecto da A-57 que son precisos para a mellora das conexións de alta capacidade da comunidade autónoma, e estudar dentro da Comisión Mixta de Transferencias da AP-9 os mecanismos para que esa transferencia se produza nos mellores termos posibles para esta comunidade autónoma, xa que —como vostede sabe— acaban de chegar a un acordo de impulsar unha tramitación urxente no Congreso dos Deputados para acadar a transferencia que se aprobou inicialmente o martes da semana pasada nese congreso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Esta proposición do grupo de En Marea imos analizala, porque, realmente, se traduce en varias medidas de carácter socioeconómico que van afectar, sen dúbida ningunha, os gallegos.



A primeira medida social que entraña esta proposta é negarlles aos galegos unha alternativa gratuíta a que teñan que ir por unha autopista de peaxe. Esta, ademais, é unha infraestrutura pola que Pontevedra leva anos e anos agardando, e non podemos renunciar a ela. Pero o proxecto da A-57, conceptualmente, é o dunha autovía libre de peaxe que sirva de alternativa a unha vía con peaxe, que é a AP-9, e vostedes propoñen pedirlle ao Goberno do Estado que desbote a execución da A-57, é dicir, que renuncie a dotar Galicia dunha autovía gratuíta que se constituiría en alternativa á autoestrada do Atlántico, que é de peaxe. ¿E iso que conlevaría? Conlevaría que os cidadáns non terán esa alternativa á AP-9 e, polo tanto, se queren ir por unha vía de alta capacidade, terán que pagar peaxe.

Nós, señoría, non compartimos esta proposta. Nós, a diferenza das mareas, o que queremos é que os galegos poidan elixir no futuro entre ir por unha autopista de peaxe —pagando— ou ir por unha autovía de forma gratuíta. E non conseguimos entender por que queren obriugar a pagar unha peaxe a todos aqueles que queiran ir da Coruña ao Porriño sen pagar peaxe. A verdade é que isto merece unha explicación.

Segunda medida social das mareas de Podemos. É a seguinte: destinar millóns de euros públicos para entregarllos a Audasa, unha empresa privada. Vostedes propoñen que os recursos que se vaian destinar á execución da autovía alternativa á AP-9 se destinen ao rescate da autoestrada do Atlántico. Iso é o que pon a súa proposta. Despois falan de que se faga un estudo rigoroso para estudar o custo. Eu creo que debера ser ao revés: primeiro, estudar o custo, no seu caso, e, logo, decidir se se rescata ou non. Pero, en todo caso, non estamos de acordo con esa proposta, porque eu creo que vostedes non teñen realmente meditada esta proposta. Porque o seu plantexamento de rescate suporía pagar ao contado, nun só prazo e de forma inmediata centos ou incluso miles de millóns de euros a unha empresa privada. E con este rescate, señor Cal, estaríanlle facendo vostedes un verdadeiro favor a esta empresa privada. Sería o negocio do século, porque de seguro que Audasa preferiría cobrar eses millóns de euros hoxe ao contado que seguir explotando concesións durante anos para poder gañalos. E parece que, de novo, outra vez máis, se poñen vostedes do lado das empresas, como xa fixeron, por exemplo, co caso da primeira fase da implantación do transporte público.

Pero, en definitiva, o que está claro é que En Marea quere que os millóns de euros para que Galicia teña unha vía libre de peaxe se destinen a encher as arcas dunha empresa privada. Iso é o que pon a súa proposta, señor Cal. E é difícil —realmente, é difícil— que esa empresa atope mellores amigos que vostedes.

¿Pero que suporía isto, ademais? Suporía que o Ministerio de Fomento centrarse todo o seu investimento dunha década no eixo atlántico galego, esquecéndose, polo tanto, do interior de Galicia: da provincia de Lugo, da provincia de Ourense. E nós preguntámonos: ¿é esa a vertebración que vostedes propoñen para Galicia? ¿Queren vostedes que se gasten centos e centos de millóns en rescatar a AP-9 e dálles igual que, por exemplo, os cidadáns do Deza ou de Ourense sigan pagando peaxes para vir a Compostela?

Miren: nunha resposta do Goberno —vúllela ler— na que se lle preguntaba por este rescate, dicía o seguinte —unha resposta recente do Goberno—: «*En cuanto a un posible rescate (...) el*



Gobierno no contempla actualmente dicha posibilidad dado los elevados costes que ello supondría. Debe recordarse que tomar una medida de ese tipo siempre conlleva un coste». Ben, pois isto é o que lles contestan a vostedes os seus socios no Goberno de España, porque vostedes apoiaron unha moción de censura para poñer de presidente unha persoa que perdeu as eleccións e, por tanto, son os seus socios, porque, se están gobernando, é grazas a vostedes. E no acordo que fixeron cos presupostos xerais de 2019, que non existen, non vemos en ningún punto que se comprometeran a pactar e desbotar a A-57. Polo tanto, ¿por que veñen pedir aquí o que non se atreven a pedirlle ao seu socio Pedro Sánchez, señor Cal?

E imos coa a última medida. A última medida é, despois de entregar unha inxente cantidade de millóns a unha empresa privada para rescatar a AP-9, gastar máis millóns en ampliar a AP-9 ante —loxicamente— o seu previsible colapso unha vez que sexa rescatada e que sexa gratuíta. Por tanto, eu creo que deberían preguntarlle a un enxeñeiro cal é a súa opinión, porque calquera lles dirá que gastar centos e centos de millóns de euros en rescatar a AP-9 obrigaría a gastar outros varios centos de millóns en ampliála, porque —loxicamente— o incremento de tráfico que sufriría ao ser gratuíta levaría ao colapso, e habería que ampliar a AP-9 en practicamente todo o seu traxecto. Por tanto, non teñen ningún sentido os seus plantexamentos: teríamos que facer un investimento para ampliar a AP-9 despois de destinar cartos para unha autovía libre de peaxe e pagarllos a unha empresa concesionaria da AP-9. Entón, xa sabemos que o único que quere é que a concesionaria da AP-9 faga caixa e peche a súa mellor conta de resultados da historia rescatando esta autopista.

Os galegos, afortunadamente, teñen o Partido Popular como garante de que en Galicia non se adoptarán decisións que non conveñan aos intereses galegos. E hai un detalle que reflicte claramente o desacertado da súa proposta, e é que nin sequera o BNG a segue. Pero hai algo peor aínda, e máis relevante e máis revelador, que é que nin o Partido Socialista, que é capaz de dicir unha cousa e desmentila en setenta minutos, segue esta proposta. (*Murmurios.*) ¿Non se dan conta de que están desnortados, de que non os seguen nin o BNG nin o PSOE, que xa é dicir, señor Cal?

Polo tanto, eu non os vou instar a que se disolvan porque non queren entender que isto non é unha petición do Partido Popular, é unha petición, un clamor, do pobo galego, tanto dos que non están nas Mareas como dalgúns que están dentro das Mareas, señor Cal. Polo tanto, eu simplemente lles pregunto, ¿por que non se disolven?, ¿porque no o explican? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Eu creo que sempre lles quedará... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor MOREIRA FERRO: Remato xa, señor presidente. Non pasa nada, señor Cal, porque sempre lles quedará a oportunidade, dentro duns anos, de poder dicir: no comparto algunhas cousas que dije en el pasado. Pedir que desecharan la A-57 fue una postura equivocada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Señor Moreira, quen ten unha manifestación aí fóra pedindo que se disolvan son vostedes, non nós. A nós a cidadanía non nos pide que nos disolvamos, pídenllelo a vostedes, (*Aplausos.*) señor Moreira. Pídenllelo a vostedes por todos os sectores. Uns e outros llelo están pedindo constantemente a vostedes.

Vou moi rapidamente porque, evidentemente, non me dá tempo a abordar todo. Moi brevemente. Con respecto á 57, se é un proxecto fantasma, se é un proxecto virtual, se só é papel, tampouco deberíamos ter problema en pedir que se elimine, porque estamos falando dun proxecto de enorme calado para Galicia no que ten que ver coa mobilidade; estamos falando dunha vía de alta capacidade que atravesa o territorio onde viven o 70 % dos galegos e das galegas. Entendemos que merece algo máis de seriedade que que estea este proxecto enriba da mesa sen o estudo preciso e sen profundar na cuestión.

Nós entendemos que pode haber tramos —como xa comentaron os voceiros do PSOE e o do BNG— que poden ser útiles. Estudemos cales son eses tramos e vexamos cales se deben impulsar. Pero entendemos que non debe estar o proxecto na súa totalidade. Para nós o primeiro paso é liberar a AP-9, e nese sentido imos buscar transaccións, imos buscar, se é necesario, facer votacións por puntos, separar unhas cuestións doutras, para tratar de sacar un acordo con respecto á recuperación da AP-9. É un acordo que xa existía neste Parlamento e entendemos que hai que seguir avanzando nese camiño.

Señor Moreira, quen lles nega aos galegos e ás galegas unha vía de alta capacidade gratuíta de norte a sur é o Partido Popular, porque a AP-9 segue sendo unha estafa ata o 2048 grazas á prórroga da concesión do señor Aznar. O Partido Popular é o responsable de que os galegos e as galegas non teñan unha vía de alta capacidade gratuíta de norte a sur, porque neste momento se están liberando as autoestradas da xeración da AP-9, son vostedes os responsables desta situación.

Din vostedes que queren que a cidadanía de Galiza poida escoller entre unha vía de alta capacidade de pago e unha gratuíta. ¡Home!, a cidadanía de Galiza, evidentemente, escollerá a gratuíta. Se vostede ten que escoller entre unha gratuíta e unha de pago, ¿vai escoller a de pago? Evidentemente, vai escoller a gratuíta. E, ¿que vai acontecer cando o tráfico se desvíe á vía gratuíta? Que á AP-9 haberá que inxectarlle diñeiro público pola caída de tráfico, que é o que pasou coas radiais madrileñas. Son vostedes os que queren pagar dúas veces. Vostedes queren pagarlles ás construtoras para que fagan a construción da A-57, para que despois financien as súas campañas, e despois diso pagarán tamén á concesionaria. Isto está nos corpos de seguridade do Estado e a instancias xudiciais. Ése é o motivo polo que se fixo unha moción de censura no Estado, ese é o motivo, pola súa corrupción coas concesións. Vostedes queren que lles vaian cartos ás construtoras construindo a A-57 e despois que tamén vaian para Audasa pola caída de tráfico, como aconteceu nas radiais madrileñas. Xa o fixeron, acábano de facer vostedes coas radiais madrileñas. Esa é a súa corrupción.



Vostedes son os que entregan cartos a Audasa. Din vostedes que lle queremos inxectar cartos a Audasa. Os galegos e as galegas estanlle inxectando a Audasa, máis de cen millóns de euros cada ano. Máis de cen millóns de euros ao ano lle estamos inxectando os galegos e as galegas a Audasa, o que hai que facer é rematar con esa estafa, recuperar a AP-9 e poñela ao servizo dos galegos e as galegas, que de aquí ao 2048 imos saír gañando, e moitísimo. Son vostedes os que queren favorecer as empresas. Da mesma maneira que fala vostede das empresas de transporte por carretera. Non foi a nós a quen lle enviaron e lle regalaron botellas de viño. Vostedes coñéceno perfectamente, a súa corrupción é perfectamente coñecida por todos e por todas.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: Vostedes constrúen vías de alta capacidade, e as empresas despois...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...lles pagan as campañas.

Voulles propoñer unha transacción e unha votación por puntos —se así o consideran os distintos grupos, como digo—, centrándonos na recuperación da AP-9. Hai un acordo deste Parlamento. Nós seguimos defendendo exactamente o mesmo, que se recupere a AP-9, a ver se o resto dos grupos seguen mantendo a posición de recuperación da AP-9, porque é un acordo deste parlamento de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CAL OGANDO: A ver... Si que hai un acordo, señor Pazos, ¡claro que hai acordo! ¡Claro que hai acordo deste Parlamento de Galicia!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Pazos, silencio.

O señor CAL OGANDO: E se agora vostedes non queren facelo, retráctense e digan: non queremos a recuperación, e xa está.

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen. ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

¿Algo máis?, ¿algo máis? Xa está ben, digo eu.

Estamos en Nadal. Concordia, por favor.



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor! Os dous deputados, se queren, poden falar alí fóra. Non, non, insulto non é. Señor Pazos e señor Cal, ¡por favor!, se queren falar diso, fóra, pero agora imos debater outra proposición non de lei. Un pouco de tranquilidade vénnos ben a todos.

¿Lin o texto enteiro? Si, lino enteiro. Entón, ten vostede a palabra para formular a proposición non de lei.

¡Silencio, por favor!

A señora VÁZQUEZ VERAO: Tranquilidade, que esta se vai aprobar por unanimidade e...

O señor PRESIDENTE: Se non, chámooos á orde aos dous. Un pouco de seriedade.

Cando queira.

A señora VÁZQUEZ VERAO: A nosa iniciativa, a iniciativa que traemos hoxe, é ben sinxela, certamente, o que sucede é que, ao mesmo tempo, abre un debate estratéxico, e queremos encetar con el nesta Cámara, de xeito rigoroso, un debate de fondo que ten que ver con desafíos profundos que temos, non xa como pobo galego, nin sequera como individuos europeos, senón tamén como humanidade.

Falamos de elementos estruturais que teñen que ver con retos aos que nos enfrontamos, como a crise climática, os cambios no modelo produtivo, a crecente polarización social que padecemos no noso país tamén, e que van moito máis aló do que poidamos legislar nesta Cámara ou do que poidamos instar o Goberno dende esta Cámara, dende unha Cámara autonómica. De feito, van moito máis aló do que mesmo poida dispor un estado soberano.

É un debate que xa está na rúa, que leva anos sendo movido por colectivos sociais e que mesmo xa chegou ás institucións en forma de mocións que foron aprobadas en concellos por todos os grupos presentes nesta Cámara, por iso dicía que esta iniciativa ben pode ser aprobada por unanimidade. Foron aprobadas mocións que instaban o Estado a avanzar no debate sobre a implantación dunha renda básica universal, a asumir así unha resolución da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, e instaban —cito liberalmente— a Xunta a promover un debate público sobre este tema e a adoptar as medidas necesarias para avanzar, no marco das súas competencias, na implantación dunha renda básica universal, incondicional, individual e suficiente no Estado.

Así pois, que mellor forma de encetar este debate que aprobar esta proposta que traemos, que non é mais que un estudo que identifique cal sería o custo da implantación da renda básica universal no noso país. Xa non pedimos que se posicionen a favor ou en contra da renda básica universal. En Marea non temos a posición decidida ao cen por cento e temos algunha dúbida, pero si consideramos que se debe avanzar nese debate cun estudo serio e rigoroso



que non só serviría para analizar como se podería implantar a renda básica no noso país, senón tamén para ter unha radiografía social máis das persoas que padecen necesidade, que precisan un complemento de ingresos no noso país. Só por dar un dato, os datos do mercado do traballo nas fontes tributarias: 614.026 persoas en 2017 ou ben cobraban menos do SMI ou menos da pensión mínima; eses son os datos da desigualdade.

Así pois, consideramos que con esta proposta poderían facer un estudo, a modo do que a renda básica xa ten analizado para Cataluña e para Guipúzcoa, seguindo a metodoloxía que tamén se ten aplicado para o estudo a nivel estatal, e que permitiría estudar cal sería o custo da implantación da renda básica en Galiza, pero ademais —como xa dixemos—, facer esa radiografía social tan necesaria.

¿Cal é a oportunidade desta proposta? Primeiro, como xa dixeran, os retos a nivel global, porque teñen todos que ver coa necesidade de reforzar os mecanismos de protección social que non están funcionando. Retos a nivel global como a crise climática, que está por detrás de moitos dos conflitos sociais que temos hoxe. Retos como a polarización social. Non é unha cuestión só do noso país. Levamos corenta anos de perda de poder da clase traballadora e o traballo non está a funcionar como mecanismo de integración social. No noso país vémosto claramente, a metade da clase traballadora é precaria. Así pois, tamén abrimos ese debate: ¿é posible volver ao modelo de 1945? Non o sabemos.

Os retos tecnolóxicos son outro reto. O desenvolvemento da tecnoloxía pode poñer en cuestión moitos empregos. Certo é que este debate non está pechado, porque sempre que houbo cambios tecnolóxicos dentro do capitalismo xeráronse outros moitos empregos. A cuestión é, se a transformación tan radical que pode suceder no mundo do traballo é tan estrutural que faga que unha gran parte do traballo humano sexa prescindible. Pero, en fin, tampouco nos aparta da cuestión global de que precisamos poñer esa tecnoloxía ao servizo da humanidade, ao servizo de recuperar tempo para a nosa vida, ao servizo de facernos donos e donas das nosas vidas.

En segundo lugar, outra oportunidade desta proposta —xa o dixeran— é polo contexto de enorme desigualdade, que non minguou, aumentou durante a crise, pero que seguiu a estar aí durante a chamada poscrise. Os mecanismos de protección social non están a funcionar, nin os do Estado nin os da Comunidade Autónoma. A Risga é absolutamente insuficiente. Se o emprego non garante saír da pobreza, os mecanismos que se poñen á disposición para paliar a situación de necesidade de quen non traballa tampouco están a funcionar. Veñen vostedes agora, o partido Popular, catro anos e medio despois de que o tiñan que ter feito, cunha modificación da Risga para poder compatibilizar empregos. Non chega, catro anos e medio, sen poder ter a posibilidade de compatibilizar unha renda, por outra parte mínima, insuficiente, con empregos.

Outro elemento que nos fai traer aquí esta proposta é —como xa dixeran— a necesidade dunha radiografía precisa da necesidade no noso país. É evidente, temos datos estatísticos, o informe do CES confirma que a maioría social non sae da crise. O estudo da pobreza EAPN sempre nos pon aí esa bolsa de pobreza que pervive e que, por certo, aumenta máis na adolescencia e na infancia. E temos tamén mesmo eses datos que citei do mercado do traballo



nas fontes tributarias: máis de 600.000 persoas precisarían uns ingresos para poder ter vidas dignas. Pero é que ademais a Xunta deixa sen publicar ese estudo sobre a pobreza infantil que fixo en 2014 e que, por moito que o pedimos conforme o artigo 9, non se nos fornece. É dicir, é tamén unha intención política non facer transparencia desta cuestión, porque evidencia —como dixeran— o fracaso das políticas sociais.

Neste sentido, ¿que é a renda básica universal? Pois sería unha asignación monetaria pública para todas as persoas. Responde á filosofía de dereitos avanzados, que vincula liberdade e xustiza material.

A Declaración dos dereitos humanos de Monterrey sinalaba que o actual marco de relación global é un escenario —cito literalmente— «de pobreza, violencia e exclusión», por iso, entre outras medidas, poñía sobre a mesa a renda básica universal como dereito de cidadanía. Garantir o dereito á existencia é a base de todos os dereitos humanos. Xa se dixo onte aquí, hai que facer efectivos os dereitos. Sen a igualdade material non hai igualdade efectiva de ningún tipo. Por iso a renda básica trae este debate a ligar as prestacións non só ao emprego, non só ao traballo asalariado, porque —como dixemos— neste mundo o emprego perdeu a súa función de integración social.

E así, como xa expuxemos antes, hai un debate de fondo sobre se a renda básica universal entra en contradición co dereito ao emprego. Pois ben, o que si garantiría a renda básica universal non sería perda do dereito a emprego, senón ter un colchón mínimo de ingresos que podería garantir o dereito ao emprego digno, porque podería permitir rexeitar empregos non desexados, podería permitir desenvolver empregos produtivos, que son necesarios para o sostemento da vida —perdón, reprodutivos—, empregos que teñen que ver cos coidados, e mesmo empregos creativos.

Xa falamos do que podería ser a posible perda de emprego polos avances tecnolóxicos e a dúbida que temos sobre isto: se os avances tecnolóxicos van crear outros novos empregos ou se a transformación é tal que se perdería gran parte do emprego.

En todo caso, o que queremos é asumir este debate dende o humanismo, dende ese humanismo que nos leva a reclamar que os avances tecnolóxicos sexan para poñer a vida no centro e que se efectivice a dignidade de cada persoa. Por iso, ¿que é a renda básica neste contexto?, ¿unha asignación pública? Xa dixemos que a recibirían todas as persoas que ostenten a cidadanía ou a residencia acreditada, universal, polo tanto, é un dereito. Non se exixiría ningunha condición de nivel de ingresos, de pobreza nin falta de recursos, senón que sería incondicional, un dereito, e sería individual, non estaría vinculada a situacións familiares. Así pois, nós consideramos que a renda básica non é un proxecto da esquerda, é un proxecto republicano —xa o dixemos antes—, é un mecanismo que permite vivir con equidade e, polo tanto, garante que ninguén teña que pedir permiso a outro para poder existir.

É un dereito republicano porque os dereitos á igualdade só son reais e efectivos nun contexto —xa o dixemos— de garantía de condicións materiais de existencia. Así pois, non lles estamos propoñendo que aproben unha alternativa anticapitalista, estámolle propoñendo un instrumento que permita corrixir os desarreglos que este sistema provoca e que estamos



vendo aí: a pobreza estrutural, a concentración do capital, o paro estrutural, a precariedade brutal da clase traballadora, que en Galiza sabemos moito diso, e sería unha ferramenta para recuperar ese poder da clase traballadora tras corenta anos de desposesión.

Así pois, nós non poñemos como a panacea a renda básica universal. Sería necesario, dentro dun proxecto global, que houbera un reforzo do Estado do benestar, que houbera determinados dereitos non suxeitos á mercantilización, que houbera garantías laborais, que se apostara pola fin do machismo.

A renda básica universal non vai corrixir os problemas estruturais do mundo, pero vai ser un instrumento fundamental para, por exemplo, evitar que as persoas en exclusión teñan ese estrés constante de preocuparse por como poder chegar ao día seguinte con ingresos e poidan concentrarse na súa emancipación. Isto dío o mundo do traballo social. É moi difícil intervir con persoas que cobran tan pouco, ou que non cobran, que están preocupadas por esa mínima existencia digna e non poden avanzar en proxectos de emancipación. Isto está pasando, estano vendo os servizos sociais municipais do noso país.

Hai que ter en conta —rematou o tempo e aínda me quedaba media intervención— que o modelo de renda básica que propoñemos, e que propón este estudo, non reduce o Estado do benestar, o que fai é, cunha reforma do IRPF, redistribuír as rendas, de feito que esta contía que cobraría cada persoa polo feito de existir, en realidade non ocuparía máis que o 3,5 % do PIB porque parte se financiaría, no sentido de que outro tipo de rendas e percepcións que tivesen as persoas, e que fosen inferiores a esta renda, xa se descontarían.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Sabemos que ten algún problema este estudo, pero —repito— realizar este estudo no noso país garantiríanos xa mellorar as nosas insuficientes políticas sociais, porque teríamos unha radiografía das persoas que precisarían un complemento de ingresos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Máis ou menos dez anos despois do inicio desta última crise xa podemos ir tirando bastantes conclusións, e unha delas é que a saída —teórica saída, por arriba cando menos— en canto a datos macroeconómicos estanos a dar xa algúns números, e un deses números e desas conclusións máis importantes é que esa saída da crise está representando máis desigualdades. Nesa saída da crise temos que ter consciencia de que as secuelas para miles de persoas, para millóns de persoas no mundo e miles de persoas en Galiza, está tendo condicións e consecuencias de moita gravidade. Está a significar unha integración moi precaria de moitos miles desas persoas, ás que o risco dunha recesión, aínda que fose leve, as empuxaría de novo a unha exclusión moi importante, que o sistema de protección social está resultando



claramente insuficiente para a redución da pobreza máis grave, e está dando datos no senso de que os ricos son cada vez máis ricos e a maioría social cada vez é máis pobre e máis desposuída de moitos bens.

Estanos dando os datos de que a maioría da poboación non rica ten peores salarios, xornadas laborais peores, precariedade no emprego, condicións laborais xerais peores, traballadores que con contrato legal están por debaixo do umbral da pobreza, incremento da porcentaxe de persoas pobres, traballos de miseria en moitos casos, moitos empregos sen o menor sentido da decencia, por dicilo dun xeito claro.

Hai unha realidade, a este respecto, moi estudada, hai moitos estudos a respecto desta situación de pobreza, e isto tamén é para que sexa moi abundante aquilo de compartir, de que haxa moita bibliografía a respecto de que é unha situación moi compartida por miles de persoas, tamén para meter no ideario colectivo esa conciencia do exército de reserva, para que sexamos conscientes de que hai miles de persoas nesta situación e que tamén entre nese ideario colectivo que hai que asumir esta situación como inamobile e que hai que aceptala.

No que respecta ao Estado español, no que está inserido Galiza, hai datos a esta altura máis que suficientes de que no Estado español é onde máis aumentaron as desigualdades no marco da Unión Europea, pero incluso a nivel mundial tamén é onde máis aumentaron as persoas que acumularon riqueza, onde máis aumentaron os ricos. Digo isto porque, así como hai moitos estudos a respecto de cal é a situación da pobreza, non hai tantos a respecto de cal é a situación da riqueza, non hai tantos datos a respecto de como se acumula a riqueza, porque tampouco se quere que a poboación saiba como se acumula a riqueza, porque se soubera como se acumula a riqueza, en estudos como o que propón hoxe aquí En Marea igual non era tan necesario que insistíramos se é posible ou non é posible que toda a poboación teña acceso a bens necesarios para ter unha vida digna, se hai recursos ou non, porque entón sería máis claro que si hai recursos. A cuestión é que están mal repartidos e que están acumulados en poucas mans. Se fora máis de coñecemento público como está acumulada a riqueza, igual non teríamos tantas dúbidas a respecto de que si é posible que a maioría da poboación teña acceso a máis bens e de que esa redistribución da riqueza sexa posible.

Datos. Por exemplo, entre 2008 e 2017, no Estado español o 0,48 % da poboación —é dicir, 24.000 persoas— acumularon 560.000 millóns de euros. É dicir o 0,48 % da poboación acumulou 560.000 millóns de euros. Evidentemente, acumularon o dobre do que tiñan ata ese momento; é dicir, unha auténtica barbaridade. É dicir, ao 0,48 % da poboación foille moi ben e á maioría da poboación non lle foi nada ben.

Isto foi parello con medidas que se foron tomando, vidas dende a Unión Europea, asumidas entusiasticamente polos gobernos do Estado español e polo Goberno da Xunta, como redución do 5 % dos salarios dos funcionarios, conxelación das pensións, redución de 60.000 millóns de euros en investimento público, en infraestruturas, recortes de 1.500 millóns de euros no gasto público das administracións autonómicas e municipais, reformas laborais. É dicir, todo isto de recortes para a maioría e acumulación de riquezas nun tramo moi curto da poboación. É dicir, ¿hai que facer un estudo para ver se é posible rendas para a maioría



da poboación e redistribución da riqueza? Bueno, farán falla estudos, pero é unha evidencia que hai riqueza, pero cada vez acumulada en menos mans.

Non teño tempo para seguir dando datos, que os teño aquí, pero, en todo caso, o que si é evidente é que é necesario outro modelo onde a riqueza non se acumule en poucas mans, senón que haxa unha redistribución xusta entre a maioría da poboación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Antes de nada, quixera dar un aviso aos deputados e deputadas do Partido Popular por se non se enteraron. Os traballadores e as traballadoras da CRTVG están ás portas deste Parlamento. *(Aplausos.)* Dígoo porque, cando saímos os membros da oposición, preguntaban e berraban por que non saen os do Partido Popular. Entón digo, a ver se é porque non se enteraron, porque está chovendo, ou ben porque vostedes seguen sen soportar os chaparróns de críticas e seguen sen escoitar despois de seis meses de mobilizacións.

Imos á cuestión, efectivamente, señorías. Despois de anos de recuperación económica segue a haber en Galicia 131.456 cidadáns e cidadás con carencia material severa. ¿Que significa isto? Son persoas que non poden permitirse nin unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días; manter a súa vivenda a unha temperatura axeitada; pagar regularmente os gastos desas vivendas; ou dispoñer de teléfono. Son persoas que non teñen no seu día a día nin unha destas catro cuestións importantes e necesarias. Son unha de cada vinte persoas na nosa comunidade autónoma.

É certo que a taxa Arope baixou, é certo. É certo tamén que vimos repetindo nestes últimos meses, ante a euforia do Partido Popular, que seguramente esa taxa baixa a consecuencia de que os maiores índices de pobreza se dan entre a xente nova, e como o propio presidente da Xunta recoñecía hoxe aquí, hai 110.000 menores de 30 anos menos que antes da crise económica.

Estanse consolidando esas desigualdades. O descenso desa taxa descendeu tres veces menos nas mulleres que nos homes entre o 2016 e o 2017, a pesar do cal non hai, nestes orzamentos recén aprobados, ningunha medida, nin se van tomar nos vindeiros meses, nin no próximo ano, para combater esa lacra tremenda que é a feminización da pobreza.

E mentres o número de perceptores da Risga baixa entre o 2016 e o 2017, o Goberno non fixo os deberes, levámolo repetindo dende hai moito tempo. Levan anos para desenvolver ese decreto da Lei de inclusión social; catro anos e medio de atraso a respecto do que marca a



propia lei. E isto, ¡claro!, trouxo problemas para estes cidadáns e cidadás que máis o necesitan, con trabas administrativas, con problemas para poder vivir no mesmo fogar, para compatibilizar con eses empregos precarios, con descoordinación coas propias administracións. Unha renda que non é nin suficiente nin digna, nin o vai ser despois de que se aprobe este decreto de desenvolvemento tan longo, e que se está facendo máis longo aínda para as persoas que máis o necesitan.

Dicimos isto porque a contía non vai subir. É certo que se van solucionar algunhas cuestións, algúns problemas que había ata o de agora, pero a contía vai seguir sendo de 403 euros, que fan da Risga a segunda renda máis baixa de toda España, soamente por detrás de Madrid. As máis altas: Euskadi, Cataluña, e Navarra. Como di en numerosas ocasións o meu compañeiro señor Losada, «ideoloxía vergonzante», porque isto non ten outro nome, señorías.

Mentres en Galicia é de 20,4 euros por habitante o investimento nesta renda, en Navarra é seis veces maior, 130 euros; en Euskadi é once veces maior, 220 euros; con comunidades autónomas que teñen unha taxa de risco de pobreza inferior á nosa comunidade autónoma.

Fronte a isto, segundo chegou o novo Goberno de España, socialista, o primeiro que fixo foi crear ese Alto comisionado de loita contra a pobreza, que nós consideramos que é significativo e que vai ter un importante labor, e tomaron unha medida concreta moi importante xusto antes do verán. Un investimento de 10 millóns de euros para garantir as necesidades alimentarias de 375.000 nenos e nenas deste país, de nenos sen recursos, e de becas para eses menores que están en pobreza severa, para que poidan acceder durante as súas vacacións aos campamentos do verán, desa partida de exercicios anteriores.

Ademais, contemplamos nese ingreso mínimo vital unha das patas, que ten que ver coas prestacións por fillo a cargo, que xa anunciou o presidente do Goberno que vai estar incluído nos vindeiros orzamentos do Goberno de España. Prestacións por fillo a cargo que van subir dende os 291 euros aos 473; un ingreso mínimo vital que consiste nunha especie de prestación non contributiva da Seguridade Social que é similar ás pensións non contributivas. Non teño tempo para explicalo, pero o caso é que esta prestación, que vai estar a medio camiño tamén coa protección por desemprego, ao que nos leva aos e ás socialistas é ao orgullo, en vez de...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...ideoloxía vergonzante, ao orgullo ideolóxico destas medidas que se veñen tomando.

Remato xa, presidente, soamente cunha consideración. É certo que fronte á condicionalidade destas axudas, tanto da Risga como do que nós propoñemos a través do Goberno de España, o que propón hoxe En Marea é unha prestación incondicional, unha renda básica que non está ligada a ningunha condición específica. É certo tamén que é unha competencia estatal —como ben dixo aquí a señora Vázquez Verao—, que produciría, ademais, modificacións no IRPF...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...e que ata o de agora non está posta en marcha en ningún país. Hai experiencias a nivel municipal nos países nórdicos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...pero nada máis aló diso.

Nós o que imos facer hoxe é apoiar esta iniciativa. Non nos negamos a que haxa un estudo ao respecto, e por iso o noso voto será favorable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día.

A iniciativa que presenta hoxe a señora Vázquez Verao e o Grupo Parlamentario de En Marea insta a Xunta de Galicia a impulsar un estudo sobre o financiamento e a implantación da renda básica universal na nosa comunidade. Pero, ao mesmo tempo, na súa iniciativa recoñece que a Xunta non ten competencias para impulsar esa renda básica social.

Entendo que o que realmente vostedes queren é contribuír a ese debate público en relación con esta renda na nosa comunidade. Non é un debate novo, non é a primeira vez que se debate en cuestión da renda básica universal. Irrompeu con moita forza na campaña das eleccións europeas no ano 2014, onde o seu grupo parlamentario e o seu candidato, o señor Pablo Iglesias, incluía no seu programa electoral para as eleccións europeas o dereito a unha renda básica universal para todos e todas e cada un dos cidadáns polo mero feito de selo, sen distinguir entre os cidadáns con recursos ou sen recursos, sen distinguir entre os cidadáns con emprego ou sen emprego.

Dous anos despois, nas eleccións xerais do ano 2016, a proposta estrela que Podemos presentara nese programa electoral desaparece. Desaparece mudando de opinión e apostando agora por unha renda garantida. Dá marcha atrás e aposta por esta renda garantida para todos aqueles fogares sen ingresos, con baixos ingresos, modulada en función do número de persoas no fogar. Unha medida moi similar a ese ingreso mínimo vital anunciado polo Partido Socialista, do que falou a portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Non quedou aí a cousa, non só mudaron de opinión, senón que asinaron vostedes un pacto sobre os presupostos para o 2019 entre o Partido Socialista e tamén Unidos Podemos, e que asinaron vostedes tamén, que pertence En Marea a ese grupo parlamentario.



En conclusión, nós o que consideramos é que queren promover un debate público sobre a renda básica universal, pero cando teñen a oportunidade de estudar a súa implantación dende o Goberno do Estado, resulta que se esquecen dela, algo que nós consideramos que non ten moito sentido.

E mentres, ¿que acontece en Galicia? Pois en Galicia a Xunta o que fai é incrementar as contías da Risga e abrir a posibilidade de compatibilizala con ingresos laborais nese novo decreto. Antes, para acceder á Risga era necesario estar en situación de desemprego, agora non. Non só non é necesario estar en situación de desemprego, senón que agora a Risga se vai poder compatibilizar con traballos esporádicos. Haberá dous tramos novos, ademais do persoal e o familiar que existen neste momento: o tramo de inserción, que é un complemento para aquelas persoas que se comprometan a facer un itinerario de inserción laboral; e o tramo de transición ao emprego, que é un complemento de transición, de seis meses, para esas persoas que atopan un emprego e que están cobrando a Risga. Ademais, para calcular se unha persoa ten dereito a percibir a Risga só computarán os ingresos que efectivamente se cobren, e non aqueles aos que se teñen dereito pero que non se están a facer efectivos. O decreto permite tamén compatibilizar a Risga con outras axudas de inclusión. Polo tanto, con estas melloras nós consideramos que a Risga se converte nunha auténtica ferramenta de inserción laboral na liña das recomendacións que fai a Comisión Europea.

Onte no debate criticábase a Xunta de Galicia porque incrementaba o orzamento destinado á Risga; concretamente, 64,4 millóns de euros. Dende o ano 2017 apréciase unha diminución do número de solicitudes da Risga, concretamente un 11 % menos de solicitudes. Por primeira vez dende o ano 2015, o número de perceptores sitúase por debaixo das 10.000 persoas. E este importante descenso é froito principalmente das medidas sociais que se asinaron na Axenda Social de Galicia. Unha axenda asinada pola Xunta de Galicia, polos concellos e pola Rede Galega contra a Pobreza.

Polo tanto, se vostedes están de acordo en implantar unha renda básica universal non só en Galicia, senón no resto do país, pensamos que este debate debe ser abordado a nivel nacional, e quen ten que financiar ese estudo é o Goberno do Estado.

Polo tanto, nós non imos apoiar esta iniciativa do Grupo Parlamentario de En Marea.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Arias.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Claro que si, señora Arias, só pedimos un estudo, non pedimos a renda básica universal. Vostede mesma o dixo, non teríamos competencias para desenvolverla. Pero é porque ademais En Marea —que é o meu grupo— queremos facer un debate rigoroso, con datos. Vostede sorprenderíase de saber a quen votei nas eleccións europeas de 2014.



Dende de En Marea pedimos un debate con datos para ver como se podería implantar a renda básica universal no noso país. Pero teñen outra oportunidade, se non lles gusta a renda básica universal, desenvolvan rendas mínimas dignas. Con esas recomendacións da Comisión Europea ¿que terían que facer? Elevar o orzamento da Risga ata un 2 % do PIB, non menos do 0,4, como é actualmente. Esas son as recomendacións da Unión Europea: cubrir as persoas que o necesitan non a menos do 7 % das persoas que o precisan. Ter desenvolto hai catro anos todas esas melloras que sinala, que non implican un aumento da prestación, que é unha prestación de miseria. Que nos servizos sociais hai traballadoras sociais que lles piden perdón ás persoas ao tramitarlles a Risga polo tipo de preguntas que lles teñen que facer. Por iso o modelo de renda básica universal avanza nesa necesidade dunha prestación non condicionada e digna.

Repito, o noso modelo de renda básica universal non cuestiona o Estado do benestar, e como xa entenderon as voceiras do Partido Socialista e do BNG, é un modelo que formula unha gran redistribución de riqueza. E hai marxe — dicímolo aquí continuamente e dise por todos os grupos da oposición —, o Estado español está oito puntos por debaixo en presión fiscal da media da Unión Europea. Hai marxe para reformar o sistema fiscal e poderíase estudar este sistema de renda básica universal, que implicaría que entre un 60 e un 70 % da poboación saíría gañando con esta reforma. Dirannos: os ricos tamén cobrarán a renda básica universal. Xa, pero é porque é un dereito universal, pero pagarían moito máis, saírían perdendo. Precisamos redistribuír as rendas, é un sistema totalmente inxusto.

Ademais, non só se poderían obter recursos desta reforma do IRPF tan necesaria, unha reforma fiscal progresiva, senón que, se aumentaran a loita contra a fraude fiscal e a corrupción, poderían ter aí 90.000 millóns de euros máis deses cartos que se perden por corrupción. Chegaría, por certo, segundo este estudo, para financiar esa renda básica universal, porque unha parte se autofinanciaría — como dixeran — con outro tipo de rendas monetarias que acabarían subsumidas nesta proposta.

Sabemos que se pode cuestionar este estudo de financiamento. Vostede non entrou a debater sobre a renda básica, e podería haber un problema de suba de prezos, pero é que as vantaxes serían inmensas. Sería unha prestación individual, melloraría a capacidade de presión da clase traballadora, a capacidade de poder ante empregos indignos. Melloraría, por certo, a situación das mulleres. Na simulación que se fixo en Barcelona hai unha gran transferencia de rendas entre mulleres e homes. Melloraría a igualdade e tería que ser combinada cun reforzo dos servizos públicos, sobre todo de benestar. E sería un antídoto contra a destrución da democracia. Estase xerando unha grande ira, unha gran frustración por esa perda de dereitos e por esa carencia material severa.

Xa o dixeran, non é unha proposta anticapitalista, é unha proposta republicana, de igualdade. E se non o teñen en conta, pensamos que non están nese debate de fondo no que está a sociedade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar



o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei. (doc. núm 34510)

Emenda de adición.

Débese engadir o seguinte punto:

«- Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo momento para poder cubrir as ausencias.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día de novo.

Eu quero empezar hoxe esta intervención trasladándolle un saúdo e o apoio do BNG aos traballadores e traballadoras do Servizo de Urxencias do CHUS, que levan seis semanas en folga e hoxe están realizando un peche de 24 horas en demanda de melloras para este Servizo de Urxencias, en demanda de máis persoal e de melloras, en definitiva, para unha mellor atención para este servizo.

Tamén quero trasladar un saúdo e apoio aos profesionais dos PAC, dos puntos de atención continuada, que a pesar de levar mobilizándose durante todo este ano 2018, de terlle trasladado unha táboa reivindicativa ao Sergas desde principios deste ano, de estar en folga desde o 16 de outubro deste ano 2018, o Sergas non os considerou interlocutores válidos para telos convocado a esta reunión que celebrou onte, que teoricamente era para abordar a situación da atención primaria e para buscar solucións e alternativas.

Claro, aos profesionais dos PAC, que ao fin e ao cabo soamente atenden situacións de atención primaria desde as 5 da tarde ata as 9 da mañá todos os días, os domingos e festivos, que solucionan unha parte importantísima do que acontece en atención primaria e as urxencias, o Sergas non os considerou interlocutores válidos e non os quixo escoitar.

Claro, jé que se me esqueceu! Non os considerou válidos para que viñeran falar á Comisión de investigación e tampouco para escoitalos nesa reunión que convocou onte. Claro, é que me esquezo. É que o Partido Popular decide a quen escoita e quen fala, no Parlamento e fóra. *(Aplausos.)* É así, ¿non? ¿É así como se fan as cousas, non? *(Aplausos.)* *(O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)*

E é unha lástima, señor presidente deste Parlamento.



Os grupos da oposición poden chamar a este Parlamento, ás salas comúns do Parlamento, a falar a quen consideren oportuno e chamarlles ás reunións como queiran, sexa do xeito que queiran. E aí van vir falar —gústelles ao Partido Popular, ao presidente ou a quen sexa— os colectivos, as persoas e a poboación, porque o Parlamento é onde está representado o pobo galego e onde pode vir o pobo galego, non é un búnker pechado para o que queira o Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Non é un búnker pechado! (*Aplausos.*)

Vostedes poden pechar as portas das salas, iso si; non é que poidan, senón que o fan. Pero este Parlamento, dende logo, polo que competa ao BNG, vai estar aberto para que veña falar aquí todo aquel colectivo e aquelas persoas que teñan algo que dicir e que sexa de interese, e sobre todo tendente a solucionar os problemas. E a pesar de vostedes, os representantes dos PAC si faloron aquí, no Parlamento galego, e volverán falar as veces que faga falta.

E tamén quero trasladar un saúdo aos sindicatos, que tampouco estiveron presentes nesa reunión que onte celebrou a Consellería porque non foron convidados. A pesar do que dixo onte aquí o voceiro do Partido Popular, o señor Puy, non estaban convidados a esa reunión onde o Partido Popular, a Consellería, aborda os problemas da atención primaria cos interlocutores que considera adecuados. Eu non vou dicir se os que estaban eran adecuados, pero, dende logo, non estaban todos os que tiñan que estar. Sindicatos que, por certo, desde o ano 2013, en que o Sergas elaborou o último plan de recursos humanos, plan no que xa se determinaba o grave problema que tiña o Sistema sanitario galego, no que xa se determinaba con toda claridade o nivel de envellecemento dos cadros de persoal, fundamentalmente en canto a facultativos —tamén a cadros de enfermería e outros colectivos, pero fundamentalmente en canto a facultativos—, e aí se determinaba que había que tomar medidas ao respecto dun xeito moi evidente; Plan de recursos humanos e medidas que o BNG xa trouxo a este parlamento en varias ocasións, e o Partido Popular votou en contra de tomar medidas. Despois dese Plan de recursos humanos —hai cinco anos, 2013—, sindicatos e, nomeadamente, a CIG —sindicato maioritario— meteron por rexistro en nomeadas ocasións a creación dunha comisión técnica para abordar esa situación, e por parte da consellería fíxose oídos xordos e non se tivo en conta.

Eu non sei se hoxe, ou onte, ou despois dese tsunami que se está producindo na sanidade pública aí fóra, o Partido Popular, o conselleiro ou o presidente da Xunta caeron do cabalo camiño de Damasco e déronse conta de que algo hai que facer. E agora, despois de negarse á petición de sindicatos, á petición de colectivos e ás peticións que se fixeron neste parlamento de tomar medidas, agora van tomar algunhas medidas. Eu, dende logo, primeiro terei que velas, porque hoxe aquí o presidente da Xunta fixo algúns anuncios; despois dos anuncios teñen que vir as concrecións.

Un dos anuncios foi o de contratos estables de até tres anos. Ben, a min gustaríame que logo se concretara en que van consistir eses contratos estables. Porque outra das cuestións é que van ampliar a idade de xubilación até os setenta anos; eu supoño que saben vostedes, todos e todas, que os médicos, a partir dos cincuenta e cinco anos, teñen legalmente a posibilidade de non facer gardas, aínda que teñan ampliación da idade de xubilación até os setenta anos. Co cal, eu non sei se eses contratos que lles van ofertar van significar contratos para facer esas gardas, contratos de precariedade ou contratos para gardas localizadas a once euros,



que é o que está ofertando o Sergas neste momento. Contratos de gardas localizadas a once euros, contratos de precariedade, que é o que están ofertando. ¡Non poña esa cara, señor Núñez Centeno! ¡A once euros! Por certo, no País Vasco, sesenta euros. País Vasco: sesenta; Sergas: once euros. Esa é a contratación que vostedes están ofertando, e por iso hai unha estampida en masa dos profesionais, que queren estabilidade, que queren decencia na contratación, (*Aplausos.*) que non queren ser escravos, que queren traballar cun mínimo de condicións.

Entón, primeira cuestión: os anuncios están moi ben, pero logo queremos saber cal é a realidade deses anuncios. Porque, claro, quitaron un coello da chistera: diante do tsunami que se está producindo, onte a consellería convoca unha reunión —e escollen quen convocan a esa reunión—, quitan un coello da chistera e veñen co anuncio do contrato estable. Queremos ver en que se vai concretar ese contrato estable.

Veñen con que van crear uns directivos de atención primaria. Resulta que acaban de aprobar unha modificación da Lei de saúde onde eliminan as xerencias de atención primaria. Avisámoslos por terra, mar e aire de que ese era un dos problemas fundamentais de deixar sen capacidade resolutiva e sen dirección a atención primaria; avisounos todo o mundo, non fixeron caso e agora van poñer uns directivos. ¿Con que capacidade resolutiva? ¿Con que orzamento? ¿Con que rango? ¿Con que capacidade van modificar outra vez a lei para que legalmente teñan algún tipo de capacidade real? ¿Ou van poñer alí alguén que parece que dirixe algo, igual que os xerentes dos hospitais comarcais? ¿Realmente vai ser outro anuncio para a galería? Por favor, un pouco de rigor. (*Aplausos.*)

Porque está moi ben que veña hoxe aquí o presidente da Xunta facer anuncios, pero queremos na lei, queremos no *DOG*, queremos que sexan anuncios reais; anuncios reais é o que queremos. Porque, xa digo, igual caeron do cabalo camiño de Damasco, pero queremos que esa caída se transforme en *DOG*. Querémolo nós e quéreno os profesionais. Quéreno os profesionais, que parte deles, cando onte saíron da reunión, dixeron que non é hora de seguir facendo reunións nin equipos de traballo, é a hora de medidas concretas e de actuar. Parte deses profesionais non creron nada desa reunión; profesionais iguais que eses vinte e cinco xefes de servizo que xa presentaron a súa dimisión, que o fixeron despois da reunión e da reunión e da reunión, das que saíron sen ningunha concreción.

Por iso, hoxe o BNG traemos aquí unha proposta con medidas concretas que, se esa reunión de onte non é soamente para a galería e é para efectivizar realidades, supoño que non terá ningún problema o Partido Popular en votalas a favor.

A primeira é atender sen máis dilación as demandas dos profesionais que prestan os seus servizos nos PAC, das que é coñecedor o Sergas, porque esa táboa reivindicativa foille trasladada ao Sergas ao principio deste ano 2018, hai practicamente un ano. Co cal, supoño que a estas alturas, que xa se van dando conta de que algo está pasando na sanidade pública, empezarán a atender estas demandas.

O segundo punto é realizar de inmediato unha análise rigorosa das necesidades reais do persoal do Sergas e dos dispositivos que é preciso atender e cubrir. Se non teñen ningún pro-



blema en crear seis equipos para que en febreiro teñan non sei que conclusións, non terán ningún problema en facer tamén unha análise rigorosa e en que este parlamento aprobe algo, e non soamente se atendan extramuros deste parlamento as cuestións. Supoño que este parlamento estará para aprobar algunha cousa.

A seguinte cuestión que pedimos é convocar todas as prazas vacantes en todas as categorías existentes no Sergas; non soamente a promesa de que se van facer contratos non sabemos de que tipo, senón cuestións reais e concretas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato. Realizar unha oferta laboral de contratación de calidade destinada a fidelizar os profesionais que estean nas listas de contratación. Supoño que se o presidente anuncia que vai facer contratos, non terá o Partido Popular ningún problema en votar a favor de facer contratos de calidade destinados a fidelizar. Estámolo pedindo aquí. Votarán a favor; anunciouno o presidente, supoño que non desmentirán o presidente votando agora en contra deste punto.

Aumentar as prazas de formación na Universidade de Medicina e demandar do Goberno español...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...o aumento do número de prazas MIR e EIR. Tamén dixo o presidente hoxe pola mañá que teñen demandadas esas cuestións. Supoño que, se non queren desmentir o presidente, votarán a favor desta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Xa que non se pode dicir «morro» nesta cámara, imos dicir «desfachatez». *(Aplausos.)* Porque o que se escoitou pola mañá é bastante máis que unha desfachatez. Falar de que en Cangas —e vou adicar uns minutos— non hai un centro de saúde porque non quere un concello é unha mostra de desfachatez. Hai oito anos que hai un terreos abandonados no Hío, pasou outro goberno municipal e chegou este tamén, e seguimos na mesma situación porque a Xunta non pon nin un céntimo para construír o centro de saúde de Aldán. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Agora saen con non sei que inventiva dun CIS —que non sabe nin o conselleiro de Sanidade que raios é un CIS—, e chegan a Lalín e chegan a Cangas inventando un novo centro, cando a realidade é que non puxeron durante todos estes anos nin un céntimo para os CAR nin un céntimo para os centros de saúde, e veñen aquí contar cousas que son falsas.



En canto a Ferrol —e remato xa con este asunto—, contestación da propia Consellería de Sanidade (*A señora Solla Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara*): o único que hai é un borrador. Co cal, sobre o que se dixo aquí de que non hai contestación, é que realmente nin sequera hai un proxecto nin un plan en firme, o que hai é un borrador, e no día de hoxe seguimos agardando pola Consellería de Sanidade; por certo, a que non fai un aparcadoiro gratuíto, que ten que estar facendo o Concello porque non se fai absolutamente nada dende a Consellería de Sanidade. (*Murmurios*.) Estaban moi preocupados polas habitacións... (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben*.) ¿Ten algo que dicir o señor Pazos? (*Murmurios*.) Eu cédolle, se quere, un minuto, señor Pazos.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Si, si.

Estaban moi preocupados polas habitacións de tres camas de Ourense, e en Ferrol non hai baños nas habitacións de cinco plantas. E acórdalles agora, que veñen as municipais, que queren facer un proxecto, e nin sequera teñen algo definitivo, que o único que hai enriba da mesa é un borrador. Temos por escrito a contestación da Consellería de Sanidade.

Pero imos á cuestión: hoxe escoitáronse aquí cousas que realmente poñen os pelos de punta. Responsabilizar os profesionais dos PAC da situación actual é, como mínimo, irresponsable. Dicir que non se poden cubrir porque en Vigo hai un dezasete por cento de baixas é irresponsable e, dende logo, é non atender a unha realidade, e a min gustaríame que recordáramos aquí por que algúns profesionais teñen que coller unha baixa (*A señora Solla Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara*): «O Sergas ordena sesenta e cinco horas de traballo en cinco días a unha profesional dos PAC». Téñenos absolutamente non só xa precarizados, senón escravizados. Os profesionais levan un ano dicindo que non aguantan máis. E non sentan agora a buscar ningún tipo de solución porque sexa unha dádiva ou porque se deran conta de que temos razón, ou de que teñen razón os profesionais ou as centrais sindicais. Non, non, non. Sentan agora porque teñen medo da factura política que lles poden pasar as mobilizacións na sanidade por todo o país. Esa é a realidade.

Ata hai uns días practicamente, votaron —como trasladaba a voceira propoñente, neste caso, do BNG— en todas as ocasións que os grupos da oposición propuxemos plans para mellorar a atención primaria, a recuperación do anterior, un plan novo, medidas relativas ao incremento de profesionais, planificación das necesidades dos PAC, que se atendesen as necesidades que estaban reclamando os profesionais..., absolutamente todas as veces en contra, nesta cámara e na Comisión 5ª, sen dar ningún tipo de xustificación que avalase ese posicionamento en contra.

¿Que pasa? Que agora teñen un problema, e teñen un problema porque nas urxencias do CHUS non dobran o brazo, porque os traballadores seguen ao pé do canón. E aquí hai que recoñecerlles que son unhas loitadoras e uns loitadores que, a pesar do desprezo da Xunta de Galicia, traballan unha folga, continúan ao pé do canón e hoxe están nese peche. O noso recoñecemento tamén para o esforzo deses traballadores e desas traballadoras. (*Aplausos*.)



Teñen un problema porque dimiten os xefes de atención primaria. Teñen un problema porque os traballadores e as traballadoras dos PAC tampouco dobran o brazo. Teñen un problema porque estiveron asumindo ata o último minuto que non querían falar da realidade de Povisa, e agora —e falaremos pola tarde— deciden entregarlle, unha vez máis, cartos a unha empresa que extorsiona e utiliza os traballadores como moeda de cambio sen darlles ningún dereito laboral. Esa é a realidade que temos. E temos os problemas de pediatría por toda Galicia. Esa é a realidade, e por iso agora sentan a negociar, non porque queiran mellorar a sanidade pública, non é unha dádiva. E, por certo, non hai nada asinado. Habería que concretar, como xa se dixo aquí, cales van ser esas condicións.

E como non me queda máis tempo vou dicir só unha cousa: os problemas que teña o Partido Popular que os resolva internamente o Partido Popular. Porque non se lles pode denegar aos grupos da Cámara unha sala para celebrar unha actividade á que, dende logo, teñen dereito. E o que non se vai tolerar aquí —eu non estaba no meu escano, estaba arriba e, polo tanto, nese momento non puideron dicir nada— é que se tache un traballo dos deputados e deputadas como ilegal. Xa está ben. Se hai unha telefonada, se se pega unha telefonada dende a Consellería de Sanidade ao Parlamento, non é o problema dos deputados, así que deixen traballar os deputados e as deputadas e atendan as necesidades dos puntos de atención continuada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Xa expliquei iso dabondo, non vou volver explicalo.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Está vostede tentando dar demasiadas explicacións sobre unha decisión que non entende ninguén, e iso é o que senta o precedente perigoso neste parlamento.

Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Lea o Regulamento do Parlamento. Xa está. *(Murmurios.)* Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non hai ningún insulto. ¿Cal foi o insulto? ¿Que insulto houbo? Eu non oín ningún insulto. ¿Que insulto houbo?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor TORRADO QUINTELA: E, ademais, covarde, porque saíu para que non lle chamara a atención.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal foi o insulto? Non escoitei un insulto. ¿Cal foi o insulto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non escoitei ningún insulto. Marchou e, ben, é libre de marchar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Cando queira, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Dende o noso grupo imos apoiar esta iniciativa, independentemente de que se acepte a emenda ou non.

Permítame facerlle —imos relaxar un pouco o ambiente— unha pequena brincadeira, se non, a señora Rodil, se non corriximos a iniciativa, enfádasenos: é a Facultade de Medicina e Cirurxía da Universidade de Santiago de Compostela, non a Universidade de Medicina.

Pero ben, máis alá desa brincadeira, imos apoiar. Cremos, ademais, que atina nos obxectivos e, dende logo, plantexa unha cuestión moi seria. E, como a voceira do BNG plantexou aquí e tamén continuou a voceira de En Marea, é unha situación moi grave.

Fixéronse algúns anuncios aquí, e eu creo que é importante tamén reflexionar sobre as cousas que se anuncian no Parlamento. Ademais dalgunhas outras cousas —vou intentar comentalos todos, se teño tempo—, o señor presidente hoxe pola mañá anunciou tres cousas como tres grandes decisións, e creo que é importante poñer en contexto o que se anunciou.

A carreira profesional como un grande avance. Permítanme o detalle: quen a paralizou foi o Partido Popular; a gran decisión agora é reverter unha decisión propia.

Aumentar a idade de xubilación: claro, porque habendo un problema coa substitución de médicos e co número de médicos, ¿a quen se lle ocorría reducir a idade de xubilación? Ao Partido Popular.

Recuperar as direccións de atención primaria: grandísima proposta. Estiven intentando, dende que o dixo o señor presidente, recuperar todo o número de iniciativas e de veces que aquí se plantexou en votación recuperar as direccións de atención primaria dende que se suprimiron en 2012 por parte do Partido Popular, e aínda non fun capaz de percorrer cantas veces se solicitou e cantas veces foi votado en contra polo Partido Popular.

As tres medidas estrela de hoxe sobre a sanidade, estando como está a sanidade, as tres son autoemendar decisións do Partido Popular que tomaron dicindo, ademais, que o estaban facendo moi ben, a pesar de que todo o mundo dicía que moi mal. As tres grandes decisións son autoemendas á súa política. *(Aplausos.)*

E iso permítenos, ademais, apelar a outra cuestión relacionada coa soberbia habitual coa que o presidente fala de sanidade: é importante recoñecer as veces que un se equivoca, e, por tanto, cando se autocorrix, acerta. Ás veces é importante ter algo de humildade e escoitar un pouquiño máis o que din os profesionais que están na rúa: os do CHUS, os do PAC, os das ambulancias que estiveron en folga, os médicos que estiveron en folga, os xefes de servizo... É moi importante ter un pouquiño menos de soberbia.



E hai algunha cuestión, porque, en realidade, estas medidas melloran algunha situación dos que xa son traballadores estatutarios e amplía a idade de xubilación; polo tanto, resolve un problema durante un pequeno espazo de tempo. Digamos que prolonga a situación, pero, se non hai outras medidas de implementación sobre o sistema de persoal, non corriximos o problema; entón, unicamente estamos adiándo.

E aí entra a cuestión das contratacións. Hoxe recoñeceu o presidente —¡benvido!— que as persoas que se presentan ás OPE xa son traballadoras do Sergas; por certo, todos eventuais, todos en precariedade. Por certo, se todos son traballadores do Sergas, recoñezamos dunha vez: ¿onde están os mil quiñentos traballadores novos, se xa son do Sergas? Salvo que me digan que un traballador é novo porque hoxe ten un contrato precario e mañá teno estable. Ese non é un traballador novo, iso é cambiar as condicións laborais dun traballador. Se todos os que se presentan ás OPE xa son traballadores do Sergas, ¿onde están os mil quiñentos traballadores novos? A ver se vai ser, por unha vez, que o Partido Popular ten razón cando fai os orzamentos e cando di que este ano hai cincuenta e oito profesionais menos en atención primaria que o ano pasado, e cando os orzamentos din que hai máis de trescentos profesionais menos que en 2009. Porque iso é o que din os orzamentos.

Por fin descubrimos que o Partido Popular se contradí a si mesmo, incluso xa chegando a un punto elemental. Hoxe recoñece que non hai profesionais novos entrando nas OPE, porque temos tal nivel de eventualidade e de precariedade que só cos eventuais e precarios que temos no sistema xa temos que convocar OPE para estabilizalos. Pero non hai prazas novas, non existen. Polo tanto, o que hai que facer son, ademais desa estabilización, prazas novas, que é o que nós levamos demandando tanto tempo. Benvido o Partido Popular a esta auto-rectificación.

Lembrámoslles que levan contratados estables no Sergas menos do quince por cento dos titulados MIR dende que goberna o Partido Popular. E lembrámoslles, a pesar de que agora queiran botarlles a culpa a outros gobernos, que solicitaron —evidentemente, despois de nove anos calados—, agora, en canto entrou a gobernar Pedro Sánchez, a ampliación de prazas MIR en medicina de familia e pediatría. ¡Acordaron! Para algo bo serviu o Goberno tamén co Partido Popular: para que acordaran que había que pedilo. Por certo, olvídanse de dicir sempre que, cando solicitaron as prazas MIR en medicina de familia, se concederon, que hai máis prazas MIR concedidas. Ese goberno tan malévolo concedeu as prazas MIR. *(Aplausos.)*

Olvídanse de dicir que as de pediatría —xa llelo dixeron, por certo, pintándolles a cara bastante— non se poden solicitar sendo prazas acreditadas. Porque iso foi o que fixeron vostedes: solicitar a todo correr sen facer a documentación ben. ¡Se non saben nin presentar os papeis! Por certo, cando os presenten —xa llelo dixo o ministerio, e sábeno—, aquí estarán as prazas.

Así que pónnanse un pouco a traballar, falen menos, e cando vaian falar, baixen un pouco o nivel de soberbia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor TORRADO QUINTELA: ...que ten o presidente, e así verán como acerta, porque cando rectifica é cando está empezando a dicir algo. Por certo, é tan pouco de fiar que, ás veces, imos ter que comprobar un pouquiño se fai as cousas. Vámolo ver. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

«Los pediatras acusan a Osakidetza de ocultar la falta de especialistas». «Doscientos sesenta médicos vascos se unen para denunciar la “precariedad” de la atención primaria». (Murmurios.) «Cuatro mil cuatrocientos médicos vascos se jubilarán en una década, el triple que en la anterior». «La carta viral de la ‘Spiriwoman’ de la sanidad vasca: “Estoy desbordada”». Médico de atención primaria en Tolosa. E todo isto co sistema de financiamento que ten o País Vasco. Do País Vasco falou a deputada do BNG; non ía falar eu, que está sacado agora mesmo. (O señor Núñez Centeno amósalles un documento aos membros da Cámara.)

Dende logo, o doutorado en autocorrección creo que o dá o Goberno socialista de Madrid; creo que de autocorrección teríamos tamén bastante pouco que falar.

Ben, eu viña aquí falar deste tema dos PAC, que era o tema da iniciativa, aínda que parece, pola exposición, que aquí a PNL ía sobre o Regulamento do Parlamento. A iniciativa era sobre os puntos de atención continuada; xa debatemos no mes pasado neste pleno e tamén na comisión unha moción e unha proposición non de lei do Grupo de En Marea. Eu teño moi pouco que engadir ao dito no pleno do mes pasado diante desa moción. Pero, ademais, despois dos PAC, fai na iniciativa, o Bloque Nacionalista Galego, unha mestura de temas que semellan bastante os tratados na moción de onte do Grupo Socialista.

E comezando cos PAC: o colectivo foi recibido no Sergas pola Dirección Xeral de Recursos Humanos no mes de febreiro, mantivéronse reunións na mesa sectorial, onde participaron representantes de sindicatos e persoal deste colectivo, e constituíuse unha comisión técnica específica sobre a problemática destes dispositivos. A consellería aceptou varias das reivindicacións do colectivo, das reivindicacións iniciais: o abono de dietas de domingo e festivo, a eliminación nos obxectivos da porcentaxe de derivación hospitalaria, é dicir, cobrar algo máis ao cubrir os obxectivos por non derivar unha cantidade de xente —iso é un indicador de calidade en todos os sistemas sanitarios, pero a pesar de todo, a consellería retirouno—, e a dotación aos profesionais de equipos de protección individual. Nesas mesas debateuse e explicouse como se calcula o cómputo de hora dunha actividade que é uns días si e outros non, que non é exactamente igual para o cómputo, como pode ser unha actividade continuada de todos os días. A dotación do persoal dos PAC aumentouse nos últimos anos en cento dez profesionais: cincuenta e un médicos e cincuenta e nove profesionais de enfermería.



Nós, dende logo, dende o Grupo Parlamentario Popular instamos as dúas partes a seguir negociando, a chegar a un acordo para que se levante esta folga que neste momento hai. Pero en ningún caso podemos aprobar o punto primeiro da iniciativa, que insta, textualmente, a «atender, sen máis dilación, as demandas dos profesionais que prestan os seus servizos nos puntos de atención continuada, das que é coñecedor o Sergas». Repito: fraco favor faría calquera goberno de calquera cor política que aceptara inmediatamente todas as reivindicacións de todos os colectivos funcionariais que as presentan.

E con respecto aos demais puntos da iniciativa, moitos deles xa contestados na moción de onte, pouco teño que dicir. Substitúese a enquisa que pedía o Grupo Socialista por un estudo e análise rigorosos das necesidades reais do persoal do Sergas e dos dispositivos que é preciso atender e cubrir. Iso faise a diario; o problema fundamental no día de hoxe é ter profesionais para cubrir a demanda deses postos e, sobre todo, persoal facultativo.

Con respecto á convocatoria de todas as prazas vacantes do Sergas, quero dicir dúas cousas: a primeira, que ten que ser o Goberno do Estado quen revogue a taxa de reposición —normativa básica—, e esa taxa de reposición —como dixo hoxe o presidente— foi instaurada por un goberno socialista, ademais da baixada de soldo. A segunda é que as necesidades da atención sanitaria cambian segundo os tempos e segundo as circunstancias. O conselleiro de Sanidade de Castela-A Mancha dicía nunha entrevista que ao mellor habería que formar menos internistas e máis pediatras. Ao mellor é máis importante cubrir unhas prazas que outras.

A oferta laboral de calidade para o persoal eventual xa está a ser valorada polo Sergas, que estaba estudando un contrato amplo e máis estable para os profesionais que rematan a especialidade, tentando fidelizalos. É o que se falou onte, o que se expuxo onte na reunión da consellería cos profesionais e cos representantes da atención primaria.

Pero, ademais, no caso dos profesionais dos PAC, tentáronse outras medidas: tentouse solicitar a colaboración voluntaria do persoal dos centros de saúde —aceptaron cinco—; tentouse a realización de gardas a maiores polos propios profesionais dos PAC; tentouse incorporar os residentes de familia que están rematando a especialidade, que rematan en maio —xa teñen feito gardas en centros de saúde e en hospitais—, e non se conseguiu, e tentouse a realización de gardas localizadas por parte do propio persoal do PAC, incorporándose en caso de ser necesario. Calquera desta medidas custa cartos. Estas medidas hai que financiarlas e hai que pagalas; hai que ter financiamento. É moito máis un problema de persoal que un problema de persoas.

Incrementar as prazas na Facultade de Medicina non parece unha solución: para catorce mil médicos, aproximadamente, que se licenciaron o pasado ano ofrecéronse seis mil cincocentas prazas MIR. Non creo; eu creo que hai unha bolsa xa suficientemente importante de licenciados sen praza.

Si estamos de acordo no último punto, aínda que non na redacción completa. Hai que formar máis especialistas MIR, pero —como eu sempre digo— hai que formar os especialistas MIR que a capacidade docente dos nosos hospitais poida cubrir. Non se poden formar MIR indiscriminadamente, porque baixaría moitísimo a calidade da formación.



Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Quero empezar por agradecer o apoio manifestado por En Marea e o Partido Socialista e anunciar que aceptamos a emenda presentada por En Marea; cremos que contribúe a mellorar aspectos da iniciativa.

Eu xa temía que os anuncios feitos polo presidente da Xunta eran un pouco para a galería, porque se foran reais non tería problema o Partido Popular en concretalos, porque son parte das cuestións que hoxe aquí están na iniciativa que trae o BNG.

Claro, que diga o deputado do Partido Popular que non poden atender ao punto primeiro porque o BNG di que se atendan sen máis dilación as demandas dos traballadores dos PAC, porque levan un ano demandándoas... E, claro, un goberno non pode atender nun ano as demandas dos traballadores, ¡só faltaría! O Goberno está para atender sen a máis mínima demora as demandas, por exemplo, da extorsión de Povisa, á que nun mes lle pon millóns encima da mesa para atender as súas exixencias. (*Aplausos.*) ¡Aí si que pode facelas sen máis dilación, faltaría máis! Iso si, sen mellorar en nada as condicións laborais dos traballadores e traballadoras de Povisa, só para engordar a súa conta de resultados. Aí, nin o máis mínimo problema. Agora, para atender as demandas dos traballadores, ¡por Deus! ¿Que se pensaría dun goberno se atende as demandas dos traballadores? ¡Até aí poderíamos chegar, claro!

E logo, o resto dos puntos que pon a iniciativa do BNG, como é realizar ofertas laborais de contratación de calidade, non. Que as anuncie o presidente, si, porque os anuncios quedan no papel e nada máis. Agora, compromisos reais, ningún. Aí non está o PP nin se espera.

Porque, claro, logo estarían dispostos a demandar do Goberno do Estado máis prazas, e ten razón nunha cousa o Partido Popular: quen puxo a taxa de reposición foi o Partido Socialista, e xa lle demandamos no seu momento que a eliminara —que llo volvemos demandar—, igual que se aprobou neste parlamento, na Comisión 5ª, unanimemente por todas as organizacións, que a eliminen. Pero quen a mantivo foi o Partido Popular, que estivo gobernando dúas lexislaturas e non a quitou. (*Aplausos.*)

E agora é un traballo conxunto do Partido Popular, que está no Goberno da Xunta e que ten que ir a eses consellos interterritoriais a empuxar decididamente, non a mandar por rexistro nin un fax nin un correo electrónico nada máis, senón a facer decididamente traballo conxunto e a obrigar o Goberno do Estado a que a elimine. Non será soamente mandar un papeño. Entón, un traballo do Goberno do Estado —do Partido Socialista— e do Goberno da Xunta —do Partido Popular—, porque obras son amores e non boas razóns, simplemente.

Entón, van votar en contra das propostas concretas. Anunciar está moi ben, pero facer estaría moito mellor.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E mire: ¿sabe o que nos din os traballadores dos PAC e outros traballadores? Que, efectivamente, traballadores non é que non haxa; o que nos din é que o que non están dispostos é a aceptar as condicións laborais que impón o Sergas. Dinnos que nas OPE de 2015 a 2018 se superaron os mil presentados. Hai máis de mil licenciados especialistas en medicina familiar e comunitaria que teñen interese en acadar unha praza no Sergas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ao que non están dispostos é a estas condicións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo. Grazas.

A señora PRADO CORES: Co cal, señores e señoras do Partido Popular, está ben que empecen a dar pasos, pero eses pasos teñen que ser decididos. Os anuncios están moi ben, pero comprometerse realmente estaría moitísimo mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incluir entre os colectivos susceptibles de ser beneficiados das medidas fiscais anunciadas para xaneiro de 2019, en concreto, de minoración de impostos para a compra de vivenda habitual, ás vítimas de violencia de xénero, familias monomarentais e monoparentais, persoas en situación de especial vulnerabilidade, así como sectores da poboación con especiais dificultades para acceder á adquisición de vivenda.



2. *Poñer en marcha un plan de vivenda para a emancipación xuvenil que inclúa, como mínimo, as seguintes medidas:*

a) *Redactar unha guía de vivenda e emancipación xuvenil, que sirva para orientar ós e ás mozas galegas na súa busca de vivenda e que facilite unha emancipación e independencia real.*

b) *Crear dentro das competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo un servizo de emancipación xuvenil que xestione unha bolsa de alugamento para mozos e mozas.*

c) *Promover experiencias de vivendas en alugamento orientadas ós e ás mozas mediante un sistema de rotación, segundo necesidades individuais, ó modo das experiencias das foyers implantadas en Francia, Reino Unido ou en cidades como Barcelona, co exemplo das vilas joves.*

d) *Promover programas de aloxamento temporal de vivendas públicas para persoas mozas traballadoras e persoas estudantes desprazadas.*

e) *Fomentar a convivencia interxeneracional como modo alternativo de acceso á vivenda.*

f) *Aumentar no IRPF a dedución autonómica do 10 por cento por alugamento de vivenda habitual para aquelas persoas mozas arrendatarias, con menores niveis de ingresos.»).*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Só o coñecemento real dos dereitos permite a capacidade de exercelos, pero antes do coñecemento tamén está a convicción. E, para iso, é preciso convencerse de que o acceso á vivenda é un dereito de todas e de todos e non só dun sector da poboación; (*Aplausos.*) os xoves galegos teñen que poder acceder a unha vivenda porque é o seu dereito.

Por iso eu hoxe quero dar a benvida tamén ás persoas que nos acompañan dende a tribuna, xoves que coñecen ben as dificultades de conquistar ese dereito á emancipación real antes dos trinta e cinco anos. Nestes días nos que se achega, ademais, o Nadal, son moitas as mensaxes publicitarias que nos bombardean, pero hai unha que, cada ano, para os galegos e galegas toma moita vixencia, e é aquela que di: «*Vuelve a casa, vuelve, por Navidad*». Pero non nos equivoquemos: con esta frase identifícanse, tristemente, os e as xoves que non tiveron máis remedio que marchar de Galicia para atopar un futuro para eles e tamén para esas nenas e para eses nenos galegos que, nestes últimos dez anos, naceron fóra da que tiña que ser a súa terra, esa que tanto —ademais— os precisa. E a realidade para os e as que quedan, para os que decidiron quedar, é que voltar xa non teñen que voltar, pero non porque non saíran da súa terra, senón porque nin sequera saíron da súa casa.

Eu hoxe, neste último pleno do ano, non quero decepcionar o señor Castiñeira, e quero demostrar o noso espírito propositivo —do Grupo Socialista—, que foi o que levou á nosa pro-



pia autoemenda nesta iniciativa co fin de aportar máis solucións reais a un problema que é real e para o que consideramos insuficientes as medidas tomadas ata o momento. E, para isto, para saber de onde partimos, aportamos datos reais e oficiais, que non inventados por este grupo, señor Castiñeira, como moitas veces trata vostede de insinuar.

E as cifras tan só veñen confirmar o que nós xa sabemos: que hoxe ser xove conleva máis dificultades que ser xove hai dez anos. E, se non facemos nada, esta situación vai empeorar, tal e como demostran as estatísticas, porque é o propio Instituto Galego de Estatística o que constata que só un de cada dez xoves galegos se emancipa antes dos vinte e cinco anos, e só dous de cada dez o conquiren antes dos trinta anos. Datos que, ademais, confirman dende o Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España no seu último informe do primeiro semestre do 2017. Datos que, ademais, empeoraron cinco puntos dende o 2007.

E máis datos: só un once por cento dos xoves menores de trinta e catro anos que conviven cos pais teñen un salario por riba dos mil euros; polo tanto, a gran maioría non deixa o fogar non porque non queira, senón porque sinxelamente non pode. Máis dun cincuenta e catro por cento dos xoves que conviven cos pais carecen de ingreso ningún. E, a maiores, Eurostat ratifícao: a idade media á que se abandona a casa familiar é de 29,3 anos; é a sexta máis alta de Europa. Mentres que noutros países europeos —como Finlandia, Suecia ou Dinamarca— a idade media de emancipación está nos vinte anos, noutros —como Francia, Holanda, Alemaña, Bélxica ou Reino Unido— a gran maioría faino antes dos vinte e cinco anos. E aquí a cifra —repito— chega aos 29,3 anos.

¿E cal é a gran diferenza que atopamos con estes países? Pois que alí se contemplan axudas á emancipación, mentres que aquí o problema está nos salarios, na alta incidencia da temporalidade laboral, na inestabilidade dos traballos e na necesaria mobilidade das e dos xoves traballadores. Tendo en conta que Galicia é das rexións, ademais, máis envellecidas do mundo, non parece que nin o presente estea a responder con eficacia a este problema nin o futuro estea, ademais, pensado para mellorar esta situación.

Ben é certo que, dende o Goberno do Estado, se puxeron en marcha, hai apenas uns días, unha serie de medidas de interese xeral no ámbito da vivenda que protexen, ademais, os inquilinos, pero é certo que dende as administracións autonómicas con competencia nesta materia é preciso deseñar a política que favoreza e garanta o acceso de todos os colectivos sociais.

O actual Plan de vivenda 2018-2021 prevé dous tipos de axudas, tanto para o alugamento como para a compra, a menores de trinta e cinco anos. Nun caso, a axuda ascende a un máximo de dez mil oitocentos euros para a compra de vivendas en vilas de menos de cinco mil habitantes, e tamén se contemplan axudas de entre o corenta e o cincuenta por cento da renda para o alugueiro para xoves. Pero a verdade é que son medidas que precisan ser complementadas, por suposto, con outro tipo de axudas, máxime cando a incapacidade económica, tanto para alugar como para comprar vivenda nas grandes vilas galegas, é especialmente complicada para todos e todas as xoves.

No 2017, de feito, constatábase que, para alugar unha persoa xove soa, debería adicar o oitenta e cinco por cento do seu salario para poder emanciparse, algo que é —como compren-



derán— totalmente inasumible e que contribúe, entre outras cousas, ao empobrecemento deste sector da poboación, así como ao atraso na súa independencia e na súa paternidade ou maternidade e, como consecuencia, tamén, ao avellentamento e á perda de poboación.

E vexamos que fai este goberno no día de hoxe para favorecer a emancipación dos xoves: pois crea un programa de emancipación xove. Eu convidoos a todos a visitalo para que corroboren por si mesmos que estou sendo moi xenerosa ao denominalo «programa», porque o que van atopar vostedes é unha pantalla con moitas iconas, que é esta, (*A señora Pierres López amósalles un documento aos membros da Cámara.*) e entre eles hai unha casiña cun home, e se premen vostedes aí o que van atopar é a relación de axudas xurdidas nos últimos anos; todas caducadas, a excepción —iso si— dun plan: o Plan estatal de vivenda do 2018-2021, que está vixente.

A realidade é que non parece ter moito sentido que o que pretende ser un plan específico da Xunta se reduza a ser a simple antesala doutro plan estatal, (*Aplausos.*) sen aportar as especificidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda. É un exemplo claro da falla de planificación e da falta, ademais, de propósito en facelo.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é necesario e preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das xoves galegas, e asegurar especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse ás necesidades deste colectivo, tamén durante a súa etapa de formación, e tamén coa convicción de que é preciso facilitar unha mellor información que —como dicía ao principio— poida asegurar o coñecemento real dos dereitos e, con el, a capacidade de exercelos.

Por iso propoñemos unha batería de propostas que, sen deixar de lado os problemas de acceso doutros colectivos —os que cremos que deberían de ser tidos en conta nas novas medidas fiscais anunciadas para a compra de vivenda ao comezo de 2019—, centramos especialmente nos xoves coa necesaria posta en marcha do que consideraríamos un verdadeiro plan de vivenda para a emancipación xuvenil.

Por certo, moitas destas medidas xa foron postas en marcha noutras comunidades moito máis implicadas que Galicia na busca de solucións a un problema no que, tristemente, esta comunidade é a que ten unha das peores estatísticas de España.

As medidas deste plan pasan, primeiro, pola redacción dunha guía de vivenda e emancipación xuvenil, que sirva para orientar os e as mozas galegas na súa busca de vivenda e que facilite unha emancipación e unha independencia real, informando sobre as diferentes opcións de acceso á vivenda: fórmulas contractuais, vantaxes fiscais, axudas e subvencións; creando tamén, dentro das competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo, un servizo específico de emancipación xuvenil que xestione unha bolsa de alugamento para os mozos e para as mozas e que actúe no proceso valorando as características das vivendas, poñendo en contacto as partes, tramitando a documentación necesaria, mediando entre as partes cando existan posibles incidencias, reservando vivendas competentes para mozos e mozas con diversidade funcional e favorecendo que se conte, ademais, cunha partida económica específica que teña como finalidade servir de fianza aos mozos e mozas con escasos recursos



económicos; en definitiva, dando un servizo específico en materia de vivenda por e para os xoves galegos.

Por outro lado, tamén promover experiencias de vivendas en alugamento orientadas aos e ás mozas mediante un sistema de rotación, ao modo das experiencias dos *foyers* implantadas en Francia e Reino Unido, ou en cidades como Barcelona, co exemplo das *vilas joves*.

Promover, tamén, programas de aloxamento temporal de vivendas públicas para mozos traballadores e traballadoras, e estudantes desprazados e desprazadas.

Fomentar a convivencia interxeracional como modo alternativo de acceso á vivenda, algo que ademais encaixa perfectamente co impulso do *cohousing*.

E, como última medida, e co fin de sumarse ás medidas fiscais aprobadas para a adquisición de vivenda habitual, cremos que é necesario o aumento á dedución autonómica no IRPF de máis do dez por cento por alugamento de vivenda habitual para aquelas persoas mozas arrendatarias con menores niveis de ingresos. En definitiva, equipararse aos incentivos doutras comunidades, nas que a dedución media está no quince por cento; nalgunhas —como Valencia ou Madrid— chega incluso ao vinte, e ao vinte e cinco no caso do País Vasco.

Cremos que Galicia ten que poñerse na parrilla de saída e non aspirar sempre a estar no tren de cola. Estar diante é verdade que supón a responsabilidade que talvez non queren asumir, pero, en Galicia, hoxe as xoves galegas o que queren é subir ao tren e que se pilote con garantías o seu futuro. Permitan que isto aconteza, valoren e apoien as medidas aquí presentadas e faciliten que a nosa xuventude colla a velocidade vital que lle permita estar á altura do resto de xoves españois e europeos.

Nada máis, polo de agora, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Agora saudamos os alumnos e alumnas de sexto de primaria do centro plurilingüe A Pedra, de Bueu, e tamén os seus profesores, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A primeira reflexión que provoca esta iniciativa é que ninguén está libre do pecado da autoemenda —dígoo por algúns comentarios que se teñen feito aquí anteriormente— porque, no fin de contas, esta proposta, inicialmente, estaba centrada na compra de vivenda usada e nas bonificacións ou beneficios fiscais, e agora converteuse nunha cousa bastante distinta: nunha proposta dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil, que nos parece moi ben, pero que non tivemos ocasión de emendar por esta cuestión da autoemenda. Porque, ademais, parécenos que debería ir moito máis alá: debería vincularse tamén á elaboración dun novo plan de vivenda en Galiza e ao cambio do Plan estatal, que podería tamén apuntar me-



didadas nesta dirección, e porque debería propoñerse unha elaboración participativa deste plan, con medidas moito máis amplas ca estas que se plantexan nesta PNL, que non nos parecen mal, pero que nos parecen, en todo caso, parciais.

Nós pensamos que se debe de ir máis alá destas medidas superficiais, que ás veces son medidas que atenden máis á carrocería e menos ao motor. Porque un verdadeiro plan de emancipación xuvenil para o acceso á vivenda pasa necesariamente por desenvolver unha política de vivenda completamente antitética á que se está facendo, tanto desde o Goberno do Estado como desde a Xunta de Galiza, que están convertendo ou que lograron converter ao longo destes anos o acceso á vivenda nun luxo inaccesible para a maioría da poboación e nunha mercadoría, nun negocio especulativo para o beneficio duns poucos.

Precísanse, polo tanto, cambios lexislativos, cambios na planificación, cambios na Lei de vivenda, na Lei hipotecaria, na Lei de arrendamentos urbanos...; algúns xa se apuntaron, pero hai que ir decididamente facer eses cambios. Ten que haber unha intervención decidida e pública no mercado da vivenda para cambiar realmente esta política de incremento absolutamente abusivo dos prezos da vivenda que, no caso do alugamento, nos últimos tres anos en Galiza chegou a máis do oito por cento, e que sitúa, por exemplo, o prezo da vivenda nas cidades galegas, neste momento, por riba dos catrocentos euros, que é absolutamente inaccesible para unha gran parte da poboación traballadora, e non digamos para a máis castigada, que é a poboación xuvenil ou as mulleres.

É fundamental mobilizar esas trescentas mil vivendas baleiras, unha boa parte das cales están en propiedade da banca, do Sareb e tamén deses fondos voitre, que son a principal inmobiliaria galega e que están especulando con esta situación. É fundamental tamén incrementar o gasto público en vivenda, tanto no Estado como en Galiza; tamén poñer fin aos desafiuzamentos, ese drama que segue desangrando unha parte da poboación, e tamén, desde logo, desenvolver medidas fiscais.

E a verdadeira clave, en todo caso, para unha verdadeira política de emancipación xuvenil pasa por outra política económica. Claro, podemos poñer parches, podemos poñer medidas paliativas, pero, realmente, aquí trátase de facer unha política económica completamente diferente á que se está facendo e á que se veu facendo nos últimos dez anos. Hai que reverter todos eses recortes e o roubo de dereitos e de rendas que sufriu a clase traballadora ao longo destes anos, comezando pola anulación das reformas laborais —de todas as reformas laborais— e tamén pola derogación dese dogma da estabilidade orzamentaria, sacralizado na Constitución. Hai que actuar en todos eses ámbitos para loitar de verdade, desde as políticas públicas e desde as políticas económicas, contra este incremento galopante das desigualdades, contra este incremento galopante da acumulación da riqueza por parte duns poucos —en contra dos intereses da maioría— e contra esta desprotección que está levando á pobreza, que está levando tamén á explotación laboral e á precariedade miles e miles de persoas e, sobre todo, mozos e mozas e mulleres. Esta é a verdadeira política económica de emancipación xuvenil que defende o BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea. Señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Bo día.

A situación na que a mal xestionada crise deixou os sectores máis vulnerables do noso país roza o esperpento. Esta iniciativa da señora Pierres, que era, en principio, un recordatorio soamente dunha das numerosas declaracións de intencións políticas para que sexan recollidas en titulares de prensa —que parece ser o único que, lamentablemente, lle preocupa ao Goberno da Xunta—, mudouse a través dunha emenda nunha proposta específica de plan de vivenda para a mocidade que, lamentablemente, pensamos que ten moito que falar, e que é necesario un debate máis extenso. Pero, en todo caso, parécenos moi ben poñer sobre a mesa os graves problemas estruturais que hai en Galicia para afrontar con responsabilidade o acceso á vivenda; á vivenda non só da mocidade, senón tamén doutros sectores desprotegidos pola crise. E é que verdadeiramente xa non falamos só de mercar unha vivenda, senón de ter verdadeiramente un teito e unha posibilidade, propiamente, tamén de alugamento.

Entón, tal e como xa comentou o señor Feijóo durante o debate do estado da Autonomía deste ano, o próximo ano —entendemos que o que vai comezar en doce días— Galicia vai ser unha das comunidades con menos impostos para mercar vivenda habitual usada, máis barata no caso das persoas mozas, familias numerosas e persoas con discapacidade. Cabe dicir ao respecto deste tema en concreto que se facemos unha comparativa sobre as cargas impositivas actuais para a compra de vivenda usada en relación co conxunto das comunidades autónomas, Galicia atópase entre as comunidades con maior carga —un 10% de imposto de transmisións patrimoniais e un 1,5% de actos xurídicos documentais; un 11,5% en total— respecto doutras comunidades, como Euskadi ou Navarra —cun 4,5% ou un 6,5%, respectivamente—. En termos prácticos, un mozo ou unha moza galegos que queiran mercar unha vivenda usada en Galicia de cento cincuenta mil euros van pagar once mil setecentos euros máis en concepto de impostos que se mercasen unha vivenda usada en Euskadi.

Logo, a dita medida non fará nada máis, se se aplicara, que vender como medida extraordinaria —é dicir, para colectivos especificamente fráxiles e especialmente golpeados pola crise— algo que noutras comunidades é dereito para toda a cidadanía. Unha medida propagandística e, de momento, sen data fixa, tal e como demostra esta iniciativa —e que así presentaba—, o que dá pé a lembrar a nula preocupación que tivo este executivo en relación á problemática do acceso á vivenda, tanto de compra como —¡nin tan sequera!— de alugamento, como fan patente as numerosas iniciativas que se presentaron desde o noso grupo e desde outros grupos da oposición sobre esta falta de medidas políticas.

Pero o Plan de vivenda 2018 do Estado dotou a nosa comunidade de oitenta e dous millóns douscentos mil euros, aumentando en trinta e seis millóns de euros a partida anterior, polo que a Xunta vai dispor de máis de cento seis millóns de euros para vivenda, que repercuten, en gran parte, no acceso á vivenda de alugamento, pero tamén en potenciar a recuperación do rural, xa que se inclúen axudas para poboacións de ata cinco mil habitantes, e que esperamos que este goberno dote non só con axudas para a compra, senón con estradas, trans-



portes públicos e servizos de sanidade e educación públicos e de calidade imprescindibles para asentar a poboación neste rural que está a desaparecer.

Desexariamos tamén que nas iniciativas e nas axudas non se repetise máis o que aconteceu na publicada o 16 de outubro coas axudas e na Resolución do 27 de setembro na que se establecen as bases reguladoras das axudas para adquisición de vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021: na dita resolución, dotada cun importe total de douscentos mil euros e financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma, con axudas de ata un máximo de dez mil oitocentos euros por axuda —é dicir, que, de esgotarse os límites, daría para a axuda da adquisición de dezaioito vivendas, o que é un impacto insignificante dentro do país—, tan insuficiente era este orzamento para promover a adquisición de vivenda rural nos concellos de cinco mil habitantes que a resolución das axudas se publicou un 16 de outubro, e xa o 24 do mesmo mes publicouse a resolución de esgotamento de crédito.

Máis datos: da partida orzamentaria referente a vivenda dos orzamentos 2018 tan só se executou un 41 % da partida do acceso á vivenda, e tampouco se executou na súa totalidade a partida de fomento á rehabilitación e de calidade da vivenda; o saldo negativo foi de dezasete millóns de euros.

Outro dato: mentres que en 2008 se remataron 2.758 vivendas protexidas, en 2017, só doce.

Máis datos: o paro entre os menores de vinte e cinco anos —segundo datos da EPA— é dun 31 %.

E outro dato aínda máis triste e froito das súas políticas: estamos na cola en capacidade de emancipación dos nosos mozos e mozas, como xa dixo a señora Pierres. O pasado mes de novembro, o Observatorio de Emancipación do Consello da Mocidade indicaba que o 37,6 % dos galegos con idades comprendidas entre os trinta e os trinta e catro anos de idade non se emancipou.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Xa remato.

Imos apoiar esta iniciativa, desde logo, pero hai que, realmente, reflexionar sobre a cantas desas persoas mozos e mozas, familias monomarentais e monoparentais, persoas con diversidade funcional ou intelectual, pensionistas etc., lles vai realmente solucionar a compra dunha vivenda a mera redución dun imposto. Parécenos ben que se faga un estudo máis profundo e facer moito máis que as medidas cosméticas para solucionar o grave acceso á vivenda, en compra ou en alugamento, mentres que o risco da burbulla inmobiliaria volve aparecer. O dereito a unha vivenda digna non está garantido no noso país, e non parece que haxa medidas previstas para solucionalo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.



Grupo Parlamentario Popular. Señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señores socialistas e señor Bará, señoras socialistas, esta iniciativa non se emendou por casualidade. Loxicamente, emendouse porque... Eu voules ler e vostedes sacarán conclusións.

Di a exposición de motivos —porque hai que ler todo, e a iniciativa é completa, incluída a exposición de motivos—: «Durante o debate do estado da Autonomía deste ano 2018 o presidente Núñez Feijóo anunciou...» (*Murmurios.*) —¿que pasa?, ¿moléstalles que lea o que vostedes mesmos escribiron?, ¿ou é que non o leron? (*Murmurios.*) Non, dígollelo aos señores socialistas e ás señoras socialistas, que parece que lles molesta— «...que “desde o ano que vén Galicia...” —decía o señor presidente aquí, neste estrado, no debate da Autonomía celebrado en outubro— “...será unha das comunidades con menos impostos para mercar unha vivenda habitual usada e a máis barata no caso das persoas mozas, familias numerosas e persoas con discapacidade”». E a iniciativa, no punto primeiro —no apartado de resolución—, dicía: «Concretar e poñer en marcha, no prazo máximo dun mes, as medidas anunciadas de minoración dos impostos á compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade».

Onte, neste mesmo pleno, onte pola tarde, aprobouse a Lei de medidas fiscais e administrativas onde se concretan, e non se tarda un mes en poñer en marcha esas medidas, senón que o día 1 de xaneiro son efectivas. Esas medidas, por certo, foron aprobadas sen unha soa alegación ou emenda do Grupo Socialista —nin unha soa emenda se presentou a esa lei, ao artigo 4 da mesma—, e co voto en contra de toda a oposición. E esas medidas que afectan aos mozos e mozas da nosa comunidade son, entre outras, as seguintes, e a maiores das que había antes súmanse unha serie delas. E a partir do 1 de xaneiro Galicia pasa a ser a comunidade autónoma de España onde ten menos carga impositiva a compra de vivenda usada; si, a máis barata para poder comprar unha vivenda usada.

Polo tanto, señora Torregrosa, dificilmente se poden pagar once mil euros máis por imposto de transmisións patrimoniais en Galicia que na comunidade vasca, cando aquí un mozo pagaría tres mil euros: por cen mil, tres mil euros, porque é tres mil euros a partir do 1 de xaneiro —catro mil neste momento—; dificilmente poden ser once mil. Eu só lle digo as contas porque o 3 % é iso, de momento.

Impostos en Galicia a partir do 1 de xaneiro. Transmisións patrimoniais: o tipo xeral é o 10 %; en vivenda habitual é do 8 %. A partir do ano 2019, o día 1 de xaneiro, pasa ao 7 % para todo o mundo o tipo xeral en vivenda habitual. Para mozos menores de trinta e seis anos, familias numerosas e discapacitados era do 4 % e pasa a ser do 3 %. E se é en vivenda no rural están exentas; cero euros págase.

Actos xurídicos documentados e formalización de hipotecas para a adquisición de vivenda: o tipo xeral é do 1,50 %; vivenda habitual, o 1 %; para mozos e mozas menores de trinta e



seis anos, discapacitados e familias numerosas, o 0,5 %; na zona rural, exento. Busquen comunidades onde está máis barato. Dígamo.

E, por certo —o que lles dicía—, aprobouse co voto en contra de vostedes, e presentaron unha emenda a esta proposición, retirando claramente ese punto. Porque, efectivamente, non era un titular de prensa, nin moito menos, senón, como acostuma facer o Goberno da Xunta de Núñez Feijóo, é cumprir o que promete. E tanto é así que o día 1 de xaneiro —non calquera día do ano, senón o día 1, o primeiro día do ano— se cumpre o prometido. É un feito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é «si, si». Vostede onte queixábase moito, señora deputada, das emendas do Partido Popular á lei, á propia lei, e, curiosamente, vostedes emendan nunha PNL, pero, ben...

Ademais non son só estas as medidas que hai na Xunta para a adquisición de vivendas a mozos e outros colectivos, senón que se dispón de diversas medidas para poder facilitar o acceso á vivenda. Así, están as axudas do alugueiro que xestiona o Instituto Galego de Vivenda e Solo: hai o tipo xeral, que é do 40 % do custo do alugueiro, e hai unha partida exclusivamente para mozos que é ata o 50 % do custo do alugueiro —isto vén derivado, efectivamente, do Plan de vivenda estatal—. Plan de vivenda estatal, por certo, que é aprobado polo Goberno do Partido Popular, polo Goberno de Mariano Rajoy. Non fixo nada neste sentido o actual Goberno socialista ou o cogoberno de mareas, Podemos e todos unidos —non sei cantos— que hai por aí. *(Murmurios.)* Pois todos eses señores... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque en cada sitio se chaman dunha maneira, ¿que queren que lles diga? *(Murmurios.)* Todos veñen sendo o mesmo —supoño—: mareas, Podemos, tal... Vostedes saberán. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, o que está claro é que levan seis meses no Goberno e, de momento, o único que fixeron foi sacar un real decreto —que para iso si son reais— onde pasan os contratos de alugamento de tres a cinco anos. Esas son as medidas estrela que de momento levan feito, pero, ben...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Sigo coas axudas —remato xa, señor presidente— que hai da Xunta para a adquisición de vivendas por parte dos mozos. Mire: axudas á adquisición para compras específicas para menores de trinta e cinco anos, tamén para o acceso a vivendas de promoción pública específicas e exclusivamente para menores de 35 anos, o mesmo que para outras de carácter interxeracional destinadas a menores de trinta e cinco anos e maiores de sesenta e cinco.

Hai medidas a maiores para outra serie de colectivos, e o que lles quero indicar é que o investimento para o exercicio do ano que vén, o investimento real en políticas de vivenda, se incrementa en case un 10 %; en concreto, un 9,67 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...os fondos propios para vivenda.

E como exemplos de políticas de vivenda, desde logo, non é para poñer nin os de En Marea nin os do PSOE...,



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...onde as vivendas públicas se venden...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...como é o caso de Vigo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...e, na Coruña, En Marea dedica os cartos a comprar vivendas aos amigos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira, terminou o seu tempo. Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Señor Castiñeira, non me dixo se o decepcionara. A verdade é que quedo decepcionada por iso tamén. *(Aplausos.)*

Eu quero recordarlle que esta autoemenda foi rexistrada o xoves día 13. Tiveron tempo suficiente todos os grupos para analizala e dialogar, en todo caso, posibles transaccións —iso, para empezar—. E, por outro lado, penso que vostede non escoitou que esas medidas fiscais das que vostede fala, e das que nós tamén falamos, nos parecen insuficientes; e que o plan de vivenda estatal, ademais, precisa ser complementado. Iso tamén o dixeran. E a información é fundamental para coñecer os dereitos e medidas, e non andar rastrexando nas webs as posibles axudas, que, como dixeran antes, están a maior parte delas, salvo o plan estatal, caducadas.

Vostede fáleme de acceso para xoves a vivendas públicas. ¿Refírese ás oito que se fixeron o pasado ano? ¿Refírese a esas oito? *(Aplausos.)* Que está reservada unha vivenda para xoves. *(Aplausos.)*

Antes expuxen as medidas xerais, expuxen datos tamén significativos da emancipación dos xoves galegos. Pero imos falar tamén das consecuencias, e de tres datos para falar desas consecuencias. Dos 65.000 fogares de xoves menores de trinta e cinco anos que viven en parella, un 7 % vive cos pais dun dos dous. Isto son 9.150 xoves galegos que non poden emanciparse vivindo en parella.

E a isto hai que engadirlle outros dous datos. Mentres que no ano 1976 —ano no que naceu a deputada que lles fala— nacemos en Galicia 44.840 nenos e nenas, no pasado 2017 rexistráronse apenas 18.312 nacementos; un descenso da natalidade do 60 %. E a día de hoxe ¿cales son as idades das nais nas que se concentra o maior número de nacementos? Pois entre os 34 e os 36 anos. ¿E cal era esa idade no ano 1976? Entre os 22 e os 24 anos.

A lectura é clara: máis alá do descenso da poboación, a metade das xoves galegas non se plantexan ser nais ata que deixan de ser xoves. Non se plantexan ser nais ata que deixan de



ser xoves, e iso é terrible. Non sei se dan conta de que este é o resultado máis dramático do fracaso das políticas demográficas, das políticas de emprego, das políticas de conciliación, das políticas de corresponsabilidade, de todas as políticas. (*Aplausos.*) A percepción da xuventude é que a maternidade e a paternidade é algo que hai que alonxar no tempo, e non por unha decisión inconsciente ou caprichosa. É a decisión consciente de que a situación óptima non chega ata deixar de ser xove.

E moito temo que, co modelo de sociedade á que nos diriximos, na que cada día será máis o colectivo de maiores e menos o dos xoves, o problema da dependencia e coidado dos pais vai ser un factor máis que vai impedir a moitas parellas ou familias monomarentais plantexarse ter fillos ou fillas. Máxime cando os pais e nais de agora somos cada día maiores e bioloxicamente estamos saltando unha xeración. Pensemos moito sobre isto, porque, se a día de hoxe é un problema xa real, no futuro estará aínda máis acentuado. Por iso cremos que este plan de emancipación para xoves non é necesario, é imprescindible. Hai que incentivar e axudar a favorecer con todas as medidas en política de vivenda, pero tamén, efectivamente, e dun modo transversal, noutros ámbitos, a impulsar a emancipación e a independencia dos xoves. O seu benestar, a súa estabilidade, permitirá debuxar un mellor futuro para todos.

En todo caso, eu agradezo os apoios, tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...entendendo as reticencias amosadas polos grupos, e quero lembrar que foi realizada esta autoemenda cunha intención propositiva e coa convicción de que certos temas non poden agardar; máxime cando a velocidade da posta en marcha das medidas deste goberno é máis parecida á da tartaruga Tomasa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...que á do Correcamiños.

En todo caso, convido a todos os grupos, se hoxe non se aprobase esta iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...a trasladar este debate a outra sesión plenaria.

Moitas grazas e, pola miña banda, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de 4º da ESO do Instituto Illa de Ons, de Bueu, e tamén os seus profesores, que están aquí e que nos acompañan. Benvidos ao Parlamento e feliz Nadal a todos eles tamén.

E agora pasamos á seguinte proposición non de lei.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva pola que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar as bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, de cara a incluír como beneficiarias as mulleres vítimas de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa” con resultado de morte, por ser este o dano máis extremo que pode exercer o maltratador cara a unha muller: asasinar os fillos/as.

2. Modificar as bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo de cara a incluír a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda $\geq 1,5$ veces IPREM e ≤ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as posíbeis situacións complementares (menores a cargo, discapacidade e dependencia) xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

3. Aplicar o recollido nos puntos anteriores na Resolución pola que se convoque a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo de xeito que se faga efectivo na convocatoria de 2019.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.

As súas señorías xa o saben, pero o público que nos acompaña seguramente non. Hoxe co-
mezamos este pleno do Parlamento galego cun minuto de silencio polas vítimas de violencia



machista que houbo neste 2018. Nós pensamos que o simbólico está ben, é necesario. Tamén o presidente facía mención ao desexo de que para 2019 non teñamos que facer nin un só minuto de silencio. Pero nós entendemos que precisamos moito máis que minutos de silencio, moito máis que lazos morados e moito máis que declaracións institucionais. *(Aplausos.)* E diso vai esta iniciativa. Porque nós reafirmámonos nunha idea de fondo que nos parece moi importante, que é que aumentar e mellorar os recursos que existen e pensar outros novos é aquilo que nos fará avanzar contra a violencia machista.

Por iso hoxe traemos unha proposta que basicamente consiste na ampliación das axudas ás mulleres vítimas de violencia machista. Por unha banda, unha mellora da contía que perciben, e, por outra banda, a creación dun novo tramo que permita que máis mulleres poidan beneficiarse desta axuda e que se amplíe, polo tanto, o público algo. Desta forma teremos máis mulleres que poderán atopar aquí unha porta de saída e teremos tamén unhas axudas que serán maiores e que, polo tanto, serán mellores.

Onte remataba nesta mesma Cámara a tramitación dos orzamentos pero a ninguén lle escapa que moitas das cuestións que falamos e que debatemos nesta Cámara, moitas das decisións que tomamos para mellorar a vida das persoas, non serán unha realidade se non teñen un apoio económico, se non teñen un apoio monetario que converta eses acordos, eses bos desexos, en realidade. E por iso dende o BNG non pararemos de insistir nunha reflexión, e é que temos moitos dereitos que están lexislados, que están recollidos na literatura lexislativa, pero coa súa mera enunciación non conseguiremos que se poñan en práctica. Polo tanto, para facer real ese dereito elemental a estarmos vivas e a sermos libres é necesario moito máis que as condenas e os bos desexos. Para cambiar algo tan profundo como o patriarcado e como esa cultura da violación necesitamos moito máis, porque, se non, simplemente con enunciacións non imos conseguir esa transformación social tan imprescindible.

Señorías, neste país temos —témolo dito moitas veces— unha lei contra a violencia machista que é absolutamente pioneira e da que temos que estar orgullosos e orgullosas, aínda que o Partido Popular a teña infradesenvolvida en aspectos que serían tan importantes como ter atención psicolóxica na sanidade primaria. É unha lei que, máis dunha década despois da súa aprobación, segue sendo vangarda en moitos aspectos. Pero nós pensamos que iso non debe levarnos ao conformismo. Temos que preguntarnos en que fallamos, como podemos mellorar a súa aplicación, como podemos ir máis alá. E debemos facelo non só cando hai un asasinato machista, non só cando é 25 de novembro, senón todos os días do ano.

E desa reflexión pausada é de onde sae esta proposta para mellorar a súa aplicación, porque pensamos que temos que facer un esforzo por estar á altura, estar á altura das máis de 55.000 denuncias que houbo na última década; estar á altura tamén de Magdalena Moreira, de María Judith Martínez, de Ana Belén Varela Ordóñez, para que estes sexan os últimos nomes que recordemos. *(Aplausos.)* Temos que estar á altura tamén de toda esa violencia que está aínda en silencio.

E para ter unha atención integral ás vítimas que sexa potente hai un aspecto que é determinante, que é o aspecto económico. E, precisamente, hai moitas cuestións da nosa lei que fan



fincapé niso. Xa nos principios xerais se recolle a importancia da economía como un elemento central que ten que axudar a saír da espiral da violencia e evitar a revitimización das mulleres.

Tamén no noso artigo 3 da lei recollemos, de forma absolutamente pioneira no Estado, a violencia económica como unha das formas de violencia machista. E, para dar corpo a ese mandato, na propia lei recóllense medidas transversais e tamén un capítulo, o capítulo V, de carácter económico, de medidas de carácter económico.

E precisamente hoxe queremos desenvolver un pouco máis e avanzar no artigo 39, de prestacións periódicas, e darlle unha volta a esta situación que axude a comezar a reverter os recortes que aplicou o Partido Popular. Porque hai que recordar que unha das primeiras medidas que tomaron ao chegar ao Goberno da Xunta de Galiza foi recortar estas axudas periódicas. Este é un exemplo de que, efectivamente, cando se incumpren as leis, cando se fai un esforzo consciente por non desenvolvelas, é cando o sistema se converte nesa manada que queremos combater.

Nestes anos é indubidable que a forza do feminismo marcou un antes e un despois. A feminista Rebecca Solnit recorda no seu libro *Esperanza en la oscuridad* que moitas veces no momento de vivir movementos sociais, acontecementos, non somos conscientes ou infravaloramos a súa importancia. Eu estou segura de que, cando volvamos a mirada a atrás dentro duns anos, veremos como este pasado 8 de marzo foi absolutamente determinante. Eu estou segura de que, despois desa forza colectiva, o Partido Popular non se atrevería a tomar unha medida semellante como a que tomou no pasado, pero tamén isto debe levarnos a unha reflexión: que, cando volvamos esa ollada a atrás, teremos que ver se este Parlamento e se o Goberno da Xunta de Galiza estiveron á altura ou non. E nós pensamos que, de momento, o goberno de Núñez Feijóo leva un suspenso. E con esta proposta podería facer un esforzo para subir nota. Ten que estar á altura destes momentos que estamos a vivir, porque tamén é certo que, co paso do tempo, as leis requiren novos impulsos.

Precisamente neste tipo de cuestións das que estamos falando hoxe, as axudas periódicas, xa o BNG deu un impulso novo ao traer a este Parlamento a proposta de blindalas por lei os 365 días do ano. Tivemos que facelo dúas veces para que o Partido Popular caera da burra. Pero o certo é que hoxe ninguén pon en cuestión que esa foi unha medida importante. Eu estou convencida de que, se hai xenerosidade para aceptar esta, acabará pasando o mesmo.

O que propoñemos é basicamente modificar o artigo número 4 das bases reguladoras para a concesión de prestacións periódicas para as mulleres que sofren violencia de xénero en dous sentidos. Queremos incluír, en primeiro lugar, unha proposta de incremento lineal dun 30 %, cando menos. Hai que ser conscientes de que a discriminación da muller no ámbito económico e no ámbito laboral é algo estrutural, é algo estrutural e é caldo de cultivo para que saír do maltrato sexa máis difícil. Polo tanto, a axuda ten que ser suficiente; se non, será simplemente un parche. Temos que ter en conta que nestes anos aumentou a carestía da vida e que as axudas seguen conxeladas. E un 30 %, dito así, en abstracto, pode parecer moito, pero non o é en absoluto, e vou poñer un exemplo.



Unha muller que ingrese unha renda inferior a un IPREM, que está nos 537 euros, e que teña unha crianza, ten dereito a unha axuda duns 650 euros. Pensemos que esa muller pode ter unha renda inferior a eses 500 euros, pero esa renda inferior pode ser cero euros. Polo tanto, ¿como alguén pode vivir con dignidade tendo que asumir con esa contía o que supón dar de comer a dúas bocas, pagar alugueiro, ir ao dentista, pagar a factura da luz —que non para de subir—, etc.? Co incremento que nós propoñemos serían arredor de 190 euros máis, chegaría aos 850, que non é que sexa unha fortuna, pero, desde logo, eses 200 euros a maiores poderían marcar a diferenza para que menos persoas acaben caendo na exclusión.

E o que facemos é unha previsión, ademais, realista, traballada e fundamentada, e que tamén digo que non colma as nosas aspiracións, porque o umbral do que partiamos no 2009 era maior para estas axudas. Polo tanto, que quede claro que non colma as nosas aspiracións pero que o facemos coma un xesto de cesión para buscar un paso adiante, porque que só unha soa muller se vexa beneficiada por estas cuestións sería unha satisfacción para o BNG.

Como digo, facemos un cálculo baseado no realismo sobre o número de beneficiarias que houbo o ano pasado, que é unha cifra máis ou menos estable ao longo do tempo, que sempre está entre as 420–430 persoas. E calculamos que con aproximadamente millón e medio sería posible non só esta medida do incremento do 30 % lineal senón tamén crear un novo tramo, un novo tramo para as rendas entre o 1,5 IPREM e 2 IMPREM, que non é a fortuna. Estamos a falar de rendas de entre 800 e 1.075 euros, que compartirán as súas señorías que tamén deberían merecer a nosa atención. Xa o merecían antes, pero foi o Partido Popular quen recortou os tramos superiores. (*Aplausos.*) Durante a crise hai que recordar que foron as mulleres e as políticas de igualdade as que máis pagaron os recortes. E, ademais, se non asumimos incrementar este abano, o que estamos facendo é trasladando un prexuízo que é moi perigoso, que é que o maltrato se asocia á exclusión e á pobreza. E iso é radicalmente mentira, porque a violencia machista só ten un perfil, que é que non ten perfil. Calquera muller pode ser susceptible de ser vítima de violencia machista.

Conclúo xa, señorías, porque se me esgota o tempo. Nós pensamos que nesta mesma semana, na que vimos cerca no noso país as consecuencias desa cultura da violación, na que todos estamos estremecidos e todas e todos compartimos minutos de silencio e de rabia, temos que pensar que estamos falando de dereitos humanos, que estamos poñendo unha proposta enriba da mesa que vai para o maltrato e o asasinato máis frecuente, que é o que se dá nos círculos afectivos, nos círculos familiares etcétera, etcétera. E que, polo tanto, axudar, con algo que suporía menos de dous millóns de euros, a moitas mulleres para que poidan saír desa situación é unha responsabilidade que é de toda a sociedade, pero comezando por este propio Parlamento. Polo tanto, espero que todo o mundo vote favorablemente esta iniciativa e que ninguén se atreva a dicir esta semana que isto é demasiado, cando falamos de dereitos humanos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora García Míguez.



A señora GARCÍA MÍGUEZ: Ola, bos días.

Para comezar soamente, señora Presas, sorpréndeme a hipocrisía política coa que veñen aquí falar. ¿Como non lle piden á presidenta da Deputación de Pontevedra —vostedes que son socios de goberno con eles— que atenda as mulleres vítimas de violencia de xénero que están en Vigo, nas rúas, mulleres con fillos ao seu cargo, que ela, que é tenente de alcalde no Concello de Vigo, está deixando na rúa e que non teñen vivenda? ¿Por que non teñen vivenda? Porque non queren apoiar a estas persoas. Porque é a Xunta de Galicia a que ten o programa de vivendas baleiras —da Xunta—, e moitas delas teñen que ir a outros concellos para ter unha vivenda digna. Dígallo, por favor, que non os escoitamos a vostedes na Deputación de Pontevedra reclamárllelo aos seus socios de goberno e á señora Silva. *(Aplausos.)*

Non vou facer demagogia, como están vostedes a facer con isto, simplemente non. É algo que temos todos os días na prensa, por desgraza, esta situación que estamos a vivir. Eu quédolle facer unha invitación para que teñamos unha reunión, unha reunión para rematar co ditame de ponencia e poder chegar a un acordo, poder chegar ao pacto galego, que é o que temos que facer, o que nos exige a sociedade: estar á altura, darlle solucións e ter un gran pacto de todas as forzas políticas desta Cámara.

Eu propóñolles que deixen de traer iniciativas deslavazadas nas que piden coma na carta aos reis magos. Esas ilusións que presentan son só iso, porque non hai rigor que o sustente, non hai rigor que o sustente. E despois aclarareilles por que. Pide máis cartos para as vítimas cando toda a base científica, os comparecentes e os informes amosan que non é a solución. Máis cartos non é o que precisan, e despois explicareille ben por que. Dar solucións fáciles, señora Presas, a problemas complexos é dar pan para hoxe e fame para mañá. Defender o proteccionismo económico, a política do subsidio, non é o camiño contra a desigualdade; si é necesario pero non é suficiente.

Respecto da violencia económica, voulle dar uns datos, señora Presas —do que vostede falaba coma se fose realmente o maior problema—. Mire, a macroenquisa de 2015 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade —que non o digo eu— o que indica nese informe é que soamente o 3,3 % das mulleres que denuncian, ou que foron asasinadas, tiñan dependencia económica das súas parellas. ¿Que significa isto? Que a maioría delas tiñan traballo ou estaban formándose. A maioría das súas parellas dábanlles cartos para os gastos do fogar en caso de que non tivesen traballo, e elas mesmas afirmaban que podían tomar decisións sobre a economía familiar. Co cal, a conclusión é clara. Nós moitas veces vemos nos medios de comunicación mulleres que non teñen traballo, que están nunha situación de precariedade, pero esa soamente é a punta do iceberg. E aí hai recursos, e a Xunta de Galicia, dende logo, ampáraas.

O Bloque Nacionalista Galego solicita unha suba dun 30 % nas contías que deban percibir. E quero relatarlles un pouco polo miúdo o que está a acontecer en Galicia no caso dunha muller que denuncia, desde o minuto un, a súa parella por violencia machista. Dende logo, ten que ter un informe tanto da traballadora social de base ou da Administración autonómica, e, para as vítimas de trata ou explotación sexual, un informe dos corpos e forzas de seguridade do Estado. A partir dese momento teñen axudas económicas. Cando teñen unha percepción



de menos do IPREM, son 600 euros. Aumenta a contía en 50 euros dependendo do número de fillos que teñan ou do grao de discapacidade, ata chegar aos 800 euros. ¿Que pasa coas mulleres que teñen ingresos económicos por riba do 1,5 do IPREM? Pois que teñen unha contía de 300 euros, que pode subir ata 50 euros dependendo do grao de discapacidade, de fillos menores ao seu cargo ou de menores en acollemento familiar; de 300 pode chegar a 500 euros.

Pero non só teñen acceso a iso as mulleres que non teñen recursos e son vítimas de violencia machista. En Galicia, ademais diso, teñen un programa de bono-alugamento social. ¿Que significa? Significa que teñen 200 euros ao mes que lles paga directamente a Xunta de Galicia ao arrendador, e que pode ser durante un ano e prorrogable ata os tres anos.

Ademais diso, teñen moitísimos accesos e moitísimas axudas aquelas mulleres que denuncian. Eu animo aquí a denunciar en caso de que non teñan recursos, porque van estar amparadas, van estar amparadas.

Mire, máis accesos gratuítos: escolas infantís, taxas universitarias, matrícula dos institutos, libros de texto, comedor escolar, atención psicolóxica, atención letrada, por suposto atención sanitaria, os procuradores, campamentos de xuventude e de verán, sanidade, casa de acollida ou centro de emerxencias, servizo gratuíto de taxis e de transportes, intérprete en calquera idioma e intérprete para as persoas que o necesitan por accesibilidade. Como vemos, hai amparo a todos os niveis na nosa comunidade autónoma. Por suposto, hai bono na tarifa eléctrica, ao que aporta un 50 % a Xunta de Galicia, un 40 % o Estado e un 10 % as compañías eléctricas.

E ¿que pasou?, ¿que está a acontecer aquí neste Parlamento? Nós presentamos, de cara ao pacto de Estado contra a violencia machista, unha proposta de todos os grupos, que a apoiamos por unanimidade. Todos os grupos políticos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Vou rematando.

O punto número 12 fala dos recursos económicos. ¿Que é o que decidimos todos os grupos políticos para esa aportación económica nese punto 12 dentro deste pacto? Que se copie a nivel estatal o modelo galego, que se copie o modelo dos recursos económicos que temos nós en marcha e que temos na nosa comunidade autónoma, o acceso ás axudas de maneira inmediata, a redución de tempo na recepción das axudas —dende o minuto un para as persoas sen recursos— e a contrarrestación das consecuencias económicas unha vez interposta a denuncia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Señorías, non debe de ser un modelo tan malo cando solicitamos un «copia e pega» para o resto de España.

Máis nada e moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señora Míguez, a verdade é que nunca existiu unha deputación máis comprometida coa igualdade como a Deputación de Pontevedra e a señora Silva, por moito que lles pese, por moito que lles pese. *(Aplausos.) (Murmurios.)* O Concello de Vigo ten atendido a muller que vostede comentou dende o ano 2011, con axudas de comedor, con axudas de libros, con axudas ao alugamento, co cheque social. O que ocorre aquí e que vostedes non poden presumir do único concello no que gobernan, onde a súa concelleira de Igualdade incluso criminalizou a folga feminista.

O Partido Socialista — máis alá da señora Míguez existe outro mundo— *(Aplausos.)* vai apoiar, como non podía ser doutro modo, esta iniciativa que hoxe presenta o BNG e que busca mellorar as condicións económicas das mulleres vítimas, e tamén dos menores ao seu cargo, para que poidan dar o paso de saír do complicado círculo da violencia machista, especialmente aquela sufrida no ámbito do fogar.

E das mulleres asasinadas no 2017 soamente o 19 % tiña interposta unha denuncia previa; un dato que nalgúns ocasións se utiliza como recriminación ás vítimas en lugar de plantexarnos o que está fallando para que haxa tan poucas denuncias, para que as vítimas non se sintan o suficientemente seguras e respaldadas polo sistema e a sociedade como para pedir axuda para saír do seu inferno. Unha muller non denuncia por moitos motivos, tantos como mulleres hai. E unha muller é asasinada tamén por moitos motivos. Pero o principal, e o que máis nos ten que alertar, é cando é por razón do seu xénero, como foi o caso de Laura Luelmo. Ela si que fixo a súa denuncia, fíxoa o 8 de marzo co resto de mulleres de España, e que nós seguiremos facendo mentres vivamos en desigualdade cos homes e mentres a nosa seguridade pase pola perda das nosas liberdades. *(Aplausos.)*

As mulleres non denuncian por moitos motivos —dicía—, non denuncian por vergoña, pola deterioración psíquica causada polo maltrato continuado, non denuncian por medo, por medo ao agresor, por medo a non ser cridas, por medo ao proceso xudicial, porque non queren prexudicar o seu agresor, porque só queren vivir tranquilas. As mulleres non denuncian porque senten que o sistema penal non é neutro. As mulleres non denuncian porque en moitas ocasións a resposta penal ás violencias machistas se volve contra elas, como o mito das denuncias falsas, que, a pesar dos continuos desmentidos de diferentes estudos e informes xudiciais, xeneralizan as sospeitas contra as mulleres. As mulleres non denuncian porque seguen a percibir como difícil acreditar a violencia cando non hai hematomas ou contusións. As mulleres non denuncian porque moitos agresores utilizan as contradenuncias, ou as denuncias cruzadas, para que se retiren ou arquiven as causas penais contra eles. As razóns son varias, xa o dixeran. Insisto e insistiremos, como tamén dixon a señora Presas, en que non hai un perfil único de vítima, que non todas as mulleres vítimas son dependentes economicamente e socialmente vulnerables, porque moitas son mulleres de grande formación con ingresos máis que suficientes e incluso maiores ca os do seu agresor. Pero ben é certo que a



axuda que é preciso activar con estas mulleres é moi diferente á das mulleres máis vulnerables. Porque para estas últimas, para as que non teñen ningún tipo de ingresos, ou ingresos moi baixos, hai un motivo principal, que é o que as frea a denunciar o seu agresor, e é a convicción de que facelo suporá quedar sen soporte económico, sen sustento, o que lles fai ver un abismo case peor que o do maltrato, especialmente cando hai menores de por medio.

E son moitos os colectivos que teñen denunciado a perigosa contribución das consecuencias da crise económica e da reforma laboral ao recrudecemento da violencia contra as mulleres que sofren especialmente o desemprego e a precariedade laboral. Nos últimos anos tense producido un descenso das denuncias, non por unha diminución deste tipo de violencia, senón pola situación de crise, que agrava aínda máis a dependencia económica das vítimas e que lles impide poñer fin a esa situación.

Pero é labor deste Goberno velar por evitar ese extremo, así como conseguir que máis mulleres saian da situación da violencia. E medidas como as bonificacións para a contratación das vítimas non están a resultar moi positivas. O ano con máis beneficiarias en toda España foi o 2015, con 836 contratos, algo que é totalmente insuficiente.

A iniciativa que nos ocupa, por tanto, cobra todo o sentido, tanto na parte na que contempla a creación dun novo tramo de beneficiarias, que inclúa aquelas mulleres con renda entre un 1,5 e 2 veces o IPREM, pero tamén na que considera unha suba lineal das contías que vaian percibir. Polo tanto, cremos que son medidas necesarias e que, en todo caso, axudarán a superar ese freo a denunciar a quen che está a quitar a vida.

Reciba, polo tanto, señora Presas, o noso apoio a esta proposición. E pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

A verdade é que eu tiña unha intervención preparada, e teño que cambiala. Porque, escoitando os argumentos do Partido Popular, nunca deixan de sorprendeme. A verdade é que eu sempre penso que non, que nunca vai haber un argumento peor que o da sesión anterior. E sempre nos sorprenden, a verdade, para mal. Hoxe escoitamos o relato da voceira do Partido Popular e todo está ben, as axudas son suficientes, o tema da vivenda está solventado, as mulleres non necesitan máis axudas, acompañamento... Todo está ben. Eu, realmente, pregúntome como poden facer este discurso á vez que din que hai que facer un pacto galego contra a violencia machista. Eu creo que hai un acordo total en que non se está a facer o suficiente, que non é suficiente. Seguen asasinando mulleres, todas as mulleres seguen sendo vítimas de violencia. Pero hoxe a voceira do Partido Popular dixo que todo é suficiente e todo está ben.

¿Por que non falan do fracaso do programa de vivendas baleiras —porque aquí sacan peito dalgúns programas que son totalmente insuficientes, que non están dando resposta en ab-



soluta ás necesidades que ten a poboación galega—? E ¿por que non falan, cando se traen propostas concretas —neste caso o Bloque Nacionalista Galego—, da proposta que se debate? Non deu un só argumento para rexeitar esta iniciativa, algún argumento real que falara realmente de por que non falan da contía. Falan de que hai moitas mulleres que non teñen dependencia económica. Por suposto, hai un acordo absoluto en que non hai un perfil de muller vítima, en que hai moitas mulleres que non teñen dependencia económica. Ben, hai mulleres que si a teñen, hai mulleres que reciben axudas. E o que se está pondo hoxe enriba da mesa é que as axudas para moitas destas mulleres non son suficientes. Dixéronse contías concretas, e non deu un só argumento para rexeitar esta iniciativa, nin un só argumento para dicir por que non se quere subir. Xa estamos deixando fóra a todas esas mulleres que necesitan outros recursos, outras axudas, pero non axudas económicas. Neste caso estamos debatendo unha cuestión concreta.

E tamén non entendemos por que rexeitan que traíamos iniciativas. Por moito que lles moleste, imos seguir traendo iniciativas para mellorar cuestións concretas. Porque estamos de acordo en que a violencia machista é un problema estrutural, en que as solucións exceden con moito este Parlamento, pero tamén hai cuestións concretas que melloran a vida das mulleres. Como dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego, con que unha soa muller se puidera ver beneficiada desta reforma, pois para nós sería máis que suficiente.

Despois tamén temos que facer unha reflexión. Estes días penso que todas temos na cabeza a Laura, a súa familia, as súas amizades, que temos na cabeza a todas as mulleres asasina- das de violencia machista, sendo conscientes de que isto só é unha parte. Por desgraza é a parte máis cruenta, a parte máis visible, pero por desgraza todas as mulleres convivimos coas desigualdades e coa violencia na nosa vida. E tamén nos parece moi noxento que haxa determinados partidos políticos que están aproveitando estes momentos —partidos políticos que son os seus homólogos no Congreso dos Deputados, partidos políticos cos que están tamén tecendo alianzas— para falar de medidas nas que lles interesan moitas cousas pero que non pensan nas mulleres. Porque o que necesitamos é prevención, o que necesitamos é actuar para evitar que ningunha muller sufra violencia, non máis castigos. E para falar de prevención, para falar de políticas públicas que falen do ensino, que falen de medidas de apoio ás mulleres que sofren desigualdades, diso non falamos. Para facer oportunismo político aproveitando as desgrazas e os momentos difíciles que pasamos, para iso, sempre teñen tempo.

Por iso nós cremos que esta é unha iniciativa que obviamente —e ademais díxoo a propia voceira do Bloque Nacionalista Galego— é un apartado moi concreto. Non é suficiente. Ogallá tiveramos receitas concretas, ogallá este Parlamento puidera legislar para acabar coas violencias machistas. Por desgraza sabemos que non é así, que precisamos un cambio do conxunto da sociedade. Pero, por suposto, hai pequenas modificacións que si van axudar. E neste caso a violencia económica é un problema real —que hoxe tamén medio se negou, aínda que eu en teoría pensaba que había un acordo en que hai moitas mulleres que por desgraza sofren violencia económica, dependencia económica—. E hai que rematar con iso porque tamén é un eslabón que hai que romper para que ningunha muller teña que seguir convivindo co home —neste caso violento— por esa cuestión económica.



Como dicimos, cremos que esta é unha medida positiva que lle dá solución a un problema moi concreto. Pero o que temos que ter claro é que ningunha muller que o necesite pode quedar sen axudas. E nestes momentos estase falando de ampliar as axudas a un rango que é totalmente entendible. Non se está pedindo ningunha exaxeración. Estase pedindo que as axudas sexan superiores dentro duns rangos. Tampouco vou repetir as contías, non estamos pedindo millóns de euros para cada muller.

Realmente a nós dános bastante mágoa que, en vez de aproveitar un debate coma este para dar algún argumento, como dicir, quizais, que hai que subir menos a contía...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...ou que hai que acentuar nunha cuestión ou outra, se aproveiten os cinco minutos da intervención —e xa remato— para falar de todo menos do problema que hoxe nos ocupa.

Nós votaremos a favor desta iniciativa e, por suposto, por moito que lles moleste, imos seguir traendo iniciativas concretas que poidan mellorar a vida das mulleres. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, agradezo a En Marea e ao Partido Socialista a súa achega construtiva e o seu apoio. A verdade é que eu fago miñas as palabras da señora Quinteiro cando digo que eu non dou creto. De verdade que sempre me volvo sorprenden. Eu fago un esforzo de contención para vir aquí e cinxirme ao tema, explicar argumentadamente a nosa proposta, e a señora do Partido Popular, para variar, vén aquí a chuspir, á parte de dicir un montón de falsidades, un montón de falsidades para ocultar o que pasa. *(Aplausos.)* O que lles molesta é que vostedes non teñen iniciativa política, o que lles molesta é que sexa o BNG quen trae a esta Cámara propostas que vostedes non son quen de rexeitar totalmente porque saben que temos razón. ¡Saben que temos razón!

Si, non negue coa cabeza. É que é absolutamente hipócrita cando todas e todos escoitamos testemuños na Comisión de Igualdade, cando aínda hai nada fomos facer unha visita institucional ao crime, e cando vemos —e todas coñecemos algún caso— que non chegan os recursos que hai. Efectivamente, nunca serán suficientes, pero esta é unha proposta perfectamente medida, perfectamente argumentada. Se se tivera molestado un pouco, señora Míguez, en facer os números, veríao. Pero o que lle molesta é iso, teñen que poñer o ventilador para así ocultar a súa absoluta falta de iniciativa política. Dez anos de Goberno da Xunta de Galiza e cero iniciativas legislativas en materia de igualdade *(Aplausos.)*, ¡nada máis que dicir! A única aprobada foi por impulso do BNG, unha modificación precisamente para blindar estas axudas.

A min o que me sorprende tamén é que veña con ese discurso cando presentaron unha emenda pola cal estarían dispostos a aprobar unha parte da nosa iniciativa, que é a creación



desa nova categoría. Porque polo seu discurso parece que aquí veu vostede a dicir que pouco menos que as mulleres vítimas de violencia machista están forradas e que as axudas económicas non son necesarias. Pouco menos que é iso o que veñen aquí a dicir. (*Murmurios.*) Ninguén dixo dende esta tribuna... (*Murmurios.*) Eu agradecería que calaran un pouco, porque é un pouco complicado sintetizar algo tan importante en tan pouco tempo. (*Aplausos.*)

Ninguén dixo que o maltrato sexa por non ter diñeiro. Precisamente nós o que dicimos é que ter as axudas tan limitadas a uns umbrais de renda tan baixos o que traslada é o prexuízo que vostedes aínda teñen de que, efectivamente, o maltrato está asociado á exclusión. Porque xa me dirá vostede que argumentos hai encima da mesa para dicir que as axudas que se propoñen nesta iniciativa... Que sería un novo tramo, porque nós consideramos que as persoas que teñen 805 euros de renda non son multimillonarias. Saben perfectamente cal é a situación das mulleres vítimas de violencia machista, que moitas veces teñen que saír por patas da súa casa e sen as súas pertenzas. Sabe vostede perfectamente que esa situación é así, e que todos os recursos que se poñan son poucos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nós non estamos traendo aquí unha iniciativa populista cun incremento absolutamente inasumible, senón termos medidos, tal e como veñen explicados na iniciativa. Isto o que reflicte é tamén a catadura moral dun goberno cuxas decisións económicas van na dirección contraria do que necesitan as mulleres. Antes falaba da taxa Arope e viamos como precisamente son as mulleres as que máis se están empobrecendo coa saída da recesión.

Por riba, non saben escoitar, e xa o mínimo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Só unha cuestión, presidente.

Falou vostede de facer un pacto. ¡Dígallo ao presidente da Xunta de Galiza! Eu o último que sei é que este señor di publicamente que non é necesario en Galiza ningún pacto para a violencia machista (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas. Sobre a emenda do PP, entendo que non a acepta.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Sobre a emenda, estaríamos dispostas a incorporala como adición, de forma que se poida votar o punto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se me permite explicalo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, xa está, é que xa leva vostede un minuto e pico por riba. Imos moi mal de tempo, e o tempo saben, dende o principio, o que é.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se exercera de presidente e mandara calar o seu grupo cando me interrompen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se preocupe que non a interromperon.

Remate, ¿está disposta a aceptar a emenda? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

«Para o cumprimento destas directrices e para levar a cabo a reparación precisa ou a demanda da mesma ás entidades responsábeis, habilitarase unha partida económica suficiente nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2019.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Dende que o señor Feijóo decidiu que o leitmotiv da segunda parte da súa lexislatura ía ser o Xacobeo, estamos afeitos a escoitar declaracións grandilocuentes de todo tipo sobre este evento.

O conselleiro de Cultura e Turismo afirmaba que o Xacobeo será unha fonte inesgotable de ilusión e orgullo. Tamén ve o Xacobeo o señor conselleiro como unha oportunidade única para transformar o país. E o presidente Feijóo non lle vai á zaga e afirma que este Xacobeo vai cambiar a imaxe e a presenza de Galicia no mundo. Mentres, temos millóns e máis millóns. E cada vez hai unha cifra distinta de millóns. Todos os delegados da Xunta nas distin-



tas provincias, polo menos unha vez á semana, fan unha rolda de prensa dicindo que van investir un millón; outro di un millón e medio, outro... ¡Bueno!, é un evento realmente impresionante. Iso si, debe de ser que non sabemos moi ben en que vai consistir. Igual en continuos festivais de máis de tres millóns de euros outorgados a dedo e dunha maneira absolutamente opaca.

Pero, en todo caso, o Xacobeo —que si é algo moi serio, e nós, dende logo, apostamos por el e polo seu impulso— é moito máis que a propaganda, que as palabras baleiras de contido pero moi bonitas. E incluso é moito máis que a promoción. Polo Xacobeo hai que empezar dende a base, dende a protección do patrimonio, que é precisamente o que diferencia o Xacobeo —ese patrimonio cultural singular— de calquera outro evento de similares características. Dende logo, é o que o separa e o diferencia absolutamente de calquera outro evento, do sendeirismo, do deportivo ou doutro tipo de actividade.

E o primeiro que hai que protexer son os camiños, loxicamente, que é por onde se camiña, os camiños; que, por certo, o propio Camiño, as trazas do Camiño, están protexidas. Uns son BIC, outros, como o Camiño francés e o Camiño primitivo, son, ademais, patrimonio da humanidade, é dicir, teñen a máxima protección, pero a pesar de ter esta protección, o que en grande parte os fai únicos, estamos afeitos nos últimos anos a escoitar denuncias que están a facer distintas e moitas asociacións xacobeas en contra do que está a facer a Axencia de Turismo neste camiño, que, coa desculpa de obras de mantemento e conservación —que, por suposto, hai que facer—, está alterando gravemente a traza, a fisionomía, as características históricas e naturais das sendas, dos camiños, está alterando a súa identidade tradicional e está baleirando de elementos definidores todos estes camiños.

Como dicía, moitas asociacións levan anos denunciando alteracións destes camiños, pero céntranse, fundamentalmente, ultimamente, no Camiño francés e no Camiño do norte e Camiño primitivo, que é dobremente grave, porque o Camiño primitivo, ademais, caracterízase fundamentalmente polos seus propios valores tradicionais, sobre todo de importantes e fermosas paisaxes.

Imos ver algunha destas intervencións para saber de que estamos a falar. En 2016 o Foro do Camiño, que reúne unha trintena de organizacións defensoras do Xacobeo, denunciou a utilización de maquinaria pesada, de padeadoras, para ampliar tramos do Camiño primitivo nunha traza que está documentada dende a Idade Media, para ampliála e para organizála doutra maneira. Non era unha broma, (*A señora Burgo López mostra unha fotografía.*) aquí está a maquinaria pesada; isto é —era— unha traza do Camiño primitivo, de orixe medieval, hoxe convertido —como ven vostedes— nunha fermosa pista forestal.

Pero isto non soamente é así. Na Fonsagrada, en Castroverde, tamén se denuncian obras que se levaron a cabo cambiando a fisionomía do Camiño que son máis propias de contornos urbanos que de contornos rurais, e moito menos de camiños protexidos; obras como cambiar os niveis de rasante realizando traballos de perfilado artificial; grosas pavimentacións con grava, zahorra e cemento; introdución de drenaxes fabricadas con formigón; alterar o ancho da calzada por eliminación de vexetación; fanse cunetas, acequias, retíranse pedras de muros laterais, córtase a vexetación..., ata facer un camiño irrecoñecible. Porque, señorías, isto é o



que a Axencia de Turismo considera que debe ser un Camiño de Santiago (*A señora Burgo López mostra unha fotografía.*). Isto é o que estaba, unha senda tradicional, chea de vexetación, e isto é como está; isto é unha pista forestal calquera de calquera sitio; isto estaba protexido (*A señora Burgo López mostra unha parte da fotografía.*), isto non sei se o imos protexer (*A señora Burgo López mostra a outra parte da fotografía.*).

Pero é que as obras —que están, por suposto, documentadas e que non podo traer todas— son, señorías, como esta. (*A señora Burgo López mostra unha fotografía.*) Isto é toda a calzada de zahorra e tal; aquí, a apertura dunhas cunetas onde van meterse tuberías de formigón. Isto é o que considera a Axencia de Turismo. E dado que Patrimonio non di absolutamente nada ante isto, que non di absolutamente nada, que non di que isto non se pode facer, pois parece que tamén Patrimonio considera que temos que ir a un camiño desta tipoloxía, e terminar con esta —a que lles ensinaba con anterioridade—, porque, total, é que esta é máis difícil de manter que esta (*A señora Burgo López mostra unha fotografía.*). Claro, aí están os problemas. (*Aplausos.*) Botar zahorra e meter unhas tuberías é moito máis fácil que rehabilitar os camiños, que é o que hai que facer.

Tamén foron denunciadas obras pola Fraternidade Internacional de Amigos do Camiño de Santiago no Camiño francés, neste caso en Paradela, onde se utilizou cemento en cantidades excesivas transformando totalmente o Camiño; e utilizouse cemento, ademais, parece que por riba do que estaba no proxecto de obra; polo tanto, é que aquí hai outro elemento. Parece que ninguén —Patrimonio tampouco, Turismo parece que tampouco— vivía o que está a pasar nos camiños.

¿Que pasa no fondo de todas estas alteracións, que son graves alteracións patrimoniais? Pasa que está indo a Xunta de Galicia cara a unha política de alteración de itinerarios históricos buscando unha uniformidade que o converta nunha pista forestal fácil de manter, rompendo e destruindo a traza milenaria e alterando todos os elementos tradicionais. ¿E que hai, ademais, por debaixo de todo isto? Pois un cambio absoluto de mentalidade fronte ao Camiño. O Camiño xa non é o que di a Xunta de Galicia e o que Feijóo di tamén con moita profusión de palabras: o Camiño —que neste caso é certo— é espiritualidade, cultura e tradición. Non, agora o que é o Camiño para a Xunta de Galicia é fundamentalmente un camiño de turismo —canto máis, mellor—, un camiño para un turismo masivo alonxado da concepción tradicional das peregrinacións. Queren facilitar un turismo de masas e non un itinerario de peregrinos.

Porque, ademais, vostedes estarán escoitando continuamente como a Xunta está a referirse sempre ao Camiño como un importantísimo paquete turístico, como un importantísimo elemento turístico —que tamén o é— de impulso. O que pasa é que non soamente é turismo, nin moitísimo menos. Pero, claro, é moito máis fácil vender o que sempre está querendo vender a Xunta, que é o número de peregrinos; é moito máis fácil vender iso que outros elementos e que a protección do Camiño.

Porque, como vostedes saben, a Xunta está dedicada a contabilizar peregrinos. Hai poucos meses coñecemos todos —pero perfectamente, toda a vida e a obra— do peregrino trescentos mil, que está —pois non sei— nesta idea tradicional dos anos sesenta de contar turistas



e dar un diploma ao turista dous millóns —como dicía o outro día—. Ben, pois contamos peregrinos. Pero, mentres contamos peregrinos —e poden entrar moito mellor por estas grandes pistas asfaltadas—, cargamos o patrimonio que é de todos, e que, por certo, é o que dá significado especial ao noso Camiño. Porque —e remato, presidente— xa o están a dicir todas as asociacións xacobeas: a base de ter esta idea, a base de estropear o patrimonio, o que imos facer é terminar totalmente co Xacobeo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, serei breve para limar as miñas asperezas co presi.

Nós entendemos tamén, na liña do que dicía a señora Burgo, que o Camiño de Santiago pode e debe ser un elemento chave na autoestima, no autocoñecemento colectivo, no coidado e fomento da cultura e demais. Tamén debería de ser un elemento de cohesión territorial, de ensino da nosa propia historia e un longo etcétera. Pero neste camiño hai un elemento clave sen o que non se pode concibir un desenvolvemento propio desta época do propio Camiño de Santiago, que é o patrimonio. E nós o que temos analizado é que a combinatoria entre patrimonio, Camiño de Santiago e Xunta de Galiza pois ten sido un cóctel explosivo, a verdade, do que cada vez estamos máis espantadas. Porque xa non é só o paradigma do abandono e da falta de planificación constante, senón que cada vez máis é o paradigma da destrución. E os datos falan por si mesmos e ven como hai unha visión absolutamente curtopracista e que non ten o patrimonio en conta como un pivote central; algo que tampouco a emerxencia desa tan reclamada Consellaría de Cultura específica nos trouxo ningunha corrección.

Os datos falan por si mesmos. Por poñer un exemplo, que a partida 433A, de protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural, acumule un recorte de máis de 58 millóns de euros desde que o señor Feijóo chegou á Xunta de Galiza pois é bastante ilustrativo de como, sen recursos, non se pode facer un grande avance no coidado e conservación do patrimonio. Primeiro, porque o patrimonio se desgasta en xeral; ademais, estamos falando dun camiño; agora pois igual vén aquí o Partido Popular negar que os camiños teñan nada que ver coa xente que pasa por riba deles, pero o certo é que é así. En segundo caso, porque en moitos casos falamos de que tamén é precisa unha investigación, unha análise, etc., de se ese camiño é o que era, de se hai que facer algún tipo de intervención e non simplemente ir pola vía práctica e deseñar case o Camiño acorde co que sexa máis cómodo; iso está ben para un camiño ordinario, para unha estrada convencional, pero non para o Camiño de Santiago, que debe ter un rigor histórico e que é algo que tamén están denunciando as persoas expertas.

Entón, polo tanto, nós facemos unha valoración negativa do que está acontecendo, nomeadamente co Camiño primitivo. A verdade, tampouco nos sorprende esa nova técnica da za-



horra e de botar o cemento e demais, porque o vemos no Camiño de Santiago pero vemos outros exemplos.

Eu non me podoo resistir a facer unha mención á denuncia da situación da calzada do castelo de Monterrei, algo que o BNG trouxo a esta propia Cámara, que o discutiu co conselleiro daquela aínda de Ensino e que negaban que fora ser así. A realidade é que o tempo nos deu a razón e hoxe en día non hai unha calzada, hai un camiño de cemento que parece dunha aldea ordinaria e non que acceda a algo que é patrimonio da nosa cultura. E isto é unha desfeita xeneralizada que no Camiño de Santiago leva a palma.

Recentemente facía mención a voceira socialista e volvíamos ver as denuncias diante de Icomos da perda de identidade tradicional e do valor patrimonial da vía primitiva que facía o Foro do Camiño. O Foro do Camiño —que non é o BNG nin é o Partido Socialista, nin é En Marea, que son unha chea de máis de vinte e cinco colectivos que defenden este Camiño— denuncia algo que é moi grave, que son actuacións da propia Axencia de Turismo de Galiza.

Eu quero dicir: ¿que credibilidade vai ter a Xunta de Galiza diante da defensa do patrimonio e do cumprimento e desenvolvemento da Lei do patrimonio cando non fai os seus propios deberes, porque canto máis pois vai ir despois a cuestións de agresións ou abandonos de tipo privado ou individual se non é quen de dar exemplo do seu propio traballo? Vemos como ao longo deste tempo, malia as denuncias, malia a actualización do informe que se enviou a Icomos que veñen de facer estes colectivos no mes de novembro, non hai a máis mínima vontade de rectificación; mentres, pois, as obras seguen a sucederse.

Eu simplemente quería rematar cunha reflexión. Hai algo que preocupa estes expertos, que é que moitas destas actuacións poden ser irreparables, é dicir, algo que nunca imos recuperar. A semana pasada viamos as fotos do presidente da Xunta de Galiza e doutros cargos do Partido Popular celebrando o XXV aniversario da declaración de patrimonio mundial pola Unesco. E a pregunta debería ser se estamos cumprindo e se hoxe teríamos, tal e como ten a Xunta de Galiza o patrimonio deste país, esa declaración para o Camiño de Santiago. Nós, desde logo, temos serias dúbidas e votaremos favorablemente a iniciativa da señora Burgo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Unha vez máis temos nesta Cámara unha iniciativa propiciada polo mal facer da Xunta de Galicia coa conservación e o mantemento do Camiño de Santiago. Teñen sido moitas as ocasións nas que denunciámos intervencións agresivas co patrimonio, intervencións que poñen



en dúbida a propia conservación do Camiño de Santiago, dos camiños de Santiago, como patrimonio da humanidade.

Como aquí se dixo, todas as organizacións en defensa do Camiño de Santiago levan denunciando as equivocadas e reiteradas intervencións da Axencia de Turismo de Galicia que están deixando unha terrible pegada sobre os diferentes camiños de Santiago, en todos eles. Fálase de que queremos ter o mellor Xacobeo da historia, non se van lamentar cartos nesta materia, pero o que se está facendo é botar cemento unha e outra vez sobre os camiños históricos do Camiño de Santiago. Hai apenas uns días denunciámos unha das últimas actuacións na Comisión 4ª con esta imaxe (*A señora Chao Pérez mostra unha fotografía.*) que entendemos que exemplifica exactamente a política da Axencia de Turismo de Galicia no que ten a ver co Camiño de Santiago; onde tiñamos unha senda natural que respectaba o medio ambiente, o trazado natural do Camiño, temos agora cemento, cemento e formigón.

Por iso dende En Marea imos apoiar a iniciativa presentada hoxe polo Partido Socialista de Galicia. Nós vimos denunciando durante tempo na Comisión 4ª, cada vez que se tratou este asunto, que Patrimonio está abandonando as súas funcións, lavando as mans e deixando que as políticas irresponsables de Turismo destrócen os camiños históricos de Santiago, tanto no que ten a ver coa paisaxe como co propio patrimonio cultural. Xa temos dito que estas políticas do Partido Popular están vaciando de significado o Camiño, deixándoo como unha atracción turística máis, para contar unha e outra vez que temos máis turistas, unha e outra vez máis peregrinos, sen considerar as perdas que pode traer esta desacertada estratexia.

Corremos, como aquí se dixo, serios riscos de perda de identidade do propio Camiño, serios riscos de perda de valor patrimonial do propio Camiño. Xa se comentou aquí, non é opinable, non é unha postura dos grupos da oposición, é unha denuncia unánime reiterada polos organismos especializados, polas asociacións de defensa do Camiño e por organismos internacionais tan fundamentais na protección do noso patrimonio como é Icomos, que, como saben, é quen vela pola protección do patrimonio mundial.

O Icomos vén alertando de que as actuacións da Xunta, da Axencia de Turismo, no Camiño de Santiago van ter consecuencias graves sobre a consideración que ten o Camiño de Santiago. E, mentres tanto, ¿que fai a Xunta de Galicia? Mirar para outro lado, mirar para outro lado con cada unha das denuncias que se fan de agresión ao patrimonio, de agresión ao Camiño de Santiago, como está pasando nos casos que comentamos hoxe, como está pasando —e preguntaremos hoxe ao conselleiro— co proxecto da mina de Touro.

Queremos insistir: o Camiño de Santiago é un elemento chave da identidade galega e europea. Cando o PP dana este camiño, cando o único que fai é ver unha senda pola que traer máis e máis turistas cada ano, está danando o que somos e está danando o que ten que ser unha fonte de recursos non só en presente, senón unha fonte de recursos para o futuro.

Defender o Camiño, polo tanto, é defender un patrimonio único. Temos que insistir: non podemos permitir o curtopracismo das políticas equivocadas que traen pan para hoxe e fame para mañá. Queremos pan para o futuro. Non vai chegar con unicamente recursos para pro-



mocionar o Camiño de Santiago, non vai chegar con anuncios multimillonarios para o Xacobeo. Para iso precisamos máis protección, máis conservación, dende logo máis diversificación e aposta pola rehabilitación dos pobos e vilas polas que pasan as sendas xacobeas. Pasará por respectar o que é de todos, por garantir o futuro deste legado único.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Burgo, eu teño que confesarlle que cada día me sorprende un pouco máis a súa falta de rigorosidade. E só un apuntamento, un apuntamento conceptual para as futuras intervencións: por favor, diferencie entre Xacobeo e Camiño de Santiago.

E lamento ser tan contundente nun día no que o presidente nos chamou a ser un pouco máis —digamos— «amables», a que nos invadira o espírito do Nadal, e lamento —como dicía— ser contundente porque se supón que nós estamos aquí para construír, para avanzar, para crear unha Galicia mellor. Pero vostede non, vostede está aquí para traer unha proposición non de lei baseada en artigos xornalísticos, en informacións sen contrastar as noticias. Vostede está aquí para traer unha proposición que xa foi substanciada na Comisión parlamentaria 6ª, señora Chao, hai menos dun mes, e vostede está aquí para amosar que non coñece a estas alturas da súa vida política o funcionamento da Administración pública.

Porque, señora Burgo, as dúas cuestións que vostede plantexa na súa proposición non de lei están na lei, están na Lei de patrimonio cultural, e por suposto que o Goberno sustentado por este grupo maioritario, polo Partido Popular, é un goberno legalista, cumpridor da lei.

Artigo 138, procedemento sancionador, denuncias. Evidentemente, señora Burgo, todas as denuncias que chegan á Administración autonómica deben e teñen que ser tramitadas. Artigo 39, autorización das intervencións que se pretenden realizar en bens de interese cultural, que teñen que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, como é este caso. Pero tamén lle lembro o artigo 7, que establece un órgano asesor en materia de patrimonio cultural específico para o Camiño de Santiago, o Consello Asesor; un consello plural, multidisciplinar, cooperativo con outras institucións e con outras administracións: o Consello da Cultura Galega, a Fegamp, etc.; un consello, por certo, xa desenvolvido polo Decreto 93/2017, que atribúe as competencias, entre as cales está coñecer os expedientes de intervención dos camiños. Todos se equivocan; vostede, non.

Eu podo entender, señora Burgo, que a señora Chao, que ten menos experiencia que vostede, descoñecera todo isto e presentara aquela proposición non de lei substanciada hai menos dun mes na Comisión 6ª. Pero vostede xa estaba aquí cando se aprobou a lei, vostede xa es-



taba aquí tamén cando se aprobou a Guía de protección do Camiño de Santiago no ano 2011 e o Manual de boas prácticas do Camiño no ano 2016, dous documentos que pretenden ser un instrumento de axuda para todos os promotores públicos e privados que vaian realizar algún tipo de intervención no Camiño ou nas zonas de protección para garantir precisamente o que di a lei.

E, señora Burgo, vostede tamén estaba aquí cando se aprobou a delimitación do Camiño primitivo no ano 2012, un documento fundamental, fundamental, para a declaración de patrimonio mundial pola Unesco no ano 2015. Tan mal non o faremos, señora Burgo, tan mal non o faremos.

Eu recoméndolle a vostede —e á señora Presas tamén— unha lectura: a documentación da delimitación, porque así non caería nalgúns erros. Porque nesa lectura —eu podo ensinar tamén moitas cousas e fotos (*A señora Antón Vilasánchez mostra un documento.*)—, ademais de ver a tipoloxía do Camiño de cada tramo —se é un tramo principal, se é un vestixio histórico ou funcional—, comprobaría que «o Camiño entre O Padrón e Vilardongo é de terra compactada, en ocasións empradizado» —«empradizado» quere dicir que o prado, por falta de mantemento, botouse por riba do camiño—, «que o pavimento é de terra ou grava compactada entre Vilardongo e Hospital de Montouto, estando asfaltada na contorna dos núcleos, e que, pasado Vilardongo, se atopan arrastres do pavimento producidos polas es-correntías. Así, na zona comprendida entre...»

(Pausa.) (Interrupción momentánea do Pleno.)

O señor PRESIDENTE: Xa o están atendendo os servizos médicos, non parece que sexa unha cousa..., pero ben.

Entón, imos continuar co pleno. Estaba no uso da palabra a señora Antón Vilasánchez. Cando queira.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Pois co desexo da pronta recuperación —supoño que por parte de todos nós— do noso compañeiro Elías, continuamos.

Dicía naquel momento que eu recomendaba a lectura da documentación da delimitación que se fixera para a delimitación do Camiño primitivo, unha lectura recomendada tanto para a señora Burgo como para a señora Presas, porque a señora Presas na súa intervención falaba de que botaba certas cousas en menos. Señora Presas, hai un estudo rigoroso para facer a delimitación do que vostede falaba, e precisamente nese estudo falábase da tipoloxía do Camiño en cada tramo, se o Camiño é un camiño principal, ten un vestixio histórico ou é funcional. E estaba lendo un pouco o que dicía precisamente este estudo. Entón, comentaba a diferenza de materiais que estaban empregados en cada tramo. Estaba dicindo que entre a zona comprendida entre Triacastela e Montouto hai tramos anegados pola auga que a fan impracticable.

¿E que fixo a Axencia de Turismo? Atender a petición do Concello da Fonsagrada, señora Burgo, que eu supoño que vostede e o alcalde teñen algunha relación, polo menos aínda que



sexa de simpatía política. Entón, actuou nos puntos máis conflictivos e urxentes para garantir o mantemento e o uso do Camiño de Santiago, en consonancia co artigo 78 da Lei de patrimonio cultural e as recomendacións da Guía de boas prácticas do Camiño.

Isto mesmo foi o que fixo o Concello de Paradela no seu tramo e o que fixo o Concello de Sarria no seu, que eu supoño que co de Paradela pode que non se fale, pero co de Sarria, que é do seu partido, imaxino que tamén terá algún tipo de relación. E por iso empregou nas actuacións que vostede describe —por certo, algunhas delas para dar acceso rodado ás fincas dos propietarios— materiais como saburra artificial, macadán de canteiras máis próximas, madeira de piñeiro vermello, etc.

Señora Burgo, eu non vou volver repetir a miña intervención da Comisión 6ª —vostede pode vela na Mediateca—, pode falar co seu compañeiro de escano, o señor Pérez Lago, que a defendeu —non sei por que non falou hoxe aquí—. Tan só repetir que ninguén dubida que o partido máis concienciado co que significa o Camiño de Santiago é o Partido Popular. Nós levamos máis de vinte e cinco anos —señora Pontón, síntoo— traballando a prol do Camiño, en todas as súas facetas, en todas as súas dimensións, en todos os seus ámbitos, na protección e posta en valor tamén.

Señora Burgo, eu a verdade é que, despois de escoitala, vexo que non entende nada. Pero non enganar a ninguén. Vostede é a que está ancorada nos anos sesenta, porque todo o que representa hoxe o Camiño de Santiago —e sen falsa modestia— vén da man do Partido Popular —¡síntoo!—, con planificación, señora Presas, porque aí está un plan director 2015-2021. E, señora Presas, sen dúbida, cumprimos con todos e cada un dos programas e parámetros da Unesco, mesmo somos referente en cousas que a vostedes lles custa tanto nomear como a gobernanza ou a sostibilidade.

Lamentablemente, non podemos apoiar a súa proposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días de novo, señorías.

Señora Antón, eu sinto moito que a molesten sempre tanto as miñas intervencións, e mólestana, ademais, persoalmente. Eu non sei se a vostedes os molesta ver a alguén con tantísima falta de rigor como eu teño. Non sei se a molesta a miña persoa, pero está claro que a molestan as miñas intervencións. Algo de verdade debo de dicir eu para que vostede estea sempre tan molesta. (*Aplausos.*)

Mire, ademais diso, quero dicirlle tamén que imaxino que vostede sabe que para coñecer unha lei non hai que estar aquí no momento de promulgala; hai algo que se chama ler; entón,



calquera que non estea aquí cando se promulga unha lei e a lea, pois mire, está igual de enterada ca min, que podía estar nesta lei.

En terceiro lugar, mire, o que eu dixen aquí non o dixen eu pola miña faltísima falta enorme de rigor —que non sei nin sequera o que é esa palabra—, senón porque o din o Foro do Camiño, a Fraternidade do Camiño, é dicir, moitas decenas de asociacións xacobeas, que lle recordo que están vostedes intentando manter boas relacións con elas. Polo tanto, non diga tamén que elas deben de ter unha falta de rigor absoluta, porque todo o que dixen eu e as fotos que ensinei son destas asociacións, fotos que, por certo, tamén deben ter falta de rigor, pero eu prométole que non sei facer Photoshop para facer esas fotos. *(Aplausos.)* Eran reais, non se deben á miña falta de rigor.

Mire, vou dicirlle tamén: a delimitación do Camiño estaba feita dende o ano 2009; foron vostedes os que tardaron despois ata o 2013, en primeiro lugar. En segundo lugar, hai un gran número de camiños sen delimitar e, polo tanto, sen protexer; responsabilidade do Partido Popular. E vou dicirlle outra cousa que espero que recorde, porque vostede rigor terá, pero memoria ningunha, jeh!, e non recorda que a delimitación do Camiño primitivo provocou múltiples e múltiples protestas, incluíndo alcaldes do Partido Popular, de asociacións de alcaldes, de peregrinos, porque esa delimitación provocou que un terzo do Camiño primitivo fora por estradas e por carreteiras normais e deixou fóra trazas históricas.

Por outra parte, o que eu pido, señora Antón, non está na Lei de patrimonio. Porque mire, na Lei de patrimonio por suposto está que hai que atender as denuncias —só faltaba—, e o que está na Lei de patrimonio é que Patrimonio ten que dar autorización. Pero é que eu non digo que dea autorización, eu digo que Patrimonio supervise —supervise— todos os proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen nos camiños de Santiago —supervise, vixíe, non soamente dea autorización—, e, ademais, que investigue todas as actuacións e obras denunciadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...polas asociacións de defensa dos camiños.

Sinto non ter máis tempo, porque poderíamos falar moito máis do que está facendo dende sempre a Xunta de Galicia coa protección do patrimonio, pero, soamente, o primeiro artigo da Lei de patrimonio: a Xunta é a máxima responsable do patrimonio e da súa protección, cousa que non está a facer, señora Antón.

Señora Presas, por suposto que acepto a súa emenda, que creo que aumenta a importancia da proposición.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista, de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 41145).

Emenda de modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

<<1.- Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización das peaxes das autoestradas de competencia da Comunidade autónoma AG-57 de Puxeiros-Val Miñor e AG-55 A Coruña-Carballo>>.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

<<1 bis.- Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias da ditas autoestradas autonómicas, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, concesionaria da Xunta de Galicia, S.A, polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57)>>.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 41145)

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva polo seguinte:

<<2- Iniciar os traballos para a recuperación da AP9 para o público nos seguintes termos:

a) Realizar, na maior brevidade de tempo, un estudo que determine os costes da recuperación da AP9 para o público.

b) Demandar ao Goberno do Estado que desbote o plan de execución da “Autovía del Atlántico” que ten previsto percorrer, de maneira paralela á AP-9, o traxecto A Coruña-O Porriño. Retirándoa do catálogo da Lei de Estradas do Estado.



c) Demandar ao Goberno do Estado que invista na recuperación da AP9 os orzamentos que previsiblemente se deberían dedicar á construción da A-57.

d) Elaborar un estudio que determine en que lugares é preciso reforzar a AP9, unha vez recuperada para o público, cunha vía de alta capacidade ou convencional de nova creación.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 41145 [10/PNP-003108].

Emenda de substitución.

Substituír os puntos 1, 2 e 3 polos seguintes:

(Con esta modificación, o actual punto 4 pasaría a ser o 7)

«1. Elaborar un estudo para o rescate das concesións das autoestradas AG-55 e AG-57 e para a supresión das peaxes.

2. En tanto non se leve a cabo a medida anterior, non aplicar a suba das peaxes previstas para 2019 nestas autoestradas e aplicar bonificacións de cando menos o 50 % para persoas que fan uso habitual por motivos de traballo, estudos ou desprazamento a centros públicos.

3. Demandar do goberno do Estado a non aprobación de novas subas de peaxes da AP 9 para o ano 2019, asumindo con cargo aos orzamentos do Estado calquera obriga ao respecto.

4. Demandar do goberno do Estado a negociación do rescate da concesión da AP 9 e a liberación das peaxes, asumindo os custos derivados desta medida.

5. En tanto non se efective a medida anterior, demandar do goberno central o establecemento de medidas de bonificación das peaxes na AP 9 e na AP 53.

6. Dirixirse aos grupos políticos do parlamento do Estado para que impulsen a tramitación pola vía de urxencia da lei de transferencia da AP 9, non soliciten ampliación de prazos e non emenden o texto aprobado por unanimidade polo parlamento galego.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Traemos hoxe a debate esta iniciativa por dous motivos principalmente. En primeiro lugar, porque o pasado martes 11 de decembro Galicia recibiu unha boa noticia sobre a AP-9 coa aprobación no Congreso da toma en consideración da proposta lexislativa que saíu con una-



nimidade deste Parlamento galego, unha toma en consideración que conseguiu respaldo maioritario no Congreso, entre eles do grupo maioritario, o Grupo Popular, que é o maioritario, sen votos en contra, e incluso onte coñeciamos a súa tramitación abreviada dun xeito máis rápido —o que é un segundo paso tamén importante— no Congreso. Polo tanto, cremos que é un éxito para Galicia que debe concretarse e sumarse nos próximos meses.

Desde a Xunta e desde o partido que sustenta a acción de goberno, deste Goberno galego, viñamos defendendo desde hai tempo xa esta transferencia. Cremos que os galegos merecemos esa transferencia que nos permita xestionar de forma directa a autoestrada que vertebra o territorio onde viven a maior parte dos galegos e se desenvolve gran parte da actividade económica. Quedan, evidentemente, moitos pasos que dar.

Desde este grupo parlamentario confiamos en que esta tramitación no Congreso finalice con éxito para Galicia. Pero, como xa temos manifestado publicamente, consideramos tamén necesario que se inicie agora, de xeito paralelo, a negociación na Comisión Mixta de Transferencias para comezar a abordar e a falar das condicións do traspaso, porque algo esencial é saber en que condicións se transfere esta autoestrada á Comunidade galega; non se pode transferir a calquera prezo e menos se é gravoso para os galegos.

E, en segundo lugar, traemos hoxe a debate esta iniciativa porque os galegos non podemos seguir soportando ese nivel de encarecemento permanente das peaxes da AP-9, un encarecemento que vén motivado principalmente por ese convenio ruinoso que asinou en 2011 o Goberno socialista de Madrid polo que as peaxes da AP-9 subirán un 1 % acumulativo durante vinte anos para pagar as obras da ampliación da autoestrada e a un interese fixo do 8 %, hoxe totalmente impensable.

A AP-9 subiu xa no mes de outubro case un 2 % as súas tarifas e volverán subir o 1 de xaneiro o 3,47 %, cun incremento de máis do dobre que se aplicará ao resto das autoestradas estatais, onde as tarifas subirán unha media de 1,67 %. E a estas subas da AP-9, como dicimos, derivadas dese real decreto do 2011, hai que sumar novos agravios por parte do actual Goberno de España. Porque o Goberno socialista, mentres autoriza unha suba de case 3,5 % na AP-9, libera da peaxe a AP-1 entre Burgos e Armiñón e baixa un 30 % as peaxes das autoestradas radiais de Madrid. Por certo, o único que pedimos é igual trato que a outras comunidades autónomas.

Este grupo parlamentario considera que esta non é unha situación tolerable e temos que actuar sobre ela. Cremos sinceramente que se trata dun agravio para Galicia que temos que intentar atallar.

O Goberno de España de Pedro Sánchez, co apoio deste goberno das Mareas de Podemos, acaba de contestar unha pregunta no Congreso hai poucas semanas na que di literalmente que non contempla o rescate e a liberalización de peaxes da AP-9, literalmente. Agora ben, entre o rescate total e o horizonte de subas continuas das peaxes da AP-9, cremos de verdade que hai moito treito e hai posibilidades de mellora, paulatinas, pero que teñen que comezar xa e teñen que ser continuas.



E iso é o que traemos hoxe aquí: propostas para avanzar na rebaixa das autoestradas galegas e nas estatais. A Xunta xa lle pediu a Fomento que poña en marcha medidas para paliar esta discriminación. Queremos manter a coherencia e seguir demandando do Goberno de Pedro Sánchez o mesmo que lle pediamos ao Goberno de Mariano Rajoy e tamén continuar coas políticas que xa se veñen aplicando desde o Goberno galego.

Por iso presentamos esta PNL, para demandar primeiramente ao Goberno galego que desenvolva as bonificacións horarias nas peaxes das autoestradas da súa titularidade, A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, para que se poidan beneficiar destas bonificacións anunciadas en horario nocturno, non só os transportistas, senón os usuarios que empreguen autoestradas galegas en horario nocturno, de 12 da noite ás 6 da mañá. Empezamos por pedir ao propio Goberno da Xunta antes que a ninguén.

Tamén lle pedimos á Xunta que elabore unha proposta de medidas para reducir o impacto de peaxes da AP-9, dándolle traslado deste estudo ao Ministerio de Fomento. Este foi un asunto xa trasladado pola Xunta ao Ministerio no marco da última xuntanza da Comisión conxunta da AP-9 o pasado día 13 de novembro.

Nesa reunión a Xunta demandoulle a Fomento que estude e negocie coa concesionaria posibles fórmulas para flexibilizar as peaxes da AP-9. Por iso nesta proposición non de lei pedímoslle á Xunta que elabore e dea traslado urxentemente desa proposta ao Ministerio.

Por suposto, queremos que o Ministerio de Fomento valore esa proposta da Xunta pero, ademais, avalíe outras posibles medidas de flexibilización e redución para negociar coa empresa concesionaria a curto prazo. E pedimos que estude tamén esas medidas de flexibilización de peaxes e de bonificacións tamén na autoestrada AP-53, como vai facer a Xunta nas súas.

Xa por último, queremos necesario insistir ante Fomento nese compromiso adquirido polo anterior Goberno do PP de que as futuras obras da AP-9 non se financiarán con cargo a novas subas de peaxes, senón a través do orzamento do Estado, para evitar situacións como as que vivimos agora, e, ademais, que se fagan esas obras xa comprometidas de ampliación. E tamén, por suposto, que cumpra, coa maior brevidade posible, o compromiso existente de liberar a peaxe de Redondela, como veñen demandando os veciños e sectores sociais, económicos e empresariais, e, por suposto, con cargo aos orzamentos do Ministerio de Fomento, como estaba falado.

A Xunta de Galicia está xa predicando co exemplo. Á Xunta de Galicia non lle gustan as peaxes e por iso, nos anos de maior crise económica, puxo en servizo máis de douscentos novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, e tamén nesta época se rebaixaron as peaxes na AG-55 e AG-57. E predica co exemplo porque tamén, en contraposición á política impulsada desde o Goberno central relativa ás peaxes, está a propoñer novas baixadas para estas autoestradas autonómicas.

Polo tanto, como ademais entendemos que se trata de medidas propostas que son beneficiosas para a cidadanía, son seguir mantendo as mesmas demandas que se viñan mantendo



co anterior Goberno do Estado, co Goberno de Mariano Rajoy, pedímoslle a esta Cámara o seu apoio e esperamos que as voten favorablemente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¡Ai, PP!, ¡quién te ha visto y quién te ve! *(Aplausos.)* ¡Como cambiaron as tornas, señor Fernández! Mire, voulle ler unha cita, a ver se lle soa: «o que estamos vendo é unha discriminación e un agravio para Galiza». Esta frase non a dixo unha dirixente do BNG, díxoa —non sei se agora se pasou ao protonacionalismo— a señora Ethel Vázquez: «o que estamos vendo é unha discriminación e un agravio para Galiza». Benvidas e benvidos. A mágoa é que non se enterasen seis anos antes, que non dixesen isto, que era un agravio, unha discriminación, cando o Goberno do Partido Popular de Madrid tomaba esas medidas lesivas para Galiza, que non dixesen iso cando o señor Rajoy e a señora Ana Pastor vetaron durante tres anos, tres veces consecutivas, *(Aplausos.)* a Lei de transferencia da AP-9, estiveron caladiñas e caladiños —a procesión dos caladiños e das caladiñas—. E, despois, aínda por riba, foron facer unha foto coa señora Ana Pastor. ¡Manda truco!, ¡manda truco! Vostedes non sei se caeron do cabalo camiño de Damasco, se caeron da burra —como dicía Noa Presas— camiño de Santiago, ou camiño de Soto del Real, pero a realidade é que pasaron á oposición pola corrupción. E, aínda que só fose por iso, a verdade é que gusta escoitar dicir isto do agravio e da discriminación, que poñan na súa boca esas palabras; non sei, dános unha certa satisfacción. O problema é que vostedes teñen nula credibilidade, porque en só seis meses cambiaron por completo o discurso, e isto soa a pose e soa a sobreactuación, a ningunha outra cousa máis.

Vostedes antes practicaban a mansedume e a submisión a Madrid, e agora tamén, agora tamén, ao señor Casado, por suposto. Antes dicían «si, bwana» na comisión bilateral de seguimento da AP-9... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ten algún problema o señor Tellado? Non sei, se ten algún problema ou se quere dicir algo, podemos darlle a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Parece que o molestan algunhas cousas que se din aquí na tribuna. Pois mire, vaino molestar máis aínda porque aínda estou empezando. *(Risos.)*

Miren, vostedes dicían «si, bwana» cando non había bonificacións e gobernaban vostedes en Madrid e na Xunta de Galiza; non había ningunha bonificación, tampouco na AP-9. E vostedes dicían «si, bwana» e non ergueron a voz contra esa situación cando hai trinta e cinco concesións no Estado que si teñen bonificacións. Vostedes calaban, e agora levantan a voz.

Tamén calaron cando aprobaron o rescate das radiais madrileñas, con dous mil millóns de euros de investimento de fondos públicos para ese negocio ruinoso; dous mil millóns de momento, porque aínda están pendentes as expropiacións.

E tamén calaron sobre eses convenios ruinosos para os galegos e as galegas con Audasa do ano 2011, asinado polo Partido Socialista, e no 2013 asinado polo Partido Popular, pola señora



Pastor. Si, si, señor Fernández Prado, vostedes calaron, e agora o señor Feixóo di que lle parece excesiva a suba da peaxe polas obras de Rande e Santiago. ¡Tarde piaches!, (*Aplausos.*) ¡tarde piaches!, ¡había que dicilo antes!, ¡había que dicilo antes!

O BNG, a diferenza de vostedes, denunciaba antes o agravio e a discriminación e denunciado agora tamén, cando goberna o Partido Socialista, que está habendo agravio e discriminación, agravio nesa suba do 3,81 % no 2018 aprobada por vostedes e polo Partido Socialista; na que vén agora do 3,47 %, no ano 2019; no remate da concesión das autoestradas que son da mesma época que a AP-9; tamén no anuncio de rebaixas que fixo o Ministerio de Fomento nas autoestradas rescatadas con eses dous mil millóns, que, aínda por riba, lle aplican rebaixas do 30 % tamén en horario nocturno. Iso é un agravio e unha discriminación, e nós diciámolo antes e dicímolo agora.

E tamén os descontos que anunciaron, que aprobaron, do 80 % en dous treitos da AP-7 e da AP-2 en Cataluña. O Goberno do Partido Socialista aprobou estas medidas de rebaixa do 80 % pagadas con fondos do erario público, do Ministerio de Fomento. Parécenos un agravio.

E claro, vostedes, que teñen moi mala conciencia, nesta sobreactuación, agora veñen anunciarnos como a gran medida resulta que unha bonificación no tráfico nocturno, entre as 12 da noite e as 6 da mañá —que é, como se sabe, cando usa todo o mundo o coche—, nas autoestradas de Carballo e mais do Val Miñor.

Non nos tomen o pelo, señor Fernández Prado. Xa lle digo eu que están facendo unha festa tanto en Bergantiños como no Val Miñor con esta medida raquíca e irrisoria, *o chocolate do loro*. Non nos veñan a vender abalorios. Vostedes o que fan con esta medida é perpetuar e perpetrar un novo agravio para a veciñanza destas zonas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que leva sufrindo estas peaxes abusivas.

Polo tanto, nós desde o BNG o que lles transmitimos e trasladamos é unha serie de emendas —que agardemos que teñan en conta—, primeiro, para eliminar as peaxes nesas autoestradas autonómicas, porque nos parece que é absolutamente discriminatorio para esas comarcas, e que, entre tanto non se leve a cabo esa medida, propoñemos bonificacións cando menos do 50 % para os usuarios e as usuarias habituais.

Tamén facemos o mesmo co caso da AP-9 e a AP-53, que se deben tamén rescatar para o público, e, en todo caso, establecer bonificacións, como hai noutras autoestradas do Estado.

E, dito isto, vostedes veñen aquí con bágoas de crocodilo para ocultar a súa mala conciencia polo que levan feito todos estes anos contra os intereses de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Prado, «sendo moi conscientes do impacto que as peaxes teñen no conxunto do tecido económico e social de Galicia e entendendo que a nosa Comunidade non pode tolerar ningún tipo de idea que supoña un agravio ou unha situación de desequilibrio respecto doutros territorios nin perda de competitividade económica...», etc., esta é a introdución da súa proposición non de lei. E digo eu: ¿ese argumento non é trasladable mediante unha homotecia á Comunidade Autónoma de Galicia con respecto ás autoestradas de peaxe que temos? É o mesmo argumento; polo tanto, debe ser idénticamente válido.

Falan vostedes na súa proposición, no primeiro punto, das bonificacións horarias da AG-55 (A Coruña-Carballo) e da AG-57 (Puxeiros-Val Miñor), as únicas autoestradas autonómicas que teñen peaxe, que soben por certo un 2,15 % este ano, 0,5 puntos máis que a media da subida estatal, que subiron outro 2,5 % no ano 2017, un 1,56 %, un 0,64 %; é dicir, autoestradas que teñen unhas subidas permanentes de peaxes.

Esa é a realidade das peaxes da Comunidade Autónoma. E por iso o noso Grupo Parlamentario propuxo a emenda —que vostedes coñecen perfectamente—, que é presentar no prazo de seis meses estudos para proceder á liberalización das peaxes da autoestrada, porque unha cousa é que non se paguen peaxes directamente polos usuarios e outra que non existan peaxes en sombra, evidentemente; polo tanto, peaxes hai en todo caso.

E tamén pedimos que se estableza de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias destas estradas autonómicas, a totalidade. Mire, fan vostedes de impulsar unha redución dunha peaxe entre as 12 da noite e as 6 da mañá; é dicir, calculo que dezasete coches e tres camións van ser os beneficiados en cada unha destas autoestradas por esta medida. Esta non é unha medida *low cost* para a Administración, é unha medida *now cost*, é dicir, isto non ten custo ningún. Na práctica imos ver en que se traduce esta rebaixa de peaxes, ímolo ver, porque, francamente, cremos que isto é non sei se é un brinde ao sol ou outro tipo de cualificativo que seguramente tería algún tipo de recriminación por parte da Presidencia do Parlamento. En todo caso, isto non vai a ningún sitio, e sábeno vostedes perfectamente.

Con respecto ao resto das proposicións que fan, eu voulle dicir que si, que estamos de acordo, e de feito non as emendamos, e dicimos que si porque nós non cambiamos de criterio, pese ao que dixo o señor Moreira na primeira proposición non de lei debatida hoxe neste Parlamento. E imos dicir que si, porque hai que rebaixar as peaxes.

Pero convén non esquecer, señor Fernández Prado —por se nalgún momento non o tivese en conta—, que a AP-9, se non o remediamos dalgunha maneira, vai ter peaxes ata o ano 2048, e sabe vostede —e esqueceo permanentemente ou omíteo conscientemente— que esa ampliación da concesión se levou a cabo polo señor presidente do Goberno naquel momento, o señor Aznar, sendo conselleiro do gremio nesta Comunidade Autónoma o señor que hoxe é presidente da Xunta de Galicia. ¡Caramba, que coincidencia! E omíte vostede, tamén cons-



cientemente, que a A-1 non é que se libere de peaxes, é que rematou o prazo de concesión. ¿Que quere? ¿Que sigamos pagando despois de que remate o prazo? ¿Parécelle pouco pagar durante a concesión como para despois seguir pagando?

¿Por que nós non estamos nesa mesma situación ou dentro de dous ou tres anos estaríamos na mesma situación que a AP-1? ¿Quen é o responsable de que tiveramos que seguir pagando a peaxe ata 2048? ¿O Goberno do señor Sánchez? Non, sabe vostede perfectamente que non.

Con respecto ao punto 3, é idéntico razoamento. Claro que si, claro que consideramos que é necesario flexibilizar o custo da peaxe da AP-53, e, polo tanto, tamén a imos apoiar e non a emendamos.

E con respecto ao último punto da súa proposición non de lei, plantexa en realidade dúas cousas: unha, que as futuras obras da AP-9 non se financiarán con cargo a novas subas de peaxe. Tamén estamos de acordo, evidentemente, pero estamos de acordo tamén —e así o aprobamos xa neste Parlamento e non vexo eu a necesidade de reincidir— en que se proceda á liberalización da peaxe de Redondela. Sabe vostede perfectamente que, cando se toman determinadas medidas que no seu momento parecen as axeitadas, como foi a liberalización para o tráfico que se dirixe cara á zona de Cangas, acaban producíndose certas inequidades. O obxectivo naquel momento era claro; é dicir, era reducir a duración da viaxe e favorecer a competitividade, como vostedes argumentan correctamente na xustificación da súa proposición non de lei...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...pero, evidentemente, os veciños de Moaña quedaron fóra desa gratuidade. E, polo tanto, imos apoiar iso. En todo caso, entendemos que deberían aceptar a nosa emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Ben, non sei como podemos chamarlle a esta iniciativa, podemos chamarlle «*O xogo de trileros continúa*», «*Os trileros volven*», «*Os trileros nunca se foron*», «*Xogo de trileros - segunda tempada*». Todo o relacionado coa AP-9 e co Partido Popular é un xogo de trileros. Primeiro, vostedes xogaron a votar aquí neste Parlamento a transferencia e a recuperación da AP-9 nun primeiro momento e despois tan só a transferencia e bloquear en Madrid na Mesa do Parlamento o seu debate. E agora pasamos á segunda tempada. A segunda tempada é: vos-
tedes votan aquí a favor de que se baixen as peaxes mentres vostedes son os responsables da situación que temos coa AP-9.



Dicía o señor Fernández Prado que viñan defendendo sempre a transferencia e que é unha boa nova. O que non di o señor Fernández Prado é que, se non se fixo antes, foi porque o Partido Popular o impediu. Ese é o seu xogo de trileros.

Di tamén o señor Fernández Prado que quedan moitos pasos por dar. Por suposto que quedan moitos pasos por dar, entre eles (*Murmurios.*) a recuperación para o público da AP-9, para rematar xa con esta estafa.

Reproban vostedes a suba este ano por parte do Goberno central, pero, claro, é que vostedes participaron nunha foto fraudulenta o pasado ano, que permitía que este ano se suban as peaxes. Entón, non sei como vostedes lle recriminan ao actual Goberno que suba as peaxes cando vostedes participaron na foto fraudulenta dicindo que remataran as obras, que era o que permitía que este ano se poidan subir as peaxes. Polo tanto, son vostedes os principais e os únicos responsables de que este ano se poidan subir as peaxes.

É máis, nós trouxemos iniciativas a este Parlamento, despois desa vergoñenta foto, onde solicitabamos que este Parlamento se posicionara en contra da suba das peaxes este ano, porque entendíamos que as obras non estaban rematadas o ano pasado. ¿E saben que fixeron vostedes, verdade? Vostedes votaron en contra. Vostedes estaban de acordo con que este ano se subiran as peaxes e votaron en contra das iniciativas que trouxo En Marea para que non se subiran as peaxes este ano. Pero iso era cando vostedes estaban no Goberno, por iso agora cambian de posición.

E con respecto á discriminación con respecto a outras autoestradas, como acaba de dicir vostede e llo acaba de dicir o señor Álvarez, se nós non estamos nesta situación, se a AP-9 non está nesta situación, é porque o Partido Popular regalou unha prórroga ata 2048; por iso non estamos nesta situación. E dende o momento en que o Partido Popular privatizou a prezo de amigos esta autoestrada, subiron as peaxes un 60 %. É a súa responsabilidade a suba do 60 % das peaxes ata 2048 na autoestrada, esa é a súa responsabilidade. Por unha xestión dunha autoestrada que non é para nada difícil, vostedes decidiron poñelo en man de especuladores para que gañen cartos a custa dos galegos e das galegas, porque mantiveron no momento da privatización o mesmo director que estaba cando era pública. E, polo tanto, non mudaron nada. O único que mudaron é que a partir dese momento había fondos de especulación enriquecéndose cos cartos dos galegos e das galegas.

A súa intervención, se hoxe fose o próximo venres, o día 28 de decembro, pois podía ter algo de sentido, porque podería quedar nunha brincadeira, pero, como hoxe non é 28 de decembro, é unha burla que vostedes estean defendendo aquí o que están defendendo hoxe, con todo o que levan feito con esta cuestión.

Comezan tamén vostedes dicindo na súa exposición de motivos que o día 13 de novembro houbo unha nova reunión da comisión da AP-9 entre a Xunta e Fomento. Se fora o 28 de decembro, isto tería graza. Pero ¿cales foron as anteriores xuntanzas? ¿¡Como que unha nova xuntanza!?! ¡A primeira, a primeira xuntanza, non unha nova xuntanza! Porque, mentres en Fomento estaba o Partido Popular, a Xunta de Galicia non se reuniu nin unha soa vez nesta comisión. Pregunteillo directamente á señora Ethel Vázquez e non me respostou; pregun-



teillo nunha pregunta directa: ¿cando se reuniron?, ¿que defenderon?, e ¿cales foron as conclusións?, preguntas moi sinxelas para trasladar dunha xuntanza. Non me deu nin unha soa data nin unha soa conclusión, porque non se reuniron. Esta é a primeira xuntanza.

Vostedes teñen información do que pasou nesta xuntanza. Ten agora unha réplica, déame información das outras xuntanzas, porque teñen vostedes o privilexio de contar coa información do que aconteceu nesta xuntanza e ao mellor tamén a teñen desoutras xuntanzas fantasma que din que ocorreron; igual teñen tamén información; ata o de agora nunca a puxeron enriba da mesa.

Dicir tamén —remato xa— que a maquillaxe que vostedes fan coa AG-55 e AG-57 —como xa dixeron os voceiros que me precederon— non serve para nada, é unha maquillaxe, é outro xogo de trileros para que pareza que vostedes están facendo algo.

Remato. Nós presentamos unha emenda de substitución no punto 2, porque nós entendemos que o paso que hai que dar non é poñernos a xogar a este xogo de trileros a ver se conseguimos se se rebaixan algo as peaxes. O que entendemos é que hai que recuperar a AP-9 para o público, que Galicia deixe de investir máis de cen millóns ao ano nesta autoestrada que saen dos bolsillos dos galegos e das galegas e que se poña ao servizo do desenvolvemento social...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CAL OGANDO: ...e económico de Galicia, que é como ten que estar.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Señor Bará, fala vostede dunha foto con Ana Pastor. Moléstao non estar na foto, está amolado. Pero, mire, os que o quitaron da foto non fomos nós, foron os galegos os que o quitaron da foto. (*Aplausos.*) Sacárono das fotos, primeiro, porque non teñen deputados no Congreso e, despois, porque tampouco teñen aquí a representación suficiente para estar dentro desa comisión. Os que o quitaron da foto foron os galegos e as galegas co seu voto.

Pero, claro, esquece vostede que no 2011 o convenio o firma o Goberno socialista, un convenio para pagar esas obras de ampliación. Agora nós dicimos que hai agravio porque cando o que se fai para a AP-1, para a AP-7 e para as radiais de Madrid non se fai para a AP-9 e para a AP-53, esas rebaixas nocturnas das que se ri o Partido Socialista, ¿por que non se levan tamén ás autovías e ás autoestradas autonómicas? ¿E por que, se se rin das autonómicas, o fan nas radiais de Madrid pero non na AP-9? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que? Se non é nada, que rebaixe tamén as nocturnas da AP-9 o Goberno central socialista co apoio das Mareas.



Miren, señores socialistas, cando vostedes gobernaban, non rebaixaron ningunha peaxe das autonómicas, ¡ningunha! O único goberno que baixou peaxes foi o Goberno do señor Feijóo, o único que fixo rebaixas de peaxes. Claro, quere darnos agora aquí clases un Bipartito que asinou un convenio para pagar peaxes das autoestradas estatais, 7 millóns de euros ao no, ¡7 millóns!, 400 millóns de euros en total. Esas son as clases que queren darnos de peaxes os que, mentres gobernaban, non só non protestaban e non vían agravios, senón que pagaban as peaxes da Barcala e de Rande os que ían ao Morrazo.

Pero, claro, de todo o que escoitamos o señor Cal trae hoxe e chámanos trileiros, señor Cal. (*Murmurios.*) Eu tróuxenlle, porque creo que non leu hoxe *La Voz de Galicia*, (*O señor Fernández Prado mostra un documento.*) os comentarios do señor compañeiro, o señor Merlo, cando di que os trileiros son vostedes. (*Risos.*) (*Aplausos.*) ¡Claro! Exactamente, xogo de trileiros. (*Aplausos.*) ¡Mal día para traer este cualificativo para os do PP! Pero, miren, é difícil tamén ser trileiros, evidentemente. Xa non se sabe se son as Mareas de Podemos ou os Podemos das Mareas, porque están a ver quen queda con isto en Galicia.

En calquera caso, o que nós dicimos é: queremos manter a coherencia que mantivemos todos estes anos, tamén estes seis meses desde que goberna o Partido Socialista. E pedimos o mesmo que lle pediamos a Mariano Rajoy, o mesmo.

Señor Álvarez, di vostede que non cambiaba de criterio. Vou lerlle tres comentarios, un dun tal Gonzalo Caballero, 25 de xaneiro de 2018: «Hai que utilizar mecanismos presupostarios para evitar a subida das peaxes». Outro, duns días antes, o señor Leiceaga, (*Murmurios.*) 5 de xaneiro de 2018: «Ten que asumir Fomento evitar o traslado aos cidadáns das peaxes», ¡da ampliación que firmaron eles! (*Murmurios.*) E, por último...

O señor PRESIDENTE: ¡Chissst!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...méteno por Rexistro na PNL 2469, que di literalmente que «asuma con cargo ao seu orzamento as obras de ampliación da capacidade da AP-9». Tres veces en menos dun ano e ¿agora somos nós os que cambiamos de opinión?

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ¿Somos nós?

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Ben, evidentemente..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...señor presidente, con estes criterios non podemos aceptar esas emendas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Non as acepta. Grazas.

Rematados os debates sobre as proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor. (*Murmurios.*)

Comezamos... (*Murmurios.*) Se lles parece... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, xa está. Iso forma parte do intercambio dos parlamentarios e sobre iso non vou entrar; iso é outra historia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, vamos ver, eu voules propoñer, habida conta do tempo no que estamos, non vou ler outra vez todas as proposicións porque se non... Entón, se estamos un pouco máis atentos, sabemos.

Número 1. Imos coa número 1, que é do Grupo Parlamentario Popular, de don Gonzalo Trenor.

¿Hai unha transacción ou non a hai?

O señor TRENOR LÓPEZ: Hai unha transacción, que é da seguinte forma: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Concello da Coruña a cesión dos espazos no mercado de Santa Lucía para facer un novo centro de saúde nese lugar, como o solicitan os veciños e veciñas, e que se realice coa maior brevidade garantindo as asignacións orzamentarias necesarias».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a número 2, iniciativa de don Marcos Cal, que falou de que non aceptaba pero ía facer unha transacción.

¿Hai transacción? Léanola, por favor.



O señor CAL OGANDO: É un pouco complexo pero, ben, os distintos voceiros téñeno claro, pero repaso: os dous primeiros puntos quedarían tal cal están, no terceiro punto engadiríamnos ao final da nosa parte o primeiro punto do Partido Socialista e no sexto punto incorporaríamos o segundo punto do BNG. Xa saben os voceiros como é esta introdución.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CAL OGANDO: E despois facemos unha votación por puntos que me solicitaron. Votariamos os dous primeiros puntos, por unha banda; o terceiro, por outra; o cuarto e quinto, xuntos, noutra votación; e, por último, o sexto punto.

O señor PRESIDENTE: Entón, comezamos votando por puntos.

Votariamos, en primeiro lugar, os puntos 1 e 2.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 3.

Votamos.

Votación do texto transaccionado do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 4 e 5.

Votamos.

Votación dos puntos 4 e 5 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 6.

Votamos.

Votación do texto transaccionado do punto 6 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Terceira proposición non de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, iniciativa de dona Paula Vázquez.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a número 4, iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, de dona Montserrat Prado Cores.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a quinta proposición non de lei, iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, de dona María Luisa Pierres.

Non hai emendas, hai unha autoemenda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a número 6, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas, na que acepta como adición a emenda do Grupo Parlamentario Popular e tamén a votación por puntos.



¿Hai unha transacción? É verdade, hai unha transacción aquí. ¿Coñecen os grupos esta transacción? (Pausa.) ¿Todos? Votámola.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Por puntos? (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

Ben, a ver, ¿como me separa? ¿A votación por puntos? Por puntos. ¿Que puntos quere separar? (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

Soamente votamos o número 1.

Veña, votamos. Punto número 1.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019.

Hai un erro na votación, ao parecer. (Murmurios.) Non, ímoslle botar sentido común á cousa. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) O sentido común é que hai que volver votar porque hai un erro na votación. Entón, volvemos votar o punto número 1. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, aquí aínda podemos modificar, aínda somos un parlamento normal e un erro teno calquera. (Murmurios.)

Volvemos votar o punto número 1. (Murmurios.) Atención, por favor. O punto número 1. Imos votar o punto número 1. (Murmurios.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación do texto transaccionado, agás o punto 1, xa votado, da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis,



sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Sétima. Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Concepción Burgo, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Martín Fernández Prado, que non acepta as emendas dos outros grupos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Aínda que queda o pleno da tarde, eu quixera que compartiramos todos —todos, a Mesa— algo de relax, e ímolo facer na Sala dos Reis.

E tamén hoxe quixera recordarlles que, tal día como hoxe, se constituíu o primeiro Parlamento de Galicia, hai trinta e sete anos. Creo que é oportuno que teñamos un recordo para



todos aqueles que durante este tempo fixeron e traballaron para que Galicia sexa moito mellor. Para eles vai ir hoxe tamén o noso recoñecemento.

Nada máis.

Suspendemos a sesión ata as catro e media. *(Aplausos.)*

Suspéndese a sesión ás tres e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e corenta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Antes de entrar no desenvolvemento da mesma, teño que comunicar unha moi mala nova —algúns de vostedes dos deputados e deputadas xa a coñecen—, que é o afundimento do pesqueiro *Sin Querer Dos* fronte á costa de Fisterra. Neste momento, polos datos que temos, parece que hai tres persoas falecidas e unha desaparecida. Desde aquí nós trasladamos a nosa máxima solidariedade e, por suposto, as condolencias ás familias destas persoas.

E agora convido a todos os deputados e deputadas a gardar un minuto de silencio.

(As señoras e os señores deputados, así como todos os asistentes á sesión, levántanse e gardan un minuto de silencio.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Agora si, entramos na orde do día.

O señor PRESIDENTE: Corresponde o punto cuarto, de interpelacións. Foi aprazada unha interpelación que xa se comunicou. Polo tanto, substanciaremos a segunda interpelación.

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Ía pedir desculpas porque onte na estación de tren, esperando o tren ás dez da noite, colleume o frío, porque a estación de Santiago é un témpano cando o vento vén así de través, e estou un pouco afectado. Espero non desmaiarme, porque xa era o que faltaba hoxe.

Imos falar da falta de información suficiente para a cidadanía sobre as tarifas da luz e do que a Xunta de Galicia pensamos que debería facer.

Unha falta de información que supón un traslado, segundo o noso criterio ilexítimo, de rendas dos fogares cara ás eléctricas, que podería superar os 200 millóns de euros ao ano en Galicia, e penso que isto deixa clara a importancia do asunto.



E o máis grave é que podería corrixirse dunha maneira bastante sinxela e cuns orzamentos moi contidos. A rendibilidade para a cidadanía sería moi importante, pero, claro, o prexuízo para as eléctricas sería equivalente.

Pensamos que aí está a clave de que non se implementen as medidas que reclamamos nesta interpelación e, ademais, non o entendemos.

Na pasada Comisión 6ª a señora Vázquez Abeal, presidenta do Instituto Galego de Consumo, contestou —a verdade é que teño que recoñecelo— con total solvencia profesional e transparencia. O que a caracteriza non é a ironía, teño que deixar claro, porque recoñezo totalmente o seu traballo. Outra cousa é que teña os medios suficientes para desenvolver axeitadamente o seu traballo.

E falou sobre as accións que desenvolve a súa institución, que para nós son absolutamente anecdóticas ante a gravidade do problema. Por exemplo, comentou que en catro anos se fixeron charlas informativas —que nós viñemos reclamando— ás que acudiron 2.600 persoas en catro anos. Como dato comparativo é a mesma cifra de persoas que fan consultas nos puntos de información enerxética dos concellos de Madrid ou Barcelona nun mes, é a mesma xente que aquí en catro anos. Iso quere dicir que o interese da cidadanía é enorme por este tema, entón pensamos que a Xunta de Galicia tería que reforzar moitísimo máis esta oferta e —como direi máis adiante— máis alá da información.

Tamén recoñeceu, e por aí van a maior parte das nosas propostas, que a información verdadeiramente eficaz é a personalizada, que só podería facerse con puntos estables de información dotados de persoal coa formación necesaria. Ela falounos de que se fan cursos para xente da Cruz Vermella, para a xente de Cáritas. Pensamos que ese non é o camiño, porque a información sobre as tarifas si que a pode facer calquera, ata eu estou dando cursos sobre as tarifas por toda Galicia; imaxínade que se as fago eu as pode facer calquera. Pero a realidade da causa vai moito máis alá, falar de eficiencia enerxética, de hábitos de consumo, a demanda enerxética, etc., vai máis alá do que pode facer unha persoa cun cursillo.

Despois de todo o que desenvolveu a señora Vázquez Abeal, tivo que recoñecer que realmente os resultados non son os máis razoables, porque despois destas —para nós totalmente insuficientes— accións, ¿a realidade cal é? Ela recoñeceu que, evidentemente, para todos os fogares é mellor estar no mercado regulado, ¿cal é a realidade? A realidade é que 150.000 fogares galegos ao ano se están pasando ao mercado libre. Tamén recoñeceu que a tarifa de discriminación horaria é a tarifa máis vantaxosa para todos os consumidores, pero en Galicia só a teñen o 6 % dos fogares, cando por exemplo en Alemaña a teñen o 94 % dos fogares.

¿Por que as compañías eléctricas non teñen interese en que a xente se entere de que a discriminación horaria beneficia a inmensa maioría, a máis do 95 % da cidadanía? Porque eles compran a enerxía con discriminación horaria, se a poden vender en tarifa estable durante todo o día gañan moitos cartos, porque venden durante catorce horas a enerxía por un 45 % máis do que vale no mercado maiorista.

Todo isto nós pensamos e damos por feito que é unha realidade evidente, e todas estas iniciativas deberían ir moito máis alá da mera información sobre as tarifas, do que acabo de



falar para asesorar das accións para mellorar a eficiencia enerxética dos fogares, que en Galicia é un problema gravísimo non só polos temas de temperatura, senón, sobre todo, polos temas de humidade.

Accións para baixar o consumo. Por exemplo, a xente non sabe que poñendo —algunha xente sábeo, pero a maioría da xente non o sabe— luz LED na súa vivenda pode aforrar ata o 90 % do consumo enerxético. A xente non sabe que unha neveira ou conxelador A+++ se pode amortizar en catro anos, e pensamos que o Goberno debería de fomentar con algunha acción a renovación dos electrodomésticos, porque sobre todo na zona rural todo o mundo ten conxelador, que é o electrodoméstico que máis consome con moita diferenza. Ese electrodoméstico está as catorce horas consumindo a enerxía en tarifa normal, cando podería estar cun 45 % de desconto. Ademais de informar do bono social, detectar as situacións de pobreza enerxética, etc.

Como pensamos que o Goberno da Xunta de Galicia non fai o suficiente, En Marea a verdade é que fixo un esforzo importante. Compáren, a Xunta de Galicia 2.600 persoas en catro anos, En Marea fixo vinte charlas nos últimos tres meses ás que acudiron 1.000 persoas. ¿E que detectamos entre esas 1.000 persoas espalladas por toda Galicia, que é unha boa mostra? Pois encontramos o seguinte: o 80 % que acoden a estas charlas descoñecen que contrato e tarifa teñen nos seus fogares; o 90 % descoñecen se están abonados ao mercado regulado ou ao mercado libre; o 80 % descoñecen as vantaxes de ter contratada a tarifa de discriminación horaria cando son absolutamente evidentes; case o cen por cento das persoas descoñecen se a potencia contratada é a adecuada para o seu fogar, aceptando a que a compañía comercializadora lles propón.

Aínda que as medidas máis importantes para baixar o recibo da luz van moito máis alá de todo isto que estou a falar, En Marea plantexou cantidade de propostas de como mellorar o establecemento de prezos da enerxía, pero isto, evidentemente, son complexos de desenvolver, pero necesarios absolutamente, estes son absolutamente sinxelos de implementar. É unha charla máis —despois ter no concello un punto de información enerxética—, porque a xente nunha charla entérase de tres cousas: potencia, hai que ter a correcta; segundo, estar no mercado regulado; e terceiro, discriminación horaria.

Se algún deputado ou deputada non o sabe, pola tarde ou mañá pode chamar á compañía e dicir: quero o mercado regulado, quero discriminación horaria, e dentro dun par de meses poderemos falar e xa me dirán canto aforraron. Isto é en serio.

Pero ir máis alá e falar da eficiencia enerxética e falar de como combater a pobreza enerxética ten que ser dunha maneira moito máis personalizada, e para iso é para o que son imprescindibles os puntos de información enerxética.

Non sei se o crerán, pero estes levan funcionando en Madrid tres anos, en Barcelona dous anos, e é o servizo municipal máis demandado pola cidadanía, pero con moitísima diferenza. Xa digo, unha media de case 3.000 consultas ao mes.

¿E todo isto que implica? Non ter a potencia contratada que correspondería aos fogares —non me dá tempo de desenvolver todo o estudo— supón entre 28 e 37 millóns de euros de máis que pagan os fogares galegos.



Estar no mercado libre supón para o 40 % dos abonados pagar arredor dun 9 % máis no recibo, arredor de 50 millóns de euros máis ao ano. E o máis importante de todo, dígo por se vostedes queren escoitar, mañá chamen e pásense á discriminación horaria, e notarán a diferenza. Aí o do aforro pode ser entre o 10 % e o 30 % na parte correspondente ao consumo de enerxía no recibo, e sen demasiada disciplina, porque hai xente que tamén nas charlas me di: mire, é que eu quero poñer a lavadora cando me dá a gana, quero poñer o lavaplatos cando me dá a gana; pois aínda así, tendo en conta os electrodomésticos que non teñen a máxima potencia, pero si o maior consumo anual, como a neveira e o conxelador, eses están conectados todo o día. Se catorce horas ao día están co 45 % de desconto, xa se aforra seguro. Ou sexa, por algo será que en Alemaña —xa digo— que o 94 % da poboación, dos abonados, teñen a discriminación horaria.

Que a xente non o saiba —e xa digo, o 80 % das persoas non sabían as vantaxes da discriminación horaria— supón un aforro mínimo de entre trinta e oitenta euros ao ano sobre un recibo medio de sesenta euros ao mes, multiplicado polo 1,8 millóns de abonados domésticos en Galicia, o que supón, dependendo da disciplina, 126 millóns de euros de aforro, sen ningunha disciplina, facendo a aposta para asumir nas horas puntas, aínda así 47 millóns de euros de aforro.

É dicir, entre un mínimo de 125 millóns e un máximo de 213 millóns de euros de aforro para os fogares ao ano cun nivel de información axeitada. Pensamos que a cifra é o suficientemente importante, sobre todo porque afecta fogares con menores rendas, que son os que ademais teñen menor información. Entón pensamos que a Xunta de Galicia ten que implicarse dunha maneira moito máis importante, moito máis forte.

O que nos explicou —xa digo— moi transparentemente a directora xeral, a presidenta do Instituto Galego de Consumo o outro día, é anecdótico totalmente, hai que poñer moitos máis medios, evidentemente en colaboración cos concellos, porque é alí onde se teñen que poñer os puntos de información enerxética, con persoal perfectamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Eu non digo que teña que haber un experto en cada concello, pero poden ir os luns a Curtis, os martes a Melide, os mércores a Arzúa, etc. Non supoñería un investimento —eu non sei, a verdade é que non o avaliei— de 1 ou 1,5 millóns de euros ao ano e aforraríalles aos fogares galegos 215 millóns de euros.

Pensamos que o asunto é suficientemente importante, suficientemente sinxelo de solucionar e esperamos que o Goberno o teña en conta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Casal, a verdade é que eu lle agradezo que traia a este parlamento temas de interese para o conxunto dos galegos. Temas de interese que afectan ademais o seu peto e, polo tanto, que teñen unha incidencia na súa vida diaria. E, dende logo, a Xunta de Galicia comparte con vostede o compromiso de protexer as persoas consumidoras, e por iso o Instituto Galego de Consumo e da Competencia desenvolve un labor moi importante de información, de formación, colaborando coas diferentes asociacións e tamén, ao mesmo tempo, defendendo os dereitos dos consumidores a través de accións de inspección, tamén de sancións, no caso que proceda, e, finalmente, o Instituto tamén desenvolve iniciativas de mediación de arbitraje para reducir os conflitos.

Nese sentido creo que a colaboración que os diferentes grupos parlamentarios poidan facer co Instituto Galego de Consumo vén sumar, porque me imaxino que nese sentido sabe que o propio Instituto e a Escola Galega de Consumo están á súa disposición para colaborar e, polo tanto, para promover calquera iniciativa que consideren axeitada.

Pero hai dous relatos nos cales non é posible estar de acordo. Creo que non é xusto dicir que a Xunta non fai nada, podemos dicir que estamos ante un tema complexo, pero de aí a magnificar que a Xunta de Galicia non fai nada, non é realista.

Efectivamente, na pasada Comisión a directora xeral trasladoulle todas as iniciativas que se están a desenvolver por parte do Goberno para facilitar a información sobre a factura da luz, sobre as iniciativas de aforro no consumo de electricidade, no bono eléctrico, e sabe que o Instituto está a desenvolver un importante labor a través das charlas informativas en máis de cento vinte concellos, con actividades tamén formativas nas noventa e oito aulas da rede Cemit —dos Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica—.

E tamén, e intentando responder á súa proposta, sabe que o Instituto realiza un importante labor de colaboración e de formación de persoal técnico, e en Galicia, señor Casal, sabe que temos noventa oficinas municipais de información ao consumidor, as OMIC, e esas noventa oficinas de información ao consumidor son noventa puntos de información que teñen os galegos para recibir información sobre todos estes temas. E sabe tamén que os propios servizos sociais dos concellos —que teñen que atender a consumidores vulnerables— tamén actúan como puntos de información dentro das diferentes vías para facilitar o acceso ás diferentes medidas.

Polo tanto, claro que en Galicia hai puntos de información a través dos concellos, a través desas noventa oficinas municipais de información ao consumidor e a través dos propios servizos sociais dos concellos.

Pero tamén imos máis aló e estamos prestando especial atención e asesoramento aos colectivos máis vulnerables, porque, efectivamente, a eles temos que chegar, e estámolo facendo en colaboración coas asociacións que están máis preto destas realidades, como é o Secretariado Xitano, Recursos Galicia, a Cruz Vermella, ou Cáritas, e tamén estamos colaborando coa propia Federación Galega de Municipios e Provincias para garantir toda a información sobre o bono social e sobre a factura eléctrica.



En definitiva, hai toda unha rede de información que pivota, dalgunha forma, sobre o propio Instituto Galego de Consumo e da Competencia, que está permitindo —por darlle un dato adicional—, nas propias oficinas e a través do teléfono gratuíto, atender preto de trinta mil consultas no eido eléctrico.

Polo tanto, hai un labor moi importante que estamos desenvolvendo dende a Xunta de Galicia, dende o Instituto Galego de Consumo, dende as oficinas municipais de atención ao consumidor e dende, tamén, os propios servizos sociais.

O segundo relato onde non podemos estar de acordo é nas súas extrapolacións. Eu agradézolle a iniciativa de desenvolver charlas, pero de aí a extrapolar datos e realidades sobre Galicia paréceme que iso é máis propio, seguramente, de determinados centros de investigación sociolóxica que, realmente, dunha análise seria de cal é a realidade en Galicia dende este punto de vista.

É certo que cabe facer máis, é certo que temos que desenvolver todas as campañas que sexan necesarias para achegar o consumidor á realidade e explicarlles como se poden beneficiar de medidas moi simples, e efectivamente estamos insistindo nas medidas que vostede plantea a través de adecuar a potencia ás necesidades reais a través desa discriminación horaria e desa tarifa reducida, pero de aí a esa foto en negro que En Marea adoita facer, pois creo que neste caso concreto non é realista.

E concordamos, señor Casal, en que as iniciativas non teñen que ser só de información, sendo importantes. As iniciativas hai que levalas a outros ámbitos como é a loita contra a pobreza enerxética, a defensa dos dereitos dos consumidores, o impulso da eficiencia enerxética e, tamén, apoiando a transición enerxética sostible. Son catro ámbitos que van máis aló do eido informativo e nos que hai que traballar, e onde eu creo que había que facer un recoñecemento de que a Xunta de Galicia estivo e está en todo momento desenvolvendo iniciativas.

No eido da pobreza enerxética, recórdolle que a Xunta de Galicia actúa dende o ano 2014, foi das primeiras comunidades autónomas onde implantamos de forma pioneira o ticket eléctrico para as axudas e para evitar os cortes de subministración, e tamén sabe que promovemos esa Lei 7/2017, de eficiencia enerxética, que precisamente permite completar as axudas do novo bono social do Estado, polo tanto garantindo aos consumidores non só unha redución, unha gratuidade nos servizos, senón tamén evitando que se corte a subministración.

Sabe que no eido da protección dos consumidores o propio Instituto Galego de Consumo desenvolve un labor moi importante. Dende o ano 2009, señor Casal, os expedientes sancionadores que se aplicaron por parte da Xunta de Galicia ás empresas eléctricas alcanzan os 34 millóns de euros. Ogallá non fora ningún, porque significaría que todo se desenvolve de forma axeitada, pero a realidade é que o Instituto Galego de Consumo cando ve unha irregularidade actúa, abre un expediente e sanciona, e son 34 millóns de euros cos que levamos sancionado ás eléctricas durante estes últimos anos. Por darlle un dato, durante o Bipartito as sancións alcanzaron unha contía de 97.000 euros. Creo que aí hai unha desproporción



clara e hai un interese claro por parte desta Xunta de Galicia en actuar ante calquera situación irregular por parte das compañías eléctricas.

No eido da eficiencia enerxética, estamos traballando cos fogares, sobre todo para que introduzan enerxías máis eficientes dende o punto de vista da biomasa e dende o punto de vista incluso do fomento e do autoconsumo. Este ano 2019, o próximo ano, os orzamentos do Inega incrementaranse un 27 %, dedicaremos 23 millóns de euros a axudas ás familias, ás empresas e administracións para reducir o custo da tarifa eléctrica.

E, finalmente, estamos traballando na transición enerxética sostible, co desenvolvemento de 1.200 megawatts en fontes de enerxías renovables, que seguro que impactarán no medio prazo para que as familias teñan un prezo razoable dende o punto de vista enerxético.

En definitiva, o que quixera é a oportunidade de trasladarlle que a Xunta de Galicia está actuando, e está actuando e dando información, e está actuando, tamén, tomando iniciativas e combinando medidas de tipo estrutural con medidas paliativas, que son as que recomentan os expertos, e, polo tanto, o que entendemos é que temos que elevar esas propostas e seguir nesa dirección en colaboración coas diferentes administracións e en colaboración cos diferentes grupos políticos.

O único que botei en falta na súa intervención é por que esas iniciativas, que moitas delas lle corresponden ao Goberno central, vostede non as traslada. Seguramente será porque como agora gobernan conxuntamente en Madrid, pois hai que falar da Xunta de Galicia, pero creo que realmente o que temos que facer é colaborar entre todas as administracións e colaborar, loxicamente tamén, entre todos os grupos políticos para establecer ese traballo no eido da información e tamén no eido do desenvolvemento regulamentario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Agora saudamos os alumnos de 5º e 6º de primaria do centro Mestre Pastor Barral, de Melide, e tamén os profesores que están con eles. Benvidos ao Parlamento.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Primeiro un comentario sobre o último que dixo o conselleiro. Non gobernamos en Madrid, se gobernamos en Madrid, Alcoa tería solución hoxe xa. *(Aplausos.) (Protestas.)* ¡Seguro, seguro, seguro! Pero a realidade é que non gobernamos en Madrid. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, por favor, silencio.

O señor CASAL VIDAL: A verdade é que teño que recoñecer que a solvencia demoscópica dos meus datos é endeble, evidentemente. Son 1.000 persoas repartidas en vinte concellos, endeble, pero bueno. Mire vostede, agora nas ceas de Nadal, se quere ver se o que digo é unha astracanada, falen con todos os seus familiares a ver cantos saben se están en mercado libre



ou en mercado regulado, cantos saben que a discriminación horaria pode reducir a súa factura nun 30 % no termo de enerxía. A ver cantos o saben, e ao mellor, evidentemente, será un estudo demoscópico tamén insolvente, pero dá unha idea de por onde van as cousas.

Se non fora así, se verdadeiramente foran tan eficaces —e mire que me dá non sei que falar do Instituto Galego do Consumo, que penso que é unha das mellores institucións que ten a Xunta de Galicia, porque tiveron o gusto de colaborar con eles no problema de Motorkar en Ferrol e en Neda e a súa actuación foi impecable, teño que dicilo e teño que recoñecelo porque é así, pero, claro, sen medios non se poden facer as cousas—, se vostede dubida do que eu falo —pero hai unha evidencia—, se cada ano 150.000 persoas e fogares se pasan ao mercado libre, sabendo que os prexudica, evidentemente —non creo que iso mo vaia negar—, e se o 94 % dos fogares non saben que a discriminación horaria os beneficia —que espero que tampouco me negue que os beneficia—, ¿por que non a contratan? ¿É que todo vai tan ben?, ¿é que a información flúe por todos os lados? É un pouco raro, isto é un pouco raro, polo menos raro, ¡digo eu!, aínda que non teña solvencia demoscópica.

Entón, ademais, se estamos de acordo, pois fagan un estudo. Miren, por exemplo, todo o que están facendo no Concello de Madrid parte dun estudo moi amplo que fixeron no ano 2016 sobre a pobreza enerxética no Concello de Madrid. Poderían copiar o formato, de aí saíron centos de iniciativas, decenas de propostas para o que está a pasar agora, e teñen vostedes razón, isto non é só responsabilidade da Xunta de Galicia, ¡toda a razón!, e xa non digo do Estado, é máis competencia dos concellos. Iso si, o problema é que a maioría dos concellos de Galicia non teñen orzamento para desenvolver isto e a Xunta de Galicia tería que estar presente.

Porque isto non o pode facer un técnico de servizos sociais, isto que é o máis elemental: tarifa regulada, discriminación horaria; iso é fácil de entender por calquera, pero falar xa da incidencia da humidade no consumo enerxético, por exemplo, ou ter electrodomésticos en *stand by*, ¿canto custa ao ano? —¡que é unha pasta!— ¿Non ter os electrodomésticos adecuados? Son moitas cousas, e iso xa vai un pouco máis alá do que un experto en servizos sociais pode facer.

Entón, pensemos de verdade, reflexionen, pode que non sexan 200 millóns, poñamos que sexan 150, pero asegúrolles que é unha pasta para os fogares galegos. E se non, fagan un estudo e saquen as conclusións vostedes mesmos.

Despois, claro, outra cousa que xa me empeza a deixar un pouco así de como manexan os datos, e é que o outro día unha señora, que como xa lle dixen respecto moito, dixo que as denuncias foran de 20 millóns, e agora vostede —catro días despois— dime que son 34 millóns. Non penso que en catro días meteran 14 millóns de multas. Entón, nós imos pedir esa información para saber por que causas, a ver se é debido, por exemplo, a unha estafa masiva que se está producindo. Coméntollo, tamén, para que llo traslade ao Instituto Galego de Consumo.

¿Saben como queren frear que a xente non pida discriminación horaria? Non sei se vostede saberá que en España hai uns anos cambiou a tensión regulada, pasou de 220 voltios a 230,



e iso implicou que as potencias reguladas contratadas se incrementaran en 150 watts, porque como ía por amperes, quere dicir que quen tiña 3,3 agora a regulada correspondente é 3,45 quilowatts.

Esa persoa vai pedir a discriminación horaria e dinlle: ¡ah, alto aí! Pero ten que renovar o contrato, e para renovar o contrato ten que pasar á nova potencia regulada; iso implica un incremento de potencia e ten que pagar vostede tarifa de acceso e contrato de acceso. Non é moito diñeiro, son dez euros máis IVE, salvo que che digan que a rede non ten capacidade, entón cóbranche moito máis.

Iso é unha estafa, porque o incremento das potencias reguladas determinouno o goberno do señor Rajoy, non é responsabilidade dos abonados. Paréceme ben que tendo en conta que cambia a tensión, multiplicada pola intensidade, modifican as potencias reguladas, pero que non freen que a xente poida pedir a discriminación horaria pedíndolle que paguen por iso cando a lei di explicitamente que é gratuíto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: E unha cousa, entre outras decenas. Sabe vostede tamén como estiveron, por exemplo, no bono social, denegando algúns bonos sociais. Sabe que ao bono social —que despois lle preguntarei por iso— ten dereito toda aquela persoa que ten a pensión mínima, pero denegaron moitos. O outro día chamoume unha señora dicindo: denegáronmo porque din que teño ingresos financeiros. Eu díxenlle: ¿pero como vai ter vostede ingresos financeiros? Díxome: si, é que na cartilla o ano pasado déronme 1,27 euros de rendemento, e entón dinme que teño ingresos financeiros e non soamente a pensión; entón denegáronme o bono social por iso.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Sabemos que o novo Goberno xa o modificou e agradecémolo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Peche desta interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, chegamos a puntos de encontro, no senso de que, efectivamente, estamos ante un problema e ante unha realidade na cal nos temos que implicar todas as administracións, independentemente das nosas respectivas competencias. E, sobre todo, intentando facer un esforzo importante en materia de información, por iso eu lle dicía o dos puntos de información. Temos nestes momentos noventa puntos de información municipais de atención aos consumidores. E temos todos os servizos sociais de todos os concellos, que efectivamente están e deben de colaborar no traslado da información.



Polo tanto, colaborar co Instituto Galego de Consumo, colaborar coa Administración xeral do Estado porque, efectivamente, moitas das iniciativas son moi sinxelas e permitirían un aforro inmediato por parte dos consumidores. E niso estamos implicados e o Instituto Galego de Consumo está implicado.

Igual que estamos implicados nas iniciativas que permiten unha maior eficiencia enerxética. Creo que a Estratexia integral da biomasa, que permitiu en Galicia instalar máis de 4.000 caldeiras no eido das familias, pois está supoñendo tamén unha iniciativa moi importante. Igual que as iniciativas vinculadas coa xeotermia, coa aerotermia e co propio autoconsumo. Polo tanto, nese contexto creo que se está actuando, que o Instituto Galego de Consumo está a actuando e que a colaboración coas diferentes administracións e, nomeadamente, cos concellos é imprescindible.

Pero creo que concordará tamén comigo en que a maior defensa que poden ter os consumidores é que o Goberno lles garanta un prezo competitivo. E nese sentido creo que tamén hai unha responsabilidade, temos que traer a esta cámara cales son as medidas que deben de impulsarse por parte do Estado para que, efectivamente, os consumidores teñan acceso a un prezo razoable da electricidade. E aí, loxicamente, hai discursos dispares; o Goberno —e nese sentido apoiado polo grupo de En Marea— defende o peche das centrais térmicas. O Goberno sabe que ese peche das centrais térmicas suporía un incremento do 15 % no pulo eléctrico, disto non se quere falar; sabe que o peche das centrais nucleares que hai noutras comunidades suporía elevar o prezo da electricidade nun 25 %, diso En Marea non quere falar.

Tampouco quere falar En Marea de por que apoia a revisión das primas a renovables, que van supor que xa neste ano 2018 entremos en déficit eléctrico despois de que o goberno de Mariano Rajoy permitira enxugar un déficit de 30.000 millóns de euros no déficit eléctrico. No ano 2018 xa o Goberno recoñece que vai xerar déficit eléctrico, que vai tamén contra o prezo da electricidade.

O seu grupo apoia tamén o Goberno nesa subida dos impostos ao diésel, e, lamentablemente, tamén nesa prohibición na venda á circulación de vehículos que non sexan eléctricos. Nós non podemos estar de acordo, e iso, señor Casal, si incide directamente sobre os consumidores, porque incide directamente sobre o prezo que teñen que asumir os consumidores cando cada mes teñen que pagar o recibo da luz.

Nós, señor Casal, cremos na capacidade que teñen as empresas electrointensivas para crear emprego, por iso defendemos as iniciativas para apoiar estas empresas. Defendemos un mix enerxético homologable ao resto de países europeos e, polo tanto, que se poidan manter as centrais térmicas eficientes. Cremos tamén nas renovables, pero cremos que nestes momentos teñen unha retribución razoable e non hai por que tocar un tema que está funcionando razoablemente ben e que nos levaría a incrementar o déficit eléctrico.

E cremos tamén, loxicamente, que non hai que demonizar o diésel e a gasolina, e que a transición enerxética debe ser progresiva. E antes de incrementar os prezos do diésel e da gasolina recórdolle que o 85 % dos galegos utilizamos diésel, e que o Goberno quere demonizar e quere incrementar os impostos, e nós tampouco podemos estar de acordo.



Polo tanto, a todo o debate que plantexamos, señor Casal, creo que hai que introducir, tamén, a política enerxética. Unha política enerxética que evite o incremento dos prezos da electricidade como está provocando a política enerxética do Goberno de Pedro Sánchez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas, presidente.

Boa tarde, señorías,

A interpelación que hoxe presentamos por parte do Grupo Parlamentario Socialista ten que ver, dunha forma clara e ampla, con todos os esforzos que hai que facer e seguir facendo en Galicia pola profesionalización de todo o sector das emerxencias e da protección civil en Galicia. E nese sentido, atendendo a esta interpelación á señora conselleira de Educación, a nosa intención á hora de expoñer estas cuestións vai máis alá da compoñente meramente formativa. Sen prexuízo de que entendemos que a acción de goberno é colexiada, e, por suposto, sabendo que a carteira de Educación é absolutamente pesada, espero que tamén atenda o conxunto de problemáticas que imos formular en materia de emerxencias e protección civil.

Un día, unha tarde na que —como indicaba a presidencia desta cámara— queremos, evidentemente, todos expresar o noso maior resentir polo naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos*, de Portonovo, nas costas de Fisterra, xa que estamos a falar de emerxencias.

Quero saudar tamén os representantes da directiva da nova constituída Asociación de Técnicos en Emerxencias e Protección Civil de Galicia, porque, evidentemente, están a conformar xa parte do entramado de profesionais que teñen que contribuír dunha forma decidida precisamente á máis profunda profesionalización do sector.

Señora conselleira, nesta materia nas últimas comparecencias por parte tanto do señor vicepresidente, como do anterior director xeral de Emerxencias e Interior, como na última Comisión 1ª, tivemos ocasión de escoitar eu creo que unha parte desafortunada da intervención do xerente da Axega, e digo isto porque en todas estas comparecencias —e ese é un dos motivos polos que traemos esta interpelación— estamos a escoitar dunha forma sistemática un reproche permanente, un reproche habitual á falta de compromiso, á falta de responsabilidade; e incluso se dicía por parte dalgún dos comparecentes a unha certa insensibilidade —que é moito dicir— por parte dos responsables das entidades locais de Galicia en materia de emerxencias e protección civil.



E nese sentido eu faríame unha pregunta case retórica, porque creo que nin os alcaldes de Nigrán, nin de Carballeda de Avia, nin de Tui, nin de Viveiro, nin os alcaldes, evidentemente, que hoxe coa perda de veciños seus no mar poidan estar afectados, poidan en absoluto ser insensibles e poidan, en absoluto, estar incursos —como incluso se dixo nalgunha das comparecencias dos responsables autonómicos— en responsabilidades por non exercer as competencias municipais establecidas en materia de emerxencias e protección civil.

E nese sentido, e con motivo destas eu creo que non afortunadas intervencións por parte dos responsables autonómicos en materia de emerxencias, é polo que traemos esta interpelación, tendo coñecemento, por suposto, de que existe, ademais en Galicia implantado desde hai dous anos, un novo título de grao medio de formación profesional precisamente nesta materia.

E nese sentido eu non deixo de tratar de lembrar en cada unha das comparecencias —nas que tanto o vicepresidente como quen ocupe a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ou neste caso o xerente da Axencia Galega de Emerxencias— e de insistir en que a propia Lei de emerxencias de Galicia de 2007 —non sei se por ser do 2007 e ser doutro goberno non se está a observar coa pulcritude que merece unha norma tan importante en Galicia— reitera sempre o enfoque integrado das formulacións, dos traballos e do exercicio de competencias por parte das distintas administracións públicas en materia de emerxencias e protección civil.

Tanto o artigo 2 como, sobre todo, o artigo 10 —e non me canso de insistir— establecen claramente —e leo—: «Á hora de distribuír as responsabilidades públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias a Xunta de Galicia ten asignada a superior coordinación e dirección da protección civil e a xestión dos servizos que se consideren necesarios prestar de forma unitaria para todo o territorio galego. E a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta dos que dispoñen as entidades locais, que habitualmente non son os suficientes».

E, señora conselleira, tomando algunha das palabras dalgunha das comparecencias do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, comentaba que incluso habería que avanzar máis no modelo integral de emerxencias, incluso mellorando ou superando a propia Lei de emerxencias de 2007. Porque, entre outras cousas, hai unha nova Lei de 2015, do sistema nacional de protección civil, que hai que incorporar ao acervo normativo autonómico.

E naquelas comparecencias por parte —como digo— do conselleiro insistíase nunha serie de cuestións nas que eu quero insistir de novo. En todo caso, eu a pregunta que lle faría, señora conselleira, ao Goberno galego, e que lle pido que lle traslade ao señor vicepresidente, é se realmente desde a perspectiva deste artigo 10 da Lei de emerxencias cren que desde a Xunta de Galicia se teñen dado pasos suficientes para unha mellora da profesionalización do sector das emerxencias de Galicia. *(Aplausos.)*

Porque está claro que hai un sector profesionalizado e un sector de voluntariado, pero especialmente desde as últimas catástrofes en Galicia desde o 2017 —non hai tanto tempo— en materia de lumes, en materia de explosións en Tui, da riada de Viveiro ou desgraciada-



mente —aínda que estamos en competencias máis de Salvamento Marítimo— a desgraza de hoxe no mar de Fisterra, eu creo que os retos seguen aí vivos.

Acaban de substituír o director xeral de Emerxencias e Interior, o novo director xeral, que ten experiencia, ten este novo reto por diante. Evidentemente, o reto será superar as accións parciais que se están levando ata este momento e tratar de levar a adiante unha política de emerxencias realmente profesionalizada, homoxeneizada e regulamentada tecnicamente para toda a profesión.

Como ben sabe aquí, señora conselleira, a propia comunidade autónoma, en virtude do Real decreto 2013, que estableceu no ámbito estatal o título de emerxencias e protección civil, desenvolveu no ano 2017 o ciclo formativo para Galicia. E neste sentido esta mañá precisamente o propio presidente Feijóo alardeaba do incremento da capacidade formativa en materia de formación profesional. Non pechamos o ciclo de formación profesional, senón que pechamos ese ciclo coas posibilidades de inserción profesional.

O novo decreto, o novo currículo deste ciclo formativo de grao medio de técnicos en emerxencias e protección civil de Galicia, sinala que se adapta a titulación establecida no ámbito estatal ao campo profesional de cualificación do sector produtivo en canto á especialización e polivalencia, e posibilita, precisamente, esta cuestión unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura. O propio decreto establece un catálogo das ocupacións e dos postos de traballo máis salientables para estes novos titulados: capataz ou encargado de extinción de incendios forestais, bombeiro forestal, vixilante de incendios forestais, bombeiros en servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados, etc., bombeiros noutros entes públicos, técnicos de emerxencias en forzas armadas, bombeiros en AENA ou bombeiros, evidentemente, en servizos de empresas privadas.

E insiste este decreto na necesidade dunha formación unificada e profesionalizada. E di unha cuestión que eu creo que é a clave de bóveda un pouco para pechar o ciclo formación-inserción profesional, porque di como se indica neste propio decreto: «Dado que a maior parte deste sector se concentra en institucións e administracións públicas, é unha obriga do sector público autonómico favorecer a creación desta formación que garanta a mellor capacitación posible a través da formación profesional».

Por iso, a cuestión que queremos trasladar é saber en que medida —se por parte da Consellería de Educación— se están cumprindo os deberes en materia de formación profesional para poder dispoñer en Galicia de novos técnicos en emerxencias e protección civil realmente cualificados, que esforzos está facendo a Consellería de Presidencia e todo o entramado que intervéñen no sector das emerxencias, non só a Consellería de Presidencia —poderíamos falar do Medio Rural, poderíamos falar da Consellería do Mar—, para incorporar estes novos profesionais galegos, precisamente, ao desenvolvemento das mellores funcións en materia de emerxencias e protección civil.

Porque, señora conselleira, vostede aínda que non o xestione de forma directa supoño que é coñecedora da absoluta fragmentación do conxunto de dispositivos que interveñen no sector, desde os grupos supramunicipais de emerxencia, ata as brigadas municipais, ata os dife-



rentes parques de extinción de incendios e de salvamento, a nivel municipal, a nivel provincial, etc., etc., etc. Realmente isto fai pensar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...—vou rematando, presidente— que o dispositivo de emerxencias e protección civil sexa absolutamente operativo e responda ao principio autenticamente crítico de mando único. Por iso, señora conselleira, nos gustaría saber desde o conxunto de perspectiva de todo o Goberno galego que se está a facer para contribuír á mellora da profesionalización...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...das emerxencias.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Señor vicepresidente, súmome ao pesar deste Parlamento galego polo naufraxio acaecido no mar de Fisterra.

Boa tarde.

Señoría, unha das medidas máis importantes para mellorar os servizos de emerxencia e protección civil e, polo tanto, para propiciar a súa profesionalización é a de contar con persoas preparadas e ben formadas, para poder intervir nas condicións máis acaídas ante as situacións de risco ou catástrofe de diversa orixe que poidan afectar a cidadanía da nosa comunidade.

No nome, efectivamente, do Goberno galego quero expresar que compartimos plenamente o interese pola mellora continua e pola profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil que actúan na nosa comunidade. E interésanos tamén, como non podía ser doutro xeito, que as persoas formadas acaden a súa inserción laboral.

Contar con profesionais coa mellor formación supón unha base fundamental para que as emerxencias funcionen de maneira óptima. Os servizos de atención ás emerxencias que asisten aos galegos e ás galegas en momentos críticos para a súa seguridade son e deben ser sempre prioritarios para a Xunta de Galicia. O actual Goberno galego vén formando e dotando de equipamento estes profesionais case de xeito exclusivo.

Dito o anterior, parece oportuno lembrar o feito de que a competencia en materia de emerxencias e protección civil, de acordo coa Lei de emerxencias de Galicia, mencionada por vos-



tede, corresponde ás deputacións nos concellos de menos de vinte mil habitantes e aos propios concellos naqueles con máis de vinte mil habitantes, sendo a función da Xunta de Galicia, en puridade, a superior coordinación e dirección.

Ademais a Xunta de Galicia reflicte este compromiso nas actuacións e nas propostas da súa representación nos órganos de decisión dos grupos de emerxencias supramunicipais e nos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

En relación coa profesionalización dos servizos de emerxencias, da que vostede me falaba, o que podó manifestar nesta Cámara é que:

Primeiro, Galicia foi pioneira nos procesos de acreditación da cualificación profesional da extinción de incendios e salvamento. Este proceso iniciado no ano 2015 permitiu que ata agora se ofertasen, en primeiro lugar, seiscentas doce prazas, das cales obtiveron o certificado de profesionalidade catrocentas corenta persoas e outras cincuenta e seis conseguiron acreditarse nalgunhas das unidades de competencia que o compoñen. A estas seiscentas doce hai que engadir as cento cincuenta convocadas para 2019, o que fai un total de setecentas sesenta e dúas prazas.

Segundo, a formación impartida na Academia Galega de Seguridade Pública, a Agasp, na área de emerxencias e protección civil experimentou un incremento histórico nos últimos anos en canto a número de cursos, horas de formación e alumnos.

As actividades formativas da Agasp nos últimos catro anos en emerxencias foron setecentas vinte e cinco accións formativas, máis de vinte e tres mil prazas, máis de vinte e catro mil horas e preto de dez mil diplomados, sen contar 2018.

Mencionar tamén que desde o ano 2015 e 2016, curso 2015-2016, se imparte pola Agasp a formación baseada nas unidades formativas da cualificación profesional, extinción de incendios e salvamento e o certificado de profesionalidade de nivel 2 de extinción de incendios e salvamento. Trátase de posibilitar unha carreira profesional tanto aos profesionais das emerxencias coma aos voluntarios de protección civil para que poidan acceder ás probas para obter o certificado de profesionalidade, do que se deu conta con anterioridade. Desde entón e ata 2018 impartíronse un total de sesenta e dous cursos deste tipo nos que participaron novecentos setenta e tres alumnos e alumnas tanto voluntarios como profesionais.

Terceiro, o título de formación profesional de grao medio en emerxencias e protección civil, aprobado polo Real decreto 907/2013, do 22 de novembro, foi adaptado á Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 21/2017, do 2 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en emerxencias e protección civil.

Para impartir este título asinouse un acordo, un acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Academia Galega de Seguridade Pública — polo tanto, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Consellería de Educación, Uni-



versidade e Formación Profesional e Academia Galega de Seguridade Pública— sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas.

En virtude do convenio algúns módulos formativos deste título, que se imparten no Instituto Antón Losada Diéguez da Estrada, aproveitando as instalacións existentes da Agasp desenvólvense nesta, especialmente aqueles de contido máis práctico.

Desde o curso 2015 e 2016 Galicia conta xa con corenta e catro titulados de formación profesional de grao medio en emerxencias e protección civil. De feito, as primeiras promocións manifestan que están satisfeitas coa formación recibida tanto coa teórica como coa práctica.

Por outra banda, respecto das actuacións da Xunta de Galicia para favorecer a inserción laboral dos titulados e das tituladas, cómpre lembrar de novo, polo que respecta ás saídas profesionais no ámbito das administracións públicas previstas polo decreto, que cada administración ten establecidas as súas competencias tanto en materia de emerxencias como protección civil.

Deste xeito, segundo establecen os artigos 26 e 27 da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, correspóndelles aos concellos de máis de vinte mil habitantes e nos restantes casos ás deputacións provinciais prestar o servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento. Por este motivo no que respecta á Xunta de Galicia, a comezos do pasado mes de abril, o 6 de abril de 2018, desde a Academia Galega de Seguridade Pública, a Agasp, remitíuselles á Fegamp, e tamén aos consorcios provinciais dos servizos contra incendios e salvamento, un escrito explicando a conveniencia de que as entidades locais teñan en consideración o título de técnico de emerxencias e protección civil nos seus procesos selectivos.

En resposta ao citado escrito, a Fegamp remitiu á Xunta de Galicia o acordo adoptado pola comisión executiva no cal se certifica dar traslado aos concellos da comunidade remitida á Federación pola Academia Galega de Seguridade Pública en relación coa conveniencia de que se teñan en consideración nas bases de procesos selectivos o título en emerxencias de protección civil.

No que respecta ás competencias propias da Xunta de Galicia tamén se obrou en consecuencia. No convenio de renovación dos grupos de emerxencia supramunicipal inclúese como un apartado específico da base do concurso a baremación como mérito do título de técnico en emerxencias e protección civil. No prego de prescricións técnicas para contratación do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención de Emerxencias, CIAE 112 Galicia, no procedemento aberto de contratación realizado no ano 2018 valorouse de forma prioritaria que o persoal asignado contase coa citada titulación.

E no que respecta ás saídas profesionais relacionadas coa prevención e extinción de incendios forestais, estase a coordinar para que sexa tido en conta nas bases de futuros procesos selectivos.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pomar.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, como dicíamos na miña primeira intervención, para nós os deberes estaban sendo levados a adiante por parte da Consellería de Educación á hora de establecer precisamente todos os recursos necesarios para levar a adiante este relativamente recente título formativo de grao medio en formación profesional.

E, nese sentido, no que creo que hai que profundar, como dicía ao final da súa intervención, é precisamente en garantir que todo o sector público autonómico, incluídas tamén as administracións locais, dunha forma ou doutra teñan en conta, ou ben vía requisito ou ben vía baremos, precisamente esta nova formación profesional para desempeñar os postos de traballo dese catálogo de posibles ocupacións que define o propio decreto 2017 que regula este currículo.

E, nese sentido, tanto a propia Administración autonómica como as administracións locais que reciben financiamento ou cofinanciamento por parte da Xunta de Galicia para levar a adiante os operativos de emerxencias e protección civil poden, evidentemente, e deberían establecer estas obrigas ben como requisito, ben a considerar como baremo para calquera entidade local, neste caso, que poida recibir este cofinanciamento.

Nese sentido, confiamos en que a propia Federación Galega de Municipios e Provincias dea esa indicación, porque non pode facer outra cousa, porque non deixa de ser unha entidade asociativa; as que teñen as competencias autenticamente son as entidades locais, das que precisamente vele a Xunta de Galicia por ese cumprimento.

Pero eu quería comentarlle tamén —e insistía nas súas primeiras palabras— en insistir nesa distribución de competencias. E, nese sentido, sabemos que recentemente se renovaron para outros tres anos, 2019-2021, os convenios da Xunta coa Fegamp para a posta en marcha ou a continuidade dos GES, dos grupos de emerxencias supramunicipais. E realmente eu quero dicir que aquí as entidades locais non están escorrendo o vulto, precisamente as deputacións —igual algunha non tanto— si que están apostando e poñendo todos os recursos necesarios fronte á política actual da Xunta, na que conxelando os créditos que onte se aprobaron nos orzamentos pretende seguir facendo máis con menos e ese facer máis con menos como estamos vendo en determinados ámbitos a curto e medio prazo pode ser que dea problemas. *(Aplausos.)*

E, nese sentido, si que lle quería dicir, por poñer un exemplo que nos poida coller máis cerca, como neste caso pois a Deputación da Coruña vai pasar de financiar o 20 % ao 40 %; quere dicir, concretamente, que para o ano que vén pasa de asignar 350.000 euros —si, señor Pazos— a 784.000 euros. A Xunta de Galicia mantén conxelados en 300.000 euros os créditos para GES e en 340.000 euros os créditos para as asociacións de voluntarios.



Quero irme a un caso concreto, porque sempre estamos falando disto, e nese sentido pídolle que llo traslade ao vicepresidente, porque vostedes, por exemplo, teñen todo o poder institucional na provincia de Ourense: Xunta de Galicia, Deputación e Concello de Ourense. Sen embargo, polo que podemos ler todos, os compromisos por parte de todo o poder institucional en Ourense non están a ser os que parecen ser que o vicepresidente reclama ao resto das deputacións provinciais.

Por poñer dous exemplos, naquel informe que lle pediu o Parlamento ás catro deputacións con motivo do estudo e da Comisión do forestal que recibiu esta cámara o día 3 de maio, a Deputación de Ourense despáchase no seguinte último punto: «Debido a que a prevención de extinción de incendios forestais non é competencia propia desta deputación, non hai nada que dicir sobre a avaliación de efectividade de ningún tipo de actuación,». E pedíasele información sobre que se fixera desde a vaga de lumes desde o 2006 ata o 2017.

É unha forma de interpretar as competencias, pero ás veces non falamos tanto, señora conselleira, de competencias desde unha perspectiva de limitación administrativa como de responsabilidades políticas. *(Aplausos.)*

Por outra parte, o propio Concello de Ourense, gobernado por vostedes, estase a desmarcar do proceso de comarcalización do parque da cidade. Entón, por iso é que non sabemos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...desde o Grupo Parlamentario Socialista de que se fala cando se pide o compromiso das entidades locais de Galicia, cando onde teñen todo o poder institucional non asumen ningunha responsabilidade. *(Aplausos.)*

E para rematar, señor presidente, nós instrumentaremos na correspondente moción unha serie de medidas tanto para profundar na profesionalización e na inserción laboral dos técnicos de emerxencias e protección civil, como en toda unha serie de cuestións de regulamentación técnica de todo o sector...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...para, precisamente, contribuír á mellora substancial das emerxencias e da protección civil en Galicia.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, señor presidente.



Señor Díaz, para pechar esta intervención retomo a súa pregunta tal e como figura por escrito, ¿que medidas ten adoptado o Goberno galego para mellorar a profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia?

Parece que este é o interese ou o centro de interese da pregunta. E como manifestei na primeira intervención, unha das medidas máis importantes para mellorar os servizos de emerxencia e protección civil en Galicia e, polo tanto, para propiciar a súa profesionalización é a de contar con persoas preparadas e ben formadas para poder intervir nas condicións máis acaídas ante as situacións de risco ou de catástrofe de diversa orixe que poidan afectar a cidadanía da nosa comunidade.

Neste sentido, podó afirmo que contar con profesionais coa mellor formación supón sempre unha base fundamental para que as emerxencias funcionen de maneira óptima, e así coidamos no Goberno galego que debe ser. Neste contexto penso que está a resultar de utilidade para o conxunto da sociedade galega o acordo de colaboración —que comentei antes— entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Academia Galega de Seguridade Pública sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas.

Como xa dixen, este acordo está a permitir que Galicia conte xa con corenta e catro titulados de formación profesional de grao medio en emerxencias e protección civil. De feito, as primeiras promocións, como dicía, manifestan que están satisfeitas coa formación recibida, tanto teórica como práctica.

Por último, desde o Goberno galego apelamos, como dicíamos, á responsabilidade das demais administracións con competencias, todas elas en materia de protección civil e emerxencias, para que teñan a mesma vontade política de colaboración para facer que estas novas promocións de titulados, mellor formados que nunca, grazas aos esforzos feitos pola Xunta de Galicia para implementar este título, poidan ter unha saída profesional acorde coa dita formación.

Como xa expliquei, no que compete á Xunta o camiño percorrido agora pasou polos seguintes puntos: no convenio de renovación dos grupos de emerxencias supramunicipal inclúese un apartado específico da fase de concurso e baremación como mérito do título de técnico en emerxencias e en protección civil, e no prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión no Centro Integrado de Atención de Emerxencias, CIAE 112 Galicia, no procedemento aberto de contratación realizado no ano 2018 valorouse prioritariamente que o persoal asinado contase coa dita titulación.

E no que respecta ás saídas profesionais relacionadas coa prevención e a extinción de incendios forestais, estase a coordinar para que sexa tido en conta nas bases de futuros procesos selectivos.

Polo tanto, señor Díaz, esperamos que unindo o esforzo de todas as administracións autonómicas, locais e supramunicipais cheguemos a bo porto coa formación en emerxencias e protección civil.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos ao seguinte punto. Empezamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Oito días, señor conselleiro, estamos en tempo de descontado, como vostede sabe ben, e quedan apenas oito días para chegar ao 27 de decembro, unha data que é absolutamente clave para o ERE de Alcoa e para saber se haberá peche ou non, un peche que, desde logo, non nos podemos permitir como país.

E a verdade é que o panorama non pinta ben. Hoxe mesmo os traballadores están en folga nunha mobilización exemplar e nun exemplo de solidariedade obreira. (*Aplausos.*) Están en xogo catrocentos postos de traballo e, por extensión, está en xogo moito na industria electointensiva do noso país. E a verdade é que nós pensamos que vostedes teñen unha responsabilidade importante, non só porque gobernaron no Estado nunha parte importante dos últimos anos, senón porque tamén, alén diso, como representantes deste país deberan estar máis centrados en buscar unha posición conxunta que vaia máis alá da busca de culpables, e a verdade é que o saldo ata o momento non é moi positivo. Vostedes incumpriron acordos parlamentarios, a día de hoxe non hai unha mesa de traballo onde estean sentados coa parte social, non escoitan os traballadores nin os grupos porque non asumiron que este é un problema de país.

Eu teño que lamentar hoxe desafortunadamente, tamén, o seu efecto dominó, un efecto dominó que despois dunha poxa absolutamente desastrosa tamén ten arrastrado un anuncio de ERE en Ferroatlántica, a quen tamén quero transmitir hoxe a nosa solidariedade en nome do BNG a todos os traballadores e traballadoras.

Urxe no que queda de tempo unha solución para Alcoa, señor conselleiro, e por extensión para toda a industria do noso país. E a verdade é que nós queremos pedirllas que abandonen un pouco a súa soberbia e que se senten a traballar porque lles debemos respostas e propostas.

E diso quería falarlles. En primeiro lugar, a nós gustaríanos que dunha vez por todas se sentaran coa parte sindical, tamén, para negociar ademais de coa patronal unha proposta de país para unha tarifa industrial que sexa estable e predicible no tempo, pero non a cambio de nada. Nós entendemos que iso ten que ir tamén ligado a compromisos como o mantemento de emprego e ligado a compromisos co desenvolvemento industrial sometido a control público.

E tamén queremos pedirllas que abran os ollos. Nós entendemos que a estas alturas é de todos os puntos de vista inasumible que votedes simplemente por prexuízos ideolóxicos se



sigan negando a defender como país que pola nosa condición de produtores excedentarios debemos ter algún punto de vantaxe á hora de buscar unha alternativa.

Nós pedímoslle, señor Conde, que abandonen o seu sectarismo e que se senten a falar cos traballadores e coas traballadoras, con todas as forzas sindicais sen excepción, e que poidan así trasladar unha proposta urxente nestes días, porque se nos esgota o tempo. Polo tanto, preguntámoslle, señor Conde, ¿que vai facer para defender os postos de traballo que están en xogo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, vostede sabe perfectamente que a tarifa eléctrica galega non é a solución, sábeo perfectamente, pero non é que o saiba vostede e o seu grupo, sábeo o conxunto do sector e sábeo o conxunto de todos os axentes que están a participar neste proceso. E sabe que non é a solución por unha razón moi sinxela, e é que a súa tarifa independentista é máis cara, simplemente. Polo tanto, se é máis cara, automaticamente esa non pode ser a solución, nin para o conxunto do sistema nin moito menos para Alcoa.

Eu creo que dixó moitas actuacións e adxectivos cualificativos que creo que debería de corrixir, pero, en calquera caso, creo que a súa receita é simplemente unha estimación ao chou; levan catro anos falando da tarifa eléctrica e non deron nin un só dato, ningún, e a realidade é que esa tarifa é moito máis cara, e creo, sinceramente, que deberían de deixar ese discurso independentista de que España nos rouba e saber que iso só xera inestabilidade, e que en ningún caso vai ser a solución para Alcoa.

En calquera caso, vostede trasládame que nós buscamos culpables. Non, nós non buscamos ningún culpable, nós o que buscamos son solucións, e as solucións tenas que aportar a Administración, que é quen ten competencia na materia, e nós, efectivamente, aportar propostas, e niso estamos a traballar. E estamos traballando na mesa de traballo xunto cos sindicatos representativos, xunto co Goberno central e xunto coa outra comunidade autónoma —vostede sábeo—, e estamos tamén traballando coas propias empresas electrointensivas.

Temos un elemento en común, que é que nós o que estamos buscando é que haxa un marco eléctrico estable. Lamentablemente, a Administración do Estado, que ten as competencias, non está a facer absolutamente nada por encontrar ese marco eléctrico e por establecer uns incentivos eléctricos para o ano 2019 que respondan ás necesidades das empresas electrointensivas. A poxa eléctrica simplemente o que trouxo foi unha redución do prezo asignado ás empresas electrointensivas, e por iso nós estamos traballando, e esta mesma mañá volvemos ter unha reunión coas empresas electrointensivas e acordamos elevar unha proposta concreta que lle detallarei na réplica para que a Xunta de Galicia poida establecer, xunto co Goberno central, unha proposta concreta.



Lamentablemente, o que temos nestes momentos é un goberno que está inactivo, que non está aportando solucións e que non está centrando o problema de Alcoa onde é, que é no marco eléctrico. E se estiveramos traballando nesa dirección e vostedes apoiando este goberno, seguramente os traballadores de Alcoa e Ferroatlántica terían maiores esperanzas...

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Conde.

Para a réplica, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Escusa insistirme, señor Conde, xa vou maior para poñerme a estas alturas da miña vida a renunciar ao discurso independentista. (*Aplausos.*) Non teño pensado facelo. É unha pena, eu sinto que eu sexa deputada do BNG e non do PNV, que é o independentismo que máis lle gusta ao Partido Popular, (*Aplausos.*) pero, en todo caso, pois mírense vostedes o seu.

Eu o que lle pediría é que cando veña responder a este parlamento por un pouco de respecto renuncie a eses argumentarios prefabricados e que conteste ao que se lle pregunta. Porque eu falei de moito máis que da posibilidade dunha rebaixa por ser un país excedentario. E de feito, fala vostede desa reunión que tiveron hoxe pola mañá, e eu volvo insistir, ¿por que falta a parte social nesa reunión? Estaría ben que ademais de coa patronal vostedes se reúnan tamén cos sindicatos. (*Aplausos.*) A min sorpréndeme ver hoxe unha nota de prensa da Xunta de Galicia na que se fala de pedir —que a min me parece estupendo— unha redución nas peaxes; agora claro, cando o pide o BNG é ilegal, cando o pide a Xunta de Galicia non.

En fin, entre outras cuestións, hoxe tamén vin —lendo na prensa— que vostedes falaban da cuestión do CO₂. ¿Sabe vostede perfectamente coma min, señor Conde, que hai meses —hai máis dun mes— que ten enriba da súa mesa unha proposta detallada para unha tarifa industrial estable, avalada por unha forza sindical que foi recibida en Bruxelas por un señor comisario de Enerxía, que é do Partido Popular, do mesmo partido que vostede, cando aquí en Galiza aínda non se fixo unha valoración desa proposta.

Eu o que non concibo, señor Conde, é que a estas alturas da partida, co que nos estamos xogando como país, vostedes simplemente por sectarismo se senten con quen lles apetece, en vez de con todo o mundo, e non se dignen a valorar propostas serias como as que se están a facer desde o nacionalismo.

Nós insistimos, sentémonos a falar todas as partes sobre unha tarifa industrial estable, e non renunciemos tampouco a ter que petar na mesa do Estado para pedir a intervención pública, que é unha posibilidade que, desafortunadamente, cada vez está máis cerca de ter que pedirse, porque non chega unha solución por outra vía.

Eu remato, simplemente, señor Conde, desexándolle con sinceridade moita máis sorte na negociación dunha tarifa industrial estable que a que tivo coa nefasta poxa, que non só puxo en risco Alcoa, senón tamén agora Ferroatlántica. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Presas, isto non é unha cuestión de idade, ¡eh!, isto é unha cuestión de coñecemento e de visión de país. Lamentablemente, vostede parece que no coñecemento confunde permanentemente o eido competencial das diferentes administracións, e, dende logo, dende o punto de vista da visión de país, cando me trae aquí unha proposta que vai en contra dos intereses xerais dos galegos, pois loxicamente este goberno non pode estar a favor, co cal non se escude na idade e escúdense no coñecemento e na visión de país, e así seguramente poderemos seguir avanzando.

En calquera caso, a situación é moi sinxela, hai un goberno que ten as competencias en materia de política enerxética, que sabe que ten que dar unha resposta ás necesidades das empresas electrointensivas, e que lamentablemente nestes momentos non hai ningún tipo de resposta, nin dende a perspectiva da poxa eléctrica, que efectivamente reduciu un 30 % os ingresos, nin tampouco dende o punto de vista dos mecanismos de compensación que se van aplicar no ano 2019, nin tampouco dos incentivos totais e, polo tanto, do prezo enerxético co cal poden competir as nosas empresas.

E o que está a defender este goberno é algo moi sinxelo, estalle pedindo ao Goberno que estableza un marco eléctrico para o ano 2019 que lles permita ás nosas empresas electrointensivas competir en igualdade de condicións que o resto de empresas da Unión Europea. Algo tan sinxelo como accesible, simplemente aplicando a normativa e as medidas que están desenvolvendo terceiros países.

E por iso as propostas que hoxe consensuamos coas empresas electrointensivas van nesa dirección. Reclamámoslle ao Goberno que aprobe de forma inmediata, e non nun prazo de seis meses, o estatuto das empresas electrointensivas; que se poida definir quen é empresa electrointensiva e quen non é empresa electrointensiva, e que a partir de aí se establezan medidas concretas, e esas medidas establécense non só pola aplicación da poxa de interrompibilidade, senón tamén pola redución das peaxes eléctricas vinculadas ao custo de transporte, e tamén con eses mecanismos de compensación de CO₂, que nin se aplicaron na súa totalidade no ano 2018 nin se concretaron no ano 2019.

Polo tanto, non é un tema de demagogia, que é o que vostede trae aquí escudándose na idade a este parlamento, é un tema, simplemente, de coñecemento e de propostas concretas que permitan que as empresas poidan ter unha resposta concreta.

Polo tanto, creo que debería, señora Presas, deixar de buscar conflitos, aquí non busque conflitos, nesta cámara non os busque. Nós estamos traballando en defensa dos traballadores e das traballadoras de Alcoa, e imos facer todo o que é posible e o que non o é para que o Goberno poida dar unha resposta concreta a Alcoa e ás empresas electrointensivas, e nesa defensa a min o que me gustaría é que estivera tamén o seu grupo parlamentario, e que o seu grupo non busque o conflito polo conflito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro.

Onte, nesta mesma cámara parlamentaria, quedaron aprobados os orzamentos para o vindeiro ano 2019. É unha boa nova para Galicia, xa que somos a primeira comunidade autónoma que ten as contas públicas que permiten seguir traballando polo benestar dos galegos e das galegas, grazas unha vez máis a que Galicia ten estabilidade. Ten estabilidade política —grazas a un goberno estable—, estabilidade económica e estabilidade institucional.

Señorías, 9.850 millóns de euros, froito do traballo e das medidas levadas a cabo por este goberno. Nos últimos días coñecéronse os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística sobre as actividades de I+D, nas que se pon de manifesto que Galicia é a segunda comunidade autónoma na que máis aumentou o gasto en I+D no ano 2017, concretamente máis dun 13 %, situándose en niveis previos á crise.

Polo tanto, estes datos permiten verificar que Galicia está a consolidar un ecosistema de innovación conectado coa realidade produtiva. Por unha parte, con capacidade para impulsar o crecemento económico sostible a longo prazo, e por outra parte coa capacidade para xerar novas oportunidades e emprego de calidade.

A Axencia Galega de Innovación, que pertence á súa Consellería, está a desenvolver un papel fundamental para o desenvolvemento desta folla de ruta, articulando todo tipo de instrumentos de apoio a I+D, que vai dende o financiamento ao autoacompañamento, e tamén ao acceso á apertura de novos mercados, e mesmo fortalecendo os centros de coñecemento existentes na comunidade galega.

O esforzo económico por parte desta axencia vese reflectido, tamén, no incremento orzamentario para o próximo ano, alcanzando preto dos 97 millóns de euros.

Mentres, señor conselleiro, no Parlamento de Galicia vertéronse no día de onte declaracións por parte da oposición como que somos un goberno innovicida. Dende logo que, señorías, Galicia é a comunidade autónoma na que máis aumentou o gasto en I+D, máis dun 13 %, señorías.



Señor conselleiro, para a oposición isto non é importante, pero dende o grupo parlamentario cremos que si, e por iso queremos saber cales son as medidas que está a adoptar para contribuír a ese esforzo de I+D e para poder alcanzar estes datos tan positivos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Vázquez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, en efecto, a última estatística do Instituto Nacional de Estatística sobre I+D constata o que o Goberno galego vén defendendo nesta cámara dende hai varios anos e a importancia de intensificar todos os apoios cos diferentes axentes do sistema galego de innovación, e polo tanto focalizar no I+D empresarial un dos obxectivos de política industrial máis relevante.

Durante os últimos catro anos o Goberno está facendo un esforzo orzamentario verdadeiramente importante, e hoxe a Axencia Galega de Innovación ten un orzamento de case 100 millóns de euros, que significa un 87 % de incremento con respecto ao ano 2013. Creo que é un dato suficientemente significativo, que reflicte un esforzo continuado da Xunta de Galicia e do conxunto dos axentes galegos para permitir que hoxe en día Galicia poida falar en clave dunha comunidade autónoma innovadora e unha comunidade autónoma que está apostando polo talento e que está apostando pola transferencia do coñecemento.

Neses datos, efectivamente, Galicia foi no ano 2017, que é o último ano do que temos datos, a segunda comunidade autónoma na cal se incrementou máis o I+D: 570 millóns de euros, cun incremento do 13,3 %, duplicando o incremento da media estatal, e ademais dende o punto de vista do persoal empregado en actividades de I+D; é dicir, desa aposta pola contratación de talento vinculado ao I+D, Galicia tamén está nas comunidades autónomas que están a crecer con máis intensidade, en concreto o número de profesionais a xornada completa creceu dúas veces máis en Galicia que no resto de España, cun incremento do 9,6 %, cando en España ese incremento foi do 4,8 %. É un dato que nos parece especialmente relevante en termos de persoal. Por primeira vez dende principios desta década Galicia supera as dez mil persoas empregadas en I+D tanto en empresas como en centros de coñecemento, o cal confirma que, efectivamente, a recuperación económica e a recuperación do emprego tamén están falando en clave de innovación e en clave de I+D.

En definitiva, estamos facendo unha aposta pola innovación, unha aposta polo talento, coas diferentes actuacións, e sobre todo poñendo no centro da política de innovación as persoas. Entendemos que a política de innovación da Xunta de Galicia cara aos próximos anos ten que estar centrada no talento, e por iso na réplica lle detallarei máis medidas que estableceremos no horizonte do ano 2021 co Programa Talento que imos poñer en marcha no próximo exercicio do ano 2019. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Ten a palabra para a réplica a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro, espero que puidera ter un pouquiño máis de sorte e que puidese aclarar á bancada da oposición —cos datos que acaba de comentar—, porque onte, señorías, nomeábase Galicia coma unha comunidade vagón de cola. Polos datos que vostede acaba de pronunciar, Galicia é a locomotora da innovación, non o vagón de cola, señorías. (*Murmurios.*) Parece que non lles gustan os datos positivos que Galicia está a ter, e por iso, señor conselleiro, na súa resposta escoitamos tamén que o número de profesionais a xornada completa creceu dúas veces máis en Galicia.

En definitiva, Galicia lidera o gasto en I+D, e tamén lidera o número de profesionais a xornada completa. É dicir, emprego de calidade.

Queda de manifesto por parte do Goberno galego que intensifica o seu esforzo para apoiar os axentes do Sistema galego de innovación.

O Grupo Parlamentario Popular felicita o esforzo por parte desta consellería, e tamén o conxunto de empresas que conforman a actividade empresarial, porque sen elas todo isto tam-pouco sería posible.

Xa para rematar, señor conselleiro, vostede comentaba ao final da súa resposta á miña pregunta as medidas que vai seguir para consolidar ese plan Galicia Innova.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, efectivamente, Galicia soubo sobrepoñerse a momentos de moitas dificultades, e nun momento da crise económica o tecido produtivo e a propia Administración souberon interpretar que na innovación e no desenvolvemento de novas tecnoloxías era onde estaba a capacidade do noso tecido produtivo para incrementar a súa competitividade, e polo tanto xerar esa capacidade de creación de emprego. E esa lectura fixérona tanto a Administración pública como as propias empresas e o propio tecido produtivo.

Hoxe eu quixera destacar, especialmente, ese esforzo que levamos facendo durante os últimos anos para que as empresas incrementen o seu investimento en I+D, e polo tanto haxa



novas empresas, novas pequenas e medianas empresas e novos emprendedores que aposten pola innovación.

E a realidade é que o gasto en I+D das nosas empresas supera xa o 50 % do total galego. Ese é un dato especialmente relevante, porque significa que estamos sendo capaces de atraer investimento privado no eido da innovación. Preto de 290 millóns de euros no ano 2017, fronte aos 281 que había no ano 2018. Hai máis de catro mil seiscentas persoas dedicadas ao I+D no noso tecido produtivo, que é o maior colectivo que está traballando no sector privado no eido de I+D.

Polo tanto, o sector empresarial está apostando por Galicia, hai investimentos en I+D empresariais en Galicia, e iso significa que Galicia está establecendo unha senda que a leva a que no ano 2017 fomos a segunda comunidade autónoma que máis incrementara o esforzo en I+D.

Pero, como lle dicía, ese esforzo do sector privado está acompañado tamén polo esforzo do sector público, e aí a Axencia Galega de Innovación con ese orzamento de preto de 100 millóns de euros está desenvolvendo programas que están a demostrar a súa eficacia a través das unidades mixtas de innovación, atraendo máis de trinta e un investimentos de grandes multinacionais, a través das axudas á fábrica intelixente ou a través do desenvolvemento do polo aeroespacial, que xa acada un investimento previsto de 157 millóns de euros; no cal ademais da participación do Ministerio de Defensa —a través do INTA, de Indra e de Babcock— agora temos a incorporación de Boeing para un proxecto de seguridade aérea.

Galicia está demostrando que ten esa capacidade de atraer investimentos porque hai unha aposta clara pola innovación e aí seguiremos traballando desenvolvendo nas próximas semanas novas iniciativas como os Hubs de Innovación Dixital ou o Programa de fomento aos incentivos fiscais de I+D+i, que van ser novas medidas que deben de permitir que Galicia siga nesa senda de aposta pola I+D tanto no eido público como no eido privado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.



Bueno, primeiro recomendaríalle, señora Vázquez Domínguez, que revise os datos que lle aportaron *(A señora Vázquez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)* cando di que Galicia lidera o investimento en I+D+i en España. *(A señora Vázquez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Revise! *(A señora Vázquez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Revise! *(A señora Vázquez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Entón, ¿onde o lidera? Se non é en España, ¿onde? *(A señora Vázquez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Ou sexa, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* si o dixo. *(Murmurios.)* E di que é a que máis crece en España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pero, home, ¿era unha pregunta ao conselleiro? ¡Por favor! *(Murmurios.)*

Silencio. Escóiten a todos. ¡Silencio!

E vostede céntrese.

O señor CASAL VIDAL: Si, pero... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor CASAL VIDAL: Desculpe, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pois céntrese. Céntrese, que falta fai.

O señor CASAL VIDAL: Como antes o señor conselleiro tamén me saíu por peteneras cando eu falaba de asuntos concretos, ¡con-cre-tí-si-mos!, el empezoume a falar das nucleares, das térmicas... Eu xa dixen que diso xa falaremos e xa falamos moitas veces. Non eludan os temas concretos.

Bueno, pois o concreto nos temas de I+D+i é que, efectivamente, Galicia crece. Pero iso é como se un pai ou unha nai dixera: o meu crío creceu de 1 metro a 1,20, entón está máis capacitado para xogar na NBA que Pau Gasol, que mide 2,20 e non crece nada. Ese é o razoamento, esa é a manipulación dos datos; si crecen, pero estamos á cola en investimento respecto do PIB. ¡Revise os datos! *(Murmurios.)*

Bueno, imos ir á pregunta. *(Murmurios.)*

Non, é para explicitar como se manipula aquí a información *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de maneira escandalosa. Manipúlase a información de maneira escandalosa. *(Murmurios.)*

Imos ao asunto. *(Murmurios.)*

Como vostede sabe, señor conselleiro, e como nós levamos xa máis dun ano alertando, o día 31 de decembro vaise producir unha verdadeira —din os medios— escabechina nos fogares



galegos. De feito, dos douscentos trinta mil fogares que tiñan o bono social, soamente sesenta mil o conseguiron renovar. Bueno, a moita xente por aquí faille graza, claro, vese que nas súas casas non pasan frío. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, eu non. Eu, desde logo que non, pero non me río do asunto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero non me río do asunto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non paso frío, pero non me río do asunto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señores e señoras. *(Murmurios.)*

¡Por favor! *(Murmurios.)*

O señor CASAL VIDAL: Agrávase a situación tamén porque toda esta xente que vai perder o bono social eléctrico vai perder a protección contra os cortes de luz. Poderíámonos encontrar no mes de xaneiro con miles de fogares en Galicia aos que lles corten a luz por non poder pagar o recibo, esa é unha realidade evidente. E a resposta da Xunta de Galicia, ¿cal é?, pois dotar un orzamento para poder atender un máximo de tres mil fogares e só aqueles que están en risco de exclusión social, é dicir, aqueles que ingresan menos de 400 euros ao mes. ¿Pensa vostede, de verdade, que unha pensionista ou un pensionista que ingrese 600 euros non está en pobreza enerxética? E o que sería totalmente máis lamentable é que debido á burocracia tanto do bono social implantado no Goberno do señor Rajoy, como *(Murmurios.)* no complemento... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Lévanme interrompendo toda a intervención.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, leva vostede dezaseis... *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Remate.

O señor CASAL VIDAL: Bueno, remato descontando todo o que me interromperon.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, remate, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Entendo que o bono social lle quede alleo totalmente ao señor Pazos, que é o que máis morre de risa. ¡Non saben que é iso da pobreza!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Viaxen polos seus barrios. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Señor conselleiro, ¿pensan facer algo?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, remate. ¡Remate xa!



O señor CASAL VIDAL: Non, non me deu tempo a facer a pregunta. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Home, porque vostede falou durante minuto e medio doutro asunto.

O señor CASAL VIDAL: É que non podo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, señor Casal. Non, mire... Non, perdoe...

O señor CASAL VIDAL: Non, mire, señor presidente, eu podo entender...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdoe, teño eu a palabra.

O señor CASAL VIDAL: ...que a insensibilidade coa pobreza destes señores...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Non, non, non!, perdoe. ¡Perdoe!

O señor CASAL VIDAL: ...¡é increíble! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe. *(Murmurios.)*

Señor Casal, desculpe...

O señor CASAL VIDAL: Hai insensibilidade coa pobreza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe. *(Murmurios.)*

O señor CASAL VIDAL: Señor conselleiro, ¿pensan facer algo?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe. Ten vostede que rematar, ¡xa!

O señor CASAL VIDAL: Xa vou rematar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non. ¡Xa!, ¡xa! *(Murmurios.)*

O señor CASAL VIDAL: Xa vou rematar.

Señor conselleiro, ante a debacle que se vai producir no mes de xaneiro...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ¿pensan facer algo?...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...¿ou pensan morrer de risa como o señor Pazos? *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. (*Murmurios.*)

Ten a palabra... (*Murmurios.*)

Mire... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, por favor! (*Murmurios.*) ¡Silencio!

Eu entendo que cada vez que un deputado intervén, ás veces se queira facer referencia ao que se acaba de falar, e non hai problema porque sempre se permite. Claro, as referencias fanse daquela maneira. Se alguén opta aínda encima por facer unha referencia prolongada, non pretenderá que despois se lle engada o tempo, iso non é así. O tempo está alí posto e pódeno seguir cada un. Non pasa nada por rematar unha frase ou rematar frase e pico. ¡Non pasa nada!, pero, dende logo, o que non imos é engadir o tempo que se utiliza para falar doutros asuntos.

E, ademais, o artigo 104 do Regulamento indica claramente que non se pode falar sobre temas xa discutidos, que hai que centrarse no asunto. Xa o deixamos a vostede e a calquera, porque sempre se fai.

Así que, por favor, céntrense no asunto. E cando se poña en cero, remata o tempo. O que o utilizou para o que quixo, ¡pois problema del!, remátalle o tempo.

Moitas grazas. (*Murmurios.*)

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López. (*Murmurios.*)

Por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, a verdade é que non sei sobre o que teño que responder, se sobre I+D ou sobre o bono eléctrico. Pero voulle responder ás dúas preguntas que vostede me trasladou.

Son datos do Instituto Nacional de Estatística e, polo tanto, están a demostrar que Galicia está na senda correcta. ¿Por que? Porque se está facendo un esforzo dende a Administración e porque o sector privado está apostando tamén por Galicia. E no ano 2017 Galicia foi a segunda comunidade autónoma con máis investimento en I+D, polo tanto, superou e duplicou o crecemento da economía española.

E se falamos de investimento de I+D con respecto ao produto interior bruto —que tamén me preguntaba—, debería saber que somos a terceira comunidade autónoma con maior incremento. Eses son os datos e, polo tanto, darlles a volta aos datos e intentar confundir, eu creo que non é o razoable. E sobre todo poñer de manifesto ese esforzo tanto dende o punto de vista público con ese incremento do 87 % do orzamento na Axencia Galega de Innovación dende o ano 2013 e tamén desa aposta polo investimento privado.



Pero falemos do bono social e dunha realidade que afecta e que preocupa aos cidadáns —e que Galicia o ten claro—, esta Xunta de Galicia ten claro que hai que impulsar medidas de apoio. E fomos pioneiros no ano 2014 cando implantamos en Galicia o ticket eléctrico a través dunha base reguladora e garantindo os dereitos de todos os cidadáns para acollerse ás axudas. E fomos pioneiros tamén este ano coa posta en marcha do bono eléctrico galego, porque non nos olvidemos que o bono eléctrico galego é o complemento que establece o real decreto que regula o bono social do Estado e que permite que os galegos se poidan beneficiar —os consumidores vulnerables severos con risco de exclusión social— de que a Xunta de Galicia aboe o 50 % da factura eléctrica. Polo tanto, que sexa a gratuidade e que se garanta a ininterrompibilidade do servizo. Temos un orzamento de 1,3 millóns de euros e témolles garantido a todos os consumidores que teñan esa situación que poden acollerse a esa axuda.

Polo tanto, estamos simplemente reforzando o noso compromiso cos consumidores vulnerables. E nesta nova convocatoria manteremos aberto o bono social galego incrementando ademais a contía nun 20 %, alcanzando os 450 euros, precisamente, polo incremento de consumo que estableceu o propio Estado.

Polo tanto, nós estamos dando esa resposta con axilidade, con vocación de servizo, con transparencia e atendendo, señor Casal, a todas as solicitudes que cumpren os requisitos. Unha medida que está tendo un impacto en positivo para as familias que máis o precisan, e nós seguiremos acompañando esas necesidades coas medidas que complementan o bono social...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e que permitan que Galicia estea á vangarda da atención e da sensibilidade coas necesidades dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bueno, vexo que non van facer nada ante unha situación de emerxencia real.

Vostede dime... *(O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, se xa sei o que dixó, que ten orzamento para darlles axudas a tres mil familias. *(O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben.)* Tres mil familias a 450 euros, multiplique. Multiplicar xa sabemos a maioría aquí, e 450 por 3.000, dan 1,3 millóns de euros, jé ben fácil! Bueno, tres mil familias. ¿Sabe o que di o IGE de cantas familias hai en Galicia en risco de exclusión social nas condicións do bono social? Seguro que o sabe, oitenta mil. Ou sexa que vostede se sente satisfeito chegando ao catro e pico por cento das familias que o necesitan. Bueno, esta é a actitude deste goberno.



Nós pensamos que a situación é moito máis grave do que vostedes están a albiscar, porque non é só a situación desas oitenta mil familias en risco de exclusión social, están as outras cento cincuenta mil que se quedan sen bono social por cuestións burocráticas. E pensamos que a Xunta de Galicia ten que facer algo, non dicimos só orzamentario, tamén informativo.

Non pode ser que haxa moitísima xente que o día 31 quede sen bono social e que cando lle chegue o recibo do mes de xaneiro se encontre coa desagradable sorpresa do incremento que teñen na factura —en xente que cada euro lles custa moito xestionalo— sen sequera sabelo. Porque hai moitísima xente que nin sequera sabe que o día 31 caduca o bono social.

E non me diga vostede que é normal que unha medida que leva un ano implantada soamente o 25 % dos teóricos beneficiarios puideron solicitala; algún erro ten que haber, algo haberá que facer. E non botemos culpas a ninguén, senón simplemente actuemos. Que a Xunta de Galicia diga: vale, o decreto estaba mal desenvolto, o seguinte goberno seguiu sen desenvolverlo e a Xunta de Galicia vai facer algo, pero non quedarse cruzados de brazos esperando as solicitudes, que xa lle digo o que vai pasar: se seguen nesta actitude ata lles van sobrar as tres mil familias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...ás que ten pensado axudar.

Por favor, conselleiro, ¡fagan algo! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra para a réplica por parte do Goberno o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Pero, señor Casal, se hai un real decreto que regula o bono social do Estado e establece que o Estado incrementa do 25 ao 40 %, en función da situación dos consumidores vulnerables, as axudas para o pago do recibo eléctrico e establece e regula o real decreto que as comunidades autónomas e os concellos teñen que aportar o 50 % nos casos de risco de exclusión social, oia, este goberno levou esa situación á Lei 7/2017 —que vostedes votaron en contra, por certo— para regular o bono social eléctrico, e polo tanto que en Galicia houbera as garantías de que os consumidores vulnerables con risco de exclusión social se puideran aproveitar non só do bono social do Estado, senón tamén do bono eléctrico galego. Non me diga que non estamos a facer nada.

Non me diga que non facemos nada cando a esas axudas que xa están implantadas no ano 2018 lles imos dar continuidade no ano 2019 cun orzamento de 1,3 millóns de euros, ampliable no caso que sexa preciso. Polo tanto, atenderemos todas as solicitudes que cumbran os requisitos. ¡Claro que o estamos a facer!

É certo que o cambio dos beneficiarios do bono social está supoñendo que nestes momentos haxa menos beneficiarios. E seguramente será un tema que terá que revisar o propio Estado,



apoiado por vostedes, por certo. E, efectivamente, vostede sabe que no antigo bono social os beneficiados eran as familias numerosas, os desempregados, os pensionistas e —vostede sábeo ben— todos os usuarios que tivesen unha potencia contratada de menos de tres quilowatts; e agora o bono social establécese en función da renda.

Polo tanto, non compare os anteriores beneficiarios do bono social cos actuais, porque non son comparables. E a realidade é que o bono social actual, desenvolvido polo Goberno de Mariano Rajoy e mellorado polo Goberno de Pedro Sánchez, establece unhas axudas que o Goberno galego complementa adicionalmente co bono social eléctrico. Polo tanto, claro que estamos a facer as cousas pensando, precisamente, nas necesidades das familias que máis o precisan. ¿Como? Aboando o 50 % da factura eléctrica e garantindo que non se lles vaia cortar a subministración a aquelas persoas vulnerables que cumpren os criterios establecidos polo real decreto.

Polo tanto, nós seguiremos traballando, seguiremos implantando medidas e seguiremos sendo sensibles ás necesidades que teñan os galegos para poder afrontar o custo da factura eléctrica. Medidas que deben ir vinculadas ao bono social do Estado, ao bono social e ao bono eléctrico galego, e medidas que, loxicamente, temos que traballar conxuntamente entre as diferentes administracións. Pero creo que non hai que confundir a xente e, en realidade, a Xunta de Galicia está sendo pioneira na implantación das medidas que poden beneficiar os consumidores vulnerables.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pasamos agora ao debate acumulado das preguntas ao Goberno documentos 40523 e 41598, de conformidade co disposto no artigo 159.1 deste regulamento.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Boa tarde, conselleiro.

Falamos dos asuntos da Galicia interior habitualmente, pero temos que falar tamén dos asuntos da Galicia exterior.



Na pregunta que tamén lle formulabamos o 23 de xaneiro, con motivo precisamente desta cuestión, lembrabamos como o centro nacido en 1907 fora un referente e é un referente no recoñecemento e na loita pola autonomía de Galicia, no que morrera Castelao en 1950 e que chegara a ter o recoñecemento en 1990 por parte do Goberno galego coa Medalla de Ouro de Galicia. O propio plenario do Consello da Cultura Galega, tamén en xaneiro deste ano e conforme os mandamentos tanto da Lei de galeguidade como da Lei de patrimonio cultural, establecía, coa presenza precisamente do propio presidente da Xunta, o mandato ao Goberno galego para velar por ese importantísimo patrimonio cultural que contén o Centro Galego de Bos Aires.

Pasados once ou doce meses daquela pregunta, señor conselleiro, a situación do Centro Galego de Bos Aires é máis crítica se cabe. O conxunto de forzas políticas desta cámara e o conxunto de movementos académicos e sociais levou a que este parlamento aprobara unha declaración institucional en marzo en prol do Centro Galego de Bos Aires. Pero cando se fala do Centro Galego estamos a falar, de forma moi habitual, de toda a problemática da preservación do patrimonio cultural, pero estamos a falar menos de toda a problemática da asistencia sanitaria que veñen recibindo e á que teñen dereito os propios mutualistas, os case cinco mil mutualistas do Centro Galego. E, nese sentido, formulabamos tamén, desde o Grupo Parlamentario Socialista, unha serie de preguntas respecto de Ospaña e da participación do Centro Galego e de Ospaña para coñecer esta situación.

Naquela resposta a esta pregunta que lle formulabamos, señor conselleiro, dicíanos que estaban permanentemente atentos e que tomarían todas as medidas necesarias para actuar en defensa dese patrimonio que contén o Centro Galego. Mesmo vostede, acompañado do secretario xeral de Emigración no mes de maio nunha visita que realizaba, garantía precisamente este patrimonio.

Está anunciada para breves datas —en principio para o 29 deste mes, non sabemos se se confirmará— unha nova asemblea dos mutualistas do Centro Galego para tomar unha serie de decisións en relación co futuro do Centro. Por iso, señor conselleiro, volvémoslle facer a mesma pregunta, pero ampliada, dez ou once meses máis tarde, cunha crise máis agravada do Centro Galego: ¿que medidas puido adoptar ou está a adoptar o Centro Galego para preservar ese importantísimo patrimonio cultural, memoria histórica de Galicia, e tamén para preservar as garantías e os dereitos de asistencia sanitaria que están a sufragar os propios mutualistas do Centro Galego?

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Para formular a pregunta ten agora a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor conselleiro, como vostede sabe, o Centro Galego é unha entidade centenaria que construíron con moito esforzo os emigrantes en Buenos Aires. É un centro emblemático, pero que neste momento está atravesando unha situación crítica, e desde o BNG o que dicimos é



que é importante, que é urxente actuar, porque a perda do Centro significaría o inicio do desmantelamento do patrimonio da emigración galega.

Desde logo hai moito en xogo: está en xogo un hospital, pero está en xogo tamén todo un legado cultural, histórico e simbólico fundamental. Neste centro, nese hospital está a habitación-museo —hoxe pechada— onde morreu Castelao; unha biblioteca con máis de vinte mil exemplares; unha colección de pinturas con obras de Castelao, de Maside e de Colmeiro, e o legado dunha editorial do calibre de Edicións Galiza.

É certo que este centro leva arrastrando problemas desde 2002, pero é que agora está nunha situación crítica. E, evidentemente, nesta situación non hai un único responsable: teñen responsabilidade as diferentes directivas do Centro e ten responsabilidade o Goberno arxentino. O Centro Galego está intervido e hai unha xestión claramente negligente: desde que hai un interventor nomeado polo Goberno Macri desaparece a débeda e desmantelouse o hospital, cun obxectivo que está clarísimo e que nin eles negan, que é vender este hospital.

Pero nós tamén dicimos que hai unha responsabilidade da Xunta de Galiza, porque todas as decisións que foi tomando a Xunta levaron a que este centro estea así.

É notorio que o presidente da Xunta, Feijóo, intentou controlar a dirección do Centro, pero o candidato que el apoiou fracasou. E a partir de aí empeza un castigo ao Centro Galego: o primeiro foi disolver a Fundación Galiza Saúde e o segundo foi esa operación escura pola que o Centro Galego é expulsado de Ospaña, unha operación onde intervén Alejandro López Dobarro, que foi delegado da Xunta na Arxentina; Santiago Camba, que tivo moitos cargos de responsabilidade na Xunta, e tamén Antonio Rodríguez Miranda, o actual secretario xeral de Emigración.

A través dun proceso escuro expulsan a Ospaña e, na súa substitución, pasa a formar parte unha mutua que se creara moi recentemente e que casualmente preside o mesmo presidente de Ospaña. E, ademais, nun proceso que nos teñen que explicar, outórganlle a esta mutua a designación dos representantes en Ospaña do Goberno do Estado e da Xunta.

Alguén nos ten que explicar como se tomou esta decisión, porque había que modificar uns estatutos cunha maioría que non sabemos como puideron ter e, sobre todo, por que o Goberno galego está tomando decisións que claramente van en contra da viabilidade do Centro.

Con vontade política o Centro pode salvarse, o hospital pode salvarse. A clave, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é se van facer algo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Para contestar ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

En efecto, non hai demasiado tempo tiven tamén ocasión de falar deste tema aquí na Cámara, tamén a unhas preguntas acumuladas, tanto do Bloque como do Partido Socialista, creo recordar; dende aquel momento non houbo grandes cambios, desgraciadamente, na situación. Houbo unhas eleccións dentro do Centro Galego, das que saíu un xornalista coñecido como O Muxo —co cal temos unha magnífica, unha boa relación—, que aínda non tomou posesión, como nova dirección dos galegos no Centro Galego. E tamén coñecemos polos medios de comunicación que hai uns días a señora Pontón estivo en Bos Aires nunha visita e que mesmo creo que tivo unha reunión cun dos interventores responsables da xestión do Centro Galego.

En primeiro lugar, hai que dicir que nos alegramos de que estean preocupados pola situación do Centro Galego de Bos Aires e, por suposto, pola colectividade galega. Esta é unha preocupación que nós, obviamente, compartimos, e incluso non sei se terá que ver coa viaxe da señora Pontón —dito con todo o cariño— que se rexistrara por trámite de urxencia esta pregunta. Pero, ben, a verdade é que todos compartimos a preocupación polo Centro Galego, polo seu patrimonio cultural e pola situación dos galegos. Pero a verdade, señorías, é que pensamos que se están vostedes equivocando de inimigo político: o responsable desta situación non é a Xunta de Galicia, non é o Goberno galego, senón que é a xestión máis ou menos negligente dos diferentes interventores nomeados polo Goberno arxentino; o primeiro, por certo, polo Goberno Kirchner.

Pero, ben, a vostedes o que lles interesa é construír un relato no que intentan trasladar a responsabilidade á Xunta de Galicia, e eu voules facer un exercicio de memoria que creo que é moi bo. Foron os propios socios do Centro Galego quen, no ano 2011, decidiron que se retirara Galicia Saúde da xestión do Centro Galego. ¡Os propios socios! Cando se retira, a Xunta paga e deixa o contador a cero; paga todas as débedas e paga todos os salarios do Centro. E o Centro funcionaba mellor ou peor, pero quedaba funcionando e quedaba absolutamente saneado, cunha xestión —como vostedes saben— feita de xeito privado.

Señorías, vostedes saben —porque creo que é público e notorio— que dende o Goberno galego temos demostrado en múltiples ocasións o noso compromiso cos galegos da Arxentina, en concreto co Centro Galego de Bos Aires, e que sempre estivemos traballando e continuamos traballando na preservación do seu patrimonio na sede natural, onde ten que ser, tanto con medios económicos como con medios institucionais. E poden estar seguros de que así o seguiremos facendo.

Por suposto, señorías, o Goberno galego respecta a vontade dos socios do Centro Galego. E a vontade coñecida dos socios do Centro Galego é seguir preservando eles e xestionado eles, na Arxentina, o seu patrimonio cultural, tal e como levan facendo moitísimas, moitísimas décadas nos últimos séculos.

De feito, como vostedes saben, a xestión e a propiedade do patrimonio cultural, bibliográfico, artístico e museográfico quedou fóra das negociacións nunha posible e hipotética compra que se plantexou no seu momento, e iso, obviamente, é un motivo de tranquilidade para



todos. Por iso non hai razóns para dubidar agora da capacidade de xestión dos galegos e dos seus herdeiros, que, obviamente, converteron o Centro Galego nun dos lugares de referencia da emigración.

E así como a xestión da parte sanitaria a verdade é que non é de todo brillante, nin moito menos, si é certo que no ámbito cultural si hai unha xestión mellorable, por suposto, pero bastante axeitada. E, claro, a nosa postura é a mesma: cando haxa unha postura firme no Centro Galego, Galicia, señorías, estará aí. Pero mentres, ¿que facemos? ¿Comprámosllelo? ¿A quen llo compramos?, ¿aos colectivos galegos, ao Goberno arxentino, aos acredores? ¿Que facemos con el? ¿Onde o depositamos? ¿Ou expropiámosllelo se non o queren vender? Porque ata onde nós sabemos non o queren vender, e eu entendo que vostedes non quererán expropiar a vontade dos galegos residentes en Bos Aires. Creo que ata aí estaremos absolutamente de acordo.

Agora ben, no momento en que haxa a mínima certeza do que vai pasar e a mínima dúbida sobre a evolución ou a dinámica do patrimonio cultural que existe no Centro Galego, Galicia, señorías, estará aí sen ningún tipo de dúbida, pero, mentres, teremos que agardar que se decidan e que tomen as decisións que teñen que tomar democraticamente e libremente os cidadáns arxentinos. Mentres, estaremos vixilantes, colaborando e tendo respecto polos nosos irmáns da Galicia americana.

No ámbito dos servizos sanitarios, a verdade é que ten moitas dificultades; certo, ten moitas dificultades. Pero, mire: en primeiro lugar, o Estado, con quen colabora a Xunta de Galicia, ten as ferramentas para o acceso á asistencia sanitaria dos emigrantes galegos que o precisen na Arxentina. En segundo lugar, tampouco debemos esquecer que o servizo sanitario que ofrece o Centro Galego é un servizo privado, dunhas mutualistas, dunhas mutuas, que, obviamente, é un servizo complementario ao servizo de saúde arxentino. Por certo, e en terceiro lugar, a Arxentina —creo que peor que mellor, desgraciadamente, para os arxentinos— ten un servizo de saúde universal que, desgraciadamente, non conta cos estándares mínimos de calidade que nos gustarían a calquera galego ou a calquera español.

En todo caso, señorías, non hai desprotección ou emerxencia, e, se a hai, os gobernos de España e os gobernos da Arxentina teñen a súa responsabilidade, e a Xunta de Galicia por suposto que está para colaborar e para sacar adiante esta situación. En todo caso —como xa dixen—, nós a situación do Centro Galego témola moi clara.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Primeiro, preservar o rico patrimonio cultural e, segundo, garantir os servizos sanitarios dos seus asociados. E pensamos que o Goberno galego —mentres non se adopten decisións no propio seo do Centro Galego— ten que estar expectante e ten que saber o que se quere facer para non expropiar —insisto— a vontade dos galegos de Bos Aires. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica ten a palabra o señor Díaz Villoslada.



O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor conselleiro, polas súas palabras teño a lixeira sensación de que o compromiso do Goberno galego co Centro Galego de Bos Aires é de menor intensidade que en xaneiro de 2018. Espero que non nos equivoquemos.

Falaba de posibles solucións, ¿por que non traballan para vincular outra vez ao Centro Galego a dirección de Ospaña, e non en sentido contrario? Porque, señor conselleiro, en abril deste ano o Goberno arxentino ditaminou que o Centro Galego volvera conducir a obra social de Ospaña, deixando así sen efecto a súa anterior resolución, que tomara en 2015 e que desvinculaba o Centro Galego desta entidade, creada, por certo, por impulso do Goberno Touriño, precisamente para manter a asistencia sanitaria que se prestaba no Centro.

Desde que o Goberno Feijóo, en 2011, liquidou a xestión da Fundación Galicia Saúde, casualmente o Centro Galego de Bos Aires entrou en quebra, acabando intervido pola xustiza arxentina ata hoxe. As débedas acumuladas en máis de cincuenta millóns de dólares, dende aquela data, sitúan hoxe o Centro Galego en estado practicamente terminal para os seus case —como dicía antes— cinco mil asociados. ¿Esta decisión do Goberno Feijóo puidera ter relación —como se comentaba anteriormente— coa circunstancia de que non prosperasen desde o 2010 as candidaturas que apoiaba a Xunta de Galicia para dirixir o Centro Galego?, pregúntolle.

Sen ir máis lonxe, nas últimas visitas destas últimas semanas ao Centro Galego e a Bos Aires, nin o presidente da Deputación de Ourense, nin o delegado da Xunta no país austral, nin o propio secretario xeral de Emigración, nin a recente nomeada conselleira de Política Social se dignaron visitar o centro, visitar a súa nova directiva. (*Aplausos.*) Por non falar das sistemáticas xestións —como saben perfectamente, sabemos todos— do anterior secretario xeral de Emigración, señor Camba, que desde as súas responsabilidades en Ospaña e desde a Agregaduría Laboral da Embaixada de Venezuela traballou arreo para afastar o Centro Galego de Ospaña. Non sei se era represalia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...pero si era unha absoluta irresponsabilidade.

Teñen unha fórmula. Nós non pretendemos intervir o Centro Galego, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que lles quede claro aos seus socios, pero si queremos que o Goberno galego traballe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...pola preservación do patrimonio e por buscar solucións para o conxunto dos servizos que presta o Centro Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Para a réplica como autora da pregunta, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor conselleiro, queda claro que vostede non vai facer absolutamente nada. Vai ver a ver se todo cae e pode recoller algo, e nós cremos que esa non é a actitude coa que o Goberno galego ten que enfrontar este debate.

Mire, os socios do Centro Galego non querían a desvinculación coa Fundación Galicia Europa. Pregúntelle ao presidente do Centro Galego naquela altura cal era o mandato que traían. Traían un plan de viabilidade do centro que vostedes nin tan sequera estudaron. É máis, el sentiuse traizoado cando viu como algunhas persoas incumprían o mandato que traían de Arxentina, que era manter a Fundación e manter a viabilidade do hospital, porque era absolutamente posible. Vostedes terán que explicar que pasou e como pagaron esa traizón que algunhas persoas nese momento fixeron.

Evidentemente, hoxe os oficios do centro están sometidos a unha chantaxe, ¿por que? Porque se fixo unha xestión deliberada do Goberno de Macri para cargarse o hospital, desmantelalo e vendelo; e seino perfectamente. Sei absolutamente do que estou falando porque eu estiven alí, non como algunhas persoas que simplemente se dedican a resoplar nas intervencións que facemos desde a oposición.

Mire, nós cremos que hai solucións, e as solucións pasan porque vostedes se impliquen. O ano pasado o señor Feijóo estivo con Macri e díxolle que estaba moi agradecido polo labor que estaba facendo o Goberno arxentino. Nós o que lle pedimos ao señor Feijóo é que se sente con Macri para garantir o futuro do hospital. Porque se hoxe se pon unha oferta clara para garantir a viabilidade do hospital que implique tamén o Goberno arxentino, ese hospital ten futuro.

Queremos que haxa garantías de que se vai conservar e preservar todo o patrimonio, e hai fórmulas que podemos utilizar desde aquí. ¿Por que non nomeamos como un ben de interese cultural a habitación na que morreu Castelao? Porque forma parte do patrimonio cultural de Galiza estea onde estea.

Hai un problema de fondo aquí, señor conselleiro, e é que vostedes decidiron, no seu momento, deixar caer o centro...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e nós hoxe o que lles pedimos é que cumbran co mandato que hai neste parlamento, que garantan o futuro do hospital e que garantan o legado da emigración galega en Arxentina. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, señor Rodríguez González.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Realmente, señorías, quedo un pouco preocupado, despois de escoitalos a vostedes, pola súa forma de entender a política, pola súa forma de entender a vontade dos nosos galegos de Bos Aires e pola súa forma de pensar e de actuar cun estado soberano como é Arxentina.

¿Por que o digo? En primeiro lugar, señor Villoslada, o noso compromiso é hoxe absolutamente o mesmo que hai uns meses, exactamente o mesmo. ¿Que sucede? Que temos que saber que escenario existe no Centro Galego de Bos Aires, que desgraciadamente non o sabemos. ¿Por que? Porque houbo unhas eleccións, a nova directiva non tomou posesión, hai un vacío de poder e non se sabe que van facer. Cando o saibamos, poderemos actuar. Vostedes están dicindo —creo que é unha mentira— que a Xunta marchou de aí. Non, non, foron os propios usuarios do Centro Galego os que demandaron que marchase a Xunta, os propios socios. A partir de aí, a Xunta marchou, deixou o control, e os interventores do Goberno Kirchner e do Goberno Macri xestionaron este centro, levándoo á quebra. Equivócanse vostedes de inimigo absolutamente, están completamente equivocados de inimigo. A nova directiva non tomou posesión, cando tome posesión, falaremos con eles. ¿Que van facer vostedes?

A partir de aí, nós temos a nosa folla de ruta moi clara, e repítoa. Primeiro, respectar a súa vontade para a xestión do patrimonio cultural. E segundo, en caso de que haxa un risco ou de que voluntariamente queiran facer algún tipo de xestión, vender a colección ou o que sexa, xa lle digo que Galicia estará aí, sen ningún tipo de dúbida, pero, mentres tanto, ¿que imos facer señorías? ¿Imos expropiarlles o seu patrimonio cultural? Porque, se non o queren vender, entenderá que a única posibilidade é que se vaia expropiar.

E claro, ¿cal é a acción?, ¿que facemos?, ¿compramos?, ¿expropiamos?, ¿ou esperamos a que as cousas estean claras? E a señora Pontón, que estivo reunida arredor de dúas horas —polo que coñecemos— cun dos culpables... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* —o Goberno ten que ter información, señoría—, que estivo practicamente dúas horas reunida co señor interventor, podería dicirnos que lle comentou o señor interventor e que é o que plantexa realmente, porque vostede se reúne co responsable da situación, co culpable da situación, e a partir de aí, claro... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, eu reuníme, señora Pontón, cos colectivos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, está a contestar. Señora Pontón, cando vostede... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Pontón, silencio. Señora Pontón, por favor, cando vostede fixo a pregunta, o señor conselleiro atendía.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...da colectividade, reuníme co embaixador de España e reuníme co Goberno arxentino, pero eu non me reunín cos culpables da situación actual, como vostede. Se vostede se reúne co interventor, non sei que acordos ou que información lle dá a maiores ou como vén aquí e realmente plantexa iso, e por riba vostede nos di que vaíamos aí declarar BIC, interferindo dentro dun país soberano.

Vostedes pensan que Arxentina é un país de segunda división. ¿Como vai vostede interferir na lexislación de protección patrimonial dun país soberano? ¡Caramba!, iso é unha novidade do nacionalismo, señora Pontón, unha auténtica novidade do nacionalismo galego.



Mire, vostede ten pouco que dicirnos respecto da boa relación e do traballo que se leva facendo de preservación e posta en valor do patrimonio cultural que teñen os galegos que residen en Bos Aires. Hai pouco puxemos en marcha unha exposición, traendo unha peza icónica que moitos gobernos quixeron traer e non foron capaces. E ¿por que? Porque fomos capaces de gañarnos —unha palabra que parece que non existe, que é a confianza— a confianza do Centro Galicia, que outros gobernos quixeron facer e non foron capaces.

Tamén lle direi que no Centro Galego, cando haxa algún tipo de problemática, non se preocupe que Galicia estará aí para preservar e pór en valor este patrimonio. E tamén digo que son preocupantes algunhas declaracións, nas que vexo que vostedes, ou algunhas persoas moi vencelladas ao Bloque Nacionalista Galego, nos veñen dicir que, efectivamente, os bens culturais, o patrimonio cultural, dos arxentinos ten que estar en Galicia, como se os galegos que residen en Bos Aires non tivesen dereito a xestionar, como levan xestionando durante moito tempo, o seu patrimonio.

Entón, realmente, vostedes aquí plantexan que declaremos BIC bens culturais arxentinos, que entremos no Centro Galego actual sen saber o que se quere facer, que non respectemos o que nos teñen dito. Realmente é unha situación moi preocupante.

E despois, respecto do ámbito sanitario, eu creo que xa llo dixen e pódollo repetir, hai uns organismos estatais, a nivel arxentino e a nivel español, que garanten a asistencia sanitaria, e hai ferramentas para o acceso á asistencia sanitaria.

Obviamente, a sanidade arxentina, por desgraza, non é como a española e moito menos como a galega. E tamén hai unha cuestión que é para facermos unha reflexión colectiva. Obviamente, a sanidade arxentina é moi mellorable. Hai unhas décadas era ben mellor cá nosa, bastante mellor, pero non é menos certo que o feito de que Arxentina estivese sometida a unha sucesión de décadas de xestión política de populismo de esquerdas levou a unha quebra absoluta do país. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Hai un libro dun xornalista que habitualmente se pon aquí, nestas bancadas, que se chama *Quinta provincia*. Aí poderán ver como describe que o constante uso absolutamente populista e absolutamente sen sentido desenvolto por un goberno do que vostedes seguramente estarán tremendamente orgullosos, como é o peronismo, levou a sanidade arxentina á situación na que está.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora Chao Pérez.



A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Conselleiro, a nosa pregunta de hoxe vén motivada por unha razón fundamental: o silencio; o seu clamoroso silencio cómplice ante o que pode supoñer unha grave agresión ao noso patrimonio.

Como sabe, falamos da posible afectación do proxecto da megaminería de Touro-O Pino sobre o Camiño de Santiago; afectación que a propia plataforma Mina Touro-O Pino NON viña denunciando e vén corroborar un recente informe técnico do Comité Internacional de Monumentos e Sitios, Icomos, organismo asesor da UNESCO en materia de conservación do patrimonio mundial, que xa alertaba das graves ameazas contra o trazado do Camiño francés.

Dito informe subliña que o proxecto supón unha clara violación da normativa de protección, que non só invade a contorna do Camiño francés, senón que supón a destrución material de parte do seu trazado, contravindo a lexislación nacional e internacional vixente na materia. Fíxese que estou lendo textualmente o que di o informe. Cómpre lembrar que, para que un ben cultural sexa incluído na lista de patrimonio mundial, as administracións responsables da súa custodia deben responsabilizarse dunha estrita preservación do mesmo para que conserve os seus valores de identidade. Porén, no citado informe Icomos afirma que a actuación da Administración —a súa— contradí os compromisos adquiridos ao promover a inscrición do Camiño de Santiago na lista do patrimonio mundial. En particular, sinala que non se tivo en conta a necesidade de previr ao Comité de Patrimonio Mundial respecto da actuación que se pretende realizar, en alusión ao citado proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino. Tras un detallado estudo sobre o que sería o tramo afectado, sinala unha lista longa de afeccións negativas que acabaría provocando o proxecto mineiro, que inclúen tanto a deterioración do medio natural inherente ao Camiño de Santiago, que segundo o informe afectaría cando menos a 2,7 millóns de peregrinos no tempo de actividade extractiva da mina, como a destrución de parte do itinerario xacobeo protexido, entre Quión e Arca, e de parte dos seus bens culturais asociados ao Camiño.

Os resultados desas afeccións, sumados a outras agresións sufridas pola ruta xacobeana nos últimos anos, como falamos esta mañá, supón unha perda continuada dos valores patrimoniais do propio Camiño que pode implicar —isto é ben importante— unha profunda repercusión pola súa influencia na identidade do propio Camiño.

En canto a esa perda de identidade, o informe lembra o seguinte: No caso de perda dos valores excepcionais polos que foi incluído na lista do patrimonio mundial un ben cultural, ou que o Estado parte non solvente os perigos comprobados ou potenciais que afecten ao ben, este pode ser excluído da lista do patrimonio mundial pola UNESCO. ¡Excluído! A cuestión é, señor conselleiro, clara, moi clara: ¿vai manter o silencio cómplice ou vaise manifestar rotundamente en contra desta agresión? ¿Que medidas pensa tomar a Xunta para conservar o Camiño francés como patrimonio da humanidade ao seu paso polos concellos do Pino e Touro, ante a ameaza de reapertura da mina? Ou mina ou Camiño, señor conselleiro, ambos non vai ser posible. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.



Para responder, ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Señora Chao, como vostede sabe, unha das tarefas principais da Consellería é garantir a protección e a conservación do patrimonio cultural galego, e por suposto do Camiño de Santiago, que é unha fonte, sen dúbida, de orgullo e riqueza para o país. E tamén dicirlle —antes de que vostede intente manipular as miñas palabras co que lle vou dicir a continuación— que nós temos un respecto absoluto e temos sempre moi en conta a recomendación de Icomos, e sempre colaboramos e temos un gran traballo con eles.

Respecto da súa pregunta en concreto, vostede fala de silencio. Eu voulle dicir que non hai ningún silencio, nin moito menos, e que a nosa postura está absolutamente clara. O 25 de setembro do ano 2018, deste 2018, meses antes de recibir o informe de Icomos, a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu unha avaliación previa sobre o proxecto de explotación de cobre de Touro. Esta avaliación, feita polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio, refírese basicamente aos ámbitos competenciais da propia Consellería, é dicir: a protección do patrimonio, nomeadamente dos Camiños de Santiago.

¿Que di este informe? Este informe, feito pola Dirección Xeral de Patrimonio, di claramente que a área afectada pola mina non se encontra no trazado delimitado do Camiño de Santiago nin na súa zona de amortecemento, polo que non hai danos nin repercusións sobre o mesmo.

Ademais, o equipo técnico da consellería realiza unha avaliación previa positiva, pero establece unha serie de medidas cautelares que o titular do proxecto debe cumprir. Estas medidas exixidas garanten a protección dos bens culturais que están preto da mina e que a empresa debe asegurar.

En novembro, Icomos fai chegar á consellería un informe, que vostede cita na súa pregunta e na exposición de motivos. A partir de aí quixemos falar con eles, os nosos servizos técnicos quixeron falar con eles, non hai ningún tipo de silencio. Certo é que tiñamos xa unha reunión para este mes e houbo que adiala por indispoñibilidade por cuestións da axenda dos responsables de Icomos a nivel do Estado, e esta reunión vai ter lugar en xaneiro.

¿E que lles van dicir os nosos técnicos aos técnicos de Icomos? Pois van falar basicamente dunha serie de cuestións. Respecto dos puntos 1 e 4, que están no resumo do informe que vostede cita, cabe dicir que no que vostedes din que é Camiño de Santiago, non estamos falando nin de rutas coñecidas, nin de rutas delimitadas, nin de rutas que estean sometidas a protección dentro do ámbito do patrimonio cultural, son simplemente áreas ou camiños que teñen que ver directa ou indirectamente co Camiño pero que en ningún caso son rutas nin recoñecidas, nin delimitadas, nin forman parte do patrimonio cultural.

Respecto dos puntos 2 e 5, os bens patrimoniais que vostede cita tamén, aquí lle podó dicir que xa foron incorporadas medidas cautelares. E respecto dos puntos 3 e 5 teñen que ver con cuestións de incidencia paisaxística, e, obviamente, terá que ser o órgano sectorial correspondente o que plantexe neste caso as medidas cautelares, se é necesario ou non.



En todo caso, como xa ve, señoría, todas as cuestións que están tratadas no informe que vostede cita aquí xa foron previstas polos nosos técnicos na avaliación previa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...e están, como xa dixen, fóra do ámbito competencial e do que ten que ver co Camiño de Santiago.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica, por parte da autora da pregunta, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas.

Señor conselleiro, a nosa pregunta era sobre o informe de Icomos, non sobre os seus informes, e ¿sabe por que? Porque os seus informes non consideraron cousas tales como a destrución xa realizada a día de hoxe pola mina dun castro, como foi o castro da Copa. Entón, claro, iso é o que nos fai desconfiar.

Ante esas agresións, vostedes non dixeron nada e non fixeron nada. Afortunadamente, hai outros organismos que si fan o seu traballo, como é o citado hoxe de Icomos. Que a mina afecta ao Camiño dío este organismo, dío a plataforma «Mina Touro-O Pino, non», dino as asociacións de amigos e amigas do Camiño, dino os veciños e veciñas, e vostede, máximo responsable en conservación do patrimonio de Galicia, nin sabe nin contesta, ou non lle interesa, non o sabemos. E iso, malia a que hai que insistir que este informe do que estamos falando está elaborado polos expertos do organismo de referencia en materia de conservación do patrimonio mundial, non uns calquera, confirma que estamos ante unha das maiores ameazas á conservación do Camiño de Santiago como ben cultural de valor universal. Por iso, ten sobre a mesa a demanda, como Administración responsable, de poñer todos os medios que a lei pon á súa disposición para impedir o que con toda probabilidade se convertería no maior atentado patrimonial sufrido polo Camiño de Santiago en chan galego. ¡A cousa parece sería!

Parece que vostede non leu o informe, así que imos tratar de sintetizar as consecuencias máis graves que se sinalan.

Primeiro, grave impacto negativo con posibilidade de desaparición do ramal histórico do Camiño que une Arzúa con Amenal. Segundo, grave impacto negativo con posibilidade de desaparición das mámoas 1 e 2 de Pena Alta e do castro da Copa, xa moi danado. Terceiro, afección negativa importante dos valores paisaxísticos, ambientais e intanxibles da área territorial que conforma a contorna ambiental do Camiño de Santiago e que lle imprime o seu carácter. Cuarto, impacto negativo sobre o Camiño histórico, camiño desde Rosas-Loxas a San Sadurniño, elemento que estrutura o camiño que enlaza en San Sadurniño co ramal histórico. Interferencia física e visual do muíño do Ferradal. Este itinerario, moi interesante,



está recollido na *Carta xeométrica de Galicia* de Domingo Fontán, referenciado como estrada provincial. No concello do Pino conserva a súa traza e infraestrutura viaria, dúas pontes, vexetación autóctona, ermida e igrexa, que se ven ameazadas polo proxecto.

De verdade, señor conselleiro, coñecendo estas consecuencias, estas grandes ameazas que poderían supoñer perder a condición de patrimonio mundial, ¿van seguir sen mostrar o seu rexeitamento unánime polo proxecto? É sobre isto sobre o que queremos que se posicione. ¿Está a favor ou en contra? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Señora Chao, eu xa lle respondín con base nos informes técnicos da dirección xeral. Eu entendo que a vostede non lle guste e que vostede prefira falar doutra cuestión. Xa lle nomeei, dos cinco puntos que vostede cita, que están neste informe, e xa lle dixen exactamente cal é a postura dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio, porque esta non é unha decisión arbitraria, isto non é que o director xeral ou o conselleiro ou o presidente ou quen sexa se levante á mañá e diga: fagan un informe así. Vostede, se realmente pensa iso, tamén me preocupa; tamén me preocupa que pense iso.

Os puntos que vostede cita están rebatidos e plantexados absolutamente polos nosos técnicos, que xa lle dixen que están desexosos de ir falar co Icomos — con quen temos unha magnífica relación — para explicarlle o que xa eu aquí lle expliquei de xeito moi somero e moi sintético. Vostede fala dunhas mámoas, dun muíño, onde hai medidas cautelares xa plantexadas no informe de patrimonio. E fala duns camiños, dunhas rutas, que poden ser moi importantes pero que non forman parte, en ningún caso, do expediente declarado patrimonio da humanidade do Camiño de Santiago, senón de rutas que poden estar máis ou menos próximas pero que non teñen nada que ver co Camiño de Santiago dun xeito directo.

O que vostede plantexa, as súas dúbidas, xa foron previstas neste informe e xa foron tamén plantexadas como exixencias, como medidas cautelares, á propia empresa. ¿Para que? Para preservar e para evitar calquera ameaza sobre o patrimonio. E claro, estamos falando de rutas, camiños e pistas que están absolutamente fóra do ámbito de protección do patrimonio cultural do Camiño.

Esta resposta que eu lle digo aquí de forma moi somera e moi rápida, con base no tempo que temos, obviamente, é o que lles queren transmitir os nosos técnicos aos técnicos de Icomos, para que se dean conta de que en ningún caso a afección da mina de Touro afecta ao Camiño de Santiago, en ningún caso.

Como xa lle dixen, a protección do Camiño de Santiago está garantida, e vostedes aquí o que están plantexando é unha especie de..., dan por feito que a mina está autorizada. A mina está en proceso de avaliación ambiental, absolutamente en proceso de avaliación ambiental. Vostede está aquí plantexando e presentando como un feito certo algo que está nun proceso



administrativo que, por certo, se non se tramitase, sería unha prevaricación. Co cal, realmente, é algo sorprendente a forma que teñen vostedes de interpretar a xestión política e a xestión administrativa. Repito, a mina non está nin no trazado nin na zona de amortecemento do Camiño, é dicir, a zona de influencia, a zona que ten cautelas de protección cultural e de protección de patrimonio cultural. Polo tanto, o proxecto de explotación poderá ter outras afeccións, outros órganos sectoriais terán que dicilo, pero, dende o punto de vista patrimonial e cultural, o proxecto de explotación non ten ningún efecto sobre o mesmo. Non ten efecto sobre o ámbito competencial da Consellería de Cultura e Turismo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois boa tarde outra vez, señor Almuíña. Mire, xa lle preguntamos hai algunhas semanas por esta circunstancia, cando solicitamos as contas da empresa, e, certamente, dende que empezou o enésimo conflito desta empresa solicitando máis fondos públicos, nós sabiamos que vostedes ían ceder. Sabíámolo nós, sabíano os usuarios e usuarias da sanidade pública, esas 137.000 persoas que teñen que acudir á asistencia sanitaria en Povisa por unha decisión do Partido Popular, e, obviamente, parece que o sabía practicamente todo o mundo, e esa era unha circunstancia —voume retrotraer e non vou repetir todo o que lle dixen na anterior pregunta— que sabemos dende o minuto en que vostedes fixeron ao Servizo Galego de Saúde dependente da atención sanitaria de Povisa, que o Consello de Contas di xa, de carácter estrutural.

Renovouse o concerto en varias anualidades, e antes de que se renovase en 2014, vostedes se encargaron de reducir o proxecto do hospital novo de Vigo por aquel entón para que agora mesmo se necesitaran as camas que seguía ofrecendo a propia empresa.

Quedamos coa reordenación de camas, con 517 camas menos, para poder seguir garantindo o negocio do señor Silveira, dese que vostedes protexen, igual que a exconselleira Rocío Mosquera, para que non teña que vir comparecer a unha comisión de investigación dos recortes.

Esa situación levou a que vostedes volvesen renovar o concerto de 2014, pero nunha situación que denunciámos unha e outra vez aquí, que estaba causando uns problemas gravísimos en materia de emprego: despedimentos, precariedade laboral, recortes de horario ás plantillas, e, polo tanto, un descenso da calidade asistencial, pero tamén un maltrato continuo aos máis de mil traballadores e traballadoras da empresa.



Vostedes comezaron unha negociación coa empresa sen ter as contas depositadas no Rexistro Mercantil. Denunciamos esta circunstancia, solicitamos as contas, e non estaban despositadas no Rexistro Mercantil. E no momento en que tivemos esas contas, señor Almuíña, podemos comprobar —consultando con diferentes expertos en materia económica— que a empresa non tiña dificultades a curto prazo. Isto era dende o principio un obxecto máis para obter máis cartos públicos, utilizando como reféns en todo momento uns traballadores e traballadoras que, agora que vostedes decidiron entregarlle outra vez, unha vez máis, 10 millóns de euros —9,6— á empresa, non obteñen a cambio unha mellora das condicións laborais, co cal, señor Almuíña, quedamos con 9,6 millóns de euros menos para a sanidade pública, con menos dereitos en materia laboral e cunha asistencia, outra vez, condicionada pola súa mala xestión, señor Almuíña.

¿Que opinión lle merece a vostede, despois de todo isto e do acordo que acaban de asinar, que se utilizasen os traballadores e as traballadoras como moeda de cambio para exixir máis recursos públicos?

¿Vostede está conforme co que acaba de facer, volvendo a entregarlle 9,6 millóns de euros sen melloras salariais, sen melloras laborais e sen melloras para a atención sanitaria de varias comarcas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para a resposta do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Desde hai corenta e dous anos, antes incluso da transferencia da asistencia sanitaria do Insalud á Comunidade Autónoma de Galicia, estaba xa formalizado un convenio co Centro Policlínico de Vigo, Povisa. Como seguro que xa coñecen, no ano 2006 firmouse un acordo básico pola saúde na Área sanitaria de Vigo entre a Consellería de Sanidade, os secretarios xerais dos sindicatos UGT, Comisións Obreiras e CIG, a Confederación de empresarios de Galicia, a Universidade de Vigo e Povisa. O seu obxecto era garantir o emprego no sector sanitario na comarca de Vigo, tanto no ámbito público como no privado que presta asistencia concertada, polo que puidera resultar afectado como consecuencia da construción do novo hospital universitario de Vigo.

Os concertos que se asinaran ata ese momento con Povisa eran concertos por actividade realizada, dentro dunha carteira de servizos e cunha poboación protexida para varios concellos da área de Vigo.

O concerto de setembro do 2014, cun prazo de execución de oito anos desde a súa formalización, é un concerto de base capítativa, é dicir, asígnase un máximo de poboación para cobertura de servizos de atención hospitalaria e establécese unha cápita con forma de pago pola poboación que optara por ese centro para recibir a súa atención; por certo, que optara pola súa atención, decídeno os cidadáns.



O primeiro que debe destacarse deste concerto é que a poboación opta libremente por recibir a asistencia sanitaria nun centro ou noutro. Por primeira vez dende a formalización de concertos con Povisa, os cidadáns da área de Vigo poden optar por recibir a asistencia sanitaria no centro da súa elección, sempre respectando o número máximo de poboación fixada no concerto, que é de 139.000 habitantes.

A finais do mes de marzo de 2018, Povisa remitiu un escrito ao Sergas no que se indicaba a complicada situación económica da empresa como consecuencia das perdas contables que rexistrara nos tres últimos exercicios, e solicitaba a posibilidade de establecer un reequilibrio económico e financeiro do contrato.

Desde o Sergas, solicitouse inmediatamente a información, co obxecto de avaliar e acreditar a situación, e tratar de alcanzar, dentro do marco do concerto, solucións que permitiran garantir o mantemento da calidade asistencial dos pacientes e, ao mesmo tempo, o cumprimento das obrigas cos traballadores.

Por parte do Sergas entendemos que se cumpriron as condicións do concerto, polo que non ten responsabilidade na situación trasladada por Povisa. A realidade, é que o indicador ao que estaba referenciada esta evolución, e que é publicado anualmente polo INI, non tivo incremento nos últimos anos, o que orixinou que a cápita quedara estancada no mesmo importe que en 2014, sen evolucionar, como normalmente estaba previsto, sen embargo, o custo hospitalario creceu nestes anos de forma importante.

Como indicaba anteriormente, o Sergas, dende abril do 2018, vén mantendo distintas reunións e expoñendo distintas posibilidades e alternativas co obxecto de poder buscar solucións dentro do marco do contrato, con dúas únicas premisas, que eran seguir mantendo o nivel de calidade asistencial da poboación asinada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e manter a estabilidade dunha excelente plantilla de profesionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Non contestou, señor Almuíña, as nosas preguntas. E, sinceramente, paréceme unha xestión cando menos xa non cuestionable, senón un desastre pola súa parte; un máis dos que acumula na xestión nos últimos meses. Señor Almuíña, sorpréndeme que siga aínda vostede sentado nesa cadeira.

Mire, señor Almuíña, vistas as contas que vostedes se negaron a facilitar, e cando vostedes empezaron a negociar sen que estiveran no Rexistro Mercantil, non existe risco de colapso



por impagos a curto prazo, a empresa ten saldo. De feito, aínda que houbo perdas nos tres exercicios últimos, se vostede consulta as contas, señor Almuíña, hai máis saldo pendente de cobro que de pago: 21,3 millóns de euros pendentes de cobro en 2017, e 17,1 millóns de euros pendentes de pago. Polo tanto, non existe ningún problema, nin existiu nunca, de viabilidade a curto prazo, outra cousa é a medio prazo. E o que lle reclamamos dende de En Marea e en xeral dende as plataformas en defensa da sanidade, os veciños, as veciñas e mesmo os traballadores e traballadoras, é que se garantise a asistencia sanitaria. Vostedes estiveron xogando con 137.000 cartillas, ameazando e facendo de comercial para entregarlle, unha vez máis, cartos a unha empresa.

Señor Almuíña, aínda no suposto de que vostedes non lle pagaran e os cartos foran insuficientes, a empresa podía acudir aínda ao financiamento externo dos propios bancos ou ao financiamento do seu propio grupo empresarial, multimillonario e con beneficios cada ano, señor Almuíña. E, por certo, cando se utilizaban os traballadores e traballadoras —eses mesmos aos que se lles recortou o horario, aos que se lles prexudicou en todo momento, aos que se desprezaron ata cando fixeron unha folga de fame e tiveron que soste co seu traballo a empresa e a asistencia sanitaria de 137.000 persoas—, mentres iso acontecía —contas de 2017, Rexistro Mercantil—, pagábanse beneficios, pagábanse retribucións ao consello de administración e á alta dirección. Consello de administración, 2017, 800.825 euros; e alta dirección, 546.210 euros. ¡Conteste, señor Almuíña! ¿Por que utilizaron como reféns 137.000 cartillas e os profesionais que están sostendo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...esa empresa? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica, por parte do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Pois si, no día de hoxe chegouse a un acordo coa empresa Povisa con varias medidas para facer moito máis eficiente esa execución do concerto.

O Servizo Galego de Saúde asumirá a medicación ambulatoria para pacientes externos de Povisa. O acordo, concretado en varias medidas, permitirá continuar traballando en facer máis eficiente a execución do concerto e manter as condicións de seguridade e calidade da asistencia sanitaria. A medicación de dispensación ambulatoria para pacientes externos será subministrada —como digo— polo Sergas.

Pola súa banda, Povisa manterá os labores propios do servizo de farmacia hospitalaria...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, conselleiro.

Déanlle voz ao escano. (Pausa.) Agora. Xa está.



Perdón. Continúe.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Digo que si, que se chegou a un acordo. E digo as medidas que se toman nese novo acordo, que é que a medicación de dispensación ambulatoria para pacientes externos será subministrada polo Sergas.

Pola súa banda, Povisa manterá os labores propios do Servizo de farmacia hospitalaria no control destes medicamentos. Para tramitar esa prescrición farmacolóxica, Povisa deberá implantar o sistema Silicon, que é o empregado pola EOXI de Vigo. Deberá axustarse á Guía farmacoterapéutica en protocolos destes produtos, aprobado tamén pola EOXI de Vigo. Cumprir na prescrición de medicamentos os mesmos controis que se empregan na EOXI de Vigo. É dicir, máis control e, desde logo, equidade no sistema; vai haber o mesmo tratamento, independentemente da área concreta onde vivas na área metropolitana de Vigo.

Ademais disto, temos outras medidas dentro desta modificación, que é o Programa de redución de listas de espera, Perle, para pacientes asignados a Povisa, xa realizada neste ano. O acordo especifica tamén a realización de actividade adicional, como a atención a pacientes da lista de espera da EOXI de Vigo e a realización e o seguimento de probas complementarias a pacientes que proveñan do Programa do cribado de cancro de colon.

Así mesmo, poderá realizarse a facturación de procesos fóra de concerto, como acordar prezos específicos para os servizos que non estean recollidos no Decreto de tarifas, ou aqueles para os que se considera necesario polas súas condicións específicas ou o seu volume. Tamén quedarán fixados os importes máximos para a facturación da asistencia prestada á poboación de referencia de Povisa nos centros dependentes da EOXI de Vigo e da emitida por parte de Povisa pola asistencia prestada a pacientes non pertencentes á poboación asignada.

O financiamento do concerto entre o Sergas e Povisa establece un sistema caputivo, a través da asignación dunha cápita por cada usuario dos que opten por recibir asistencia hospitalaria a través dun sistema de libre elección.

Con respecto á docencia e formación sanitaria especializada, o Sergas asumirá tamén os custos dos médicos residentes que se incorporen a Povisa, nas prazas de especialidades acreditadas deste centro para a devandita formación, nos primeiros anos de formación na súa rotación como R1, R2 ou R3; R4 e R5 serán asumidos pola clínica Povisa. E ademais cubrimos as necesidades de docencia previstas na normativa para todos os residentes de familia que poidan rotar por este centro.

Polo tanto, seguimos mellorando na relación e a eficacia deste concerto para tratar de darlle a máxima calidade á poboación. E, como digo, sempre tratando de manter as condicións laborais de todos os profesionais que realizan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...a súa tarefa neste ámbito. E, desde logo — como digo —, manteremos os controis de maior calidade do servizo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Señor presidente, señorías, señor conselleiro, moi boas tardes.

Como é coñecedor, o complexo hospitalario universitario de Ferrol é un referente de atención sanitaria para 200.000 galegos e galegas, que son os que habitan na comarca de Ferrolterra. Os datos asistenciais demóstrannos tamén a importancia deste complexo hospitalario: 15.000 ingresos no último ano, 7.000 cirurxías, 64.000 urxencias atendidas e 288.000 consultas. Un complexo que ademais está integrado por tres hospitais: o Arquitecto Marcide, o Naval e o Novoa. O Arquitecto Marcide con 47.000 metros cadrados e o Naval con 39.000 metros cadrados. Pode parecer unha superficie moi importante, pero, tendo en conta o aumento da asistencia sanitaria en toda Galicia, e tamén na comarca de Ferrolterra, véñse quedando pequeno e, sobre todo, cunha necesidade de renovación importante dende hai xa bastantes anos.

Froito desa necesidade, o Goberno de Galicia presentou en abril de 2017 o Plan director que viñamos esperando en Ferrol dende hai algún tempo. O Plan director inclúe unha renovación importante das instalacións xa existentes e tamén unha ampliación moi importante. Suporá un gran cambio asistencial para douscentos mil galegos e galegas: novas instalacións en cociña, vestiarios, urxencias, farmacia, nefroloxía, hospitalización, UCI ou pediatría. Un plan que ten moi boa acollida entre o persoal sanitario porque a súa profesionalidade en moitos casos vese mellorada, cunha mellora das instalacións nas que traballan e nas que se atende a xente.

Un mes máis tarde da presentación por parte do presidente Feijóo e de vostede mesmo dese Plan director, remitía ao Concello de Ferrol a proposta de convenio de colaboración para facer realidade este importante investimento; un convenio que reitera a Xunta de Galicia un ano despois, en maio de 2018. Nestes momentos —pola información que temos—, o Concello de Ferrol non ten contestado á sinatura dese convenio de colaboración. Tamén hai catro meses solicitouse a licenza de obras para poder facer realidade un investimento moi importante para a sanidade de Galicia, pero —se mo permite— moito máis importante para a sanidade de Ferrol e de toda a súa comarca. Ademais, onte mesmo aprobáronse os orzamentos da Xunta de Galicia, que teñen reservados para a anualidade do ano 2019 10 millóns de euros.

Por todo iso, e dada a preocupación e interese deste grupo, queríámoslle preguntar: ¿cal é a situación actual na que se atopa o expediente? ¿Que prazos manexa a consellería para facer realidade este importante investimento?

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que hai boas noticias para a área de Ferrol, que ten unha hospitalización que, desde logo, é bastante mellorable. Pero por iso imos facer un Plan director que —como dicía— foi presentado xa hai un tempo para renovar as infraestruturas nas que se presta asistencia sanitaria nesta área de Ferrol. Pero non só no Hospital Arquitecto Marcide, senón tamén na remodelación do Hospital Naval.

Iniciamos as actuacións da fase cero, estamos xa traballando nel. Obras previas de necesaria execución con anterioridade á ampliación do hospital. Nestes momentos, no Hospital Naval levouse a cabo a reforma para ubicar o Laboratorio de Anatomía Patolóxica, unha obra adxudicada por importe de 1.088.000 euros, recibida xa en agosto de 2018; un gran servizo de Anatomía Patolóxica.

En xaneiro de 2019 darán comezo as obras de acondicionamento dunha cociña provisional no Hospital Naval, para suplir —digamos— durante o traslado, que vai ser adxudicada polo importe de 1.065.000 euros.

As obras de lavandería do Hospital Naval de Ferrol tamén están pendentes de adxudicar, cun importe de 2,8 millóns de euros.

En marzo de 2017 publicamos unha Resolución pola que se anunciaba a formalización do contrato de redacción do Plan director, e a redacción do proxecto básico e de execución da fase 1. Este proxecto básico de execución da fase 1 xa está supervisado e aprobado polo Sergas, e desde o mes de agosto solicitada a licenza municipal. Publicouse tamén o anuncio previo á licitación do DOUE, que permitirá acurtar os prazos para que se inicie o proceso de contratación dos traballos.

Como xa dixeran, en agosto deste ano solicitamos a licenza de obras do proxecto básico e de execución desta fase 1, a ampliación dos edificios sur e este, que inclúen os servizos que necesitarán máis urxentemente un cambio, como o Servizo de Urxencias ou a área de Farmacia. Estes novos edificios tamén albergarán o Hospital de día, Cardioloxía, Diálise, UCI e Neonatoloxía, Consultas externas e gabinetes, Xerencia, Dirección e Administración, Nefroloxía e Diálise, Pediatría, UCI pediátrica, UCI de adultos, así como a nova hospitalización.

No Hospital Naval realizaranse as obras necesarias para os traslados provisionais de determinados servizos, para poder dar viabilidade ás obras do Hospital Arquitecto Marcide.

As obras previstas nesta fase 1 son necesarias e imprescindibles para o funcionamento do hospital, para a correcta asistencia sanitaria, polo que as obras teñen a consideración de excepcionais e de interese público, e ademais son urxentes para mellorar as infraestruturas existentes o antes posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor conselleiro, pola información que nos aporta, unha información moi importante. Estamos a falar dun investimento moi importante por parte da Xunta de Galicia, un dos investimentos sanitarios máis importantes de toda Galicia, e, dende logo, para Ferrol o investimento máis importante dos últimos corenta anos, dende que se abriu o Hospital Arquitecto Marcide.

Estamos a falar de mellorar os nosos hospitais para, mellorando os nosos hospitais, mellorar a asistencia sanitaria —como lle dicía na miña primeira intervención— para 200.000 persoas. Pero, se mo permite, tamén estamos a falar dun investimento que vai xerar emprego e crecemento económico en Ferrol e en toda a súa comarca, o que tamén é moi importante, a través dos investimentos públicos.

Por iso, señor conselleiro, quería pedirlle que continúe con ese compromiso, é un compromiso moi importante para Ferrol e a súa comarca. Pedirle que continúe con ese compromiso, tendo en conta que se está esperando un ano e medio por un convenio co concello, que se está esperando catro meses por unha licenza —unha licenza é un trámite regrado— por parte dun concello que está poñendo en risco —como digo— un investimento moi importante.

Polo tanto, a miña pregunta para finalizar, señor conselleiro, é se vostede vai seguir esperando por esas autorizacións e, dende logo, se ese compromiso de execución presupostaria poderá empezar no ano 2019, para que os habitantes da comarca de Ferrol estean en pé de igualdade con outras comarcas de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Por suposto que a Xunta de Galicia ten o convencemento de que é necesario e urxente este grande investimento para a área de Ferrol, porque estamos falando —como ben comentou— de máis de 200.000 habitantes.

Desde o Servizo Galego de Saúde remitiuse ao Concello unha proposta de convenio para as obras e solicitouse licenza con data de 14 de agosto de 2018. O Concello remitiu alegacións ao convenio, e xa se enviou unha nova proposta de convenio. O pasado 4 de decembro, ante a demora por parte do Concello na firma deste convenio e na concesión da licenza, fíxose un novo requirimento para que se pronuncie sobre ambos temas, sen obter, desgraciadamente, resposta ata o momento.



Estas obras están xa encomendadas á Axencia Galega de Infraestruturas por resolución do 23 de agosto de 2018, polo que esperamos poder proceder á súa inmediata licitación. As obras da fase 1 do plan director terán un orzamento estimado de licitación de aproximadamente 56,8 millóns de euros e un prazo de execución aproximado de 36 meses; co cal está claro que necesitamos empezar canto antes para facer esta fase 1, que logo seguirá coas seguintes fases, a segunda e a terceira. Pero a máis importante de todas é esta fase 1.

Pese a non contar a día de hoxe coa licenza municipal, mañá levaremos ao Consello da Xunta o expediente de autorización deste investimento para proceder á súa licitación. Nós imos seguir no procedemento esgotando ata a última oportunidade para que o Concello de Ferrol faga os deberes. Como ben di, unha licenza é un acto regrado e, desde logo, cremos que vai ter que ser así.

Dentro das actuacións previstas no Plan director do hospital de Ferrol, tal e como expliquei na miña primeira intervención, xa se iniciaron unha serie de obras previas de necesaria execución con anterioridade á ampliación do hospital —é dicir, nós non paramos desde que se tomou esa decisión—: o laboratorio de anatomía patolóxica, que agora é un dos mellores laboratorios de anatomía patolóxica que hai no país, as obras de acondicionamento desa cociña provisional no Hospital Naval e a lavandaría do Hospital Naval. Isto está deixando ocos no Hospital Arquitecto Marcide precisamente para poder facer a remodelación na seguinte fase.

O Concello de Ferrol non se pronunciou aínda sobre a viabilidade urbanística do proxecto a través da concesión da licenza, nin deu o visto bo á firma do convenio, como si fixeron outros concellos que non son da mesma cor política que o Goberno da Xunta. Porque ás veces dise que é o Goberno da Xunta o que busca barreiras. Non é así, e o Concello de Pontevedra —díxose nesta mesma sesión—si firmou o convenio, si puxo cartos para as expropiacións, e desgraciadamente non obtemos o mesmo trato do Concello de Ferrol.

Señorías, temos por diante un ambicioso proxecto e esperamos toda a colaboración por parte do Concello de Ferrol que nos permita poder continuar coas obras de mellora do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol para os ferroláns, para o hospital que necesitan. E, desde logo, o compromiso da Xunta de Galicia é que no 2019, si ou si, empezará a obra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D^a Flora María Miranda Pena, do G. P. de En Marea, sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Miranda Pena.



A señora MIRANDA PENA: Señor Calvo, agora que si teño uso da palabra, apúnteme por aí outra chamada á orde porque me reafirmo. É moita cara e moi doloroso insinuar que non hai médicos porque collen baixas. Enferman polas súas condicións de traballo, porque vostedes xestionan mal, e o prezo págano as traballadoras e as persoas enfermas. (*Murmurios.*) Chámeme á orde, podo con iso.

Señor conselleiro, hoxe fixemos maxia. Non había pediatras, pero presentamos esta pregunta e apareceu unha pediatra en Cuntis. As preguntas parlamentarias fan case tanta maxia como os alcaldes do PP. Alégrome polos nenos e polas nenas de Cuntis e Moraña, e polas pediatras de Caldas, que atendían 2.700 nenos e nenas de catro concellos. Pregúntome que pasará coas nenas e cos nenos de Mondariz, Aldán, Bueu, Malpica, Coruxo, Trives, Covelo e de todo o país.

Son moitos os concellos que protestan. A situación da atención pediátrica no noso país é alarmante. Non hai pediatras nin modelo alternativo. Non teñen pediatras porque maltratan as profesionais. Improvisaron coa idea de centrar a atención nos hospitais, como se non souberan a realidade sociodemográfica deste país e o máis elemental: a atención primaria non ten nada que ver cos hospitais. Parece mentira, non teñen recursos pero o peor é que tampouco teñen plan. Non teñen pediatras porque non os formaron ou lles marcharon — «e agora choras», diría miña avoa—. Formar unha pediatra leva doce anos. As previsións seguen sen chegar, están improvisando.

¿Sabe por que non teñen pediatras? Porque botaron as contas cos datos da natalidade. Esqueceron que a demanda é crecente. E non se acompañaron de políticas de educación para a saúde e do fomento da autonomía. Isto é insostible, señor Almuíña. Hai que abordalo.

¿E sabe tamén por que non ten pediatras? Porque non coidan das súas profesionais, porque ofrecen miseria a quen investiu tempo, aforros e enerxía en formarse, porque marchan do país.

A atención pediátrica tamén vertebra o rural, señor conselleiro. ¿Cren no rural? Pois aposten por dotalo. O contrario será unha realidade máis gris que a súa xestión, un rural de anciáns vulnerables sen futuro nin esperanza.

Admítao, señor Almuíña, está nunha rúa sen saída e non teñen plan «b». Prometen unha atención que non poden sostener. Dedicáronse durante anos a fomentar a precariedade, a recortar en formación e en contratación digna e rebentáronlle as costuras do sistema, da pediatría e da primaria.

Nas últimas datas foron moitos os concellos que se lle queixaron, señor Almuíña, tamén os da súa corda. Tivo que facer equilibrios temperando gaitas incluso en concellos amigos. Non quixera estar no seu peullo. Está fuxindo cara a adiante, pero terá que explicar como reorganiza a atención. ¿Cos médicos de familia rebaixando a idade pediátrica? ¿Cun pediatra por comarca? Explíqueo, explíquello aos pais e ás nais deste país.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora MIRANDA PENA: A miña pregunta é: ¿ten a Administración sanitaria pública galega algún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e potenciar a atención pediátrica? (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a contestación, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Sinto que a solución dun problema lle quite importancia á súa pregunta, pero é así.

Mire, polo que se refire á atención pediátrica nos concellos de Cuntis e Moraña —porque fala de Cuntis pero non de Moraña, cousa que tamén me estrañou—, víñase prestando por unha pediatra que, no concurso aberto e permanente que se resolveu no pasado mes de outubro, optou por outra praza. Creo que iso é positivo para os profesionais, que poden elixir outro lugar cando así o precisan. Isto é novo, isto fíxose agora por primeira vez neste ano. Ante esta situación, quedamos sen pediatra neste concello, e a atención pediátrica realizouse desde o centro de saúde de Caldas de Reis. Todos os nenos teñen asignado un pediatra.

Desde a Xerencia de Pontevedra e do Salnés continuaron traballando e adoptando as medidas necesarias para organizar a pediatría nos concellos de Cuntis e Moraña, de xeito que desde onte dispoñemos dun facultativo responsable para pasar a consulta de pediatría neses centros. Nunca se dixo que ía desaparecer esa praza. E sempre se dixo que, en canto aparecera, se ía cubrir, como así se fixo.

En Galicia e no resto de España existe un déficit de pediatras que nos afecta a todos. Nós, segundo di vostede, maltratamos os pediatras. Pero curiosamente di que se van de Galicia. Pero non sei onde van, porque ao resto de España tampouco van porque non hai pediatras. E a Europa tampouco, porque non hai prazas de pediatra en atención primaria. España é un dos poucos países de Europa que aposta pola pediatría en atención primaria; e Galicia é dos que máis dentro de toda España. Só o 12 % das prazas de pediatría de atención primaria están cubertas por un médico de familia, que, por certo, creo que vostede é médico de familia, eu tamén o son, e temos formación para atender a nenos, estamos formados para atender os nenos. É unha porcentaxe superior á media de España, como digo, que está nun 75 %, ou á de comunidades como Andalucía, que está arredor do 70 %.

Pero —repito— en Galicia cremos no actual modelo de atención pediátrica especializada nos centros de saúde para nenos e nenas de Galicia. Se temos en conta que o número de nenos en Galicia hai vinte anos era de 391.000, a ratio de nenos por cada pediatra era entón de 1.355. E neste momento é de 941; é dicir, temos pediatras que atenden a menos nenos que hai vinte anos.

Tamén é unha realidade a dificultade de contratación de novos pediatras, xa que hai paro cero. E, polo tanto, cando estes especialistas collen vacacións non sempre é posible a súa substitución.

No Servizo Galego de Saúde apostamos polo mantemento do actual modelo, e ademais imos da man da Sociedade Galega de Pediatría, buscando fórmulas que favorezan, desde logo, a atención especializada para todos os nenos.



Díxoselles aos alcaldes que non se amortizaba esta praza, e non se amortizou. Cubriuse en canto foi posible. Por certo, alcaldes do PP, alcaldes do Partido Socialista e alcaldes de calquera. Para nós non hai diferenza, para nós están os nenos e nenas de Galicia. E así seguiremos a actuar.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Miranda Pena.

A señora MIRANDA PENA: ¡Como ían amortizar a praza se esa pediatra atendía 1.080 nenos e nenas! ¡Como ían deixar 1.080 nenos e nenas sen pediatra! ¡Eran 2.700 nenos e nenas os que estaba atendendo a pediatra de Caldas! É unha barrabasada, saben que os cupos están entre 800 e 1.000 por cada pediatra.

Señor Almuíña, é vostede tan previsible que xa sabía cal ía ser a súa resposta. ¿Cubriron Cuntis? Si, pero non teñen pediatras a curto nin a medio prazo para cubrir a demanda actual. Así que, repito, conteste a pregunta. ¿Cal é o seu plan? ¿Poñer pediatras nas cabeceiras de comarca? ¿Cubrir a pediatría con médicos de familia? Volvo preguntarlle: ¿que lles dirán aos pais e ás nais? ¿Planificou alternativas a prestar atención sen programación, sen triaxe e sen fomentar a autonomía das familias? ¿É consciente de que a demanda medra e non hai resposta para atallala? Sabe que isto non se resolve só con asistencialismo. ¿De onde pensa sacar os pediatras que lles está a prometer aos seus alcaldes que recibe para apaciguar os pais e as nais? ¿Como explica as diferenzas entre os nenos do rural e os nenos das cidades? ¿Pensa que isto axuda a atallar o grave problema de devalo demográfico? ¿Onde queda a xustiza distributiva, señor Almuíña? ¿Ou é que non a comparten? ¿Non cren nela? Quen poida que pague un privado. E quen non teña coche ou cartos ¿que fai cos fillos enfermos, señor Almuíña?

Sabe que aínda que amplíen as prazas MIR o problema non se atalla nin sequera a medio prazo. ¡Tarde piaron! Isto só se atalla con condicións dignas, estánllelo dicindo alto e claro. ¡Escoite as profesionais, escoite as profesionais!

¿Que pensa facer? ¿Vailles explicar a pais e nais que van ter que viaxar? Improvisaron coa reubicación dos pediatras nos hospitais, foron realmente torpes. Non teñen recursos para ningunha das modalidades que consideran, admítalo. Non teñen recursos porque os desprezou. E coas profesionais non se xoga; e cos pequenos, menos.

¿Que vai facer coa saúde dos nenos e das nenas galegas, señor Almuíña? Exerza a súa responsabilidade e organice dunha vez...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora MIRANDA PENA: ...o presente e o futuro da atención pediátrica neste país. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Miranda.



Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Si o tomamos en serio, ¡moi en serio! Nós falamos cos pediatras e as pediatras e tratamos de buscar solucións. Ampliamos a idade de xubilación, queremos acreditar máis unidades docentes para formar máis pediatras. Todo iso estámolo facendo, e seguiremos traballando. Como digo, é un problema que hai a nivel nacional porque se quere tratar os nenos en España desde a atención primaria con pediatras, que me parece o modelo, desde logo, que hai que defender. E imos defendelo.

O concello de Cuntis ten unha poboación de 4.794 habitantes, cunha tendencia decrecente. Moraña ten unha poboación de 4.246, similar á do ano 2006. Cuntis está situado a 27 quilómetros de Pontevedra, onde se sitúa o seu hospital de referencia, e a 12 quilómetros de Caldas de Reis, onde se atopa o seu PAC. O número total de TIS é de 4.679; destas, 707 son de pediatría. E de maiores de 65 anos son 1.375. O cociente de TIS por profesional atópase nos rangos recomendados polas sociedades profesionais para prestar unha asistencia de calidade. A actividade xeral anual dos profesionais sitúase en cifras similares á doutros médicos en diferentes centros de saúde. En recursos humanos Cuntis conta cun total de tres médicos de familia, un pediatra, tres DUE, dous PSX e unha matrona.

Desde logo, tamén co Concello de Cuntis —non co de Moraña, co de Cuntis— acabamos de firmar un convenio para a mellora do centro de saúde, por valor de 25.000 euros. É dicir, nós seguimos traballando nos centros de saúde, tratando non só a dotación de persoal senón tamén as instalacións.

As ausencias de profesionais estanse a cubrir cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación. A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta, entre outros, o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e a isócrona respecto do hospital de referencia ou do PAC.

Como digo, levamos tomado xa medidas para axudar a paliar o baixo número de pediatras, aínda que o Ministerio —aínda onte— chegou a dicir que o número de pediatras e o número de médicos é adecuado pero que están mal distribuídos. Para nós, necesitamos máis pediatras. E tanto á ministra actual como á anterior, Carmen Montón, pedímoslles expresamente que aceleraran os trámites de acreditación de seis novas prazas. Polo momento non as temos. Esperemos que cumpran esa palabra. Pero tamén creamos a especialidade de enfermería de atención pediátrica en primaria. É a primeira comunidade que o fixo, e sacamos prazas nas OPE tamén para este tipo, para esta especialidade, dentro da enfermería. Polo tanto, estamos dando pasos para que os nenos e nenas galegas teñan a mellor atención pediátrica.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Almuíña.



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto da necesaria inflexión na súa política sanitaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde —case noite xa, polas horas—, señor conselleiro.

Hai unha situación grave na atención primaria en Galicia, que vostede coñece e que todos coñecemos a través, continuamente, dos debates que se teñen neste Parlamento, das noticias graves que se van coñecendo, pero que de maneira puntual e clara se demostrou como feito histórico na dimisión dun altísimo número de xefes de servizo da atención primaria na área sanitaria de Vigo.

E voulle ler algunhas reclamacións que fan os profesionais, ou algunhas apreciacións. Falan de recortes indiscriminados, do despilfarro económico e intelectual que supón a emigración de médicos a outros países, do problema dos recortes na formación MIR, dos recortes en profesionais de investigación. Denuncian as listas de espera en atención primaria, a sobrecarga nas consultas, os bloqueos das axendas en primaria, a escaseza de persoal. Os colexios de médicos referendan estas valoracións. Falan de vacacións de médicos cubertas apenas con substitucións dun día, de dous días —ás veces—. Falan de recortes de persoal, de precarización da situación laboral, dunha lista de espera non estrutural da que non coñecen os datos. En xeral, vostede coñece todas estas reclamacións, porque se levan facendo hai moito tempo.

Ante isto, o xerente da EOXI de Vigo, o que vostede premiou pola gran xestión no caso da hepatitis —nótese a ironía—, di que faltan á verdade. Máis de vinte xefes de servizo de atención primaria dimiten, e cesan dun cargo que en realidade é moi vocacional, e vostedes din que faltan á verdade. Debe ser que consideran que os xefes de servizo de atención primaria non coñecen a atención primaria dos seus servizos. Debe ser iso. *(Aplausos.)*

Vostedes teñen en folga as urxencias do hospital de Santiago, teñen en folga os médicos, teñen en folga os PAC, tiveron en folga as ambulancias, dimítenlles os xefes de servizo, e seguimos dicindo que non pasa nada, nese servizo vai todo perfecto. Hoxe sabemos que a culpa é dos traballadores do sistema, que hai moitos que están de baixa. Este sistema, señor conselleiro, funciona grazas aos profesionais e a pesar dos seus dirixentes. Xa me escoitou moitas veces dicilo e creo que os feitos vanme dando a razón cada vez máis.

Deben modificar as políticas, modificar con claridade as políticas. O señor Feijóo anunciou unha serie de medidas, e curiosamente todas son retractarse de medidas que vostedes mesmos tomaron con anterioridade, polo cal queda en evidencia que é lavarlle a cara á Concellería e dicirlles que vostedes veñen de equivocarse.



Escoitabamos hai un momento o señor Rey Varela, que ten bastante sorte, pois facía unha pregunta que curiosamente se vai resolver mañá no Consello de Goberno da Xunta, o señor Rey Varela é un político hábil e conseguiu acertar ben o que ía ir ao Consello da Xunta. (*Aplausos.*) Vou ver se teño eu a mesma sorte, que non o sei; igual este tema vai mañá ao Consello da Xunta e nos dan unha noticia boa. Eu creo que debería ser outra noticia. Vostede debería escoller, ten dúas opcións: ou dimitir porque lle acaban de pintar a cara con todo o que leva feito todos estes anos ou dimitir porque vostede xa non comparte nin sequera co seu presidente o que hai que facer, e, por suposto, con ningún dos profesionais. Ten dúas opcións. A ver se isto vai mañá tamén ao Consello da Xunta. ¿Cre vostede que é o momento de ter un punto de inflexión na sanidade ou non? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Para contestar, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Primeiro quería dicir que non vou dimitir. Segundo, vou dicir que nunca dixemos que a culpa era dos traballadores, nunca; todo o contrario, son magníficos profesionais. E quero dicir tamén que o xerente de Vigo non dixo iso. Esta maña tívose que retractar o portavoz de En Marea, igual nun momento o señor Torrado tamén se ten que retractar. (*Aplausos.*) Pero nin el nin eu o dixemos.

Mire, a atención primaria da área sanitaria de Vigo dispón do maior orzamento da súa historia, e o máis elevado das EOXI de Galicia, superando os 250 millóns de euros. Desde o 2016 construíronse e reformáronse máis centros de saúde que nos últimos quince anos, cun investimento de máis de quince millóns. Na atención primaria de Vigo traballan 1.563 profesionais, dos que 505 son médicos, e o 85 % do persoal é fixo. Os cambios organizativos que necesita a área sanitaria de Vigo foron, no seu conxunto, acordados neste gran pacto que foi o Plan estratéxico 2017-2021, no que participaron todos os profesionais da atención primaria e no que foron moi determinantes.

Polo que respecta á evolución da poboación que atende cada profesional da atención primaria na nosa comunidade autónoma, pasou de 1.448 persoas en 2004 a 1.275 en 2017 —a sexta do Sistema Nacional de Saúde que menos pacientes por médico ten—. Desde o ano 2008 o número de médicos de atención primaria incrementouse en 164, un 7 %; o persoal de enfermería, en 80, un 3,4 %. O número de consultas realizadas en atención primaria ao longo do 2017 foi de 26.176.000. A atención primaria é o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía en todos os parámetros sanitarios. No que se refire á atención primaria, a puntuación é de 7,54. Un 88,5 % dos usuarios destes servizos en Galicia considera que a atención prestada foi boa ou moi boa, o 88,5 %.

O paro cero en medicina familiar ou comunitaria e en pediatría, que afecta a todas as comunidades autónomas, imposibilita a cobertura das ausencias dos titulares, aos que temos que agradecerlles o grande esforzo que están acometendo para garantir esa calidade excepcional que dispensamos en Galicia.

Seguimos traballando e adoptando medidas, como os 1.544 profesionais máis que no ano 2008, e mellores condicións laborais, como a carreira profesional, que empeza a desenvol-



verse agora en xaneiro; convocatorias anuais de OPE —entre 2012 e 2016 ofertamos 1.606 prazas, e no período 2017-2020 temos ofertada a posibilidade de estabilizar a 5.000 persoas—. Priorizamos categorías como médicos de familia, pediatras de atención primaria e especialistas en enfermería familiar e comunitaria. Retrasamos a idade de xubilación. O 88 % da plantilla estrutural do Servizo Galego de Saúde ten carácter estable. E incrementamos a formación de especialistas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Non se produciron recortes en formación MIR. Aumentamos os MIR de familia nos últimos dous anos e imos seguir aumentando.

Ademais, solicitamos en reiteradas ocasións ao Ministerio a posibilidade, como digo, de ampliar as acreditacións en todas as especialidades deficitarias: médicos de familia, pediatras e outras.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E, desde logo, imos seguir traballando nesta liña.

Moitísimas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Para a réplica, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Non creo que sexa necesario reiterar o debate. Dende logo, o señor Villares xa o explicou creo que con bastante claridade. Corrixiu que non foi vostede —creo que foi o que dixo o señor Villares— e logo retractouse dicindo que foi o xerente da EOXI de Vigo. Se non, é máis fácil: en vez de pedir retractos aos demais, vaíamos a *El Correo Gallego* —12-12-2018—, pídalle a *El Correo Gallego* que se retracte e verá como os periodistas saben tomar nota. (*Aplausos.*)

Pero é máis, non só os acusou de faltar á verdade senón que din que teñen un problema de percepción, que os xefes da área sanitaria que dimiten teñen un problema de percepción. Debe ser que ven pasar 70 pacientes pero é un problema de percepción, só eran 25. Teñen un problema de percepción, debe ser que cando falan de material obsoleto teñen un problema de percepción. En realidade son cousas todas novas, ultimísimas tecnoloxías e eles teñen un problema de percepción. Cando falan de que non se pode xestionar a miseria, teñen un problema de percepción, perciben miseria onde vostedes perciben que isto é fantástico, que é ultragaláctica esta sanidade. A ver se vai ser que o problema de percepción o teñen vostedes, porque todo o mundo lles está dicindo o contrario. Todos temos un problema de percepción menos vostedes, porque vostedes din que estamos faltando á verdade nós e os xefes de servizo.



Mire, sobre o dos MIR, como xa vostede explicou hai un momento, dicían que estaban traballando para acreditar as prazas de pediatría. Pois traballen, porque levan nove anos sen pedilas. Traballen ben, acredítenas, que o Ministerio as vai conceder.

Por certo —unha curiosidade—, gústame cando vostede di: Aumentamos as prazas MIR de médico de familia pero o Ministerio aínda non aumentou as de pediatría. Non, non, se lle queren botar a culpa ao Ministerio dalgunhas cousas —que xa lles dixó que se ían aumentar—, bótenlle tamén a responsabilidade de aumentar as prazas MIR de médico de familia. (*Aplausos.*) Por certo, a mellor medida que se tomou tomouna o Ministerio. Está ben que chegara un goberno socialista para, polo menos, botarlles unha man, que vostedes non foron capaces.

Pero, mire, voulle dar un último dato. Vostede dime agora que dende 2016 fixeron moitas cousas —supoño que para defender a súa xestión; das anteriores, doutras consellerías, non o queren facer—. ¿Sabe cal é o problema? Que todos os datos que lle lin antes, e as declaracións de médicos, de colexios médicos, eran de 2012. Levan seis anos facendo esas mesmas reclamacións e vostedes seguen dicindo agora que se fixeron moitas cousas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: E aínda así seguen dicindo o mesmo.

¿Vai dimitir nalgún momento, señor conselleiro, ou cre que vai seguir igual, deixar as cousas como están, e que o problema é de percepción dos demais? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Si, a verdade é que hai queixas que son incluso da época do Bipartito. Fíxose un informe no Bipartito que dicía que a solución dos PAC era que houbera menos PAC. Esa é a solución do Bipartito. Nós non imos por aí. (*Murmurios.*)

Mire, como lle dicía, non todo está feito. É dicir, temos un moi bo servizo sanitario, unha boa atención primaria, pero todos estamos de acordo en que hai que evolucionar este modelo. E estamos propondo un novo modelo, un novo modelo que sexa consensuado con todos. Porque nos últimos anos puxemos en marcha a receita electrónica, a historia clínica electrónica —que, por certo, non está xeneralizada en toda España, e nós témolo funcionando—, as vías rápidas, o Conecta 72, o Telea, moitos proxectos que están tendo un efecto moi positivo. Pero, pese a todo, como digo, estamos tomando medidas en todos os ámbitos: en tratar de ter máis profesionais, tratar de facer máis investimentos, mellores hospitais, mellores centros de saúde, con maior dotación tamén, e que sexan resolutivos. Porque hai un principio básico co que nós, desde logo, imos seguir ata o final —ata que dimita ou me



cesen—, que é acercar os servizos aos cidadáns. Esa é unha máxima. Dixemos, cando aprobamos a Lei de saúde, que queriamos tratar de que atención primaria resolvera todo o posible, que os comarcais resolveran o máximo posible e que, desde logo, estamos por evitar desprazamentos mantendo a calidade do servizo sanitario. Niso estamos.

E agora cremos que este modelo, modelo que leva moitos anos funcionando con éxito, ten signos de esgotamento. Desde logo nós queremos evolucionalo, e para iso tratamos, entre todos, de mellorar ese sistema. Onte tivemos unha reunión creo que moi importante, transcendental. Temos a oportunidade única de ter magníficos profesionais en moitas categorías profesionais de atención primaria. Constituíronse seis grupos. Eses seis grupos van desenvolver unha serie de melloras para todos. E desde logo imos levalo ata o final. Seica á oposición non lle gusta, non lle gusta que tratemos de mellorar consensuando cos profesionais.

Desde logo, se alguén pode falar dos xefes de servizo de Vigo, teño que ser eu, porque eu coñezo gran parte deses xefes de servizo. Traballei con moitos deles, son magníficos profesionais. No único no que non estou de acordo con eles —e así llelo transmitín— é en que, tendo reunións, como tiver eu dous días antes, non puideramos seguir contando con eles. Porque creo que eles serían, desde logo, unha garantía segura deste cambio. Pero van seguir colaborando, seino, porque son profesionais que se preocupan polo sistema. Desde logo, as nosas portas están abertas. Imos tratar de involucrar a todos os profesionais, a todas as categorías profesionais, as asociacións de pacientes —moi importantes e cada día con máis peso— e tamén os sindicatos. Creo que todos debemos de estar. Gustaríame, de verdade, contar tamén cos grupos da oposición. Creo que iso é unha función que temos, e este Parlamento debería servir para ter o mellor modelo posible para todos os cidadáns de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Finalizados os puntos da orde do día, rematamos a sesión.



Remata a sesión ás sete e cincuenta minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

